XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

NOTA INFORMATIVA EN RELACIÓN COA PUBLICACIÓN DOS TEMARIOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLA XUNTA DE GALICIA NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA Nº 142 DE 26 /07/11

O Diario Oficial de Galicia nº 142, de 26 de xullo de 2011, publica distintas ordes da Conselleria de Facenda polas que se convocan diferentes procesos selectivos para o ingreso na Administración autonómica de Galicia.

Cumprindo co compromiso adquirido, a EGAP, continúa coa publicación dos temarios correspondentes aos distintos procesos selectivos convocados formalmente.

Tendo en conta, por unha banda, o volume e complexidade na elaboración dun material didáctico que sirva de referencia básica e, por outra, o interese da EGAP para que os posibles usuarios dispoñan á maior brevidade posible de dito material, a publicación do mesmo na páxina web da Escola (http://egap.xunta.es), irase producindo da seguinte maneira:

1) **Lexislación**, actualizada e consolidada á data de publicación no DOG do nomeamento do tribunal do proceso (Base II.1 da convocatoria[1]), correspondente aos procesos selectivos para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1; corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2; corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información; corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión e sistemas de información e corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2.

   A data prevista para dita publicación é de 5 de agosto de 2011.

2) **Temarios específicos**, iranse publicando na páxina web da Escola, a medida que os procesos de elaboración e revisión vaian concluíndo.

   Sen prexuízo da súa publicación nas dúas linguas oficiais e a fin de facilitar á maior brevidade posible este material aos usuarios, os temas iranse publicando na web no idioma orixinalmente empregado por cada un dos autores.

Para maior información pódense poñer en contacto co servizo de Estudos e Publicacións a través do correo electrónico temarios.egap@xunta.es, e teléfono 881 997 251.

A Escola reitera que os temarios por ela facilitados non teñen carácter oficial, polo que en ningún caso vincularán aos opositores ou aos tribunais; senón que se trata de instrumentos complementarios que servirán de apoio e axuda como textos de referencia pero nunca de forma exclusiva e excluínte.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2011

---

[1] II. Proceso selectivo.
II.1. Procedemento de oposición.
(…)
Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que no momento de publicación no DOG do nomeamento do tribunal do proceso conten con publicación oficial no boletín ou diario correspondente.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1. CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA, DO 27 DE DECEMBRO DE 1978.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

PREÁMBULO

A Nación española, desexando que se estableza a xustiza, a liberdade e a seguridade e que se promova o ben de cantos a integran, no uso da súa soberanía, proclama a súa vontade de:

Garantir, dentro da Constitución e das leis, a convivencia democrática, conforme unha orde económica e social xusta.

Consolidar un Estado de dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.

Protexer todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, das súas culturas e tradicións, das súas linguas e institucións.

Promover, para lles asegurar a todos unha digna calidade de vida, o progreso da cultura e da economía.

Establecer unha sociedade democrática avanzada, e

Colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da Terra.

En consecuencia, as Cortes aproban e o pobo español ratifica a seguinte

CONSTITUCIÓN

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

1. España constitúese nun Estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

2. A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

3. A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Artigo 2

A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Artigo 3

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.

2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.

3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Artigo 4

1. A bandeira de España está formada por tres franxas horizontais, vermella, marela e vermella; a marela é dobre de larga do que cada unha das vermellas.

2. Os estatutos poderán recoñecer bandeiras e mais emblemas propios das comunidades autónomas. Estes utilizaranse xunto á bandeira de España nos seus edificios públicos e nos seus actos oficiais.

Artigo 5

A capital do Estado é a vila de Madrid.

Artigo 6

Os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e mais á lei. A súa estructura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

Artigo 7

Os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e mais á lei. A súa estructura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

Artigo 8

1. As Forzas Armadas, constituídas polo Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire, teñen como misión garantir a soberanía e a independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional.

2. Unha lei orgánica regulará as bases da organización militar de acordo cos principios desta Constitución.

Artigo 9

1. Os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico.

2. Correspóndelles ós poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

3. A Constitución garante o principio da legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restrictivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e maila interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

TÍTULO I. DOS DEREITOS E DEBERES FUNDAMENTAIS

Artigo 10

1. A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social.

2. As normas relativas ós dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse conforme a Declaración universal dos dereitos humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DOS ESPAÑOIS E DOS ESTRANXEIROS

Artigo 11

1. A nacionalidade española adquírese, consérvase e pérdese de acordo co establecido pola lei.

2. Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade.

3. O Estado poderá concertar tratados de dobre nacionalidade cos países iberoamericanos ou con aqueles que tiveran ou teñan un particular vínculo con España. Nestes mesmos países, aínda que non lles recoñezan ós seus cidadáns un dereito recíproco, poderán naturalizarse os españois sen perderen a súa nacionalidade de orixe.

Artigo 12

Os españois son maiores de idade ós 18 anos.

Artigo 13[1]

1. Os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garante este título nos termos que establezan os tratados e maila lei.

2. Só os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, non sendo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.

3. A extradicción non se concederá senón en cumprimento dun tratado ou da lei, atendendo ó principio de reciprocidade. Quedan excluídos da extradicción os delictos políticos, non considerándose como tales os actos de terrorismo.

4. A lei establecerá os termos en que os cidadáns doutros países e mailos apátridas poderán gozar do dereito de asilo en España.

CAPÍTULO SEGUNDO. DEREITOS E LIBERDADES

Artigo 14

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Sección 1ª. Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas

Artigo 15

Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en caso ningún, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Queda abolida a pena de morte, salvo o que se poida dispor nas leis penais militares para tempos de guerra.

Artigo 16

1. Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, cá necesaria para a conservación da orde pública, protexida pola lei.

2. Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.

3. Ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguintes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesións.

[1] Ap. 2 reformado pola Reforma do 27 de agosto 1992.

Artigo 17

1. Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade. Ninguén pode ser privado da súa liberdade, senón coa observancia do establecido neste artigo e nos casos e na forma previstos pola lei.

2. A detención preventiva non poderá durar máis do tempo estrictamente necesario para a realización das indagacións tendentes ó esclarecemento dos feitos, e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou á disposición da autoridade xudicial.

3. Toda persoa detida debe ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención, sen que poida ser obrigada a declarar. Garántese a asistencia de avogado ó detido nas dilixencias policiais e xudiciais, nos termos que a lei estableza.

4. A lei regulará un procedemento de *habeas corpus* para que se produza a inmediata posta á disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente. Igualmente, determinarase por lei o prazo máximo de duración da prisión provisional.

Artigo 18

1. Garántese o dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e mais á propia imaxe.

2. O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, non sendo en caso de manifesto delicto.

3. Garántese o segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas ou telefónicas, non sendo en caso de resolución xudicial.

4. A lei limitará o uso da informática para que se garanta o honor e maila intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Artigo 19

Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circularen por todo o territorio nacional.

Tamén teñen dereito a entrar e saír libremente de España nos termos que a lei estableza. Este dereito non poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

Artigo 20

1. Recoñécense e protéxense os dereitos:

a) A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reproducción.

b) Á producción e creación literaria, artística, científica e técnica.

c) Á liberdade de cátedra.

d) A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión. A lei regulará o dereito á cláusula de conciencia e ó segredo profesional no exercicio destas liberdades.

2. O exercicio destes dereitos non pode restrinxirse mediante ningún tipo de censura previa.

3. A lei regulará a organización e control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso ós citados medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

4. Estas liberdades teñen o seu límite no respecto ós dereitos recoñecidos neste título, nos preceptos das leis que os desenvolven e, especialmente, no dereito ó honor, á intimidade, á propia imaxe e á protección da mocidade e da infancia.

5. Só poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de resolución xudicial.

Artigo 21

1. Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa.

2. Nos casos de reunión en lugares de tránsito público e manifestacións daráselle comunicación previa á autoridade, que só as poderá prohibir cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens.

Artigo 22

1. Recoñécese o dereito de asociación.

2. As asociacións que persigan fins ou empreguen medios tipificados como delicto son ilegais.

3. As asociacións constituídas ó abeiro deste artigo deberanse inscribir nun rexistro para os únicos efectos de publicidade.

4. As asociacións só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada.

5. Prohíbense as asociacións secretas e mailas de carácter paramilitar.

Artigo 23

1. Os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

2. Tamén teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalan as leis.

Artigo 24

1. Todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión.

2. Do mesmo xeito, todos teñen dereito ó xuíz ordinario predeterminado pola lei, á defensa e á asistencia de letrado, a seren informados da acusación formulada contra eles, a un proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, a utilizaren os medios de proba pertinentes para a súa defensa, a non declararen contra si mesmos, a non se confesaren culpables e á presunción de inocencia.

A lei regulará os casos en que, por razón de parentesco ou de segredo profesional, non se estea obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delictuosos.

Artigo 25

1. Ninguén pode ser condenado ou sancionado por accións ou omisións que no momento de se produciren non constitúan delicto, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente daquela.

2. As penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán encamiñadas á reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados. O condenado a pena de prisión que estea cumprindo esta gozará dos dereitos fundamentais deste capítulo, fóra dos que se vexan expresamente limitados polo contido da sentencia condenatoria, o sentido da pena e a lei penitenciaria. En todo caso, terá dereito a un traballo remunerado e mais ós beneficios correspondentes da Seguridade Social, así como ó acceso á cultura e ó desenvolvemento integral da súa personalidade.

3. A Administración civil non poderá impor sancións que, directa ou subsidiariamente, impliquen privación de liberdade.

Artigo 26

Prohíbense os tribunais de honor no ámbito da Administración civil e das organizacións profesionais.

Artigo 27

1. Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino.

2. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais.

3. Os poderes públicos garanten o dereito que asiste ós pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias convicción.

4. O ensino básico é obrigatorio e gratuíto.

5. Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes.

6. Recoñéceselles ás persoas físicas e xurídicas a liberdade de creación de centros docentes, dentro do respecto ós principios constitucionais.

7. Os profesores, os pais e, se procede, os alumnos intervirán no control e xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza.

8. Os poderes públicos inspeccionarán e homologarán o sistema educativo para garantir o cumprimento das leis.

9. Os poderes públicos axudarán os centros docentes que reúnan os requisitos que a lei estableza.

10. Recoñécese a autonomía das universidades, nos termos que a lei estableza.

Artigo 28

1. Todos teñen dereito a sindicarse libremente. A lei poderalles pór limitacións ou excepcións ó exercicio deste dereito ás forzas ou institutos armados ou ós demais corpos sometidos a disciplina militar e regulará as peculiaridades do seu exercicio para os funcionarios públicos. A liberdade sindical comprende o dereito a fundar sindicatos e a se afiliar ó da súa elección, así como o dereito dos sindicatos a formaren confederacións e a fundaren organizacións sindicais internacionais ou a se afiliaren a elas. Ninguén poderá ser obrigado a se afiliar a un sindicato.

2. Recoñécese o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses. A lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para que se asegure o mantemento dos servicios esenciais da comunidade.

Artigo 29

1. Todos os españois terán o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.

2. Os membros das forzas ou institutos armados ou dos corpos sometidos a disciplina militar poderán exercer este dereito só individualmente e de acordo co disposto na súa lexislación específica.

Sección 2ª. Dos dereitos e deberes dos cidadáns

Artigo 30

1. Os españois teñen o dereito e o deber de defender España.

2. A lei fixará as obrigas militares dos españois e regulará, coas debidas garantías, a obxección de conciencia, así como as demais causas de exención do servicio militar obrigatorio, podendo impor, se é o caso, unha prestación social substitutoria.

3. Poderase establecer un servicio civil para o cumprimento de fins de interese xeral.

4. Mediante a lei poderanse regular os deberes dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

Artigo 31

1. Todos contribuirán ó sustentamento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio.

2. O gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos e a súa programación e execución responderán ós criterios de eficiencia e economía.

3. Só poderán establecerse prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público reguladas pola lei.

Artigo 32

1. O home e a muller teñen dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica.

2. A lei regulará as formas de matrimonio, a idade e maila capacidade para o contraer, os dereitos e deberes dos cónxuxes, as causas de separación e disolución e os seus efectos.

Artigo 33

1. Recoñécese o dereito á propiedade privada e á herdanza.

2. A función social destes dereitos delimitará o seu contido, de acordo coas leis.

3. Ninguén poderá ser privado dos seus bens e dereitos se non é por causa xustificada de utilidade pública ou interese social, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto polas leis.

Artigo 34

1. Recoñécese o dereito de fundación para fins de interese xeral, regulado pola lei.

2. Rexerá tamén para as fundacións o disposto nos números 2 e 4 do artigo 22.

Artigo 35

1. Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ó traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfaceren as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo.

2. A lei regulará un estatuto dos traballadores.

Artigo 36

A lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais e do exercicio das profesións tituladas. A estructura interna e o funcionamento dos colexios deberán ser democráticos.

Artigo 37

1. A lei garantirá o dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios, así como a forza vinculante dos convenios.

2. Recoñécese o dereito dos traballadores e dos empresarios a adoptaren medidas de conflicto colectivo. A lei que regule o exercicio deste dereito, sen prexuízo das limitacións que poida establecer, incluirá as garantías precisas para que se asegure o funcionamento dos servicios esenciais da comunidade.

Artigo 38

Recoñécese a liberdade de empresa no marco da economía de mercado. Os poderes públicos garanten e protexen o seu exercicio e a defensa da productividade, de acordo coas esixencias da economía xeral e, cando corresponda, da planificación.

CAPÍTULO TERCEIRO. DOS PRINCIPIOS RECTORES DA POLÍTICA SOCIAL E ECONÓMICA

Artigo 39

1. Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.

2. Os poderes públicos aseguran, tamén, a protección integral dos fillos, iguais estes ante a lei con independencia da súa filiación, e a das nais, calquera que sexa o seu estado civil. A lei posibilitará a investigación da paternidade.

3. Os pais deberanlles prestar asistencia de todo tipo ós fillos tidos dentro ou fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos en que legalmente proceda.

4. Os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos.

Artigo 40

1. Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica. De maneira especial realizarán unha política orientada ó pleno emprego.

2. Ademais, os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e readaptación profesionais, mirarán pola seguridade e hixiene no traballo e garantirán o descanso necesario, mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros adecuados.

Artigo 41

Os poderes públicos manterán un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.

Artigo 42

O Estado mirará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro, e orientará a súa política cara ó seu regreso.

Artigo 43

1. Recoñécese o dereito á protección da saúde.

2. Correspóndelles ós poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servicios necesarios. No tocante a iso a lei establecerá os dereitos e deberes de todos.

3. Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e mailo deporte. Tamén facilitarán a adecuada utilización do lecer.

Artigo 44

1. Os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

2. Os poderes públicos promoverán a ciencia e maila investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.

Artigo 45

1. Todos teñen dereito a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de o conservaren.

2. Os poderes públicos mirarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexeren e melloraren a calidade de vida e defenderen e restauraren o ambiente, coa axuda da indispensable solidariedade colectiva.

3. Para quen viole o disposto no número anterior, nos termos que a lei fixe estableceranse sancións penais ou, se houber lugar, administrativas, así como a obriga da reparación do dano causado.

Artigo 46

Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio.

Artigo 47

Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para que se impida a especulación.

A comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.

Artigo 48

Os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

Artigo 49

Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que lles prestarán a atención especializada que requiran, e ampararanos especialmente para que gocen dos dereitos que este título lles outorga a todos os cidadáns.

Artigo 50

Os poderes públicos garantiranlles, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica ós cidadáns na terceira idade. Tamén, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servicios sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Artigo 51

1. Os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a súa seguridade, a súa saúde e mailos seus lexítimos intereses económicos.

2. Os poderes públicos promoverán a información e maila educación dos consumidores e usuarios, fomentarán as súas organizacións e oiranas nas cuestións que poidan afectar a aqueles, nos termos que a lei estableza.

3. No marco do disposto polos números anteriores, a lei regulará o comercio interior e mailo réxime de autorización de productos comerciais.

Artigo 52

A lei regulará as organizacións profesionais que contribúan á defensa dos intereses económicos que lles sexan propios. A súa estructura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

CAPÍTULO CUARTO. DAS GARANTÍAS DAS LIBERDADES E DEREITOS FUNDAMENTAIS

Artigo 53

1. Os dereitos e liberdades recoñecidos no capítulo segundo deste título vinculan a todos os poderes públicos. Só por lei, que en todo caso deberá respectar o seu contido esencial, se poderá regular o exercicio de tales

dereitos e liberdades, que se tutelarán de acordo co previsto no artigo 161.1.a).

2. Calquera cidadán poderá reclamar a tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a sección 1.ª do capítulo segundo ante os tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade e, se for mester, a través do recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional. Este último recurso será aplicable á obxección de conciencia recoñecida no artigo 30.

3. O recoñecemento, o respecto e a protección dos principios recoñecidos no capítulo terceiro informará a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos. Só poderán ser alegados perante a xurisdicción ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan.

Artigo 54

Unha lei orgánica regulará a institución do Defensor do Pobo, como alto comisionado das Cortes Xerais, designado por estas para a defensa dos dereitos comprendidos neste título; para iso poderá supervisar a actividade da Administración, dándolles conta ás Cortes Xerais.

CAPÍTULO QUINTO. DA SUPRESIÓN DOS DEREITOS E LIBERDADES

Artigo 55

1. Os dereitos recoñecidos nos artigos 17, 18, números 2 e 3, artigos 19, 20, puntos 1.a) e d) e 5, artigos 21, 28, número 2, e artigo 37, número 2, poderán ser suspendidos cando se acorde a declaración de estado de excepción ou de sitio nos termos previstos na Constitución. Exceptúase do establecido anteriormente o número 3 do artigo 17 para o suposto de declaración de estado de excepción.

2. Unha lei orgánica poderá determinar a forma e os casos nos que, de xeito individual e coa necesaria intervención xudicial e o adecuado control parlamentario, os dereitos recoñecidos nos artigos 17, número 2, e 18, números 2 e 3, poden ser suspendidos para persoas determinadas, en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou elementos terroristas.

A utilización inxustificada ou abusiva das facultades recoñecidas na citada lei orgánica producirá responsabilidade penal, como violación dos dereitos e liberdades recoñecidos polas leis.

TÍTULO II. DA COROA

Artigo 56

1. O Rei é o xefe do Estado, símbolo da súa unidade e permanencia, arbitra e modera o funcionamento regular das institucións, asume a máis alta representación do Estado español nas relacións internacionais, especialmente coas nacións da súa comunidade histórica, e exerce as funcións que lle atribúen expresamente a Constitución e mailas leis.

2. O seu título é o de Rei de España e poderá facer uso dos demais que lle correspondan á Coroa.

3. A persoa do Rei é inviolable e non está suxeita a responsabilidade. Os seus actos estarán sempre referendados na forma establecida no artigo 64, carecendo de validez sen ese referendo, agás o disposto no artigo 65.2.

Artigo 57

1. A Coroa de España é hereditaria nos sucesores da S.M. don Juan Carlos I de Borbón, lexítimo herdeiro da dinastía histórica. A sucesión no trono seguirá a orde regular de primoxenitura e representación, sendo preferida sempre a liña anterior ás posteriores; na mesma liña, o grao máis próximo ó máis remoto; no mesmo grao, o home á muller, e no mesmo sexo, a persoa de máis idade á de menos.

2. O Príncipe herdeiro, desde o seu nacemento ou desque se produza o feito que orixine o chamamento, terá a dignidade de Príncipe de Asturias e os demais títulos vinculados tradicionalmente ó sucesor da Coroa de España.

3. Extinguidas todas as liñas chamadas en dereito, as Cortes Xerais proverán a sucesión na Coroa na forma que máis conveña ós intereses de España.

4. Aquelas persoas que tendo dereito á sucesión no trono contraian matrimonio contra a expresa prohibición do Rei e das Cortes Xerais quedarán excluídas na sucesión á Coroa elas e os seus descendentes.

5. As abdicacións e renuncias e calquera dúbida de feito ou de dereito que ocorra na orde de sucesión á Coroa resolveranse por unha lei orgánica.

Artigo 58

A Raíña consorte ou o consorte da Raíña non poderán asumir funcións constitucionais, fóra do disposto para a rexencia.

Artigo 59

1. Cando o Rei for menor de idade, o pai ou a nai do Rei e, no seu defecto, o parente maior de idade máis próximo a suceder na Coroa segundo a orde establecida na Constitución entrará a exercer inmediatamente a rexencia e exerceraa durante o tempo da minoría de idade do Rei.

2. Se o Rei quedar inhabilitado para o exercicio da súa autoridade e a imposibilidade for recoñecida polas Cortes Xerais, entrará a exercer inmediatamente a rexencia o Príncipe herdeiro da Coroa, de ser maior de idade. De non o ser, procederase da maneira prevista no número anterior, ata que o Príncipe herdeiro chegue á maioría de idade.

3. Se non houber ningunha persoa a quen lle corresponda a rexencia, esta será nomeada polas Cortes Xerais, e comporase dunha, tres ou cinco persoas.

4. Para exercer a rexencia cómpre ser español e maior de idade.

5. A rexencia exercerase por mandato constitucional e sempre en nome do Rei.

Artigo 60

1. Será titor do Rei menor a persoa que no seu testamento nomeara o Rei defunto, sempre que sexa maior de idade e español de nacemento; se non o nomeara, será titor o pai ou a nai, mentres permanezan viúvos. No seu defecto, nomearano as Cortes Xerais, pero non poderán acumularse os cargos de rexente e titor senón no pai, nai ou ascendentes directos do Rei.

2. O exercicio da tutela é tamén incompatible co de todo cargo ou representación política.

Artigo 61

1. O Rei, ó ser proclamado perante as Cortes Xerais, prestará xuramento de desempeñar fielmente as súas funcións, gardar e facer que se garde a Constitución e mailas leis e que se respecten os dereitos dos cidadáns e das comunidades autónomas.

2. O Príncipe herdeiro, ó chegar á maioría de idade, e o rexente ou rexentes, ó se faceren cargo das súas funcións, prestarán o mesmo xuramento, así como o de fidelidade ó Rei.

Artigo 62

Correspóndelle ó Rei:

a) Sancionar e promulgar as leis.

b) Convocar e disolver as Cortes Xerais e convocar eleccións nos termos previstos na Constitución.

c) Convocar a referendo nos casos previstos na Constitución.

d) Propor candidato a presidente do Goberno e, se é o caso, nomealo, así como pór fin ás súas funcións nos termos previstos na Constitución.

e) Nomear e separar os membros do Goberno, por proposta do seu presidente.

f) Expedir os decretos acordados no Consello de Ministros, conferir os empregos civís e militares e conceder honores e distincións de acordo coas leis.

g) Ser informado dos asuntos de Estado e presidir, para estes efectos, as sesións do Consello de Ministros, cando o estime oportuno, por petición do presidente do Goberno.

h) O mando supremo das Forzas Armadas.

i) Exercer o dereito de gracia de acordo coa lei, que non poderá autorizar indultos xerais.

j) O alto padroado das reais academias.

Artigo 63

1. O Rei acredita os embaixadores e outros representantes diplomáticos. Os representantes estranxeiros en España están acreditados ante el.

2. Ó Rei correspóndelle a manifestación do consentimento do Estado para se obrigar internacionalmente por medio de tratados, de conformidade coa Constitución e as leis.

3. Ó Rei correspóndelle, logo de autorización das Cortes Xerais, declarar a guerra e facer a paz.

Artigo 64

1. Os actos do Rei serán referendados polo presidente do Goberno e, se cómpre, polos ministros competentes. A proposta e o nomeamento do presidente do Goberno, e a disolución prevista no artigo 99, serán referendados polo presidente do Congreso.

2. Dos actos do Rei serán responsables as persoas que os referenden.

Artigo 65

1. O Rei recibe dos orzamentos do Estado unha cantidade global para sustento da súa familia e casa, e distribúea libremente.

2. O Rei nomea e substitúe libremente os membros civís e militares da súa casa.

TÍTULO III. DAS CORTES XERAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DAS CÁMARAS

Artigo 66

1. As Cortes Xerais representan ó pobo español e están formadas polo Congreso dos Deputados e o Senado.

2. As Cortes Xerais exercen a potestade lexislativa do Estado, aproban os seus orzamentos, controlan a acción do Goberno e teñen as demais competencias que lles atribúa a Constitución.

3. As Cortes Xerais son inviolables.

Artigo 67

1. Ninguén poderá ser membro das dúas cámaras simultaneamente, nin acumular a acta dunha asemblea de comunidade autónoma coa de deputado ó Congreso.

2. Os membros das Cortes Xerais non estarán ligados por mandato imperativo.

3. As reunións de parlamentarios que se celebren sen convocatoria regulamentaria non vincularán as cámaras e non poderán facer exercicio das súas funcións nin ostentación dos seus privilexios.

Artigo 68

1. O Congreso componse dun mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

2. A circunscrición electoral é a provincia. As poboacións de Ceuta e Melilla estarán representadas con cadanseu deputado. A lei distribuirá o número total de deputados, asignando unha representación mínima inicial a cada circunscrición e distribuíndo os demais en proporción á súa poboación.

3. A elección verificarase en cada circunscrición atendendo a criterios de representación proporcional.

4. O Congreso elíxese por catro anos. O mandato dos deputados termina catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da cámara.

5. Son electores e elixibles todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos políticos.

A lei recoñecerá e o Estado facilitará o exercicio do dereito de sufraxio ós españois que se atopen fóra do territorio de España.

6. As eleccións terán lugar entre os trinta días e sesenta días desde a terminación do mandato. O Congreso electo deberá de ser convocado dentro dos vintecinco días seguintes á celebración das eleccións.

Artigo 69

1. O Senado é a cámara de representación territorial.

2. En cada provincia elixiranse catro senadores por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, polos votantes de cada unha delas, nos termos que sinale unha lei orgánica.

3. Nas provincias insulares, cada illa ou agrupación delas, con cabido ou consello insular, constituirá unha circunscrición para efectos de elección de senadores, correspondéndolle tres a cada unha das illas maiores —Gran Canaria, Mallorca e Tenerife— e un a cada unha das seguintes illas ou agrupacións: Ibiza-Formentera, Menorca, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote e La Palma.

4. As poboacións de Ceuta e Melilla elixirán cada unha delas dous senadores.

5. As comunidades autónomas designarán ademais un senador e outro máis por cada millón de habitantes do seu respectivo territorio.

A designación corresponderalle á asemblea lexislativa ou, no seu defecto, ó órgano colexiado superior da comunidade autónoma, de acordo co que establezan os estatutos, que asegurarán, en todo caso, a adecuada representación proporcional.

6. O Senado elíxese por catro anos. O mandato dos senadores termina catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da cámara.

Artigo 70

1. A lei electoral determinará as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos deputados e senadores, que comprenderán, en todo caso:

a) Os compoñentes do Tribunal Constitucional.

b) Os altos cargos da Administración do Estado que determine a lei, coa excepción dos membros do Goberno.

c) O Defensor do Pobo.

d) Os maxistrados, xuíces e fiscais en activo.

e) Os militares profesionais e membros das forzas e corpos de seguridade e policía en activo.

f) Os membros das xuntas electorais.

2. A validez das actas e credenciais dos membros de ambas as cámaras estará sometida a control xudicial, nos termos que estableza a lei electoral.

Artigo 71

1. Os deputados e senadores gozarán de inviolabilidade polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.

2. Durante o período do seu mandato os deputados e senadores gozarán tamén de inmunidade e só poderán ser detidos en caso de flagrante delicto. Non poderán ser inculpados nin procesados sen a previa autorización da cámara respectiva.

3. Nas causas contra deputados e senadores será competente a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

4. Os deputados e senadores percibirán unha asignación que será fixada polas respectivas cámaras.

Artigo 72

1. As cámaras establecen os seus propios regulamentos, aproban autonomamente os seus orzamentos e, de común acordo, regulan o estatuto do persoal das Cortes Xerais. Os regulamentos e a súa reforma serán sometidos a unha votación final sobre a súa totalidade, que requirirá a maioría absoluta.

2. As cámaras elixen os seus respectivos presidentes e os demais membros das súas mesas. As sesións conxuntas serán presididas polo presidente do Congreso e rexeranse por un regulamento das Cortes Xerais aprobado por maioría absoluta de cada cámara.

3. Os presidentes das cámaras exercen en nome delas todos os poderes administrativos e facultades de policía no interior das súas respectivas sedes.

Artigo 73

1. As cámaras reuniranse anualmente en dous períodos ordinarios de sesións: o primeiro, de setembro a decembro, e o segundo, de febreiro a xuño.

2. As cámaras poderán reunirse en sesións extraordinarias por petición do Goberno, da Deputación Permanente ou da maioría absoluta dos membros de calquera das cámaras. As sesións extraordinarias deberanse convocar sobre unha orde do día determinada e serán clausuradas unha vez que esta se esgote.

Artigo 74

1. As cámaras reuniranse en sesión conxunta para o exercicio das competencias non lexislativas que o título II lles atribúe expresamente ás Cortes Xerais.

2. As decisións das Cortes Xerais previstas nos artigos 94.1, 145.2 e 158.2 adoptaranse por maioría de cada unha das cámaras. No primeiro caso, o procedemento iniciarao o Congreso, e nos outros dous, o Senado. En ambos os casos, se non houbera acordo entre Senado e Congreso,

intentarase obter por unha comisión mixta composta de igual número de deputados e senadores. A comisión presentará un texto, que será votado por ambas as cámaras. Se non se aproba na forma establecida decidirá o Congreso por maioría absoluta.

Artigo 75

1. As cámaras funcionarán en pleno e por comisións.

2. As cámaras poderán delegar nas comisións lexislativas permanentes a aprobación de proxectos ou proposicións de lei. O Pleno poderá, con todo, reclamar en calquera momento o debate e votación de calquera proxecto ou proposición de lei que xa fora obxecto desta delegación.

3. Quedan exceptuados do disposto no número anterior a reforma constitucional, as cuestións internacionais, as leis orgánicas e de bases e os orzamentos xerais do Estado.

Artigo 76

1. O Congreso e o Senado, e, se é o caso, ambas as cámaras asemade, poderán nomear comisións de investigación sobre calquera asunto de interese público. As súas conclusións non serán vinculantes para os tribunais, nin afectarán as resolucións xudiciais, sen prexuízo de que o resultado da investigación lle sexa comunicado ó Ministerio Fiscal para o exercicio, cando proceda, das accións oportunas.

2. Será obrigatorio comparecer por requirimento das cámaras. A lei regulará as sancións que se poidan impor por incumprimento desta obriga.

Artigo 77

1. As cámaras poden recibir peticións individuais e colectivas, sempre por escrito, quedando prohibida a presentación directa por manifestacións cidadás.

2. As cámaras pódenlle remitir ó Goberno as peticións que reciban. O Goberno está obrigado a explicarse sobre o seu contido, sempre que as cámaras o esixan.

Artigo 78

1. En cada cámara haberá unha Deputación Permanente composta por un mínimo de vinteún membros, que representarán ós grupos parlamentarios, en proporción á súa importancia numérica.

2. As deputacións permanentes estarán presididas polo presidente da cámara respectiva e terán como funcións a prevista no artigo 73, a de asumir as facultades que lles correspondan ás cámaras, de acordo cos artigos 86 e 116, en caso de que estas fosen disoltas ou expirase o seu

mandato, e a de velar polos poderes das cámaras, cando estas non estean reunidas.

3. Expirado o mandato ou en caso de disolución, as deputacións permanentes seguirán exercendo as súas funcións ata a constitución das novas Cortes Xerais.

4. Reunida a cámara correspondente, a Deputación Permanente dará conta dos asuntos tratados e das súas decisións.

Artigo 79

1. Para adoptaren acordos as cámaras deben estar reunidas regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros.

2. Eses acordos, para seren válidos, deberán ser aprobados pola maioría dos membros presentes, sen prexuízo das maiorías especiais que establezan a Constitución ou as leis orgánicas e mailas que para a elección de persoas establezan os regulamentos das cámaras.

3. O voto de senadores e deputados é persoal e indelegable.

Artigo 80

As sesións plenarias das cámaras serán públicas, salvo acordo contrario de cada cámara, adoptado por maioría absoluta ou de acordo co regulamento.

CAPÍTULO SEGUNDO

Da elaboración das leis

Artigo 81

1. Son leis orgánicas as relativas ó desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, as que aproben os estatutos de autonomía e o réxime electoral xeral e as demais previstas na Constitución.

2. A aprobación, modificación ou derrogación das leis orgánicas esixirá maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.

Artigo 82

1. As Cortes Xerais poderán delegar no Goberno a potestade de dictar normas con categoría de lei sobre materias determinadas non incluídas no artigo anterior.

2. A delegación lexislativa deberase outorgar mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

3. A delegación lexislativa teráselle que outorgar ó Goberno de forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio. A delegación esgótase polo uso que dela faga o Goberno mediante a publicación da norma correspondente. Non poderá entenderse concedida de modo implícito ou por tempo indeterminado. Tampouco poderá permitir a subdelegación a autoridades distintas do propio Goberno.

4. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que se han de seguir no seu exercicio.

5. A autorización para refundir textos legais determinará o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a regularización, aclaración e harmonización dos textos legais que van ser refundidos.

6. Sen prexuízo da competencia propia dos tribunais, as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control.

Artigo 83

As leis de bases non poderán en ningún caso:

a) Autorizar a modificación da propia lei de bases.

b) Facultar para dictar normas con carácter retroactivo.

Artigo 84

Cando unha proposición de lei ou unha emenda sexa contraria a unha delegación lexislativa en vigor, o Goberno está facultado para se opor á súa tramitación. En tal suposto, poderase presentar unha proposición de lei para a derrogación total ou parcial da lei de delegación.

Artigo 85

As disposicións do Goberno que conteñan lexislación delegada recibirán o título de decretos lexislativos.

Artigo 86

1. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Goberno poderá dictar disposicións lexislativas provisionais que tomarán a forma de decretos lei e que non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

2. Os decretos lei deberán ser inmediatamente sometidos a debate e votación de totalidade ó Congreso dos Deputados, convocado para o efecto

se non estivese reunido, no prazo dos trinta días seguintes á súa promulgación. O Congreso terase que pronunciar expresamente dentro dese prazo sobre a súa validación ou derrogación; para iso o regulamento establecerá un procedemento especial e sumario.

3. Durante o prazo establecido no número anterior as Cortes poderanos tramitar como proxectos de lei polo procedemento de urxencia.

Artigo 87

1. A iniciativa lexislativa correspóndelles ó Goberno, ó Congreso e ó Senado, de acordo coa Constitución e cos regulamentos das cámaras.

2. As asembleas das comunidades autónomas poderán solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de lei ou remitiren á Mesa do Congreso unha proposición de lei, delegando ante a citada cámara un máximo de tres membros da asemblea encargados da súa defensa.

3. Unha lei orgánica regulará as formas de exercicio e requisitos da iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei. En todo caso esixiranse non menos de 500.000 sinaturas acreditadas. Non procederá esa iniciativa en materias propias de lei orgánica, tributarias ou de carácter internacional, nin no relativo á prerrogativa de gracia.

Artigo 88

Os proxectos de lei serán aprobados en Consello de Ministros, que os someterá ó Congreso, acompañados dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se pronunciar sobre eles.

Artigo 89

1. A tramitación das proposicións de lei regularase polos regulamentos das cámaras, sen que a prioridade debida ós proxectos de lei impida o exercicio da iniciativa lexislativa nos termos regulados polo artigo 87.

2. As proposicións de lei que, de acordo co artigo 87, tome en consideración o Senado remitiránselle ó Congreso para o seu trámite neste como tal proposición.

Artigo 90

1. Aprobado un proxecto de lei ordinaria ou orgánica polo Congreso dos Deputados, o seu presidente daralle inmediata conta del ó presidente do Senado, que o someterá á deliberación deste.

2. O Senado no prazo de dous meses, a partir do día da recepción do texto, pode, mediante mensaxe motivada, vetalo ou introducir emendas nel. O veto deberá ser aprobado por maioría absoluta. O proxecto non poderá ser sometido ó Rei para sanción sen que o Congreso ratifique por maioría absoluta, en caso de veto, o texto inicial, ou por maioría simple, unha vez

transcorridos dous meses desde a interposición daquel, ou se pronuncie sobre as emendas, aceptándoas ou non por maioría simple.

3. O prazo de dous meses de que o Senado dispón para vetar ou emendar o proxecto reducirase ó de vinte días naturais nos proxectos declarados urxentes polo Goberno ou polo Congreso dos Deputados.

Artigo 91

O Rei sancionará no prazo de quince días as leis aprobadas polas Cortes Xerais, e promulgaraas e ordenará a súa inmediata publicación.

Artigo 92

1. As decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns.

2. O referendo será convocado polo Rei, mediante proposta do presidente do Goberno, previamente autorizada polo Congreso dos Deputados.

3. Unha lei orgánica regulará as condicións e mailo procedemento das distintas modalidades de referendo previstas nesta Constitución.

CAPÍTULO TERCEIRO. DOS TRATADOS INTERNACIONAIS

Artigo 93

Mediante lei orgánica poderase autorizar a subscrición de tratados polos que se lle atribúa a unha organización ou institución internacional o exercicio de competencias derivadas da Constitución. Correspóndelles ás Cortes Xerais e mais ó Goberno, segundo os casos, a garantía do cumprimento destes tratados e das resolucións emanadas dos organismos internacionais ou supranacionais titulares da cesión.

Artigo 94

1. A prestación do consentimento do Estado para se obrigar por medio de tratados ou convenios requirirá a autorización previa das Cortes Xerais, nos seguintes casos:

a) Tratados de carácter político.

b) Tratados ou convenios de carácter militar.

c) Tratados ou convenios que afecten a integridade territorial do Estado ou os dereitos e deberes fundamentais establecidos no título I.

d) Tratados ou convenios que impliquen obrigas financeiras para a Facenda pública.

e) Tratados ou convenios que supoñan modificación ou derrogación dalgunha lei ou esixan medidas lexislativas para a súa execución.

2. O Congreso e mailo Senado serán inmediatamente informados da conclusión dos restantes tratados ou convenios.

Artigo 95

1. A subscrición dun tratado internacional que conteña estipulacións contrarias á Constitución esixirá a previa revisión constitucional.

2. O Goberno ou calquera das cámaras pode requirir o Tribunal Constitucional para que declare se existe ou non esa contradicción.

Artigo 96

1. Os tratados internacionais validamente subscritos, unha vez publicados oficialmente en España, formarán parte do ordenamento interno. As súas disposicións só poderán ser derrogadas, modificadas ou suspendidas na forma prevista nos propios tratados ou de acordo coas normas xerais do dereito internacional.

2. Para a denuncia dos tratados e convenios internacionais utilizarase o mesmo procedemento previsto para a súa aprobación no artigo 94.

TÍTULO IV. DO GOBERNO E DA ADMINISTRACIÓN

Artigo 97

O Goberno dirixe a política interior e exterior, a Administración civil e militar e a defensa do Estado. Exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo coa Constitución e coas leis.

Artigo 98

1. O Goberno componse do presidente, dos vicepresidentes, se é o caso, dos ministros e dos demais membros que estableza a lei.

2. O presidente dirixe a acción do Goberno e coordina as funcións dos demais membros del, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

3. Os membros do Goberno non poderán exercer outras funcións representativas cás propias do mandato parlamentario, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin ningunha actividade profesional ou mercantil.

4. A lei regulará o estatuto e mailas incompatibilidades dos membros do Goberno.

Artigo 99

1. Despois de cada renovación do Congreso dos Deputados, e nos demais supostos constitucionais en que así proceda, o Rei, logo de consulta cos representantes designados polos grupos políticos con representación

parlamentaria, e por medio do presidente do Congreso, proporá un candidato á Presidencia do Goberno.

2. O candidato proposto conforme o previsto no número anterior exporá perante o Congreso dos Deputados o programa político do Goberno que pretenda formar e solicitará a confianza da cámara.

3. Se o Congreso dos Deputados, polo voto da maioría absoluta dos seus membros, lle outorgase a súa confianza ó citado candidato, o Rei nomearao presidente. De non se acadar esa maioría, someterase a mesma proposta a nova votación corenta e oito horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtén a maioría simple.

4. Se efectuadas as citadas votacións non se outorgase a confianza para a investidura, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista nos números anteriores.

5. Se, transcorrido o prazo de dous meses, contado desde a primeira votación de investidura, ningún candidato obtivo a confianza do Congreso, o Rei disolverá ambas as cámaras e convocará novas eleccións co referendo do presidente do Congreso.

Artigo 100

Os demais membros do Goberno serán nomeados e separados polo Rei, por proposta do seu presidente.

Artigo 101

1. O Goberno cesa trala celebración de eleccións xerais, nos casos de perda de confianza parlamentaria previstos na Constitución ou por dimisión ou morte do seu presidente.

2. O Goberno cesante continuará en funcións ata a toma de posesión do novo Goberno.

Artigo 102

1. A responsabilidade criminal do presidente e dos demais membros do Goberno será esixible, cando exista, perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

2. Se a acusación fose por traizón ou por calquera delicto contra a seguridade do Estado no exercicio das súas funcións, só poderá ser promovida por iniciativa da cuarta parte dos membros do Congreso, e coa aprobación da maioría absoluta deste.

3. A prerrogativa real de gracia non será aplicable a ningún dos supostos do presente artigo.

Artigo 103

1. A Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ó dereito.

2. Os órganos da Administración do Estado son creados, rexidos e coordinados de acordo coa lei.

3. A lei regulará o estatuto dos funcionarios públicos, o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio das súas funcións.

Artigo 104

1. As forzas e corpos de seguridade, baixo a dependencia do Goberno, terán como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá.

2. Unha lei orgánica determinará as funcións, principios básicos de actuación e estatutos das forzas e corpos de seguridade.

Artigo 105

A lei regulará:

a) A audiencia dos cidadáns, directamente ou mediante as organizacións e asociacións recoñecidas pola lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten.

b) O acceso dos cidadáns ós arquivos e rexistros administrativos, menos no que afecte a seguridade e a defensa do Estado, a investigación dos delictos e a intimidade das persoas.

c) O procedemento polo que se deben producir os actos administrativos, garantindo, cando proceda, a audiencia do interesado.

Artigo 106

1. Os tribunais controlan a potestade regulamentaria e a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta ós fins que a xustifican.

2. Os particulares, nos termos establecidos pola lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás en casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servicios públicos.

Artigo 107

O Consello de Estado é o supremo órgano consultivo do Goberno. Unha lei orgánica regulará a súa composición e competencia.

TÍTULO V. DAS RELACIÓNS ENTRE O GOBERNO E AS CORTES XERAIS

Artigo 108

O Goberno responde solidariamente da súa xestión política perante o Congreso dos Deputados.

Artigo 109

As cámaras e as súas comisións poderán solicitar, por medio dos presidentes daquelas, a información e axuda que precisen do Goberno e dos seus departamentos e de calquera autoridade do Estado e das comunidades autónomas.

Artigo 110

1. As cámaras e as súas comisións poden reclamar a presencia dos membros do Goberno.

2. Os membros do Goberno teñen acceso ás sesións das cámaras e ás súas comisións e a facultade de se faceren oír nelas e poderán solicitar que informen perante aquelas funcionarios dos seus departamentos.

Artigo 111

1. O Goberno e cada un dos seus membros están sometidos ás interpelacións e preguntas que lles formulen nas cámaras. Para esta clase de debate os regulamentos establecerán un tempo mínimo semanal.

2. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que a cámara manifeste a súa posición.

Artigo 112

O presidente do Goberno, logo de deliberación do Consello de Ministros, pode promover perante o Congreso dos Deputados a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos deputados.

Artigo 113

1. O Congreso dos Deputados pode esixir a responsabilidade política do Goberno mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

2. A moción de censura deberá ser proposta cando menos pola décima parte dos deputados, e terá que incluír un candidato á Presidencia do Goberno.

3. A moción de censura non poderá ser votada en tanto non transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderanse presentar mocións alternativas.

4. Se a moción de censura non for aprobada polo Congreso, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

Artigo 114

1. Se o Congreso lle nega a súa confianza ó Goberno, este presentaralle a súa dimisión ó Rei e a seguir procederase á designación de presidente do Goberno, segundo o disposto no artigo 99.

2. Se o Congreso adopta unha moción de censura, o Goberno presentaralle a súa dimisión ó Rei e o candidato incluído naquela entenderase investido da confianza da cámara para os efectos previstos no artigo 99. O Rei nomearao presidente do Goberno.

Artigo 115

1. O presidente do Goberno, logo de deliberación do Consello de Ministros, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá propor a disolución do Congreso, do Senado ou das Cortes Xerais, que será decretada polo Rei. O decreto de disolución fixará a data das eleccións.

2. A proposta de disolución non se poderá presentar cando estea en trámite unha moción de censura.

3. Non procederá nova disolución antes de que transcorra un ano desde a anterior, agás o disposto no artigo 99, número 5.

Artigo 116

1. Unha lei orgánica regulará os estados de alarma, de excepción e de sitio, e as competencias e limitacións correspondentes.

2. O estado de alarma será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros por un prazo máximo de quince días, dándolle conta ó Congreso dos Deputados, reunido inmediatamente para o efecto; sen a autorización deste non poderá ser prorrogado o citado prazo. O decreto determinará o ámbito territorial a que se estenden os efectos da declaración.

3. O estado de excepción será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros logo de autorización do Congreso dos Deputados. A autorización e proclamación do estado de excepción deberá

determinar expresamente os seus efectos, o ámbito territorial a que se estende e a súa duración, que non poderá exceder de trinta días, prorrogables por outro prazo igual, cos mesmos requisitos.

4. O estado de sitio será declarado pola maioría absoluta do Congreso dos Deputados, por proposta exclusiva do Goberno. O Congreso determinará o seu ámbito territorial, duración e condicións.

5. Non se poderá proceder á disolución do Congreso mentres estean declarados algúns dos estados comprendidos no presente artigo, quedando automaticamente convocadas as cámaras de non estaren en período de sesións. O seu funcionamento, así como o dos demais poderes constitucionais do Estado, non se poderán interromper durante a vixencia destes estados.

Disolto o Congreso ou expirado o seu mandato, de se producir algunha das situacións que dan lugar a calquera dos citados estados, as competencias do Congreso serán asumidas pola súa Deputación Permanente.

6. A declaración dos estados de alarma, de excepción e de sitio non modificarán o principio de responsabilidade do Goberno e dos seus axentes recoñecidos na Constitución e nas leis.

TÍTULO VI

Do poder xudicial

Artigo 117

1. A xustiza emana do pobo e é administrada en nome do Rei por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ó imperio da lei.

2. Os xuíces e maxistrados non poderán ser separados, suspendidos, trasladados nin xubilados, a non ser por algunha das causas e coas garantías previstas na lei.

3. O exercicio da potestade xurisdiccional en toda clase de procesos, xulgando e facendo executar o xulgado, correspóndelles só ós xulgados e tribunais determinados polas leis, conforme as normas de competencia e procedemento que estas establezan.

4. Os xulgados e tribunais non exercerán máis funcións cás sinaladas no número anterior e as que expresamente lles sexan atribuídas pola lei en garantía de calquera dereito.

5. O principio de unidade xurisdiccional é a base da organización e funcionamento dos tribunais. A lei regulará o exercicio da xurisdicción militar no ámbito estrictamente castrense e nos supostos de estado de sitio, segundo os principios da Constitución.

6. Prohíbense os tribunais de excepción.

Artigo 118

É obrigatorio o cumprimento das sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar tamén a colaboración por eles requirida no curso do proceso e na execución das resolucións.

Artigo 119

A xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

Artigo 120

1. As actuacións xudiciais serán públicas, coas excepcións previstas nas leis de procedemento.

2. O procedemento será predominantemente oral, sobre todo en materia criminal.

3. As sentencias serán sempre motivadas e pronunciaranse en audiencia pública.

Artigo 121

Os danos causados por erro xudicial, así como tamén os que sexan consecuencia do funcionamento anormal da Administración de xustiza, darán dereito a unha indemnización a cargo do Estado, conforme a lei.

Artigo 122

1. A lei orgánica do poder xudicial deteminará a constitución, o funcionamento e o goberno dos xulgados e tribunais, así como o estatuto xurídico dos xuíces e maxistrados de carreira, que formarán un corpo único, e do persoal ó servicio da Administración de xustiza.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno deste. A lei orgánica establecerá o seu estatuto e o réxime de incompatibilidades dos seus membros e as súas funcións, especialmente en materia de nomeamentos, ascensos, inspección e réxime disciplinario.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial estará integrado polo presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo Rei por un período de cinco anos. Destes, doce entre xuíces e maxistrados de todas as categorías xudiciais, nos termos que estableza a lei orgánica; catro por proposta do Congreso dos Deputados, e catro por proposta do Senado, elixidos en ambos os casos por maioría de tres quintos dos seus membros, entre avogados e outros xuristas, todos eles de recoñecida competencia e con máis de quince anos de exercicio na súa profesión.

Artigo 123

1. O Tribunal Supremo, con xurisdicción en toda España, é o órgano xurisdiccional superior en todas as ordes, salvo o disposto en materia de garantías constitucionais.

2. O presidente do Tribunal Supremo será nomeado polo Rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, da maneira que determine a lei.

Artigo 124

1. O Ministerio Fiscal, á parte das funcións encomendadas a outros órganos, ten por misión promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e do interese público tutelado pola lei, de oficio ou por petición dos interesados, así como velar pola independencia dos tribunais e procurar perante estes a satisfacción do interese social.

2. O Ministerio Fiscal exerce as súas funcións mediante órganos de seu, conforme os principios de unidade de actuación e dependencia xerárquica e con suxeición, en todo caso, ós de legalidade e imparcialidade.

3. A lei regulará o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

4. O fiscal xeral do Estado será nomeado polo Rei, por proposta do Goberno, unha vez escoitado o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 125

Os cidadáns poderán exercer a acción popular e participaren na Administración de xustiza mediante a institución do xurado, na forma e con respecto a aqueles procesos penais que a lei determine, e tamén nos tribunais consuetudinarios e tradicionais.

Artigo 126

A policía xudicial depende dos xuíces, dos tribunais e do Ministerio Fiscal nas súas funcións de pescuda do delicto e de descubrimento e aseguramento do delincuente nos termos que a lei estableza.

Artigo 127

1. Os xuíces e maxistrados, e mailos fiscais, mentres estean en activo, non poderán desempeñar outros cargos públicos nin pertencer a partidos políticos ou sindicatos. A lei establecerá o sistema e modalidades de asociación profesional dos xuíces, maxistrados e fiscais.

2. A lei establecerá o réxime de incompatibilidades dos membros do poder xudicial de maneira que asegure a súa total independencia.

TÍTULO VII. ECONOMÍA E FACENDA

Artigo 128

1. Toda a riqueza do país nas súas distintas formas e calquera que sexa a súa titularidade está subordinada ó interese xeral.

2. Recoñécese a iniciativa pública na actividade económica. Mediante lei poderanse reservar ó sector público recursos ou servicios esenciais, especialmente no caso de monopolio, e tamén acordarse a intervención de empresas cando así o esixa o interese xeral.

Artigo 129

1. A lei establecerá as formas de participación dos interesados na Seguridade Social e na actividade dos organismos públicos que teñan unha función que afecte directamente a calidade da vida ou o benestar xeral.

2. Os poderes públicos promoverán con eficacia as diversas formas de participación na empresa e fomentarán mediante unha lexislación axeitada as sociedades cooperativas. Tamén establecerán os medios que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de producción.

Artigo 130

1. Os poderes públicos atenderán á modernización e ó desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, co fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois.

2. Co mesmo fin outorgaráselles un tratamento especial ás zonas de montaña.

Artigo 131

1. O Estado mediante lei poderá planificar a actividade económica xeral para atender as necesidades colectivas, equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional e sectorial e estimular o crecemento da renda e da riqueza e a súa máis xusta distribución.

2. O Goberno elaborará os proxectos de planificación de acordo coas previsións que lle sexan subministradas polas comunidades autónomas e o asesoramento e colaboración dos sindicatos e outras organizacións profesionais, empresariais e económicas. A tal fin constituirase un consello, cunha composición e cunhas funcións que se desenvolverán por lei.

Artigo 132

1. A lei regulará o réxime xurídico dos bens de dominio público e dos comunais, inspirándose nos principios de inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, así como a súa desafectación.

2. Son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.

3. Regularanse por lei o patrimonio do Estado e o patrimonio nacional, a súa administración, defensa e conservación.

Artigo 133

1. A potestade orixinaria para establecer os tributos correspóndelle exclusivamente ó Estado, mediante lei.

2. As comunidades autónomas e as corporacións locais poderán establecer e esixir tributos de acordo coa Constitución e coas leis.

3. Todo beneficio fiscal que afecte os tributos do Estado deberase establecer por lei.

4. As administracións públicas só poderán contraer obrigas financeiras e realizar gastos de acordo coas leis.

Artigo 134

l. Correspóndelle ó Goberno a elaboración dos orzamentos xerais do Estado e ás Cortes Xerais o seu exame, emenda e aprobación.

2. Os orzamentos xerais do Estado terán carácter anual, incluirán a totalidade dos gastos e ingresos do sector público estatal e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten os tributos do Estado.

3. O Goberno deberá presentar perante o Congreso dos Deputados os orzamentos xerais do Estado cando menos tres meses antes da expiración dos do ano anterior.

4. Se a lei de orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, considerararanse automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos.

5. Aprobados os orzamentos xerais do Estado, o Goberno poderá presentar proxectos de lei que impliquen aumento do gasto público ou diminución dos ingresos correspondentes ó mesmo exercicio orzamentario.

6. Toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios requirirá a conformidade do Goberno para a súa tramitación.

7. A lei de orzamentos non pode crear tributos. Poderá modificalos cando estea previsto nunha lei tributaria substantiva.

Artigo 135[1]

1. Todas as administracións públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria.

2. O Estado e as Comunidades Autónomas non poderán incorrer nun déficit estrutural que supere as marxes establecidas, de ser o caso, pola Unión Europea para os seus Estados membros.

Unha lei orgánica fixará o déficit estrutural máximo permitido ao Estado e ás Comunidades Autónomas, en relación co seu produto interior bruto. As entidades locais deberán presentar equilibrio orzamentario.

3. O Estado e as Comunidades Autónomas deberán estar autorizados por lei para emitir débeda pública ou contraer crédito.

Os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e o seu pagamento gozará de prioridade absoluta. Estes créditos non poderán ser obxecto de emenda ou modificación, mentres se axusten ás condicións da lei de emisión.

O volume de débeda pública do conxunto das administracións públicas en relación co produto interior bruto do Estado non poderá superar o valor de referencia establecido no Tratado de funcionamento da Unión Europea.

4. Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública só poderán superarse en caso de catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.

5. Unha lei orgánica desenvolverá os principios a que se refire este artigo, así como a participación, nos procedementos respectivos, dos órganos de coordinación institucional entre as administracións públicas en materia de política fiscal e financeira. En todo caso, regulará:

a) A distribución dos límites de déficit e de débeda entre as distintas administracións públicas, os supostos excepcionais de superación deles e a forma e prazo de corrección das desviacións que sobre un e outro puideren producirse.

b) A metodoloxía e o procedemento para o cálculo do déficit estrutural.

c) A responsabilidade de cada administración pública en caso de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

[1] Modificado pola reforma do 27 de setembro de 2011

6. As Comunidades Autónomas, de acordo cos seus respectivos Estatutos e dentro dos límites a que se refire este artigo, adoptarán as disposicións que procedan para a aplicación efectiva do principio de estabilidade nas súas normas e decisións orzamentarias.

Artigo 136

1. O Tribunal de Contas é o supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado, así como do sector público.

Dependerá directamente das Cortes Xerais e exercerá as súas funcións por delegación delas no exame e comprobación da Conta xeral do Estado.

2. As contas do Estado e do sector público estatal renderánselle ó Tribunal de Contas e serán censuradas por este.

O Tribunal de Contas, sen perda da súa propia xurisdicción, remitiralles ás Cortes Xerais un informe anual no que, cando proceda, lles comunicará as infraccións ou responsabilidades nas que, ó seu xuízo, se incorrese.

3. Os membros do Tribunal de Contas gozarán da mesma independencia e inamovibilidade e estarán sometidos ás mesmas incompatibilidades cós xuíces.

4. Unha lei orgánica regulará a composición, organización e funcións do Tribunal de Contas.

TÍTULO VIII. DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO

CAPÍTULO PRIMEIRO. PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 137

O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

Artigo 138

1. O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, mirando de establecer un equilibrio económico axeitado e xusto entre as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular.

2. As diferencias entre os estatutos das diferentes comunidades autónomas non poderán implicar, en caso ningún, privilexios económicos ou sociais.

Artigo 139

1. Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.

2. Ningunha autoridade poderá adoptar medidas que directa ou indirectamente obstaculicen a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio español.

CAPÍTULO SEGUNDO. DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Artigo 140

A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración correspóndelles ós seus respectivos concellos, integrados polos alcaldes e mailos concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións nas que proceda o réxime de concello aberto.

Artigo 141

1. A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia, definida pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado. Calquera alteración dos límites provinciais terá que ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.

2. O goberno e a administración autónoma das provincias estaranlles encomendados a deputacións ou a outras corporacións de carácter representativo.

3. Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes da provincia.

4. Nos arquipélagos, as illas terán ademais a súa administración propia en forma de cabidos ou consellos.

Artigo 142

As facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei lles atribúe ás corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e nos das comunidades autónomas.

CAPÍTULO TERCEIRO. DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Artigo 143

1. No exercicio do dereito á autonomía recoñecido no artigo 2 da Constitución, as provincias limítrofes con características históricas, culturais e económicas comúns, os territorios insulares e as provincias con entidade rexional histórica poderán acceder ó seu autogoberno e constituírse en comunidades autónomas conforme o previsto neste título e nos respectivos estatutos.

2. A iniciativa do proceso autonómico correspóndelles a todas as deputacións interesadas ou ó órgano interinsular correspondente e ás dúas terceiras partes dos municipios se a súa poboación representa, cando menos, a maioría do censo electoral de cada provincia ou illa. Estes requisitos terán que ser cumpridos no prazo de seis meses desde o primeiro acordo adoptado neste sentido por algunha das corporacións locais interesadas.

3. A iniciativa, en caso de non prosperar, só se poderá reiterar pasados cinco anos.

Artigo 144

As Cortes Xerais, mediante lei orgánica, poderán, por motivos de interese nacional:

a) Autorizar a constitución dunha comunidade autónoma cando o seu ámbito territorial non supere o dunha provincia e non reúna as condicións do número 1 do artigo 143.

b) Autorizar ou acordar, segundo os casos, un estatuto de autonomía para territorios que non estean integrados na organización provincial.

c) Substituír a iniciativa das corporacións locais a que se refire o número 2 do artigo 143.

Artigo 145

1. Non se admitirá en caso ningún a federación de comunidades autónomas.

2. Os estatutos poderán prever os supostos, requisitos e termos en que as comunidades autónomas poderán concertar convenios entre si para a xestión e prestación de servicios propios delas, así como o carácter e efectos da correspondente comunicación ás Cortes Xerais. Nos outros supostos, os acordos de cooperación entre as comunidades autónomas necesitarán a autorización das Cortes Xerais.

Artigo 146

O proxecto de estatuto será elaborado por unha asemblea composta polos membros da deputación ou órgano interinsular das provincias afectadas e polos deputados e senadores elixidos nelas e será elevado ás Cortes Xerais para a súa tramitación como lei.

Artigo 147

1. Dentro dos termos desta Constitución os estatutos serán a norma institucional básica de cada comunidade autónoma e o Estado recoñeceraos e ampararaos como parte integrante do seu ordenamento xurídico.

2. Os estatutos de autonomía deberán conter:

a) A denominación da comunidade que mellor corresponda á súa identidade histórica.

b) A delimitación do seu territorio.

c) A denominación, organización e sede das institucións autónomas propias.

d) As competencias asumidas dentro do marco establecido na Constitución e as bases para o traspaso dos servicios correspondentes a elas.

3. A reforma dos estatutos axustarase ó procedemento que neles se estableza e requirirá, en todo caso, a aprobación polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica.

Artigo 148

1. As comunidades autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

1.º Organización das súas institucións de autogoberno.

2.º As alteracións dos termos municipais comprendidos no seu territorio e, en xeral, as funcións que lle correspondan á Administración do Estado sobre as corporacións locais e de transferencia autorizada pola lexislación sobre réxime local.

3.º Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.

4.º As obras públicas de interese da comunidade autónoma no seu propio territorio.

5.º As vías férreas e estradas de percorrido comprendido integramente no territorio da comunidade autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable.

6.º Os portos de refuxio, os portos e aeroportos deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais.

7.º A agricultura e a gandería, de acordo coa ordenación xeral da economía.

8.º Os montes e aproveitamentos forestais.

9.º A xestión en materia de protección do ambiente.

10.º Os proxectos, construcción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da comunidade autónoma; as augas minerais e termais.

11.º A pesca nas augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial.

12.º Feiras interiores.

13.º O fomento do desenvolvemento económico da comunidade autónoma dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional.

14.º Artesanía.

15.º Museos, bibliotecas e conservatorios de música de interese para a comunidade autónoma.

16.º Patrimonio monumental de interese da comunidade autónoma.

17.º O fomento da cultura, da investigación e, se é o caso, do ensino da lingua da comunidade autónoma.

18.º Promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

19.º Promoción do deporte e da axeitada utilización do lecer.

20.º Asistencia social.

21.º Sanidade e hixiene.

22.º A vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións. A coordinación e demais facultades en relación coas policías locais nos termos que estableza unha lei orgánica.

2. Transcorridos cinco anos, e mediante a reforma dos seus estatutos, as comunidades autónomas poderán ampliar sucesivamente as súas competencias dentro do marco establecido no artigo 149.

Artigo 149

1. O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:

1.º A regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

2.º Nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo.

3.º Relacións internacionais.

4.º Defensa e Forzas Armadas.

5.º Administración de xustiza.

6.º Lexislación mercantil, penal e penitenciaria; lexislación procesual, sen perda das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

7.º Lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

8.º Lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan. En todo caso, as regras relativas á aplicación e eficacia das normas xurídicas, relacións xurídico-civís relativas ás formas de matrimonio, ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, bases das obrigas contractuais, normas para resolver os conflictos de leis e determinación das fontes do dereito, con respecto, neste último caso, ás normas de dereito foral ou especial.

9.º Lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

10.º Réxime aduaneiro e arancelario; comercio exterior.

11.º Sistema monetario: divisas, cambio e convertibilidade; bases da ordenación do crédito, banca e seguros.

12.º Lexislación sobre pesos e medidas, determinación da hora oficial.

13.º Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

14.º Facenda xeral e débeda do Estado.

15.º Fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

16.º Sanidade exterior. Bases e coordinación xeral da sanidade. Lexislación sobre os productos farmacéuticos.

17.º Lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servicios polas comunidades autónomas.

18.º As bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios, que, en todo caso, lles garantirán ós administrados un tratamento común ante elas; o procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas; lexislación sobre expropiación forzosa; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas e o sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas.

19.º Pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas.

20.º Mariña mercante e abandeiramento de buques; iluminación de costas e sinais marítimos; portos de interese xeral; aeroportos de interese xeral; control do espacio aéreo, tránsito e transporte aéreo, servicio meteorolóxico e matriculación de aeronaves.

21.º Vías férreas e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma; réxime xeral de comunicacións; tráfico e circulación de vehículos de motor; correos e telecomunicacións; cables aéreos, submarinos e radiocomunicación.

22.º A lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas corran por máis dunha comunidade autónoma, e a autorización das instalacións eléctricas, cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial.

23.º Lexislación básica sobre protección do ambiente sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. A lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias.

24.º Obras públicas de interese xeral ou de realización que afecte máis dunha comunidade autónoma.

25.º Bases do réxime mineiro e enerxético.

26.º Réxime de producción, comercio, posesión e uso de armas e explosivos.

27.º Normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen perda das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas.

28.º Defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas.

29.º Seguridade pública, sen prexuízo da posibilidade de creación de policías polas comunidades autónomas na forma que se estableza nos respectivos estatutos no marco do que dispoña unha lei orgánica.

30.º Regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

31.º Estatística para fins estatais.

32.º Autorización para a convocatoria de consultas populares por vía de referendo.

2. Á parte das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servicio da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas de acordo con elas.

3. As materias non atribuídas expresamente ó Estado por esta Constitución poderanlles corresponder ás comunidades autónomas, segundo os seus respectivos estatutos. A competencia sobre as materias que non foren asumidas polos estatutos de autonomía corresponderalle ó Estado, e as normas deste prevalecerán, en caso de conflicto, sobre as das comunidades autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas. O dereito estatal será, en calquera caso, supletorio do dereito das comunidades autónomas.

Artigo 150

1. As Cortes Xerais, en materias de competencia estatal, poderanlles atribuír a todas ou a algunha das comunidades autónomas a facultade de dictaren, para si mesmas, normas lexislativas no marco dos principios, bases e directrices fixados por unha lei estatal. Á parte das competencias dos tribunais, en cada lei marco establecerase a modalidade do control das Cortes Xerais sobre estas normas lexislativas das comunidades autónomas.

2. O Estado poderá transferir ou delegar nas comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que reserve para si o Estado.

3. O Estado poderá dictar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das comunidades autónomas, aínda no caso de materias atribuídas á competencia destas, cando así o esixa o interese xeral. Correspóndelles ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada cámara, a apreciación desta necesidade.

Artigo 151

1. Non será necesario deixar transcorrer o prazo de cinco anos a que se refire o número 2 do artigo 148 cando a iniciativa do proceso autonómico sexa acordada dentro do prazo do artigo 143.2, ademais de polas deputacións ou os órganos interinsulares correspondentes, polas tres cuartas partes dos concellos de cada unha das provincias afectadas que representen, cando menos, a maioría do censo electoral de cada unha delas e a citada iniciativa sexa ratificada mediante referendo polo voto

afirmativo da maioría absoluta dos electores de cada provincia nos termos que estableza unha lei orgánica.

2. No suposto previsto no número anterior, o procedemento para a elaboración do estatuto será o seguinte:

1.º O Goberno convocará todos os deputados e senadores elixidos nas circunscricións comprendidas no ámbito territorial que pretenda acceder ó autogoberno, para que se constitúan en asemblea, para os únicos efectos de elaborar o correspondente proxecto de estatuto de autonomía, mediante o acordo da maioría absoluta dos seus membros.

2.º Aprobado o proxecto de estatuto pola asemblea de parlamentarios, remitiráselle á Comisión Constitucional do Congreso, a cal, dentro do prazo de dous meses, o examinará co concurso e asistencia dunha delegación da asemblea propoñente para determinaren de común acordo a súa formulación definitiva.

3.º Se se alcanzase o devandito acordo, o texto resultante será sometido a referendo do corpo electoral das provincias comprendidas no ámbito territorial do proxectado estatuto.

4.º Se o proxecto de estatuto é aprobado en cada provincia pola maioría dos votos validamente emitidos, será elevado ás Cortes Xerais. Os plenos de ambas as cámaras decidirán sobre o texto mediante un voto de ratificación. Aprobado o estatuto, o Rei sancionarao e promulgarao como lei.

5.º De non se alcanzar o acordo ó que se refire o punto 2.º deste número, o proxecto de estatuto será tramitado como proxecto de lei perante as Cortes Xerais. O texto aprobado por estas será sometido a referendo do corpo electoral das provincias comprendidas no ámbito territorial do proxectado estatuto. No caso de ser aprobado pola maioría dos votos validamente emitidos en cada provincia, procederá a súa promulgación nos termos do parágrafo anterior.

3. Nos casos dos parágrafos 4.º e 5.º do número anterior, a non aprobación do proxecto de estatuto por unha ou varias provincias non impedirá a constitución entre as restantes da comunidade autónoma proxectada, na forma que estableza a lei orgánica prevista no número 1 deste artigo.

Artigo 152

1. Nos estatutos aprobados polo procedemento a que se refire o artigo anterior, a organización institucional autonómica basearase nunha asemblea lexislativa elixida por sufraxio universal conforme un sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio; un consello de goberno con funcións executivas e administrativas, e un presidente, elixido pola asemblea, de entre os seus membros, e nomeado polo Rei, a quen lle corresponde a

dirección do consello de goberno, a suprema representación da respectiva comunidade e a ordinaria do Estado naquela. O presidente e os membros do consello de goberno serán politicamente responsables ante a asemblea.

Un Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da xurisdicción que lle corresponde ó Tribunal Supremo, culminará a organización xudicial no ámbito territorial da comunidade autónoma. Nos estatutos das comunidades autónomas poderanse establecer os supostos e as formas de participación daquelas na organización das demarcacións xudiciais do territorio. Todo isto de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e dentro da unidade e independencia deste.

Sen prexuízo do disposto no artigo 123, as sucesivas instancias procesuais, se é o caso, esgotaranse perante órganos xudiciais radicados no mesmo territorio da comunidade autónoma no que estea o órgano competente en primeira instancia.

2. Unha vez sancionados e promulgados os respectivos estatutos, só poderán ser modificados mediante os procedementos neles establecidos e con referendo entre os electores inscritos nos censos correspondentes.

3. Mediante a agrupación de municipios limítrofes, os estatutos poderán establecer circunscricións territoriais de seu que gozarán dunha personalidade xurídica plena.

Artigo 153

O control da actividade dos órganos das comunidades autónomas exercerao:

a) O Tribunal Constitucional, o relativo á constitucionalidade das súas disposicións normativas con forza de lei.

b) O Goberno, logo de dictame do Consello de Estado, o do exercicio de funcións delegadas a que se refire o número 2 do artigo 150.

c) A xurisdicción contencioso-administrativa, o da Administración autónoma e as súas normas regulamentarias.

d) O Tribunal de Contas, o económico e orzamentario.

Artigo 154

Un delegado nomeado polo Goberno dirixirá a Administración do Estado no territorio da comunidade autónoma e coordinaraa, cando proceda, coa Administración propia da comunidade.

Artigo 155

1. Se unha comunidade autónoma non cumprise as obrigas que a Constitución ou outras leis lle impoñan, ou actuase de forma que atente

gravemente ó interese xeral de España, o Goberno, logo de requirimento ó presidente da comunidade autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para obrigar aquela ó cumprimento forzoso das citadas obrigas ou para a protección do mencionado interese xeral.

2. Para a execución das medidas previstas no número anterior, o Goberno poderalles dar instruccións a todas as autoridades das comunidades autónomas.

Artigo 156

1. As comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias de acordo cos principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois.

2. As comunidades autónomas poderán actuar como delegados ou colaboradores do Estado para a recadación, a xestión e a liquidación dos recursos tributarios daquel, de acordo coas leis e cos estatutos.

Artigo 157

1. Os recursos das comunidades autónomas estarán constituídos por:

a) Impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado; recargas sobre impostos estatais e outras participacións nos ingresos do Estado.

b) Os seus propios impostos, taxas e contribucións especiais.

c) Transferencias dun fondo de compensación interterritorial e outras asignacións con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

d) Rendementos procedentes do seu patrimonio e ingresos de dereito privado.

e) O producto das operacións de crédito.

2. As comunidades autónomas non poderán en ningún caso adoptar medidas tributarias sobre bens situados fóra do seu territorio ou que supoñan obstáculo á libre circulación de mercancías ou servicios.

3. Mediante lei orgánica poderase regular o exercicio das competencias financeiras enumeradas no precedente número 1, as normas que resolvan os conflictos que puidesen xurdir e as posibles formas de colaboración financeira entre as comunidades autónomas e o Estado.

Artigo 158

1. Nos orzamentos xerais do Estado poderase establecer unha asignación ás comunidades autónomas en función do volume dos servicios e

actividades estatais que asumisen e da garantía dun nivel mínimo na prestación dos servicios públicos fundamentais en todo o territorio español.

2. Co fin de corrixir desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade constituirase un fondo de compensación con destino a gastos de investimento; os recursos deste fondo serán distribuídos polas Cortes Xerais entre as comunidades autónomas e provincias, se é o caso.

TÍTULO IX. DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Artigo 159

1. O Tribunal Constitucional componse de doce membros nomeados polo Rei; de entre eles, catro por proposta do Congreso por maioría de tres quintos dos seus membros; catro por proposta do Senado, con idéntica maioría; dous por proposta do Goberno, e dous por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2. Os membros do Tribunal Constitucional deberán ser nomeados entre maxistrados e fiscais, profesores de universidade, funcionarios públicos e avogados, todos eles xuristas de recoñecida competencia con máis de quince anos de exercicio profesional.

3. Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de nove anos e renovaranse por terceiras partes cada tres.

4. A condición de membro do Tribunal Constitucional é incompatible: con todo mandato representativo; cos cargos políticos ou administrativos; co desempeño de funcións directivas nun partido político ou nun sindicato e co emprego ó servicio deles; co exercicio das carreiras xudicial e fiscal, e con calquera actividade profesional ou mercantil.

No demais, os membros do Tribunal Constitucional terán as incompatibilidades propias dos membros do poder xudicial.

5. Os membros do Tribunal Constitucional serán independentes e inamovibles no exercicio do seu mandato.

Artigo 160

O presidente do Tribunal Constitucional será nomeado entre os seus membros polo Rei, por proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de tres anos.

Artigo 161

1. O Tribunal Constitucional ten xurisdicción en todo o territorio español e é competente para coñecer:

a) Do recurso de inconstitucionalidade contra leis e disposicións normativas con forza de lei. A declaración de inconstitucionalidade dunha norma xurídica con categoría de lei, interpretada pola xurisprudencia, afectará a esta, se ben a sentencia ou sentencias recaídas non perderán o valor de cousa xulgada.

b) Do recurso de amparo por violación dos dereitos e liberdades referidos no artigo 53.2 desta Constitución, nos casos e formas que a lei estableza.

c) Dos conflictos de competencia entre o Estado e as comunidades autónomas ou dos destas entre si.

d) Das demais materias que lle atribúan a Constitución ou as leis orgánicas.

2. O Goberno poderá impugnar perante o Tribunal Constitucional as disposicións e resolucións adoptadas polos órganos das comunidades autónomas. A impugnación producirá a suspensión da disposición ou da resolución contra a que se recorreu, mais o Tribunal, se corresponde, deberá ratificala ou levantala nun prazo non superior a cinco meses.

Artigo 162

1. Están lexitimados:

a) Para interporen o recurso de inconstitucionalidade, o presidente do Goberno, o Defensor do Pobo, cincuenta deputados, cincuenta senadores, os órganos colexiados executivos das comunidades autónomas e, se é o caso, as asembleas destas.

b) Para interporen o recurso de amparo, toda persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo, así como o Defensor do Pobo e o Ministerio Fiscal.

2. Nos demais casos, a lei orgánica determinará as persoas e órganos lexitimados.

Artigo 163

Cando un órgano xudicial considere, nalgún proceso, que unha norma con categoría de lei, aplicable ó caso, da validez da cal dependa a sentencia, poida ser contraria á Constitución, promoverá a cuestión perante o Tribunal Constitucional nos supostos, na forma e cos efectos que estableza a lei, que en ningún caso serán suspensivos.

Artigo 164

1. As sentencias do Tribunal Constitucional publicaranse no *Boletín Oficial del Estado* cos votos particulares, se os houber. Teñen o valor de cousa xulgada a partir do día seguinte da súa publicación e non cabe recurso ningún contra elas. As que declaren a inconstitucionalidade dunha lei ou

dunha norma con forza de lei e todas as que non se limiten á estimación subxectiva dun dereito teñen plenos efectos fronte a todos.

2. De non ser que na sentencia se dispoña outra cousa, subsistirá a vixencia da lei na parte non afectada pola inconstitucionalidade.

Artigo 165

Unha lei orgánica regulará o funcionamento do Tribunal Constitucional, o estatuto dos seus membros, o procedemento perante el e as condicións para o exercicio das accións.

TÍTULO X. DA REFORMA CONSTITUCIONAL

Artigo 166

A iniciativa de reforma constitucional exercerase nos termos previstos nos números 1 e 2 do artigo 87.

Artigo 167

1. Os proxectos de reforma constitucional deberán ser aprobados por unha maioría de tres quintos de cada unha das cámaras. Se non hai acordo entre ambas as dúas, intentarase obtelo mediante a creación dunha comisión de composición paritaria de deputados e senadores, que presentará un texto que será votado polo Congreso e o Senado.

2. De non se lograr a aprobación mediante o procedemento do número anterior, e sempre que o texto obtivera o voto favorable da maioría absoluta do Senado, o Congreso por maioría de dous tercios poderá aprobar a reforma.

3. Aprobada a reforma polas Cortes Xerais, será sometida a referendo para a súa ratificación cando así o solicite, dentro dos quince días seguintes á súa aprobación, unha décima parte dos membros de calquera das cámaras.

Artigo 168

1. Cando se propoña a revisión total da Constitución ou unha parcial que afecte o título preliminar, o capítulo segundo, sección 1.ª, do título I, ou o título II, procederase á aprobación do principio por maioría de dous tercios de cada cámara, e á disolución inmediata das Cortes.

2. As cámaras elixidas deberán ratificar a decisión e proceder ó estudio do novo texto constitucional, que deberá ser aprobado por maioría de dous tercios de ambas as cámaras.

3. Aprobada a reforma polas Cortes Xerais, será sometida a referendo para a súa ratificación.

Artigo 169

Non se poderá iniciar a reforma constitucional en tempo de guerra ou de vixencia dalgún dos estados previstos no artigo 116.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA

A Constitución ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais.

A actualización xeral dese réxime foral levarase a cabo, se é o caso, no marco da Constitución e dos estatutos de autonomía.

SEGUNDA

A declaración de maioría de idade contida no artigo 12 desta Constitución non prexudica as situacións amparadas polos dereitos forais no ámbito do dereito privado.

TERCEIRA

A modificación do réxime económico e fiscal do arquipélago canario requirirá informe previo da comunidade autónoma ou, cando non, do órgano provisional autonómico.

CUARTA

Nas comunidades autónomas onde teñan a súa sede máis dunha audiencia territorial, os estatutos de autonomía respectivos poderán manter as existentes, distribuíndo as competencias entre elas, sempre de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e dentro da unidade e independencia deste.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

PRIMEIRA

Nos territorios dotados dun réxime provisional de autonomía, os seus órganos colexiados superiores, mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros, poderán substituír a iniciativa que o número 2 do artigo 143 lles atribúe ás deputacións provinciais ou ós órganos interinsulares correspondentes.

SEGUNDA

Os territorios que no pasado plebiscitaron afirmativamente proxectos de estatuto de autonomía e conten, no momento de se promulgar esta Constitución, con réximes provisionais de autonomía poderán proceder inmediatamente na forma que se prevé no número 2 do artigo 148, cando así o acorden, por maioría absoluta, os seus órganos preautonómicos

colexiados superiores, comunicándollo ó Goberno. O proxecto de estatuto será elaborado de acordo co establecido no artigo 151, número 2, por convocatoria do órgano colexiado preautonómico.

TERCEIRA

A iniciativa do proceso autonómico por parte das corporacións locais ou dos seus membros, prevista no número 2 do artigo 143, enténdese diferida, con todos os seus efectos, ata a celebración das primeiras eleccións locais unha vez vixente a Constitución.

CUARTA

1. No caso de Navarra, e para efectos da súa incorporación ó Consello Xeral Vasco ou ó réxime autonómico vasco que o substitúa, en lugar do que establece o artigo 143 da Constitución, a iniciativa correspóndelle ó órgano foral competente, que adoptará a súa decisión por maioría dos membros que o compoñen. Para a validez da citada iniciativa será preciso, ademais, que a decisión do órgano foral competente sexa ratificada por referendo expresamente convocado para o efecto, e aprobado por maioría dos votos válidos emitidos.

2. Se a iniciativa non prosperase, esta só se poderá reproducir en distinto período de mandato do órgano foral competente e, en todo caso, cando xa transcorrera o prazo mínimo que establece o artigo 143.

QUINTA

As cidades de Ceuta e Melilla poderanse constituír en comunidades autónomas se o deciden así os seus respectivos concellos, mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros e se o autorizan tamén así as Cortes Xerais, mediante unha lei orgánica, nos termos previstos no artigo 144.

SEXTA

En caso de se remitiren á Comisión de Constitución do Congreso varios proxectos de estatuto, dictaminaranse pola súa orde de entrada nela, e o prazo de dous meses a que fai referencia o artigo 151 empezará a contar desque a Comisión remate o estudio do proxecto ou proxectos dos que sucesivamente fose tendo coñecemento.

SÉTIMA

Os organismos provisionais autonómicos consideraranse disoltos nos casos seguintes:

a) Cando estean constituídos os órganos que establezan os estatutos de autonomía aprobados conforme esta Constitución.

b) No caso de que a iniciativa do proceso autonómico non chegase a prosperar por non cumprir os requisitos previstos no artigo 143.

c) Se o organismo non exerceu o dereito que lle recoñece a disposición transitoria primeira no prazo de tres anos.

OITAVA

1. As cámaras que aprobaron esta Constitución asumirán, trala súa entrada en vigor, as funcións e competencias que se sinalen nela tanto para o Congreso coma para o Senado, sen que en caso ningún o seu mandato se estenda máis aló do 15 de xuño de 1981.

2. Para os efectos do establecido no artigo 99, a promulgación da Constitución considerarase como suposto constitucional no que procede a súa aplicación. Para isto, e a partir da devandita promulgación, abrirase un período de trinta días para a aplicación do disposto no citado artigo.

Durante este período, o actual presidente do Goberno, que asumirá as funcións e competencias que para ese cargo establece a Constitución, poderase decidir pola utilización da facultade que lle recoñece o artigo 115 ou dar paso, por medio da dimisión, á aplicación do establecido no artigo 99, quedando neste último caso na situación prevista no número 2 do artigo 101.

3. No caso de disolución, conforme o previsto no artigo 115, e de non desenvolverse legalmente o previsto nos artigos 68 e 69, serán aplicables nas eleccións as normas vixentes con anterioridade, pero coa excepción de que, no que se refire a inelixibilidades e incompatibilidades, se aplicará directamente o previsto no inciso segundo da letra b) do número 1 do artigo 70 da Constitución, e igualmente o disposto nela con respecto á idade para o voto e o establecido no artigo 69.3.

NOVENA

Ós tres anos de elixidos por primeira vez os membros do Tribunal Constitucional procederase por sorteo á designación dun grupo de catro membros da mesma procedencia electiva entre os que teñan que cesar e renovarse. Só no que a isto se refire, consideraranse agrupados como membros da mesma procedencia os dous designados por proposta do Goberno e os dous que proceden da formulada polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Procederase de igual xeito unha vez transcorridos outros tres anos entre os dous grupos non afectados polo sorteo anterior. A partir de entón seguirase o establecido no número 3 do artigo 159.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

1. Queda derrogada a Lei 1/1977, do 4 de xaneiro, para a reforma política, así como, en tanto en canto non estiveran xa derrogadas pola lei mencionada anteriormente, a de principios do Movemento Nacional do 17

de maio de 1958, o Foro dos Españois do 17 de xullo de 1945, o do Traballo do 9 de marzo de 1938, a Lei constitutiva das Cortes do 17 de xullo de 1942, a Lei de sucesión na Xefatura do Estado do 26 de xullo de 1947, todas elas modificadas pola Lei orgánica do Estado do 10 de xaneiro de 1967 e nos mesmos termos esta última e maila do referendo nacional do 22 de outubro de 1945.

2. En tanto en canto puidese conservar algunha vixencia considérase definitivamente derrogada a Lei do 25 de outubro de 1839 no que puidese afectar as provincias de Álava, Guipúscoa e Biscaia.

Nos mesmos termos considérase definitivamente derrogada a Lei do 21 de xullo de 1876.

3. Así mesmo quedan derrogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta Constitución.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta Constitución entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto oficial no *Boletín Oficial del Estado*. Publicarase tamén nas demais linguas de España.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

2. LEI ORGÁNICA 1/1981, DO 6 DE ABRIL, DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI ORGÁNICA 1/1981, DO 6 DE ABRIL, DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA[1]

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ó seu autogoberno, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

2. A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.

3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do Pobo.

Artigo 2

1. O territorio de Galicia é o abranguido polas actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

2. A organización territorial terá en conta a distribucion da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamiento.

3. Unha lei do Parlamento regulará a organización territorial propia de Galicia de acordo co presente Estatuto.

Artigo 3

1. Para efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

2. Como galegos, gozan de dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia, e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan na forma que determine a lei do Estado.

Artigo 4

[1] DO. Galicia 1 octubre 1981, núm. 24.

1. Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.

2. Correspóndelles ós poderes públicos de Galicia promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social.

3. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios rectores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 6

1. A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a travesa desde o ángulo superior esquerdo ó inferior dereito.

2. Galicia ten himno e escudo de seu.

Artigo 7

1. As comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha lei do Parlamento regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento ás ditas comunidades que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.

2. A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado Español que, para facilita-lo disposto anteriormente, celebre os oportunos tratados ou convenios cos Estados onde existan tales comunidades.

Artigo 8

Unha lei de Galicia, que requirirá para súa aprobación o voto favorable dos dous tercios dos membros do seu Parlamento, fixará a sede das institucións autonómicas.

TÍTULO PRIMEIRO: DO PODER GALEGO

Artigo 9

1. Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.

2. As leis de Galicia ordenarán o funcionamento destas institucións de acordo coa Constitución e co presente Estatuto.

CAPÍTULO I: DO PARLAMENTO

Artigo 10

1. Son funcións do Parlamento de Galicia as seguintes:

a) Exerce-la potestade lexislativa da Comunidade Autónoma. O Parlamento só poderá delegar esta potestade lexislativa na Xunta, nos termos que establecen os artigos 82, 83 e 84 da Constitución para o suposto da delegación lexislativa das Cortes Xerais ó Goberno, todo iso no marco do presente Estatuto.

b) Controla-la acción executiva da Xunta, aproba-los orzamentos e exerce-las outras competencias que lle sexan atribuídas pola Constitución, polo presente Estatuto, polas leis do Estado e polas do Parlamento de Galicia.

c) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais os Senadores representantes da Comunidade Autónoma galega, de acordo co previsto no artigo 69, apartado 5.º da Constitución. Tal designación será feita de forma proporcional á representación das distintas forzas políticas existentes no Parlamento de Galicia.

d) Elixir de entre os seus membros o Presidente da Xunta de Galicia.

e) Esixir, se é o caso, responsabilidade política á Xunta e ó seu Presidente.

f) Solicitar do Goberno a adopción de Proxectos de Lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados Proposicións de Lei.

g) Interpor recursos de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

2. O Parlamento de Galicia é inviolable.

Artigo 11

1. O Parlamento estará constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

2. O Parlamento será elixido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio galego.

3. Os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio de seu cargo, Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delictuosos cometidos no territorio de Galicia a non ser en situación de flagrante delicto, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

4. A circunscrición electoral, será, en todo caso, a provincia.

5. Unha lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o número deles entre sesenta e oitenta, así como as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que afecten ós postos ou cargos que se desempeñen dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

6. O Parlamento, mediante lei, poderá establecer un sistema para que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisións da Comunidade Autónoma.

7. Os Deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

Artigo 12

1. O Parlamento elixirá de entre os seus membros un Presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente. O Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría absoluta, disporá a súa composición, o seu réxime e o seu funcionamento.

2. O Parlamento de Galicia fixará o seu propio orzamento.

3. O Parlamento funcionará en Pleno e en Comisións e reunirase en Sesións ordinarias e extraordinarias.

4. O Regulamento precisará o número mínimo de Deputados para a formación de Grupos Parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces daqueles. Os Grupos Parlamentarios participarán en tódalas Comisións en proporción ó número dos seus membros.

Artigo 13

1. A iniciativa lexislativa correspóndelles ós Deputados, ó Parlamento e á Xunta. A iniciativa popular para a presentación de Proposicións de Lei que teñan de ser tramitadas polo Parlamento de Galicia, será regulada por este mediante lei, de acordo co que estableza a lei orgánica prevista no artigo 87.3 da Constitución.

2. As leis de Galicia serán promulgadas en nome de El-Rei polo Presidente da Xunta, e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*. Para efectos da súa entrada en vigor, rexerá a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O control da constitucionalidade das Leis do Parlamento de Galicia coresponderalle ó Tribunal Constitucional.

Artigo 14

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a creación e organización, mediante lei do seu Parlamento e con respecto á institución do Defensor do Pobo establecida no artigo 54 da Constitución, dun órgano similar que en coordinación con aquela exerza as funcións a que se refire o mencionado artigo e calquera outra que o Parlamento de Galicia poida encomendarlle.

CAPÍTULO II: DA XUNTA E DO SEU PRESIDENTE

Artigo 15

1. O Presidente dirixe e coordina a acción da Xunta e ostenta a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

2. O Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e será nomeado por El-Rei.

3. O Presidente do Parlamento, logo de consultas coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa, proporá un candidato a Presidente da Xunta.

O Candidato presentará o seu programa ó Parlamento. Para ser elixido, o candidato deberá obter na primeira votación maioría absoluta; en caso de non a obter, procederase, transcorridas vintecatro horas da anterior, a unha nova votación e, obtendo maioría simple, considerarase outorgada a confianza. De non conseguirse esta maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

4. O Presidente da Xunta será politicamente responsable perante o Parlamento. Unha Lei de Galicia determinará o alcance de tal responsabilidade, así como o Estatuto persoal e atribucións do Presidente.

Artigo 16

1. A Xunta é o órgano colexiado de Goberno de Galicia.

2. A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, se é o caso, e mailos Conselleiros.

3. Os Vicepresidentes e Conselleiros serán nomeados e cesados polo Presidente.

4. Unha Lei de Galicia regulará a organización da Xunta e as atribucións e o Estatuto persoal dos seus compoñentes.

Artigo 17

1. A Xunta de Galicia responde politicamente perante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus compoñentes, pola súa xestión.

2. A Xunta cesa trala celebración de eleccións ó Parlamento Galego, nos casos de perda de confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do seu Presidente.

3. A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.

Artigo 18

O Presidente e mais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delictuosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos nin retidos a non ser en situación de flagrante delicto, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 19

A Xunta de Galicia poderá interpor recursos de inconstitucionalidade e presentarse ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

CAPÍTULO III: DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

Artigo 20

Correspóndelle á Comunidade Autónoma:

1. Exercer tódalas facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ó Goberno do Estado.

2. Fixa-la delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais en Galicia, tendo en conta, entre outros criterios, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación.

Artigo 21

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que se integrará a actual Audiencia Territorial, é o órgano xurisdiccional en que culminará a organización xudicial no seu ámbito territorial, e perante o cal se esgotarán as sucesivas instancias procesuais, nos termos do artigo 152 da Constitución e de acordo co presente Estatuto.

Artigo 22

1. A competencia dos órganos xurisdiccionais en Galicia esténdese:

a) No plano civil, a tódalas instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de Dereito Civil Galego.

b) No plano penal e social, a tódalas instancias e graos con excepción dos recursos de casación e de revisión.

c) No plano contencioso-administrativo, a tódalas instancias e graos, cando se trate de actos dictados pola Xunta e pola Administración de Galicia, naquelas materias que lle corresponda lexislar en exclusiva á Comunidade Autónoma e ás que, segundo a Lei da citada xurisdicción, lle correspondan en relación cos actos dictados pola Administración do Estado en Galicia.

d) As cuestións de competencia entre órganos xudiciais en Galicia.

e) Os recursos sobre cualificación de documentos referentes ó dereito privativo galego que deban ter acceso ós Rexistros da Propiedade.

Nas restantes materias poderase interpor, cando proceda, perante o Tribunal Supremo, o recurso de casación ou o que corresponda segundo as leis do Estado e, se é o caso, o de revisión. O Tribunal Supremo resolverá tamén os conflictos de competencia e xurisdicción perante os Tribunais de Galicia e os do resto de España.

Artigo 23

1. O Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será nomeado por El-Rei por proposta do Consello Xeral do Poder Judicial

2. O nomeamento dos Maxistrados, Xuíces e Secretarios do Tribunal Superior de Xustiza, será efectuado na forma prevista nas leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 24

1. Por instancia da Comunidade Autónoma, o órgano competente convocará os concursos e oposicións para cubri-las prazas vacantes en Galicia de Maxistrados, Xuíces, Secretarios Xudiciais e restante persoal ó servicio da Administración de Xustiza, de acordo co que dispoña a Lei Orgánica do Poder Xudicial.

2. Correspóndelle integramente ó Estado, de conformidade coas leis xerais, a organización e o funcionamento do Ministerio Fiscal.

Artigo 25

Na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de Maxistrados, Xuíces, Secretarios Xudiciais, Fiscais e tódolos funcionarios ó servicio da Administración de Xustiza, será mérito preferente, a especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do País.

Artigo 26

1. Os Notarios e os Rexistradores da Propiedade e Mercantís serán nomeados pola Comunidade Autónoma, en conformidade coas leis do Estado. Para a provisión de notarías, os candidatos serán admitidos en igualdade de dereitos, tanto se exercen no territorio de Galicia coma no resto de España. Nestes concursos e oposicións será mérito preferente a especialización en dereito galego e o coñecemento do idioma do País. Non se poderá establecer, en ningún dos casos, a excepción de natureza ou de veciñanza.

2. A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes ós Rexistros da Propiedade e Mercantís para as acomodar ó que se dispoña en aplicación do artigo 20, parágrafo 2 deste Estatuto. Tamén participará na fixación das demarcacións notariais e do número de Notarios de acordo co previsto nas leis do Estado.

TÍTULO SEGUNDO: DAS COMPETENCIAS DE GALICIA

CAPÍTULO I: DAS COMPETENCIAS EN XERAL

Artigo 27

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

1. Organización das súas institucións de autogoberno.

2. Organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia, alteracións de termos municipais comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións que sobre o Réxime Local lle correspondan á Comunidade Autónoma ó amparo do artigo 149.1.18 da Constitución e o seu desenvolvemento.

3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

4. Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil galego.

5. Normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos.

6. Estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega.

7. Obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado, e a súa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia.

8. Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables.

9. Os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de intere xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos.

10. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

11. Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.

12. Aproveitamentos hidráulicos, canais e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 da Constitución.

13. Instalacións de producción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, cando este transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra provincia ou Comunidade Autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 e 25 da Constitución.

14. As augas minerais e termais. As augas subterráneas, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 da Constitución e no número 7 do presente artigo.

15. A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre.

16. As feiras e mercados interiores.

17. A artesanía.

18. Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servicios de Belas Artes de interese para a Comunidade.

19. O fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.

20. A promoción e o ensino da lingua galega.

21. A promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade.

22. A promoción deportiva e a axeitada utilización do lecer.

23. Asistencia social.

24. A promoción do desenvolvemento comunitario.

25. A creación dunha Policía Autónoma, de acordo co que dispoña a lei orgánica prevista no artigo 149.1.29 da Constitución.

26. O réxime das fundacións de interese galego.

27. Casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo-Benéficas.

28. Os centros de contratación de mercadorías e valores, en conformidade coas normas xerais de dereito mercantil.

29. Confrarías de Pescadores, Cámaras da Propiedade, Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución.

30. Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23.

31. Publicidade, sen prexuízo das normas dictadas polo Estado para sectores e medios específicos.

32. As restantes materias que con este carácter e mediante lei orgánica sexan transferidas polo Estado.

Artigo 28

É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza, das materias seguintes:

1. Réxime xurídico da Administración Pública de Galicia, e réxime estatutario dos seus funcionarios.

2. Expropiación forzosa, contratos e concesións administrativas no ámbito das competencias propias da Comunidade Autónoma.

3. Réxime mineiro e enerxético.

4. Reserva ó sector público de recursos ou servicios esenciais, especialmente no caso de monopolio e intervención de empresas cando veña esixido polo interese xeral.

5. Ordenación do sector pesqueiro.

6. Portos pesqueiros.

7. Entidades cooperativas.

8. Establecementos farmacéuticos.

Artigo 29

Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1. Laboral, asumindo as facultades, competencias e servicios que neste ámbito, e no nivel de execución, ostenta actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

2. Propiedade industrial e intelectual.

3. Salvamento marítimo.

4. Vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ó litoral galego.

5. As restantes materias que se atribúen no presente Estatuto expresamente como de competencia de execución, e as que con este carácter e mediante Lei Orgánica sexan transferidas polo Estado.

Artigo 30

1. De acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131, 149.1, 11 e 13, da Constitución, a competencia exclusiva das seguintes materias:

1. Fomento e planificación da actividade económica en Galicia.

2. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Queda reservada á competencia exclusiva do Estado a autorización para transferencia de tecnoloxía estranxeira.

3. Agricultura e gandería.

4. Comercio interior, defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia. Denominacións de orixe en colaboración co Estado.

5. Institucións de crédito corporativo, público e territorial e Caixas de Aforros.

6. Sector público económico de Galicia en canto non se encontre contemplado por outras normas deste Estatuto.

7. O desenvolvemento e execución en Galicia de:

a) Os plans establecidos polo Estado para a reestructuración de sectores económicos.

b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades productivas e implantación de novas empresas.

c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise.

2. A Comunidade Autónoma galega participará, tamén, na xestión do sector público económico estatal, nos casos e actividades que procedan.

Artigo 31

É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

Artigo 32

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega.

Artigo 33

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

2. En materia de Seguridade Social corresponderalle á Cómunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico da mesma. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da Caixa Única.

3. Corresponderalle tamén á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado sobre productos facmacéuticos.

4. A Comunidade Autónoma poderá organizar e administrar para tales fins e dentro de seu territorio tódolos servicios relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de Sanidade e Seguridade Social. A alta inspección conducente ó cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo quédalle reservada ó Estado.

Artigo 34

1. No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.

2. Correspóndelle igualmente, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de prensa e, en xeral, de tódolos medios de comunicación social.

3. Nos termos establecidos nos apartados anteriores deste artigo, a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e mante-la súa propia televisión, radio e prensa, e, en xeral, tódolos medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 35

1. A Comunidade Autónoma poderá celebrar convenios con outras Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servicios propios da exclusiva competencia das mesmas. A celebración dos citados convenios, antes da súa entrada en vigor, deberá ser comunicada ás Cortes Xerais. Se as Cortes Xerais, ou algunha das Cámaras, manifestasen reparos no prazo de trinta días, a partir da recepción da comunicación, o convenio deberá segui-lo trámite previsto no parágrafo seguinte. Se transcorre ese prazo sen que se manifesten reparos ó convenio, este entrará en vigor.

2. A Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.

3. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno que celebre e presente, se é o caso, ás Cortes Xerais para a súa autorización, os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos.

Artigo 36

1. A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

2. Correspóndelle ó Parlamento de Galicia a competencia para formula-las anteriores solicitudes, e para determina-lo organismo da Comunidade Autónoma galega, a favor do cal se deberá atribuír en cada caso a competencia transferida ou delegada.

CAPÍTULO II: DO RÉXIME XURÍDICO

Artigo 37

1. As competencias da Comunidde Autónoma de Galicia enténdense referidas ó seu territorio.

2. Nas materias da súa competencia exclusiva correspóndelle ó Parlamento a potestade lexislativa nos termos previstos no Estatuto e nas leis do Estado ás que o mesmo se refire, correspondéndolle á Xunta a potestade regulamentaria e a función executiva.

3. As competencias de execución na Comunidade Autónoma levan implícitas a correspondente potestade regulamentaria, a administración e a inspección. Nos supostos previstos nos artigos 28 e 29 deste Estatuto, ou noutros preceptos do mesmo, con análago carácter, o exercicio desas potestades pola Comunidade Autónoma realizarase en conformidade coas normas regulamentarias de carácter xeral que, como desenvolvemento da súa lexislación, dicte o Estado.

Artigo 38

1. En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o dereito propio de Galicia é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos no presente Estatuto.

2. A falta de dereito propio de Galicia, será de aplicación supletoria o dereito do Estado.

3. Na determinación das fontes do dereito civil o Estado respectará as normas do Dereito Civil galego.

TÍTULO TERCEIRO: DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA

Artigo 39

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a creación e estructuración da súa propia Administración pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado.

Artigo 40

Nos termos previstos no artigo 27.1.2 deste Estatuto, por Lei de Galicia poderase:

1. Recoñece-la comarca como entidade local con presonalidade xurídica e demarcación de seu. A comarca non suporá, necesariamente, a supresión dos municipios que a integren.

2. Crear, tamén, agrupacións baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional con fins específicos.

3. Recoñecer personalidade xurídica á parroquia rural.

Artigo 41

A Comunidade Autónoma exercerá as súas funcións administrativas por órganos e entes dependentes da Xunta de Galicia. Tamén poderá delegar nas provincias, municipios e demais entidades locais recoñecidas neste Estatuto.

TÍTULO CUARTO: DA ECONOMÍA E FACENDA

Artigo 42

A Comunidade Autónoma galega contará para o desempeño das súas competencias con facenda e patrimonio propios.

Artigo 43

1. O patrimonio da Comunidade Autónoma estará integrado por:

   1. O patrimonio da Comunidade no momento de se aproba-lo Estatuto.

   2. Os bens afectos a servicios traspasados á Comunidade Autónoma.

   3. Os bens adquiridos pola Comunidade Autónoma por calquera título xurídico válido.

2. O patrimonio da Comunidade Autónoma, a súa administración, a súa defensa e conservación serán regulados por unha lei de Galicia.

Artigo 44

A facenda da Comunidade Autónoma constitúese con:

1. Os rendementos dos impostos a establecer pola Comunidade Autónoma.

2. Os rendementos dos impostos cedidos polo Estado a que se refire a disposición adicional primeira e de todos aqueles de cesión aprobada polas Cortes Xerais.

3. Unha porcentaxe de participación no que se recade no total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.

4. O rendemento das súas propias taxas por aproveitamentos especiais e pola prestación de servicios directos da Comunidade Autónoma, de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servicios estatais.

5. As contribucións especiais que estableza a Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.

6. Os recargos sobre impostos estatais.

7. Se é o caso, os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial.

8. Outras asignacións con cargo ós Orzamentos Xerais do Estado.

9. A emisión da débeda e o recurso ó crédito.

10. Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.

11. Ingresos de dereito privado; legados e doazóns; subvencións.

12. Multas e sancións no ámbito das súas competencias.

Artigo 45

A Comunidade Autónoma galega e os entes locais afectados participarán nos ingresos correspondentes ós tributos que o Estado poida establecer para recupera-los custos sociais producidos por actividades contaminantes ou xeradoras de riscos de especial gravidade para o entorno físico e humano de Galicia, na forma que estableza a lei creadora do gravame.

Artigo 46

1. Cando se complete o traspaso de servicios, ou ó cumprirse o sexto ano de vixencia deste Estatuto, en caso de o solicita-la Comunidade Autónoma, a participación anual nos ingresos do Estado citada no número 3 do artigo

44 e definida na disposición transitoria quinta negociarase sobre as bases seguintes:

a) A media dos coeficientes de poboación e esforzo fiscal de Galicia, este último medido polo que se recade no seu territorio do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas; isto é, o cociente entre o que se recade efectivamente e o potencialmente atinguible, tendo en conta o nivel e distribución persoal da renda.

b) A cantidade equivalente á aportación proporcional que lle corresponde a Galicia polos servicios e cargas xerais que o Estado continúe asumindo como propios.

c) A relación inversa entre a renda real media dos residentes na Comunidade Autónoma e a media estatal.

d) Relación entre os índices de déficit en servicios sociais e infraestructuras que afecten ó territorio da Comunidade e ó conxunto do Estado.

e) Relación entre os custos por habitante dos servi- cios sociais e administrativos transferidos para o territorio da Comunidade e para o conxunto do Estado.

f) Outros criterios que se xulguen procedentes.

2. A fixación da nova porcentaxe de participación será obxecto de negociación inicial e será revisable por solicitude do Goberno ou da Comunidade Autónoma cada cinco anos.

Artigo 47

1. A Comunidade Autónoma, mediante acordo do Parlamento, poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimento.

2. O volume e característica das emisións estableceranse de acordo coa ordenación xeral da política crediticia e en coordenación co Estado.

3. Os títulos emitidos terán a consideración de fondos públicos para tódolos efectos.

Artigo 48

No suposto de que o Estado emita Débeda parcialmente destinada á creación ou mellora de servicios situados en Galicia e transferidos á Comunidade Autónoma galega, esta estará facultada para elaborar e presenta-lo programa de obras e servicios beneficiarios da emisión.

Artigo 49

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordos co artigo 27.2 deste Estatuto.

2. É competencia dos entes locais de Galicia a xestión, cobranza, liquidación e inspección dos tributos propios que lles atribúan as leis, sen prexuízo da delegación que poidan outorgar para estas facultades a favor da Comunidade Autónoma galega. Mediante lei do Estado establecerase o sistema de colaboración dos entes locais, da Comunidade Autónoma galega e do Estado para a xestión, liquidación, cobranza e inspección daqueles tributos que se determinen.

Os ingresos dos entes locais de Galicia, consistentes en participación en ingresos estatais e en subvencións incondicionadas, percibiranse a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que se establezan para as referidas participacións.

Artigo 50

A Comunidade Autónoma galega gozará do tratamento fiscal que a lei estableza para o Estado.

Artigo 51

Regularanse necesariamente mediante lei do Parlamento galego as seguintes materias:

a) O establecemento, a modificación e supresión dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais, e das exencións ou bonificacións que lles afecten.

b) O establecemento e a modificación e supresión dos recargos sobre os impostos do Estado.

c) A emisión de débeda pública e demais operacións de crédito concertadas pola Comunidade Autónoma galega.

Artigo 52

Correspóndelle á Xunta de Galicia:

a) Aproba-los regulamentos xerais dos seus propios tributos.

b) Elabora-las normas regulamentarias precisas para xestiona-los impostos estatais cedidos de acordo cos termos desta cesión.

Artigo 53

1. Correspóndelle á Xunta ou Goberno a elaboración e aplicación do orzamento da Comunidade Autónoma galega, e ó Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control. O orzamento será único e incluirá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 136 e no apar- tado d) do artigo 153 da Constitución, créase o Consello de Contas de Galicia. Unha lei de Galicia regulará a súa organización e funcionamento e establecerá as garantías, normas e procedementos para asegura-la rendición das contas da Comunidade Autónoma que deberá someterse á aprobación do Parlamento.

Artigo 54

1. A xestión, cobranza, liquidación e inspección dos seus propios tributos, corresponderalle á Comunidade Autónoma galega, que disporá de plenas atribucións para execución e organización desas tarefas, sen prexuízo da colaboración que poida ser establecida, en especial cando, coa Administración do Estado, así veña esixida pola natureza do tributo.

2. No caso dos impostos dos que se cedesen os rendementos, a Xunta asumirá por delegación do Estado a xestión, recadación, liquidación e inspección dos mesmos, sen prexuízo da colaboración que poida establecerse entre ámbalas administracións, todo iso de acordo co especificado na lei que fixe o alcance e condicións da cesión.

3. A xestión, recadación, liquidación e inspección dos demais impostos do Estado recadados en Galicia corresponderalle á Administración Tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que a Comunidade Autónoma poida recibir desta e da colaboración que poida establecer, especialmente cando así o esixa a natureza do tributo.

Artigo 55

1. A Comunidade Autónoma, de acordo co que establezan as leis do Estado, designará os seus propios representantes nos organismos económicos, as institucións financeiras e as empresas públicas do Estado que teñan competencia dentro do territorio galego e que pola súa natureza non sexan obxecto de traspaso.

2. A Comunidade Autónoma poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia, segundo o establecido no presente Estatuto.

3. A Comunidade Autónoma, como poder público. poderá facer uso das facultades previstas no apartado l do artigo 130 da Constitución, e poderá fomentar, mediante unha lexislación axeitada, as sociedades cooperativas nos termos resultantes do número 17 do artigo 28 do presente Estatuto. Igualmente, de acordo coa lexislación do Estado na materia, poderá facer uso das demais facultades previstas no apartado 2 do artigo 129 da Constitución.

4. A Comunidade Autónoma galega queda facultada para constituír institucións que fomenten a plena ocupación e o desenvolvemento económico e social no marco das súas competencias.

TÍTULO QUINTO: DA REFORMA

Artigo 56

1. A reforma do Estatuto farase conforme o seguinte procedemento:

a) A iniciativa da reforma corresponderalle á Xunta, ó Parlamento galego, por proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.

b) A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento Galego por maioría de dous tercios, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.

2. Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento galego ou polas Cortes Xerais, ou non é confirmada mediante referendo polo corpo electoral, non poderá ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento mentres non transcorra un ano.

3. A aprobación da reforma polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica, incluirá a autorización do Estado para que a Comunidade Autónoma galega convoque o referendo a que se refire o parágrafo b) do apartado l deste artigo.

Artigo 57

A pesar do disposto no artigo anterior, cando a reforma teña por obxecto a simple alteración da organización dos poderes da Comunidade Autónoma e non afecte ás relacións da Comunidade autónoma co Estado, poderase proceder da seguinte maneira:

a) Elaboración do proxecto de reforma polo Parlamento de Galicia.

b) Consulta ás Cortes Xerais.

c) Se no prazo de trinta días, posteriores á recepción da consulta prevista no apartado precedente, as Cortes Xerais non se declarasen afectadas pola reforma, convocarase, debidamente autorizado, un referendo sobre o texto proposto.

d) Requirirase finalmente a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.

e) Se no prazo sinalado na letra c) as Cortes se declarasen afectadas pola reforma esta terá que segui-lo procedemento previsto no artigo anterior, dándose por cumpridos os trámites do apartado a) do número 1 do mencionado artigo.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA[2]

1. Cédese á Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento dos seguintes tributos:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.

b) Imposto sobre o patrimonio.

c) Imposto sobre sucesións e doazóns.

d) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

e) Os tributos sobre o xogo.

f) O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial, na porcentaxe do 50 por cento.

g) O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

h) O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

[2] Ap. 1 modificado por art. 1 da Lei 16/2010, de 17de xullo

i) O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

j) O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

k) O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

l) O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial, na porcentaxe do 58 por cento.

m) O imposto especial sobre a electricidade.

n) O imposto especial sobre determinados medios de transporte.

ñ) O imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos.

A eventual supresión ou modificación polo Estado dalgún dos tributos antes sinalados implicará a extinción ou modificación da cesión.»

2. O contido desta disposición poderase modificar mediante acordo do Goberno coa Comunidade Autónoma, que será tramitado polo Goberno como proxecto de lei. Para estes efectos, a modificación da presente disposición non se considerará modificación do Estatuto.

3. O alcance e condicións da cesión serán establecidos pola Comisión Mixta a que se refire o apartado 1 da disposición transitoria cuarta que, en todo caso, terá que os referir a rendementos en Galicia. O Goberno tramitará o acordo da Comisión como proxecto de lei ou, de concorreren razóns de urxencia, como decreto-lei, no prazo de seis meses despois da constitución da Primeira Xunta de Galicia.

SEGUNDA

O exercicio das competencias financeiras recoñecidas por este Estatuto á Comunidade Autónoma de Galicia axeitarase ó que estableza a lei orgánica a que se refire o apartado 3 do artigo 157 da Constitución.

TERCEIRA

1. A Xunta coordenará a actividade das Deputacións Provinciais de Galicia en canto afecte directamente ó interese xeral da Comunidade Autónoma, e para estes efectos uniranse os orzamentos que aqueles elaboren e aproben ó da Xunta de Galicia.

2. A Xunta poderá encomenda-la execución dos seus acordos ás Deputacións Provinciais. Estas exercerán as funcións que a Xunta lles transfira ou delegue.

CUARTA

A celebración de eleccións aterase ás leis que, se é o caso, aproben as Cortes Xerais co fin exclusivo de coordena-lo calendario das diversas consultas electorais.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

PRIMEIRA

O primeiro Parlamento galego será elixido de acordo coas normas seguintes:

1. Logo de acordo co Goberno, a Xunta Pre-autonómica de Galicia convocará as eleccións nun termo máximo de cento vinte días desde a promulgación do presente Estatuto. As eleccións deberán celebrarse nun termo máximo de sesenta días contados desde a data da convocatoria.

2. A circunscrición electoral será a provincia, elixíndose un total de 71 membros, dos que corresponderán á provincia da Coruña 22, á de Lugo 15, á de Ourense 15 e á de Pontevedra 19.

3. Os membros do Parlamento galego serán elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto, dos maiores de dezaoito anos, segundo un sistema de representación proporcional.

4. As Xuntas Electorais Provinciais terán, dentro dos límites da súa respectiva xurisdicción, a totalidade das competencias que a normativa electoral vixente atribúe á Xunta Central.

Para os recursos que teñan por obxecto a impugnación da validez da elección e proclamación dos membros electos será competente a Sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, mentres non queda integrada no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que tamén entenderá dos recursos ou impugnacións que procedan contra os acordos das Xuntas Electorais provinciais.

Contra as resolucións da citada Sala da Audiencia Territorial non caberá ningún recurso.

5. En todo o non previsto na presente disposición serán de aplicación as normas vixentes para as eleccións lexislativas ó Congreso dos Deputados das Cortes Xerais.

SEGUNDA

Na súa primeira reunión o Parlamento galego:

a) Constituirase, presidido por unha Mesa de idade, integrada por un Presidente e dous Secretarios, e procederá a elixi-la Mesa provisional, que estará composta por un Presidente, dous Vicepresidentes, un Secretario e un Vicesecretario.

b) Elixirá as súas autoridades conforme a este Estatuto.

Elixidos os órganos da Comunidade Autónoma Galega, disolveranse as Institucións Pre-autonómicas.

TERCEIRA

1. Mentres as Cortes Xerais non elaboren as leis ás que se refire este Estatuto e o Parlamento de Galicia lexisle sobre as materias da súa competencia, continuarán en vigor as actuais leis e disposicións do Estado que se refiren a estas materias, sen prexuízo de que o seu desenvolvemento lexislativo, se é o caso, e a súa execución se leve a cabo pola Comunidade Autónoma galega nos supostos así previstos neste Estatuto.

CUARTA

1. Coa finalidade de transferir a Galicia as funcións e atribucións que lle corresponden de acordo co presente Estatuto, crearase, no termo máximo de un mes a partir da constitución da Xunta de Galicia, unha Comisión Mixta paritaria integrada por representantes do Estado e da Comunidade Autónoma galega. Esta Comisión Mixta establecerá as súas normas de funcionamento. Os membros da Comisión Mixta representantes de Galicia darán conta periodicamente da súa xestión perante o Parlamento de Galicia.

A Comisión Mixta establecerá os calendarios e prazos para o traspaso de cada servicio. De calquera maneira, a referida Comisión deberá determinar nun prazo de dous anos desde a data da súa constitución, o termo en que deberá de completarse o traspaso de tódolos servicios que lle corresponden á Comunidade Autónoma galega, de acordo con este Estatuto.

2. Os acordos da Comisión Mixta adoptarán a forma de propostas ó Goberno, que as aprobará mediante decreto, figurando aqueles como anexos ó mesmo e serán publicados simultaneamente no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia, adquirindo vixencia a partir desta publicación.

3. Será título abondo para a inscrición no Rexistro da Propiedade do traspaso de bens inmobles do Estado á Comunidade Autónoma a certificación pola Comisión Mixta dos acordos gubernamentais debidamente promulgados. Esta certificación deberá conte-los requisitos esixidos pola Lei Hipotecaria.

O cambio de titularidade nos contratos de arrendamento de locais para oficinas públicas dos servicios que se transfiran non lle dará dereito ó arrendador a extin- guir ou renova-lo contrato.

4. Os funcionarios adscritos a servicios de titularidade estatal ou a outras institucións públicas que resulten afectadas polos traspasos á Comunidade Autónoma pasarán a depender desta, séndolles respectados tódolos dereitos de calquera orde ou natureza que lles correspondan no momento do traspaso, mesmo o de participaren nos recursos de traslado que convoque o Estado en igualdade de condicións cos restantes membros do seu Corpo, podendo exercer desta maneira o seu dereito permanente de opción.

Mentres a Comunidade Autónoma de Galicia non aprobe o réxime estatutario dos seus funcionarios, serán de aplicación as disposicións do Estado vixente sobre a materia.

5. A comisión Mixta, creada polo Real Decreto 474/78, do 16 de marzo, considerarase disolta cando se constitúa a Comisión Mixta a que se refire o apartado 1 da presente disposición transitoria.

QUINTA

1. En canto non se complete o traspaso dos servicios correspondentes ás competencias fixadas á Comunidade Autónoma neste Estatuto, o Estado garantirá o financiamento dos servicios transferidos á Comunidade cunha cantidade igual ó custo efectivo do servicio en Galicia no momento da transferencia.

2. Para garanti-lo financiamento dos servicios antes referidos, a Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta adoptará un método encamiñado a fixa-lo tanto por cento de participación previsto no apartado 3 do artigo 45. O método que se siga terá en conta tanto os custos directos coma os custos indirectos dos servicios así como os gastos de investimento que correspondan.

3. Ó fixa-las transferencias para os investimentos terase en conta, na forma progresiva que se acorde, a conveniencia de equipara-los niveis de servicios en todo o territorio do Estado, estableceéndose, se é o caso, as transferencias necesarias para o funcionamento dos servicios.

O financiamento a que se refire este apartado terá en conta as aportacións que se realicen a Galicia partindo do Fondo de Compensación a que se refire o artigo 158 da Constitución, así como a acción investidora do Estado en Galicia que non sexa aplicación dese Fondo.

4. A Comisión Mixta a que e refire o apartado 2 fixará o citado tanto por cento, mentres dure o período transitorio, cunha antelación mínima de un mes á presentación dos Orzamentos Xerais do Estado nas Cortes.

5. A partir do método fixado no apartado 2, establecerase un tanto por cento no que se considerará o custo efectivo global dos servicios transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma, minorando polo total da cobranza obtida por esta polos tributos cedidos, en relación coa suma dos ingresos obtidos polo Estado nos capítulos I e II do último Orzamento anterior á transferencia dos servicios.

SEXTA

No relativo á televisión, a aplicación do aprtado 3 do artigo 34 do presente Estatuto supón que o Estado outorgará en réxime de concesión á Comunidade Autónoma de Galicia a utilización dunha terceira canle, de titularidade estatal, que debe crearse especificamente para emitir no territorio de Galicia, nos termos que prevexa a citada concesión.

Mentres non se poña en funcionamento efectivo esta nova canle de Televisión, Radio-Televisión Española (RTVE) articulará a través da súa organización en Galicia un réxime transitorio de programación específica para o territorio de Galicia, que Televisión Española emitirá pola segunda cadea (UHF).

O custo da programación específica de Televisión a que se refire o parágrafo anterior entenderase como base para a determinación da subvención que poida concederse á Comunidade Autónoma de Galicia durante os primeiros anos de funcionamento da nova canle ó que se refire esta disposición.

SÉTIMA

As transferencias que se realicen en materia de ensino para traspasar á competencia da Comunidade Autónoma os servicios e centros do Estado en Galicia, realizaranse de acordo cos calendarios e programas que defina a, Comisión Mixta.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

3. LEI 1/1983, DO 22 DE FEBREIRO, DE NORMAS REGULADORAS DA XUNTA E DA SÚA PRESIDENCIA: TÍTULOS I A V.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI 1/1983, DO 22 DE FEBREIRO, REGULADORA DA XUNTA E DA SÚA PRESIDENCIA: TÍTULOS I A V[1]

TÍTULO I. DA XUNTA

Capítulo I. Da naturaza e composición da Xunta

Artigo 1[2]

A Xunta é o órgano colegiado que, baixo a dirección do Presidente, dirixe a política xeral e a Administración da Comunidade Autónoma. A tal fin, exerce a iniciativa lexislativa, a función ejecutiva e a potestade regulamentaria de conformidade co Estatuto de Autonomía e as Leis.

Artigo 2[3]

A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes -no seu caso - e os Conselleiros.

No suposto de que haxa varios Vicepresidentes, un deles terá a condición de Vicepresidente primeiro coas facultades que esta Lei lle atribúe.

Todos eles constitúen conxunta e colexiadamente o Consello, que exercerá, conforme ó establecido nesta lei, as atribucións da Xunta, sen prexuício das competencias das Comisións Delegadas.

Na composición da Xunta deberá respectarse o principio de equilibrio por sexos, nunca proporción entre cada un deles que debe concretar o Parlamento ao inicio de cada legislatura.

Artigo 3

A Xunta de Galicia responde politicamente ante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuício da responsabilidade directa de cada un dos seus componentes pola súa xestión.

Capítulo II. Das atribucións da Xunta

Artigo 4[4]

[1] Modificado pola disp. adic. 8.1 da lei 7/2007, de 28 de marzo
[2] Modificada polo artigo 1 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[3] Parágrafo 4 engadido pola disposición adicional 8.2 da lei 7/2007, de 28 de marzo
[4] Ap. 13 modificdo pola disposic. adic. 8.3 da lei 2/2007, de 28 de marzo.
Ap. 19 engadido pola disp. adic. 8.4 da lei 2/2007, de 28 de marzo.
Aps.10, 14, 15 e 16 modificados polo artigo 2.1 da lei 11/1988, de 20 de outubro.

Corresponde á Xunta:

1. Establece-las directrices e desenvolve-lo Programa de goberno.

2. Elabora-los presupostos da Comunidade Autónoma, remitilos ó Parlamento para a súa aprobación.

3. Aproba-los Proxectos de Lei para a súa remisión ó Parlamento e acordar, no seu caso, a súa retirada.

4. Dictar Decretos Legislativos nos supostos de delegación expresa do Parlamento.

5. Outorgar ou denega-la súa conformidade á tramitación de proposicións de lei que supoñan aumento dos créditos ou mengua dos ingresos presupostarios, nos términos previstos no Regulamento do Parlamento.

6. Aproba-los regulamentos para o desenrolo e execución das leis de Galicia así como os das leis do Estado, cando a competencia de execución corresponda á Comunidade Autónoma en virtude do Estatuto de Autonomía ou por delegación ou transferencia.

7. Adoptar, no seu caso, as medidas regulamentarias que requirise a execución dos tratados e convenios internacionais e o cumprimento dos regulamentos e directrices derivadas daqueles, no que afecte a materias atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.

8. Aprobar e remitir ó Parlamento os proxectos de convenios e acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas para a ratificación ou aprobación, no seu caso.

9. Acorda-la interposición de recursos de inconstitucionalidade, así como o persoarse nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia e o plantexamento de conflictos de competencias ante o Tribunal Constitucional.

10. Deliberar sobre a cuestión de confianza que o Presidente da Xunta propoña formular ó Parlamento, así como sobre a disolución da Cámara, que o Presidente pode decretar, ó abeiro do artigo 24 da presente Lei.

11. Resolve-los recursos en vía administrativa nos casos previstos polas leis.

Ap. 18 engadido polo artigo 2.1 da lei 11/1988, de 20 de outubro.
Ap. 20 renumerado por disp. adic. 8.5 da lei 2/2007, de 28 de marzo

12. Resolver mediante Decreto os conflictos de atribucións que se susciten entre as diversas Consellerías.

13. Nomear e dstituír, por proposta de quen posúa a tiularidade das consellerías respectivas, os altos cargos da Administración pública galega de rango igual ou superior a dirección xeral, así como aqueloutros que legalmente se estableza.

Nos nomeamentos entenderase o principio de equilibrio por sexos, de acordo coas porcentaxes e a estructura que determine a propia Xunta

14. Crear, modificar e suprimi- las Comisións Delegadas da Xunta

15. Determina-la estructura orgánica superior da Vicepresidencia ou Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia

16. Designa-los representantes da Comunidade Autónoma nos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas do Estado a que se refire o artigo 55 do Estatuto de Autonomía.

Do mesmo xeito, supervisar, de acordo coa Lei, a xestión dos servicios públicos e dos entes e empresas públicas dependentes da Comunidade Autónoma, e administra-lo patrimonio da mesma con suxección ó disposto na Lei

17. Coordina-la actividade das Deputacións Provinciais, en canto afecte directamente ó interés xeral da Comunidade Autónoma, e acorda-las transferencias ou delegación de funcións nas mesmas.

Do exercicio destas competencias darase conta ó Parlamento.

18. Tomar coñecemento das resolucións do Parlamento e adoptar, se é o caso, as medidas que proceden.

19. Garantir e promover a aplicación do principio de igualdade por razón de sexo en todas as políticas que lle corresponda desenvolver á Xunta de Galicia

20. Calquera outra atribución que lle veña conferida por algunha disposición legal ou regulamentaria, e en xeral, deliberar sobre aqueles asuntos nos que a súa resolución deba revesti-la forma de Decreto ou que, pola súa importancia e repercusión na vida da Comunidade Autónoma esixan o coñecemento ou delineración da Xunta

Capítulo III. Do funcionamento da Xunta

Artigo 5

A Xunta reúnese en Consello, que someterá o seu funcionamento ós principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

Artigo 6[5]

As atribucións da Xunta serán exercidas polo Consello. O Consello designará de entre os seus membros un Secretario que dará fe dos seus acordos e dos das ComisiónsDelegadas e librará, cando proceda, certificación dos mesmos.

Artigo 7[6]

1. O Consello será convocado polo Presidente da Xunta. Á convocatoria xuntaráselle a orde do día, que será conformada polo Secretario de acordo coas instruccións do Presidente.

2. O Consello entenderase validamente constituído cando asista o Presidente, ou quen o substitúa, e, ó menos, a metade dos seus membros.

3. Os membros do Consello están obrigados a gardar segredo sobre as deliberacións daquel, as opinións e, se é o caso, os votos emitidos

Artigo 8

A Xunta poderá crear no seu seo Comisións Delegadas para coordina- la elaboración de directrices e disposicións, programa-la política sectorial, examinar asuntos de interés interdepartamental e prepara- las reunións do Consello.

O réxime xeral de funcionamento das Comisións, haberá de axustarse ós criterios establecidos nesta lei para o Consello.

En todo caso, o Decreto de creación dunha Comisión Delegada deberá conte-la composición e a Presidencia da mesma e mailas competencias asignadas.

Artigo 9

O Consello establecerá as normas internas que se precisen para a boa orde dos traballos e para a adecuada preparación dos acordos que haxan de adoptarse, mediante un Regulamento de Réxime Interior que haberá de axustarse ós términos da presente lei.

TÍTULO II. DO PRESIDENTE DA XUNTA

[5] Modificado polo art. 3 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[6] Modificdo polo art. 4 da lei 11/1988, de 20 de outubro

Capítulo I. Do Estatuto Persoal, elección e cese

Sección 1ª. Do Estatuto Persoal

Artigo 10

O Presidente da Xunta ostenta a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia. Dirixe e coordina a acción da Xunta ou Goberno.

Artigo 11[7]

O Presidente da Xunta en razón do seu cargo ten dereito a:

1. A preeminencia que, con arregro á alta representación da Comunidade Autónoma e á ordinaria do Estado en Galicia, lle corresponde.

2. Que lle sexan rendidos os honores que lle correspondan consoante co que se establece na legalidade vixente e o que acorde a Comunidade Autónoma.

3. Recibi-lo tratamento de Excelencia.

4. Utiliza-la bandeira de Galicia como guión.

5. Ocupa-la residencia oficial que se estableza, coa correspondente dotación de persoal e servicios.

6. Percibi-la remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

7. Recibir con carácter vitalicio o tratamento de excelentísimo señor e os honores protocolarios e as precedencias establecidas na lexislación vixente e na que, se é o caso, dicte a Comunidade Autónoma.

As ex presidentas e os ex presidentes terán dereito a percibir, durante dous anos desde a data do seu cesamento, as compensacións económicas que se establezan por decreto da Xunta de Galicia.

Así mesmo, terán dereito por un período de catro anos adicionais, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante catro ou menos anos, ou por un período de dez anos adicionais, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante máis de catro anos, aos medios e servizos que se establezan por decreto da Xunta.

[7] Ap. 7 engadido polo art. 5 da lei 11/1988, de 20 de outubro
Ap. 7, parágrafo 2º , modificado pola lei 12/2007, de 27 de xullo

Este dereito será incompatible coa condición de membro nato do Consello Consultivo de Galicia ou co exercicio dun cargo público que outorgue unha prestación de medios e servizos de análoga natureza.

Malia o anterior, a Xunta de Galicia poderalles prestar ás ex presidentas e aos ex presidentes os medios materiais de apoio precisos para o ejercicio das funcións inherentes á súa condición por un período de tempo superior ao establecido no parágrafo anterior.

Artigo 12[8]

O Presidente da Xunta non poderá exercer ningunha función pública que non se derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou calquera outra que puidese menoscaba-la independencia e dignidade da súa función.

En canto ás funcións representativas propias do mandato parlamentario, haberá que aterse ó disposto no artigo 6 da Lei de Galicia 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia.

Artigo 13

A responsabilidade política do Presidente da Xunta ante o Parlamento será esixible nos términos establecidos no Estatuto de Autonomía, no Regulamento da Cámará e na presente lei.

Artigo 14

Durante o seu mandato e polos actos delictivos cometidos no territorio de Galicia non poderá ser detido nin retido senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuício, ó Tribunal Superior de Xusticia de Galicia. Fóra do devandito territorio, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos términos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Sección 2ª. Da elección e cese

Artigo 15

O Presidente da Xunta será elidido polo Parlamento Galego de entre os seus membros.

Artigo 16

Constituído o Parlamento e nos demais supostos en que así proceda, o seu Presidente, previa consulta coas forzas políticas representadas

[8] Modificado polo artigo 6 da lei 11/1988, de 20 de outubro

parlamentariamente e oída a Mesa, propoñerá un candidato á Presidencia da Xunta, conforme ó previsto no artigo 136.1.º do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Artigo 17

O candidato presentará o seu Programa ó Parlamento. Para ser elixido o candidato deberá en primeira votación obter maioría absoluta; de non obtela procederase a unha nova votación 24 horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtivera maioría simple. Caso de non consegui-la devandita maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

Se transcorresen dous meses a partir da primeira votación de investidura sen que ningún candidato proposto obtivera a confianza do Parlamento, este quedará disolto e procederase á convocatoria de novas eleccións.

Artigo 18

Se o Parlamento outorga a súa confianza ó candidato, o Presidente comunicarao a El-Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto que se publicará no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia.*

Artigo 19

O Presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos cinco días seguintes ó da publicación do seu nomeamento.

Artigo 20

O Presidente prestará xuramento na súa toma de posesión coa seguinte fórmula:

«Xuro ou prometo ser fiel ó meu mandato como Presidente da Xunta, observar e facer cumpri-la Constitución e o Estatuto de Autonomía e as demais leis de Galicia e do Estado e exercita-las miñas funcións no interés supremo e exclusivo de Galicia e de España.»

Artigo 21

O Presidente da Xunta cesa trala celebración de eleccións autonómicas, nos casos de perda da confianza parlamentaria, ou por dimisión, falecemento ou incapacidade para o exercicio do cargo. Corresponde ó Parlamento a apreciación da incapacidade do Presidente.

Artigo 22

Nos supostos de falecemento e incapacidade do Presidente, será sustituído polos Vicepresidentes se os houber, pola súa orde, e no seu defecto polo Conselleiro que máis tempo leve pertencendo ininterrompidamente á Xunta e, no caso de igualdade, o de máis idade. A mesma orde de sustitución observarase nos casos de ausencia ou enfermidade temporal do Presidente da Xunta, agás designación expresa do mesmo. Asustitución terá que publicarse no *Diario Oficial de Galicia.*

Artigo 23

Nos demais casos previstos no artigo 20 o Presidente continuará o exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do novo Presidente da Xunta.

Capítulo II. Das atribucións

Artigo 24[9]

Ó Presidente da Xunta, como supremo representante da Comunidade Autónoma, compételle representar a esta nas relacións con outras institucións do Estado, subscribi-los convenios e acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, convocar eleccións ó Parlamento de Galicia trala súa disolución, promulgar en nome de El Rei as Leis de Galicia, así como, se é o caso, os Decretos lexislativos, e ordena-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.* O Presidente, baixo a súa exclusiva responsabilidade e logo da deliberación do Consello da Xunta, poderá disolve-lo Parlamento mediante Decreto que fixará a data das eleccións.

Esta facultade en todo caso non se poderá exercer cando non pasase alomenos un ano desde a última disolución da Cámara.

Artigo 25

Como representante ordinario do Estado en Galicia, corresponde ó Presidente da Xunta manter relacións coa Delegación do Goberno, ós efectos dunha mellor coordinación das actividades do Estado en Galicia e as da Comunidade Autónoma, ordena-la publicación no *Diario Oficial de Galicia* do nomeamento do Presidente do Tribunal Superior de Xusticia, e das Leis e Decretos Lexislativos de Galicia no *Boletín Oficial do Estado.*

Artigo 26[10]

Para a dirección e coordinación das actividades da Xunta correspóndelle:

[9] Modificado polo artigo 7 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[10] Ap. 1 modificado polo artigo 8 da lei 11/1988, de 20 de outubro

1. Crear, modificar ou suprimir mediante Decreto a Vicepresidencia ou Vicepresidencias, se as houber, e as Consellerías, sempre que non supoña aumento de gasto público, así como nomear e dispo- -lo cesamento dos Vicepresidentes e dos Conselleiros.

2. Convocar, presidir, suspender e levanta-las reunións do Consello e das Comisións Delegadas, así como dirixi-las súas deliberacións.

3. Dirixir e coordina-la acción de Goberno e asegura-la súa continuidade.

4. Velar polo cumprimento das directrices sinaladas pola Xunta e promover e coordina-la execución dos acordos do Consello e das súas Comisións Delegadas.

5. Asegura-la coordinación entre as distintas Consellerías.

6. Coordina-lo programa lexislativo da Xunta e a elaboración de normas de carácter xeral.

7. Encomendar a un Vicepresidente ou a un Conselleiro que se encargue do despacho dunha Consellería ou da propia Presidencia, en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento do titular.

8. Plantexar perante o Parlamento, previa deliberación do Consello, a cuestión de confianza.

9. Presentar ó Parlamento os proxectos de lei, por si mesmo ou a través do membro da Xunta designado.

10. Facilitar ó Parlamento a información e documentación que este recabe da Xunta.

11. Solicitar que o Parlamento se reúna en sesión extraordinaria.

12. Solicitar que se celebre un debate xeral no Parlamento.

13. Comunicar ó Parlamento a interposición de recursos de inconstitucionalidade e o plantexamento de conflictos de competencias perante o Tribunal Constitucional, así como o acordo da Xunta de persoarse nos recursos e nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia.

14. Exercer cantas facultades e atribucións lle correspondan en consonancia coas disposicións vixentes.

TÍTULO III. DOS MEMBROS DA XUNTA

Capítulo I. Do Estatuto Persoal, nomeamento e cese

Artigo 27[11]

1. O Vicepresidente ou Vicepresidentes, se os houber, e os Conselleiros serán nomeados e cesados polo Presidente da Xunta, a teor do disposto no artigo 26, e terán a alta consideración que corresponde á súa condición de membros do Goberno Autónomo e o tratamento de excelentísimo señor.

2. Os ex-Vicepresidentes e mailos ex-Conselleiros manterán o tratamento de excelentísimo señor e recibirán os honores protocolarios que estableza a lexislación vixente e a que dicte a Comunidade Autónoma.

Artigo 28

O Vicepresidente ou Vicepresidentes, se os houber, e mailos Conselleiros prestarán xuramento na súa toma de posesión coa mesma fórmula prevista nesta lei para o Presidente da Xunta.

Artigo 29

O cese do Presidente da Xunta comporta o de tódolos membros da mesma. A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.

Artigo 30

Os membros da Xunta percibirán a remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

Artigo 31

O Vicepresidente ou Vicepresidentes, se os houber, e mailos Conselleiros, non poderán ejercer outras funcións representativas cás propias do mandato parlamentario ou, no seu caso, do Senado, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou outra que menoscabe a independencia e dignidade da súa función.

Artigo 32

En canto á inmunidade, estarase ó disposto no artigo 13 para o Presidente.

Capítulo II. Das atribucións

Artigo 33

[11] Modificado polo artigo 9 da lei 11/1988, de 20 de outubro

O Vicepresidente, ou no seu caso, o Vicepresidente primeiro, amais de sustituír ó Presidente nos supostos previstos nesta Lei, exercerá as funcións que aquel lles delegue dentro do ámbito que lle confiran as disposicións da presente Lei.

Asimesmo, poderán designarse no seo da Xunta outros Vicepresidentes encargados de áreas homogéneas coas funcións que lles sexan asignadas

Artigo 34[12]

Os Conselleiros como xefes das súas Consellerías están investidos das seguintes atribucións:

1. Ostenta-la representación do Departamento de que son titulares.

2. Propoñer ó Consello os nomeamentos e ceses dos cargos da súa Consellería que requiran a forma de decreto para a súa designación.

3. Exerce-la iniciativa, dirección e inspección de tódolos servicios da Consellería e a alta inspección e demais funcións que lles corresponden respecto dos organismos autónomos adscritos á mesma.

4. Propoñer para a súa aprobación polo Consello a estructuración e organización da súa Consellería.

5. Propoñer ó Consello os proxectos de lei ou de Decreto relativos ás competencias atribuídas á súa Consellería.

6. Exerce-la potestade regulamentaria nas materias da súa Consellería.

7. Resolve-los recursos administrativos promovidos contra as resolucións dos organismos e das entidades da consellería, agás cando por lei ou regulamentariamente se lle atribúa esa facultade a outro órgano.

8. Formula-lo anteproyecto de presupostos da súa Consellería.

9. Dispoñe-los gastos propios dos servicios da súa Consellería non reservados á competencia do Consello, dentro dos límites da autorización presupostaria e interesar dos servicios financieros competentes a ordenación dos pagos correspondentes.

10. Firmar en nome da Xunta os contratos relativos a asuntos propios da súa Consellería.

11. Resolve-los conflictos de atribucións entre autoridades dependentes da súa Consellería.

[12] Ap. 7 modificado polo artigo 30 da lei 7/2002, de 27 de decembro

12. E cantas facultades lles atribúan as disposicións en vigor.

Artigo 35

Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente o persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos presupostarios consignados ó efecto.

Este persoal, de carácter eventual, cesará automaticamente ó se produci-lo cese do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.

Título IV. Organización e réxime xurídico[13]

Artigo 36[14]

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerarquicamente ordenados baixo a dirección da Xunta, ten personalidade xurídica única e posúe a capacida- de de obrar necesaria para levar a cabo os seus fins.

2. A actuación da Administración axéitase ós principios de legalidade, obxectividade, servicio ó interese xeral, publicidade, eficacia, xerarquía, economía do gasto público, desconcentración e coordenación entre os seus órganos.

Artigo 37[15]

1. Adoptarán a forma de Decreto:

a) As disposicións xerais aprobadas polo Consello da Xunta.

b) As resolucións do Consello da Xunta nos supostos dos números 6, 7, 12, 13, 14, 15, 16 primeiro inciso e 18 do artigo 4 da presente Lei e os demais casos que establezan as Leis.

c) As resolucións do Presidente da Xunta, nos supostos contemplados no parágrafo segundo do artigo 24 e nos números 1 e 7 do artigo 26 desta Lei.

2. Os Decretos serán asinados polo Presidente da Xunta e referendados, agás no suposto c) do apartado anterior, polo Conselleiro competente en razón da materia.

Artigo 38[16]

[13] Rúbrica modificada polo art. 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[14] Modificado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[15] Modificado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[16] Modificado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro

As disposicións e resolucións dos Conselleiros revestirán a forma de Ordes, que serán asinadas polo titular do Departamento.

Cando interesen a máis de unha Consellería, serán asinadas conxuntamente polos Conselleiros afectados.

Artigo 39[17]

As normas regulamentarias terán o rango do órgano que as aprobara e ordenaranse xerarquicamente da seguinte forma:

1. Decretos

2. Ordes das Comisións Delegadas.

3. Ordes dictadas polos Conselleiros

Artigo40[18]

Serán nulas de pleno dereito as normas regulamentarias que infrinxan outras de rango superior ou se opoñan ó establecido pola lei.

Artigo 41[19]

1. As disposicións regulamentarias non poderán establecer penas nin impoñer tributos ou exaccións de calquera natureza.

Tampouco poderán impoñer sancións a non ser no marco do disposto na Lei.

2. Serán nulas as disposicións e resolucións que infrinxan o disposto no apartado anterior.

Artigo 42[20]

As resolucións administrativas de caráter particular non poderán vulnera-lo establecido nunha disposición de carácter xeral ou dispensar singularmente do seu cumprimento, aínda cando aquelas teñan un rango formal igual ou superior a esta

TÍTULO V. DAS RELACIÓNS DA XUNTA CO PARLAMENTO

Capítulo I. Do control parlamentario

[17] Modificado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[18] Renumerado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[19] Renumerado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[20] Renumerado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro

Sección 1ª. Da moción de censura

Artigo 43[21]

1. O Consello poderá delega-las funcións administrativas que teña encomendadas nas Comisións Delegadas.

2. Sen prexuízio das competencias delegadas no Vicepresidente primeiro de acordo co disposto no artigo 32 desta lei, o Presidente poderá delegar funcións puramente executivas nos demais membros da Xunta, dando conta ó Parlamento.

3. Os Conselleiros poderán delegar competencias administrativas nos órganos inmediatamente inferiores das súas Consellerías, cando as necesidades de funcionamento así o aconsellen.

Artigo 44[22]

1. A delegación de atribucións a que se refire o artigo anterior e a súa revocación haberán de publicarse no *Diario Oficial de Galicia.*

2. Non poderán ser obxecto de delegación, a non ser que unha lei o autorice expresamente, as competencias que, á súa vez, foran delegadas, nin a competencia para resolver recursos administrativos interpostos contra actos ou resolucións do órgano delegatario.

3. Os actos dictados por delegación consideraranse como propios do órgano delegante, que en calquera momento poderá revoca-la delegación outorgada.

Artigo 45[23]

1. O Parlamento pode esixi-la responsabilidade política da Xunta e do seu Presidente mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

2. A moción de censura deberá estar firmada, alomenos, por unha quinta parte dos membros do Parlamento, e haberá de incluír un candidato á Presidencia da Xunta.

3. A moción de censura non poderá ser votada ata que transcurran cinco días desde a súa presentación.

[21] Renumerado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[22] Renumerado polo artigo 10 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[23] Renumerado polo artigo 11.1 da lei 11/1988, de 20 de outubro

Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.

4. Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

Artigo 46[24]

Se prosperase a moción de censura, a Xunta e o seu Presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza do Parlamento, procedéndose a continuación á súa designación como Presidente da Xunta, segundo o disposto no artigo 17 desta lei.

Artigo 47[25]

O Presidente da Xunta, previa deliberación do Consello, pode plantexar perante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu Programa ou sobre unha declaración política xeral. A cuestión de confianza non se poderá votar ata transcorridas 24 horas desde a súa presentación. A confianza entenderase outorgada cando vote a prol da mesma a maioría simple de Deputados.

Se o Parlamento negase a súa confianza ó Presidente da Xunta entenderase cesado e procederase á elección de novo Presidente conforme ó establecido nesta Lei.

Sección 3ª. Do impulso e control da acción política do Goberno[26]

Artigo 48[27]

A Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ó comenzo dun dos períodos ordinarios de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Sección 4ª. Doutras formas de control[28]

Artigo 49[29]

O Parlamento, as súas Comisións e os Deputados a través da Presidencia do mesmo, poderán recaba- -la información e axuda que precisen da Xunta, dos seus Conselleiros e de calquera outra autoridade da Comunidade Autónoma.

[24] Renumerado polo artigo 11.1 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[25] Renumerado polo artigo 11.1 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[26] Rúbrica modificada polo artigo 11.1 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[27] Modificado polo artigo 11.2 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[28] Rúbrica engadida polo artigo 11.3 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[29] Renumerado polo artigo 11.3 da lei 11/1988, de 20 de outubro

Artigo 50[30]

O Parlamento mailas súas Comisións poden reclama-la presencia dos Conselleiros e dos outros altos cargos da Comunidade Autónoma.

Artigo 51[31]

Os Conselleiros teñen acceso ás sesións do Parlamento e das súas Comisións e a facultade de se facer oír nelas. Ante as Comisións poderán facerse acompañar de altos cargos ou funcionarios das súas Consellerías e solicitar que estes informen

Artigo 52[32]

1. A Xunta e cada un dos seus membros están sometidos ás mocións, interpelacións e preguntas que se lles formulen no Parlamento.

2. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que o Parlamento manifeste a súa posición.

Capítulo II. Delegación lexislativa

Artigo 53[33]

1. O Parlamento poderá delegar na Xunta a potestade de dictar normas con rango de Lei que recibirán o título de Decretos legislativos.

2. A delegación legislativa deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

3. Non poderán ser obxecto de delegación a regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma, a aprobación do presuposto, as leis institucionais ou de desenrolo básico do Estatuto e as que, pola súa natureza, requiran mayoría cualificada para a súa aprobación.

Artigo 54[34]

A delegación lexislativa haberá de outorgarse á Xunta en forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio sen que se poida entender concedida de forma implícita nin por tempo indeterminado.

[30] Renumerado polo artigo 11.3 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[31] Renumerado polo artigo 11.3 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[32] Renumerado polo artigo 11.3 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[33] Renumerado polo artigo 11.4 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[34] Renumerado polo artigo 11.4 da lei 11/1988, de 20 de outubro

Tampouco poderá permiti-la subdelegación en prol de autoridades distintas da propia Xunta.

Artigo 55[35]

1. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que se han de seguir no seu exercicio. En ningún caso poderán autorizar á Xunta para modifica-la propia lei de bases nin para dictar normas con carácter retroactivo.

2. As leis ordinarias de autorización para refundir textos legais, determinarán o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, clarexar e harmoniza-los textos legais que han de ser refundidos

Artigo 56[36]

O control sobre os Decretos Lexislativos levarase a cabo nos términos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia, sen prexuízio do cal as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control parlamentario.

Artigo 57

1. Cando unha proposición de lei ou unha enmenda sexa contraria a unha delegación legislativa en vigor, a Xunta está facultada para se opoñer á súa tramitación.

Neste caso poderá presentar unha proposición de lei para a derogación parcial ou total da lei de delegación.

2. A delegación entenderase esgotada coa publicación pola Xunta da norma correspondente.

[35] Renumerado polo artigo 11.4 da lei 11/1988, de 20 de outubro
[36] Renumerado polo artigo 11.4 da lei 11/1988, de 20 de outubro

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

4. LEI 30/1992, DO 26 DE NOVEMBRO, DE RÉXIME XURÍDICO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN: TÍTULOS I A X.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI 30/1992, DO 26 DE NOVEMBRO, DE RÉXIME XURÍDICO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN: TÍTULOS I A X

TÍTULO PRIMEIRO. DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E AS SÚAS RELACIÓNS

Artigo 4. Principios das relacións entre as administracións públicas.

1. As administracións públicas actúan e relaciónanse de acordo co principio de lealdade institucional e, en consecuencia, deberán:

a) Respectar o exercicio lexítimo polas outras administracións das súas competencias.

b) Ponderar, no exercicio das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles dos que a xestión estea encomendada ás outras administracións.

c) Facilitarlles ás outras administracións a información que precisen sobre a actividade que desenvolvan no exercicio das súas propias competencias.

d) Prestar, no ámbito propio, a cooperación e a asistencia activas que as outras administracións puidesen reclamar para o eficaz exercicio das súas competencias.

2. Para efectos do disposto nas alíneas c) e d) do número anterior, as administracións públicas poderán solicitar cantos datos, documentos ou medios probatorios se atopen á disposición do ente ao que se dirixa a solicitude. Poderán tamén solicitar asistencia para a execución das súas competencias.

3. A asistencia e cooperación requirida só poderá negarse cando o ente do que se solicita non estea facultado para prestala, non dispoña de medios suficientes para iso ou cando, de o facer, causase un prexuízo grave aos intereses dos que ten encomendada a tutela ou ao cumprimento das súas propias funcións. A negativa a prestar a asistencia comunicaráselle motivadamente á Administración solicitante.

4. A Administración xeral do Estado, as das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local deberán colaborar e auxiliarse para aquelas execucións dos seus actos que teñan que realizarse fóra dos seus respectivos ámbitos territoriais de competencias.

5. Nas relacións entre a Administración xeral do Estado e a Administración das comunidades autónomas, o contido do deber de colaboración desenvolverase a través dos instrumentos e procedementos que de

maneira común e voluntaria establezan tales administracións.

Cando estas relacións, en virtude do principio de cooperación, teñan como finalidade a toma de decisións conxuntas que permitan, naqueles asuntos que afecten a competencias compartidas ou exixan artellar unha actividade común entre ambas as dúas administracións, unha actividade máis eficaz deles, axustaranse aos instrumentos e procedementos de cooperación a que se refiren os artigos seguintes.

Artigo 5. Conferencias sectoriais e outros órganos de cooperación.

1. A Administración xeral do Estado e a Administración das comunidades autónomas poden crear órganos para a cooperación entre ambas, de composición bilateral ou multilateral, de ámbito xeral ou de ámbito sectorial, naquelas materias nas que exista interrelación competencial, e con funcións de coordinación ou cooperación segundo os casos.

Para efectos do establecido no presente capítulo, non teñen a natureza de órganos de cooperación aqueles órganos colexiados creados pola Administración xeral do Estado para o exercicio das súas competencias na composición dos cales se prevexa que participen representantes da Administración das comunidades autónomas coa finalidade de consulta.

2. Os órganos de cooperación de composición bilateral e de ámbito xeral que reúnan a membros do Goberno, en representación da Administración xeral do Estado, e a membros do consello de goberno, en representación da Administración da respectiva comunidade autónoma, denomínanse comisións bilaterais de cooperación. A súa creación efectúase mediante acordo, que determina os elementos esenciais do seu réxime.

3. Os órganos de cooperación de composición multilateral e de ámbito sectorial que reúnen a membros do Goberno, en representación da Administración xeral do Estado, e a membros dos consellos de goberno, en representación das administracións das comunidades autónomas, denomínanse conferencias sectoriais. O réxime de cada conferencia sectorial é o establecido no correspondente acordo de institucionalización e no seu regulamento interno.

4. A convocatoria da conferencia será realizada polo ministro ou ministros que teñan competencias sobre a materia que vaia ser obxecto da conferencia sectorial. A convocatoria farase con antelación suficiente e irá acompañada da orde do día e, se é o caso, da documentación precisa para a preparación previa da conferencia.

5. Os acordos que se adopten nunha conferencia sectorial serán asinados polo ministro ou ministros competentes e polos titulares dos órganos de goberno correspondentes das comunidades autónomas. Se é o caso, estes acordos poderán formalizarse baixo a denominación de convenio de conferencia sectorial.

6. As conferencias sectoriais poderán acordar a creación de comisións e grupos de traballo para a preparación, estudo e desenvolvemento de cuestións concretas propias do ámbito material de cada unha delas.

7. Coa mesma finalidade, e en ámbitos materiais específicos, a Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas poderán constituír outros órganos de cooperación que reúnan a responsables da materia.

8. Cando a materia do ámbito sectorial dun órgano de cooperación de composición multilateral afecte ou se refira a competencias das entidades locais, o pleno do citado órgano pode acordar que a asociación destas de ámbito estatal con maior implantación sexa invitada a asistir ás súas reunións, con carácter permanente ou segundo a orde do día.

Artigo 6. Convenios de colaboración.

1. A Administración xeral e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela poderán subscribir convenios de colaboración cos órganos correspondentes das administracións das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Os instrumentos de formalización dos convenios deberán especificar, cando así proceda:

a) Os órganos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes.

b) A competencia que exerce cada Administración.

c) O seu financiamento.

d) As actuacións que se acorde desenvolver para o seu cumprimento.

e) A necesidade ou non de establecer unha organización para a súa xestión.

f) O prazo de vixencia, o que non impedirá a súa prórroga se así o acordan as partes asinantes do convenio.

g) A extinción por causa distinta á prevista no punto anterior, así como a forma de rematar as actuacións en curso para o suposto de extinción.

3. Cando se cree un órgano mixto de vixilancia e control, este resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan presentarse respecto dos convenios de colaboración.

4. Cando os convenios se limiten a establecer pautas de orientación política sobre a actuación de cada Administración nunha cuestión de interese común ou a fixar o marco xeral e a metodoloxía para o desenvolvemento da colaboración nunha área de interrelación

competencial ou nun asunto de mutuo interese denominaranse protocolos xerais.

5. Cando a xestión do convenio faga necesario crear unha organización común, esta poderá adoptar a forma de consorcio dotado de personalidade xurídica ou sociedade mercantil.

Os estatutos do consorcio determinarán os fins deste, así como as particularidades do réxime orgánico, funcional e financeiro.

Os órganos de decisión estarán integrados por representantes de todas as entidades consorciadas, na proporción que se fixe nos estatutos respectivos.

Para a xestión dos servizos que se lle encomenden poderán utilizarse calquera das formas previstas na lexislación aplicable ás administracións consorciadas.

Artigo 7. Plans e programas conxuntos.

1. A Administración xeral do Estado e a Administración das comunidades autónomas poden acordar a realización de plans e programas conxuntos de actuación para o logro de obxectivos comúns en materias nas que teñan competencias concorrentes.

2. Dentro do respectivo ámbito sectorial, correspóndelles ás conferencias sectoriais a iniciativa para acordar a realización de plans ou programas conxuntos, a aprobación do seu contido, así como o seguimento e avaliación multilateral da súa posta en práctica.

3. O acordo aprobatorio de plans ou programas conxuntos debe especificar, segundo a súa natureza, os seguintes elementos do seu contido:

Os obxectivos de interese común que se queren cumprir.

As actuacións que vai desenvolver cada Administración.

As achegas de medios persoais e materiais de cada Administración.

Os compromisos de achega de recursos financeiros.

A duración, así como os mecanismos de seguimento, avaliación e modificación.

4. O acordo de aprobación dun plan ou programa conxunto, que terá eficacia vinculante para a Administración xeral do Estado e para as comunidades autónomas participantes que o subscriban, pode ser completado mediante convenios de colaboración con cada unha delas que concreten aqueles extremos que deban ser especificados de forma bilateral.

5. Os acordos de aprobación de plans ou programas conxuntos son obxecto de publicación oficial.

Artigo 8. Efectos dos convenios.

1. Os convenios de conferencia sectorial e os convenios de colaboración en ningún caso supoñen a renuncia ás competencias propias das administracións intervenientes.

2. Os convenios de conferencia sectorial e os convenios de colaboración realizados obrigarán as administracións intervenientes desde o momento do seu asinamento, a non ser que neles se estableza outra cousa.

Tanto os convenios de conferencia sectorial coma os convenios de colaboración seranlle comunicados ao Senado.

Ambos os tipos de convenio deberán publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e no diario oficial da comunidade autónoma respectiva.

3. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento, sen prexuízo do previsto no artigo 6.3, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional do contencioso-administrativo e, se é o caso, da competencia do Tribunal Constitucional.

Artigo 9. Relacións coa Administración local.

As relacións entre a Administración xeral do Estado ou a Administración da Comunidade Autónoma coas entidades que integran a Administración local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local, e aplicarase supletoriamente o disposto no presente título.

Artigo 10. Comunicacións ás Comunidades Europeas.

1. Cando en virtude dunha obriga derivada do Tratado da Unión Europea ou dos tratados das Comunidades Europeas ou dos actos das súas institucións deban comunicárselles a estas disposicións de carácter xeral ou resolucións, as administracións públicas procederán á súa remisión ao órgano da Administración xeral do Estado competente para realizar a comunicación ás ditas institucións. En ausencia de prazo específico para cumprir esa obriga, a remisión efectuarase no de quince días.

2. Cando se trate de proxectos de disposicións ou calquera outra información, en ausencia de prazo específico, a remisión deberá facerse en tempo útil para os efectos do cumprimento desa obriga.

TÍTULO II. DOS ÓRGANOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. PRINCIPIOS XERAIS E COMPETENCIA

Artigo 11. Creación de órganos administrativos.

1. Correspóndelle a cada Administración pública delimitar, no seu propio

ámbito de competencias, as unidades administrativas que configuran os órganos administrativos propios das especialidades derivadas da súa organización.

2. A creación de calquera órgano administrativo exixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Determinación da súa forma de integración na Administración pública de que se trate e da súa dependencia xerárquica.

b) Delimitación das súas funcións e competencias.

c) Dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento.

3. Non se poderán crear novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes, se ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxe debidamente a competencia destes.

Artigo 12. Competencia.

1. A competencia é irrenunciable e exercerana precisamente os órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, non sendo nos casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou noutras leis.

A encomenda de xestión, a delegación de sinatura e a suplencia non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevén.

2. A titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos poderán ser desconcentradas noutros xerarquicamente dependentes daqueles nos termos e cos requisitos que prevexan as propias normas de atribución de competencias.

3. Se algunha disposición lle atribúe competencia a unha Administración sen especificar o órgano que a debe exercer, entenderase que a facultade de instruír e resolver os expedientes lles corresponde aos órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio, e, de existiren varios destes, ao superior xerárquico común.

Artigo 13. Delegación de competencias.

1. Os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda que non sexan xerarquicamente dependentes, ou das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas.

2. En ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas:

a) Aos asuntos que se refiran a relacións coa Xefatura do Estado, Presidencia do Goberno da Nación, Cortes Xerais, presidencias dos consellos de goberno das comunidades autónomas e asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

b) Á adopción de disposicións de carácter xeral.

c) Á resolución de recursos nos órganos administrativos que ditasen os actos obxecto de recurso.

d) Ás materias en que así se determine por norma con rango de lei.

3. As delegacións de competencias e a súa revogación deberán publicarse no «Boletín Oficial del Estado», no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo a Administración á que pertenza o órgano delegante, e o ámbito territorial de competencia deste.

4. As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

5. Salvo autorización expresa dunha lei, non poderán delegarse as competencias que se exerzan por delegación.

Non constitúe impedimento para que poida delegarse a competencia para resolver un procedemento a circunstancia de que a súa norma reguladora prevexa, como trámite preceptivo, a emisión dun ditame ou informe; non obstante, non poderá delegarse a competencia para resolver un asunto concreto unha vez que no correspondente procedemento se emitise un ditame ou informe preceptivo respecto del.

6. A delegación será revogable en calquera momento polo órgano que a conferise.

7. A delegación de competencias atribuídas a órganos colexiados, para o exercicio ordinario das cales se requira un quórum especial, deberá adoptarse observando, en todo caso, o dito quórum.

Artigo 14. Avocación.

1. Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto do que a súa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. Nos supostos de delegación de competencias en órganos non xerarquicamente dependentes, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante.

2. En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado, que lles deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade á resolución final que se dite.

Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que se poderá impugnar no recurso que, se é o caso, se interpoña contra a resolución do procedemento.

Artigo 15. Encomenda de xestión.

1. A realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá encomendárselles a outros órganos ou entidades da mesma ou de distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

2. A encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio; será responsabilidade do órgano ou entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

3. A encomenda de xestión entre órganos administrativos ou entidades de dereito público pertencentes á mesma Administración deberase formalizar nos termos que estableza a súa normativa propia e, non a habendo, por acordo expreso dos órganos ou entidades intervenientes. En todo caso, o instrumento de formalización da encomenda de xestión e a súa resolución deberá ser publicado, para a súa eficacia, no diario oficial correspondente.

Cada Administración poderá regular os requisitos necesarios para a validez destes acordos, que incluirán, cando menos, expresa mención da actividade ou actividades ás que afecten, o prazo de vixencia e a natureza e alcance da xestión encomendada.

4. Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de distintas administracións formalizarase mediante o asinamento do correspondente convenio entre elas, agás no suposto da xestión ordinaria dos servizos das comunidades autónomas polas deputacións provinciais ou, de ser o caso, polos cabidos ou consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de réxime local.

5. O réxime xurídico da encomenda de xestión que se regula neste artigo non será de aplicación cando a realización das actividades enumeradas na alínea primeira teña que recaer sobre persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, axustándose daquela, no que proceda, á lexislación correspondente de contratos do Estado, sen que poidan encomendarse a persoas ou entidades desta natureza actividades que, segundo a lexislación vixente, deban realizarse con suxeición ao dereito administrativo.

Artigo 16. Delegación de sinatura.

1. Os titulares dos órganos administrativos poderán, en materia da súa propia competencia, delegar a sinatura das súas resolucións e actos

administrativos nos titulares dos órganos ou unidades administrativas que deles dependan, dentro dos límites sinalados no artigo 13.

2. A delegación de sinatura non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez non será necesaria a súa publicación.

3. Nas resolucións e actos que se asinen por delegación farase constar a autoridade de procedencia.

4. Non caberá a delegación de sinatura nas resolucións de carácter sancionador.

Artigo 17. Suplencia.

1. Os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles.

Se non se designa suplente, a competencia do órgano administrativo exerceraa quen designe o órgano administrativo inmediato do que dependa.

2. A suplencia non implicará alteración da competencia.

Artigo 18. Coordinación de competencias.

1. Os órganos administrativos, no exercicio das súas competencias propias, axustarán a súa actividade nas súas relacións con outros órganos da mesma ou doutras administracións aos principios establecidos no artigo 4.1 da lei, e coordinarana coa que puidese corresponderlles lexitimamente a estes, para o que poderán recoller a información que precisen.

2. As normas e actos ditados polos órganos das administracións públicas no exercicio da súa propia competencia deberán ser observadas polo resto dos órganos administrativos, aínda que non dependan xerarquicamente entre si ou pertenzan a outra Administración.

Artigo 19. Comunicacións entre órganos.

1. A comunicación entre os órganos administrativos pertencentes a unha mesma Administración pública efectuarase sempre directamente, sen traslados nin reproducións a través de órganos intermedios.

2. As comunicacións entre os órganos administrativos poderán efectuarse por calquera medio que asegure a constancia da súa recepción.

Artigo 20. Decisións sobre competencia.

1. O órgano administrativo que se estime incompetente para resolver un asunto remitiralle directamente as actuacións ao órgano que considere competente, se este pertence á mesma Administración pública.

2. Os interesados que sexan parte no procedemento poderanse dirixir ao órgano que se encontre coñecendo dun asunto para que decline a súa competencia e lle remita as actuacións ao órgano competente.

Así mesmo, poderanse dirixir ao órgano que estimen competente para que lle requira que se inhiba ao que estea coñecendo do asunto.

3. Os conflitos de atribucións só se poderán suscitar entre órganos dunha mesma Administración non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.

Artigo 21. Instrucións e ordes de servizo.

1. Os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo. Cando unha disposición específica así o estableza ou se estime conveniente por razón dos destinatarios ou dos efectos que poidan producirse, as instrucións e ordes de servizo publicaranse no xornal oficial que corresponda.

2. O incumprimento das instrucións ou das ordes de servizo non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que se poida incorrer.

CAPÍTULO II. ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 22. Réxime.

1. O réxime xurídico dos órganos colexiados axustarase ás normas contidas no presente capítulo, sen prexuízo das peculiaridades organizativas das administracións públicas en que se integran.

2. Os órganos colexiados das distintas administracións públicas en que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como aqueles compostos por representacións de distintas administracións públicas, conten ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, poderán establecer ou completar as súas propias normas de funcionamento.

Os órganos colexiados a que se refire este número quedarán integrados na Administración pública que corresponda, aínda que sen participar na estrutura xerárquica desta, a non ser que así o establezan as súas normas de creación ou que se deduza das súas funcións ou da propia natureza do órgano colexiado.

Artigo 23. Presidente.

1. En cada órgano colexiado correspóndelle ao presidente:

a) Exercer a representación do órgano.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

d) Dirimir co seu voto os empates, co obxecto de adoptar acordos, agás se se trata dos órganos colexiados a que se refire o número 2 do artigo 22, en que o voto será dirimente se así o establecen as súas propias normas.

e) Asegurar o cumprimento das leis.

f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do órgano.

2. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente que corresponda, e, na súa ausencia, polo membro do órgano colexiado de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

Esta norma non lles será de aplicación aos órganos colexiados previstos no número 2 do artigo 22, en que o réxime de substitución do presidente debe estar especificamente regulado en cada caso ou establecido expresamente por acordo do pleno do órgano colexiado.

Artigo 24. Membros.

1. En cada órgano colexiado correspóndelles aos seus membros:

a) Recibiren, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará ao dispor dos membros no mesmo prazo.

b) Participaren nos debates das sesións.

c) Exerceren o seu dereito ao voto e formularen o seu voto particular, así como expresaren o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

Non se poderán abster nas votacións aqueles que, pola súa calidade de autoridades ou de persoal ao servizo das administracións públicas, teñan a condición de membros de órganos colexiados.

d) Formularen rogos e preguntas.

e) Obteren a información precisa para cumpriren as funcións asignadas.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. Os membros dun órgano colexiado non se poderán atribuír as funcións de representación recoñecidas a este, a non ser que expresamente se lles outorgasen por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

3. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes, se os houber.

Cando se trate de órganos colexiados aos que se refire o número 2 do artigo 22, as organizacións representativas de intereses sociais poderán substituír os seus membros titulares por outros, acreditándoo perante a secretaría do órgano colexiado, respectando as reservas e limitacións que establezan as súas normas de organización.

Artigo 25. Secretario.

1. Os órganos colexiados terán un secretario, que poderá ser un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración pública correspondente.

2. A designación e o cesamento, así como a substitución temporal do secretario en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, realizaranse segundo o disposto nas normas específicas de cada órgano, e, de non habelas, por acordo deste.

3. Correspóndelle ao secretario do órgano colexiado:

a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto, se é un funcionario, e con voz e mais voto, se a secretaría do órgano a exerce un membro deste.

b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde do seu presidente, así como as citacións aos membros deste.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, xa que logo, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

Artigo 26. Convocatorias e sesións.

1. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presencia do presidente e mais do secretario, ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e a de ao menos a metade dos seus membros, agás o disposto

no punto 2 deste artigo.

Cando se trate dos órganos colexiados a que se refire o número 2 do artigo 22, o presidente poderá considerar validamente constituído o órgano, para os efectos de realización de sesión, se están presentes os representantes das administracións públicas e das organizacións representativas de intereses sociais membros do órgano aos que se lles atribuíse a condición de voceiros.

2. Os órganos colexiados poderán establecer o réxime propio de convocatorias, se este non está previsto polas súas normas de funcionamento. Este réxime poderá prever unha segunda convocatoria e especificar para ela o número de membros necesarios para constituír validamente o órgano.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, a non ser que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos adoptaranse por maioría de votos.

5. Aqueles que acrediten a titularidade dun interese lexítimo poderanse dirixir ao secretario dun órgano colexiado para que se lles expida unha certificación dos seus acordos.

Artigo 27. Actas.

1. De cada sesión que realice o órgano colexiado o secretario redactará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue, no acto ou no prazo que sinale o presidente, o texto que corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndoselle copia a esta.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivarse dos acordos.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión; non obstante, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se

adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

CAPÍTULO III. ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN

Artigo 28. Abstención.

1. As autoridades e o persoal ao servizo das administracións en quen se dea algunha das circunstancias sinaladas no número seguinte deste artigo absteranse de intervir no procedemento e comunicaranllo ao seu superior inmediato, que resolverá o procedente.

2. Son motivos de abstención os seguintes:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro na resolución do cal puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.

d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia e lugar.

3. A actuación de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas nos que concorran motivos de abstención non implicará necesariamente a invalidez dos actos en que interviñesen.

4. Os órganos superiores poderanlles ordenar ás persoas nas que se dea algunha das circunstancias sinaladas que se absteñan de toda intervención no expediente.

5. A non abstención nos casos en que proceda dará lugar a responsabilidade.

Artigo 29. Recusación.

1. Nos casos previstos no artigo anterior, os interesados poderán promover recusación en calquera momento da tramitación do procedemento.

2. A recusación formularase por escrito, no que se expresará a causa ou causas en que se fundan.

3. No día seguinte, o recusado manifestaralle ao seu inmediato superior se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, o superior poderá acordar a súa substitución de seguida.

4. Se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de tres días, tras os informes previos e as comprobacións que coide oportunos.

5. Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpor o recurso que proceda contra o acto que termine o procedemento.

TÍTULO III. DOS INTERESADOS

Artigo 30. Capacidade de obrar.

Terán capacidade de obrar perante as administracións públicas, amais das persoas que a posúan conforme as regras civís, os menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses nos que a súa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico-administrativo sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curadoría. Exceptúase o suposto dos menores incapacitados, cando a extensión da incapacitación afecte o exercicio e defensa dos dereitos ou intereses de que se trate.

Artigo 31. Concepto de interesado.

1. Considéranse interesados no procedemento administrativo:

a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou de intereses lexítimos individuais ou colectivos.

b) Aqueles que, sen seren os que iniciaron o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.

c) Aqueles que teñan intereses lexítimos, individuais ou colectivos, que poidan resultar afectados pola resolución e que se constitúan en parte no procedemento, en tanto non recaia resolución definitiva.

2. As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que a lei recoñeza.

3. Cando a condición de interesado derive dalgunha relación xurídica transmisible, o habente-dereito sucederá en tal condición, calquera que sexa o estado do procedemento.

Artigo 32. Representación.

1. Os interesados con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, co que se entenderán as actuacións administrativas, agás manifestación expresa en contra do interesado.

2. Calquera persoa con capacidade de obrar poderá actuar en representación doutra perante as administracións públicas.

3. Para formular solicitudes, presentar recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos no nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado. Para os actos e xestións de simple trámite presumirase esta representación.

4. A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que deberá conceder, para o efecto, o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.

Artigo 33. Pluralidade de interesados.

Cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse co representante ou o interesado que expresamente sinalasen, e, de non o haber, co que figure en primeiro termo.

Artigo 34. Identificación de interesados.

Se durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade en forma legal se advirte a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou de intereses lexítimos e directos, que resulten identificados a partir do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite, comunicaráselles ás ditas persoas a tramitación do procedemento.

TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. NORMAS XERAIS

Artigo 35. Dereitos dos cidadáns.

Os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas, teñen os seguintes dereitos:

a) A coñeceren, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e a obteren copias de documentos contidos neles.

b) A identificaren as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.

c) A obteren copia selada dos documentos que presenten, achegándoa xunto cos orixinais, así como á devolución destes, agás cando os orixinais deban constar no procedemento.

d) A empregaren as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

e) A formularen alegacións e a achegaren documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que o órgano competente deberá ter en conta ao redactar a proposta de resolución.

f) A non presentaren documentos non exixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, ou que xa se encontren en poder da Administración actuante.

g) A obteren información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes lles impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

h) A accederen aos rexistros e arquivos das administracións públicas nos termos previstos na Constitución e nesta ou outras leis.

i) A seren tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que deberán facilitárlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

l) A exixiren a responsabilidade das administracións públicas e do persoal ao seu servizo cando así corresponda legalmente.

ll) Calquera outro que lles recoñeza a Constitución e as leis.

Artigo 36. Lingua dos procedementos.

1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. De concorreren varios interesados no procedemento e existir discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, se ben os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán na lingua elixida por eles.

2. Nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

3. A Administración pública instrutora deberá traducir para o castelán os

documentos, expedientes ou partes deles que deban producir efecto fóra do territorio da comunidade autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente. Se deben producir efectos no territorio dunha comunidade autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non será precisa a súa tradución.

Artigo 37. Dereito de acceso a arquivos e rexistros.

1. Os cidadáns teñen dereito a accederen aos rexistros e aos documentos que, formando parte dun expediente, estean nos arquivos administrativos, calquera que sexa a forma de expresión, gráfica, sonora ou en imaxe, ou o tipo de soporte material en que figuren, sempre que tales expedientes correspondan a procedementos terminados na data da solicitude.

2. O acceso aos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas estará reservado a estas, que, no caso de observaren que estes datos figuran incompletos ou son inexactos, poderán exixir que sexan rectificados ou completados, a non ser que figuren en expedientes caducados polo transcurso do tempo, conforme os prazos máximos que determinen os diferentes procedementos, dos que non poida derivarse efecto substantivo ningún.

3. O acceso aos documentos de carácter nominativo que, sen incluíren outros datos pertencentes á intimidade das persoas, figuren nos procedementos de aplicación do dereito, agás os de carácter sancionador ou disciplinario, e que, en consideración ao seu contido, poidan facerse valer para o exercicio dos dereitos dos cidadáns, poderá ser exercido, ademais de polos seus titulares, por terceiros que acrediten un interese lexítimo e directo.

4. O exercicio dos dereitos que establecen as alíneas anteriores poderá ser denegado cando prevalezan razóns de interese público, por intereses de terceiros máis dignos de protección ou cando así o dispoña unha lei; nestes casos, deberá ditar resolución motivada o órgano competente.

5. O dereito de acceso non poderá ser exercido con respecto aos seguintes expedientes:

a) Os que conteñan información verbo das actuacións do Goberno do Estado ou das comunidades autónomas no exercicio das súas competencias constitucionais non suxeitas a dereito administrativo.

b) Os que conteñan información sobre a defensa nacional ou a seguridade do Estado.

c) Os tramitados para a investigación dos delitos cando puidese pórse en perigo a protección dos dereitos e liberdades de terceiros ou as necesidades das pescudas que se estean a realizar.

d) Os relativos ás materias protexidas polo segredo comercial ou

industrial.

e) Os relativos a actuacións administrativas derivadas da política monetaria.

6. Rexeranse polas súas disposicións específicas:

a) O acceso aos arquivos sometidos á normativa sobre materias clasificadas.

b) O acceso a documentos e expedientes que conteñan datos sanitarios persoais dos pacientes.

c) Os arquivos regulados pola lexislación do réxime electoral.

d) Os arquivos que sirvan a fins exclusivamente estatísticos dentro do ámbito da función estatística pública.

e) O Rexistro Civil e o Rexistro Central de Penados e Rebeldes e os rexistros de carácter público que teñan regulado o seu uso por unha lei.

f) O acceso aos documentos custodiados nos arquivos das administracións públicas por parte das persoas que teñan a condición de deputado das Cortes Xerais, senador, membro dunha asemblea lexislativa de comunidade autónoma ou dunha corporación local.

g) A consulta de fondos documentais existentes nos arquivos históricos.

7. O dereito de acceso exercerano os particulares de xeito que non se vexa afectada a eficacia do funcionamento dos servizos públicos; para isto débese formular unha petición individualizada dos documentos que se desexe consultar, sen que caiba, a non ser para a súa consideración con carácter potestativo, formular unha solicitude xenérica sobre unha materia ou conxunto de materias. Non obstante, cando os solicitantes sexan investigadores que acrediten un interese histórico, científico ou cultural relevante, poderase autorizar o acceso directo daqueles á consulta do expediente, sempre que quede garantida debidamente a intimidade das persoas.

8. O dereito de acceso levará consigo o de obter copias ou certificados dos documentos que a Administración autorice examinar, tras o pagamento previo, de ser o caso, das exaccións que estean legalmente establecidas.

9. Será obxecto de periódica publicación a relación dos documentos que están en poder das administracións públicas suxeitos a un réxime de especial publicidade por afectaren á colectividade no seu conxunto e cantos outros poidan ser obxecto de consulta polos particulares.

10. Serán obxecto de publicación regular aquelas instrucións e respostas a consultas formuladas polos particulares ou por outros órganos administrativos que comporten unha interpretación do dereito positivo ou

dos procedementos vixentes, co fin de que poidan ser alegadas polos particulares nas súas relacións coa Administración.

Artigo 38. Rexistros.[1]

1. Os órganos administrativos levarán un rexistro xeral no que se fará o correspondente asento de todo escrito ou comunicación que sexa presentado ou que se reciba en calquera unidade administrativa propia. Tamén se anotará nel a saída dos escritos e comunicacións oficiais dirixidas a outros órganos ou particulares.

2. Os órganos administrativos poderán crear nas unidades administrativas correspondentes da súa propia organización outros rexistros co fin de facilitar a presentación de escritos e comunicacións. Os ditos rexistros serán auxiliares do rexistro xeral, ao que comunicarán toda anotación que efectúen.

Os asentos anotaranse respectando a orde temporal de recepción ou saída dos escritos e comunicacións, e indicarán a data do día da recepción ou saída.

Concluído o trámite de rexistro, os escritos e comunicacións serán cursados sen dilación aos seus destinatarios e ás unidades administrativas correspondentes desde o rexistro en que fosen recibidas.

3. Os rexistros xerais, así como todos os rexistros que as administracións públicas establezan para a recepción de escritos e comunicacións dos particulares ou de órganos administrativos, deberán instalarse en soporte informático.

O sistema garantirá a constancia, en cada asento que se practique, dun número, unha epígrafe expresiva da súa natureza, a data de entrada, a data e a hora da súa presentación, a identificación do interesado, o órgano administrativo remitente, se procede, e a persoa ou o órgano administrativo ao que se envía, e, se é o caso, unha referencia ao contido do escrito ou comunicación que se rexistra.

Así mesmo, o sistema garantirá a integración informática no rexistro xeral das anotacións efectuadas nos restantes rexistros do órgano administrativo.

4. As solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan aos órganos das administracións públicas poderán presentarse:

a) Nos rexistros dos órganos administrativos a que se dirixan.

b) Nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou á dalgunha das entidades que integran a

[1] Ap. 9 derogado pola Lei 11/2007, do 22 de xuño

Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio.

c) Nas oficinas de correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

d) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Mediante convenios de colaboración subscritos entre as administracións públicas estableceranse sistemas de intercomunicación e coordinación de rexistros que garantan a súa compatibilidade informática, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrais e das solicitudes, escritos, comunicacións e documentos que se presenten en calquera dos rexistros.

5. Para a eficacia dos dereitos recoñecidos no artigo 35.c) desta lei aos cidadáns, estes poderán achegar unha copia dos documentos que presenten xunto coas súas solicitudes, escritos e comunicacións.

A dita copia, logo do cotexo co orixinal por calquera dos rexistros a que se refiren as alíneas a) e b) do número 4 deste artigo, seralle remitida ao órgano destinatario e o orixinal devolveráselle ao cidadán. Cando o orixinal deba figurar no procedemento, entregaráselle ao cidadán a copia del, unha vez selada polos rexistros mencionados e comprobada a súa identidade co orixinal.

6. Cada Administración pública establecerá os días e o horario en que deban permanecer abertos os seus rexistros, garantindo o dereito dos cidadáns a presentaren os documentos previstos no artigo 35.

7. Poderán facerse efectivos, ademais de por outros medios mediante xiro postal ou telegráfico, ou mediante transferencia dirixida á oficina pública correspondente, aqueles tributos que se teñan que satisfacer no momento da presentación de solicitudes e escritos ás administracións públicas.

8. As administracións públicas deberán facer pública e manter actualizada unha relación das oficinas de rexistro propias ou concertadas, os seus sistemas de acceso e comunicación, así como os horarios de funcionamento.

9.

Artigo 39. Colaboración dos cidadáns.

1. Os cidadáns están obrigados a facilitarlle á Administración informes, inspeccións e outros actos de investigación só nos casos previstos pola lei.

2. Os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar outros interesados que non comparecesen nel teñen o deber de

proporcionarllos á Administración actuante.

Artigo 39 bis. Principios de intervención das administracións públicas para o desenvolvemento dunha actividade.

1. As administracións públicas que, no exercicio das súas respectivas competencias, establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou exixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, deberán elixir a medida menos restritiva, motivar a súa necesidade para a protección do interese público así como xustificar a súa adecuación para lograr os fins que se perseguen, sen que en ningún caso se produzan diferenzas de trato discriminatorias.

2. As administraciones públicas velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal poderán comprobar, verificar, investigar e inspeccionar os feitos, actos, elementos, actividades, estimacións e demais circunstancias que se produzan.

Artigo 40. Comparecencia dos cidadáns.

1. A comparecencia dos cidadáns perante as oficinas públicas só será obrigatoria cando así estea previsto nunha norma con rango de lei.

2. Nos casos en que proceda a comparecencia, a correspondente citación fará constar expresamente o lugar, a data, a hora e o obxecto da comparecencia, así como os efectos de non atendela.

3. As administracións públicas, por solicitude do interesado, entregaranlle unha certificación na que se faga constar a comparecencia.

Artigo 41. Responsabilidade da tramitación.

1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das administracións públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas axeitadas para remover os atrancos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto aos seus intereses lexítimos, dispondo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación de procedementos.

2. Os interesados poderán solicitarlle a exixencia desa responsabilidade á Administración pública que corresponda.

Artigo 42. Obriga de resolver.

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación.

Nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, así como de desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na

declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Exceptúanse da obriga a que se refire o parágrafo primeiro os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

2. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de seis meses agás que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea.

3. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses. Este prazo e os previstos no número anterior contaranse:

a) Nos procedementos iniciados de oficio, desde a data do acordo de iniciación.

b) Nos iniciados por solicitude do interesado, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

4. As administracións públicas deben publicar e manter actualizadas, para efectos informativos, as relacións de procedementos, con indicación dos prazos máximos de duración deles, así como dos efectos que produza o silencio administrativo.

En todo caso, as administracións públicas informarán os interesados do prazo máximo normativamente establecido para a resolución e notificación dos procedementos, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo, incluíndo a citada mención na notificación ou publicación do acordo de iniciación de oficio, ou en comunicación que se lles dirixirá para o efecto dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Neste último caso, a comunicación indicará ademais a data en que a solicitude foi recibida polo órgano competente.

5. O transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución poderase suspender nos seguintes casos:

a) Cando se lle deba requirir a calquera interesado que emende deficiencias e achegue documentos e outros elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario ou, no seu defecto, o transcurso do prazo concedido, todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 71 da presente lei.

b) Cando deba obterse un pronunciamento previo e preceptivo dun órgano das Comunidades Europeas, polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicárselles aos interesados, e a notificación do pronunciamento á Administración instrutora, que tamén lles deberá ser comunicada.

c) Cando deban solicitarse informes que sexan preceptivos e determinantes do contido da resolución a órgano da mesma ou distinta Administración, polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente lles deberá ser comunicada. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses.

d) Cando deban realizarse probas técnicas ou análises contraditorias ou dirimentes propostas polos interesados, durante o tempo necesario para a incorporación dos resultados ao expediente.

e) Cando se inicien negociacións con vistas á conclusión dun pacto ou convenio nos termos previstos no artigo 88 desta lei, desde a declaración formal ao respecto e ata a conclusión sen efecto, se é o caso, das referidas negociacións que se constatará mediante declaración formulada pola Administración ou os interesados.

6. Cando o número das solicitudes formuladas ou de persoas afectadas puidesen supor un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, por proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, por proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.

Excepcionalmente, poderá acordarse a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación mediante motivación clara das circunstancias concorrentes e só unha vez esgotados todos os medios á disposición posibles.

De acordarse, finalmente, a ampliación do prazo máximo, este non poderá ser superior ao establecido para a tramitación do procedemento.

Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso ningún.

7. O persoal ao servizo das administracións públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo.

O incumprimento da dita obriga dará lugar á exixencia de responsabilidade disciplinaria, sen prexuízo da responsabilidade á que houber lugar de acordo coa normativa vixente.

Artigo 43. Silencio administrativo en procedementos iniciados por solicitude do interesado.

1. Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no número 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen que fose notificada resolución expresa lexitima o interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos en que unha norma con rango de lei por razóns imperiosas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario establezan o contrario.

Así mesmo, o silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, naqueles cuxa estimación tería como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, así como nos procedementos de impugnación de actos e disposicións. Non obstante, cando o recurso de alzada se interpuxese contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude polo transcurso do prazo, entenderase estimado aquel se, chegado o prazo de resolución, o órgano administrativo competente non dita resolución expresa sobre el.

2. A estimación por silencio administrativo ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento. A desestimación por silencio administrativo ten os únicos efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

3. A obriga de ditar resolución expresa a que se refire o número primeiro do artigo 42 suxeitarase ao seguinte réxime:

a) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só se poderá ditar de ser confirmatoria del.

b) Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo será adoptada pola Administración sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.

4. Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. Tales actos producen efectos desde o vencemento do prazo máximo en que debe ditarse e notificarse a resolución expresa sen que esta se producise, e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido que puider solicitarse do órgano competente para resolver. Unha vez solicitado o certificado, este deberá ser emitido no prazo máximo de quince días.

Artigo 44. Falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio.

Nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non exime a Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, e produce os seguintes efectos:

1. No caso de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento ou, se é o caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas individualizadas, os interesados que comparecesen poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

2. Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de produciren efectos desfavorables ou de gravame, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92.

Nos supostos nos que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

Artigo 45. Incorporación de medios técnicos.[2]

1. As administracións públicas impulsarán o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que para o emprego destes medios establecen a Constitución e as leis.

2.

3.

4.

5. Os documentos emitidos polas administracións públicas, calquera que sexa o seu soporte, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, ou os que estas emitan como copias de orixinais almacenados por estes mesmos medios, gozarán da validez e da eficacia de documento orixinal, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación, e, se é o caso, a recepción por parte do interesado, así como o cumprimento das garantías e requisitos exixidos por esta ou por outras leis.

Artigo 46. Validez e eficacia de documentos e copias.

1. Cada Administración pública determinará regulamentariamente os

[2] Aps. 2, 3 e 4 derogados pola Lei 11/2007, do 22 de xuño

órganos que teñan atribuídas as competencias de expedición de copias auténticas de documentos públicos ou privados.

2. As copias de calquera documento público gozarán da mesma validez e eficacia ca este, sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. As copias de documentos privados terán validez e eficacia exclusivamente no ámbito da actividade das administracións públicas, sempre que a súa autenticidade fose comprobada.

4. Teñen a consideración de documento público administrativo os documentos validamente emitidos polos órganos das administracións públicas.

CAPÍTULO II. TERMOS E PRAZOS

Artigo 47. Obrigatoriedade de termos e prazos.

Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan as autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como os interesados neles.

Artigo 48. Cómputo.

1. Sempre que mediante lei ou normativa comunitaria europea non se exprese outra cousa, cando os prazos se sinalen por días enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos.

Cando os prazos se sinalen por días naturais, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.

2. Se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo. Se no mes de vencemento non houbese día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

3. Cando o derradeiro día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

4. Os prazos expresados en días contaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou a desestimación por silencio administrativo.

5. Cando un día sexa hábil no municipio ou comunidade autónoma en que reside o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase inhábil en todo caso.

6. A declaración dun día como hábil ou inhábil para efectos de cómputo de prazos non determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das administracións públicas, a organización do tempo de traballo nin o acceso dos cidadáns aos rexistros.

7. A Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas, con suxeición ao calendario laboral oficial, fixarán, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles para efectos de cómputos de prazos. O calendario aprobado polas comunidades autónomas comprenderá os días inhábiles das entidades que integran a Administración local correspondente ao seu ámbito territorial, ás que será de aplicación.

O devandito calendario deberá publicarse antes do comezo de cada ano no diario oficial que corresponda e noutros medios de difusión que garantan o seu coñecemento polos cidadáns.

Artigo 49. Ampliación

1. A Administración, agás precepto en contrario, poderá conceder, de oficio ou por petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade deles, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberalles ser notificado aos interesados.

2. A ampliación dos prazos polo tempo máximo permitido aplicarase en todo caso aos procedementos tramitados polas misións diplomáticas e oficinas consulares, así como a aqueles que, tramitándose no interior, exixan cumprir algún trámite no estranxeiro ou nos que interveñan interesados residentes fóra de España.

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recursos.

Artigo 50. Tramitación de urxencia.

1. Cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio ou por pedimento do interesado, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

2. Non caberá recurso ningún contra o acordo que declare a aplicación de tramitación de urxencia ao procedemento.

TÍTULO V. DAS DISPOSICIÓNS E OS ACTOS ADMINISTRATIVOS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS ADMINISTRATIVAS

Artigo 51. Xerarquía e competencia.

1. As disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os estatutos de autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais ou das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

2. Ningunha disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior.

3. As disposicións administrativas axustaranse á orde de xerarquía que establezan as leis.

Artigo 52. Publicidade e inderrogabilidade singular.

1. Para que produzan efectos xurídicos as disposicións administrativas terán que publicarse no diario oficial que corresponda.

2. As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, aínda que aquelas teñan igual ou superior rango a estas.

CAPÍTULO II. REQUISITOS DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 53. Produción e contido.

1. Os actos administrativos que diten as administracións públicas, ben de oficio ou por instancia do interesado, produciraos o órgano competente axustándose ao procedemento establecido.

2. O contido dos actos axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e adecuado aos fins daqueles.

Artigo 54. Motivación.

1. Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

a) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.

b) Os que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos, recursos administrativos, reclamacións previas á vía xudicial e procedementos de arbitraxe.

c) Os que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.

d) Os acordos de suspensión de actos, calquera que sexa o motivo desta, así como a adopción de medidas provisionais previstas nos artigos 72 e 136 desta lei.

e) Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia ou de ampliación

de prazos.

f) Os que se diten no exercicio de potestades discrecionais, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa.

2. A motivación dos actos que poñan fin aos procedementos selectivos e de concorrencia competitiva realizarase de conformidade co que dispoñan as normas que regulen as súas convocatorias. En todo caso, deberán quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

Artigo 55. Forma.

1. Os actos administrativos produciranse por escrito a non ser que a súa natureza exixa ou permita outra forma máis axeitada de expresión e constancia.

2. Nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto, cando sexa necesaria, terá que efectuala e asinala o titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente, que expresará na comunicación do mesmo a autoridade da que procede. Se se tratase de resolucións, o titular da competencia deberá autorizar unha relación das que ditase de forma verbal, con expresión do seu contido.

3. Cando deba ditarse unha serie de actos administrativos da mesma natureza, tales como nomeamentos, concesións ou licenzas, poderán refundirse nun único acto, acordado polo órgano competente, que especificará as persoas ou outras circunstancias que individualicen os efectos do acto para cada interesado.

CAPÍTULO III. EFICACIA DOS ACTOS

Artigo 56. Executividade.

Os actos das administracións públicas suxeitas ao dereito administrativo serán executivos de acordo co disposto nesta lei.

Artigo 57. Efectos.

1. Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa.

2. A eficacia quedará demorada cando así o exixa o contido do acto ou estea supeditada á súa notificación, publicación ou aprobación superior.

3. Excepcionalmente, poderá outorgárselles eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados e, así mesmo, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data a que se retrotraia a eficacia do acto

e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Artigo 58. Notificación.

1. Notificaránselles aos interesados as resolucións e os actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses, nos termos previstos no artigo seguinte.

2. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto foi ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se é ou non definitivo na vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, o órgano perante o que deberán presentarse e o prazo para os interpor, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, se é o caso, calquera outro que estimen procedente,

3. As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos demais requisitos previstos no número anterior producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación ou resolución ou interpoña calquera recurso que proceda.

4. Sen prexuízo do establecido no número anterior, e para os únicos efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, abondará a notificación que conteña cando menos o texto íntegro da resolución, así como o intento de notificación debidamente acreditado.

Artigo 59. Práctica da notificación.[3]

1. As notificacións practicaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou o seu representante, así como da data, a identidade e o contido do acto notificado.

A acreditación da notificación efectuada incorporarase ao expediente.

2. Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, a notificación practicarase no lugar que este sinalase para tal efecto na solicitude. Cando iso non for posible, en calquera lugar adecuado para tal fin, e por calquera medio conforme co disposto no número 1 deste artigo.

Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non acharse presente este no momento de se entregar a notificación poderá facerse cargo dela calquera persoa que se atope no domicilio e faga constar a súa identidade. Se ninguén se puider facer cargo da notificación, farase constar esta circunstancia no expediente, xunto co día e a hora en que se intentou a notificación, intento que se repetirá por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes.

3.

[3] Ap. 3Derogado pola Lei 11/2007, do 22 de xuño

4. Cando o interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa, farase constar no expediente, especificando as circunstancias do intento de notificación, terase por efectuado o trámite e seguirase o procedemento.

5. Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou o medio a que se refire o punto 1 deste artigo, ou ben, intentada a notificación, non se puidese practicar, a notificación farase por medio de anuncios no taboleiro de editos do concello no seu último domicilio, no «Boletín Oficial del Estado», da comunidade autónoma ou da provincia, segundo cal sexa a Administración da que proceda o acto que se pretende notificar, e o ámbito territorial do órgano que o ditou.

No caso de o último domicilio coñecido radicar nun país estranxeiro, a notificación efectuarase mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do consulado ou sección consular da embaixada correspondente.

As administracións públicas poderán establecer outras formas de notificación complementarias a través dos restantes medios de difusión, que non excluirán a obriga de notificar conforme os dous parágrafos anteriores.

6. A publicación, nos termos do artigo seguinte, substituirá a notificación e producirá os seus mesmos efectos nos seguintes casos:

a) Cando o acto teña por destinatario unha pluralidade indeterminada de persoas ou cando a Administración estime que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos; neste último caso será adicional á notificación efectuada.

b) Cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo. Neste caso, a convocatoria do procedemento deberá indicar o taboleiro de anuncios ou os medios de comunicación onde se efectuarán as sucesivas publicacións, carecendo de validez as que se leven a cabo en lugares distintos.

Artigo 60. Publicación.

1. Os actos administrativos serán obxecto de publicación cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo órgano competente.

2. A publicación dun acto deberá conter os mesmos elementos que o punto 2 do artigo 58 exixe verbo das notificacións. Será tamén aplicable á publicación o establecido no punto 3 do mesmo artigo.

Nos supostos de publicacións de actos que conteñan elementos comúns, poderán publicarse de forma conxunta os aspectos coincidentes, e especificaranse soamente os aspectos individuais de cada acto.

Artigo 61. Indicación de notificacións e publicacións.

Se o órgano competente apreciase que a notificación por medio de anuncios ou a publicación dun acto lesiona dereitos ou intereses lexítimos, limitarase a publicar no diario oficial que corresponda unha indicación simple do contido do acto e do lugar onde os interesados poderán comparecer, no prazo que se estableza, para coñecemento do contido íntegro do mencionado acto e constancia do devandito coñecemento.

CAPÍTULO IV. NULIDADE E ANULABILIDADE

Artigo 62. Nulidade de pleno dereito.

1. Os actos das administracións públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

c) Os que teñan un contido imposible.

d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.

e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

2.Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á lei, e as que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.

Artigo 63. Anulabilidade.

1. Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación do poder.

2. Non obstante, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.

3. A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido

para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo.

Artigo 64. Transmisibilidade.

1. A nulidade ou anulabilidade dun acto non implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.

2. A nulidade ou anulabilidade en parte do acto administrativo non implicará a das partes do mesmo independentes daquela, non sendo que a parte viciada sexa de tal importancia que sen ela o acto administrativo non tería sido ditado.

Artigo 65. Conversión de actos viciados.

Os actos nulos ou anulables que, no entanto, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste.

Artigo 66. Conservación de actos e trámites.

O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites que terían mantido igual o seu contido de non se ter cometido a infracción.

Artigo 67. Validación.

1. A Administración poderá validar os actos anulables, emendando os vicios en que incorran.

2. O acto de validación producirá efecto desde a súa data, salvo o disposto anteriormente para a retroactividade dos actos administrativos.

3. Se o vicio consistise en incompetencia non determinante de nulidade, a validación poderá realizala o órgano competente cando sexa superior xerárquico do que ditou o acto viciado.

4. Se o vicio consistise na falta dalgunha autorización, o acto poderá ser validado mediante o outorgamento desta polo órgano competente.

TÍTULO VI. DAS DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE OS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

CAPÍTULO PRIMEIRO. INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO

Artigo 68. Clases de iniciación.

Os procedementos poderán iniciarse de oficio ou por solicitude da persoa interesada.

Artigo 69. Iniciación de oficio.

1. Os procedementos iniciaranse de oficio por acordo do órgano com-

petente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a pedimento razoado doutros órganos ou por denuncia.

2. Con anterioridade ao acordo de iniciación, o órgano competente poderá abrir un período de información previa co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e mais a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Artigo 70. Solicitudes de iniciación.

1. As solicitudes que se formulen deberán conter:

a) Nomes e apelidos do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente, así como a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinale para efectos de notificacións.

b) Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.

c) Lugar e data.

d) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.

e) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe.

2. Cando as pretensións correspondentes a unha pluralidade de persoas teñan un contido e fundamento idéntico ou substancialmente similar, poderán ser formuladas nunha única solicitude, salvo que as normas reguladoras dos procedementos específicos dispoñan outra cousa.

3. Das solicitudes, comunicacións e escritos que presenten os interesados nas oficinas da Administración, estes poderán exixir o correspondente recibo que acredite a data de presentación; admitirase como tal unha copia na que figure a data de presentación anotada na oficina.

4. As administracións públicas deberán establecer modelos e sistemas normalizados de solicitudes cando se trate de procedementos que impliquen a resolución numerosa dunha serie de procedementos. Os ditos modelos estarán ao dispor dos cidadáns nas dependencias administrativas.

Os solicitantes poderán achegar os elementos que estimen convenientes para precisar ou completar os datos do modelo, os cales deberá admitir ou ter en conta o órgano ao que se dirixan.

Artigo 71. Emenda e mellora da solicitude.

1. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os exixidos, se é o caso, pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá

ser ditada nos termos previstos no artigo 42.

2. Sempre que non se trate de procedementos selectivos ou de concorrencia competitiva, este prazo poderá ser ampliado prudencialmente, ata cinco días, por petición do interesado ou por iniciativa do órgano, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

3. Nos procedementos iniciados por solicitude dos interesados, o órgano competente poderalle ofrecer a posibilidade ao solicitante da modificación ou mellora voluntarias dos termos daquela. Do anterior levantarase acta sucinta, que se incorporará ao procedemento.

Artigo 71 bis. Declaración responsable e comunicación previa.

1. Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento subscrito por un interesado no cal manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio.

Os requisitos a que se refire o parágrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable.

2. Para os efectos desta lei, entenderase por comunicación previa aquel documento mediante o cal os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos exixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1.

3. As declaracións responsables e as comunicacións previas producirán os efectos que determine en cada caso a lexislación correspondente e permitirán, con carácter xeral, o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as administracións públicas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a comunicación poderá presentarse dentro dun prazo posterior ao inicio da actividade cando a lexislación correspondente o prevexa expresamente.

4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento

en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procederen.

Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto conforme os termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

5. As administracións públicas terán permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable e de comunicación previa, os cales se facilitarán de forma clara e inequívoca e que, en todo caso, se poderán presentar á distancia e por vía electrónica.

Artigo 72. Medidas provisionais.

1. Iniciado o procedemento, o órgano administrativo competente para resolvelo poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, as medidas provisionais que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, de existiren elementos de xuízo suficiente para iso.

2. Antes da iniciación do procedemento administrativo, o órgano competente, de oficio ou por instancia de parte, nos casos de urxencia e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas correspondentes nos supostos previstos expresamente por unha norma de rango de lei. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, as devanditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no citado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso respecto delas.

3. Non se poderán adoptar medidas provisionais que lles poidan causar aos interesados un prexuízo de difícil ou imposible reparación ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

4. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

En todo caso, extinguiranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

Artigo 73. Acumulación.

O órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera

que fose a forma da súa iniciación, poderá dispor a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión.

Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.

CAPÍTULO II. ORDENACIÓN DO PROCEDEMENTO

Artigo 74. Impulso.

1. O procedemento, sometido ao criterio de celeridade, impulsarase de oficio en todos os seus trámites.

2. No despacho dos expedientes gardarase a orde rigorosa de incoación en asunto de natureza homoxénea, salvo que o titular da unidade administrativa dea orde motivada do contrario, da que quede constancia.

O incumprimento do disposto no parágrafo anterior dará lugar á exixencia de responsabilidade disciplinaria do infractor ou, se é o caso, será causa de remoción do posto do traballo.

Artigo 75. Celeridade.

1. Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan unha impulsión simultánea e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.

2. Cando se soliciten os trámites que deban ser cumpridos por outros órganos, deberá consignarse na comunicación cursada o prazo legal establecido para o efecto.

Artigo 76. Cumprimento de trámites.

1. Os trámites que deban cumprir os interesados deberán realizarse no prazo de dez días a partir da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto.

2. Cando en calquera momento se considere que algún dos actos do interesado non reúne os requisitos necesarios, a Administración porao en coñecemento do seu autor, e concederalle un prazo de dez días para cumprilo.

3. Os interesados que non cumpran o disposto nos puntos anteriores poderán ser declarados decaídos no seu dereito ao trámite correspondente; no entanto, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, se se producise antes ou dentro do día en que se notifique a resolución na que se dea por transcorrido o prazo.

Artigo 77. Cuestións incidentais.

As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, mesmo as que se refiran á nulidade das actuacións, non suspenderán a súa tramitación, agás a recusación.

CAPÍTULO III. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 78. Actos de instrución.

1. Os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución, realizaraos de oficio o órgano que tramite o procedemento, sen prexuízo do dereito dos interesados a proporen aquelas actuacións que requiran a súa intervención ou constitúan trámites legal ou regulamentariamente establecidos.

2. Os resultados das sondaxes e enquisas de opinión que se incorporen á instrución dun procedemento deberán reunir as garantías legalmente establecidas para estas técnicas de información, así como a identificación técnica do procedemento seguido para a obtención destes resultados.

Artigo 79. Alegacións.

1. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo.

Uns e outros serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución.

2. En todo momento os interesados poderán alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser emendados antes da resolución definitiva do asunto. As ditas alegacións poderán dar lugar, se houber razóns para iso, á exixencia da correspondente responsabilidade disciplinaria.

Sección 2.ª Proba

Artigo 80. Medios e período de proba.

1. Os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

2. Cando a Administración non teña por certos os feitos que aleguen os interesados ou a natureza do procedemento o exixa, o instrutor deste acordará a apertura dun período de proba por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez, co fin de que se poidan practicar cantas probas xulgue pertinentes.

3. O instrutor do procedemento só poderá rexeitar as probas propostas polos interesados cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada.

Artigo 81. Práctica de proba.

1. A Administración comunicaralles aos interesados, con antelación abonda, o inicio das actuacións necesarias para a realización das probas que fosen admitidas.

2. Na notificación consignarase o lugar, a data e a hora en que se practicará a proba, coa advertencia, de ser o caso, de que o interesado pode nomear técnicos para que o asistan.

3. Nos casos en que, a pedimento do interesado, deban efectuarse probas que impliquen gastos que non deba soportar a Administración, esta poderá exixir o anticipo deles, coa reserva da liquidación definitiva, unha vez practicada a proba. A liquidación dos gastos practicarase unindo os comprobantes que acrediten a súa realidade e contía.

Sección 3.ª Informes

Artigo 82. Petición.

1. Para os efectos da resolución do procedemento, solicitaranse aqueles informes que sexan preceptivos por disposicións legais, e os que se xulguen necesarios para resolver, citándose o precepto que os exixa ou fundamentando, se é o caso, a conveniencia de os reclamar.

2. Na petición do informe concretarase o punto ou puntos verbo dos que se solicita.

Artigo 83. Emisión.

1. Salvo disposición expresa do contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes.

2. Os informes serán emitidos no prazo de dez días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou exixa outro prazo menor ou maior.

3. De non se emitir o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora, poderanse proseguir as actuacións calquera que sexa o carácter do informe solicitado, excepto nos casos de informes preceptivos que sexan determinantes para a resolución do procedemento; nese caso poderase interromper o prazo dos trámites sucesivos.

4. Se o informe debe ser emitido por unha Administración pública distinta da que tramita o procedemento para expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas e transcorrese o prazo sen que aquel fose emitido, poderanse proseguir as actuacións.

O informe emitido fóra de prazo poderá non terse en conta ao adoptar a correspondente resolución.

Sección 4.ª Participación dos interesados

Artigo 84. Trámite de audiencia.

1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poránselles de manifesto aos interesados ou, se é o caso, aos seus representantes, agás o que afecte as informacións e datos a que se refire o artigo 37.5.

2. Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

3. Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, o trámite darase por realizado.

4. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 85. Actuación dos interesados.

1. Os actos de instrución que requiran a intervención dos interesados terán que practicarse na forma que resulte máis cómoda para eles e sexa compatible, na medida do posible, coas súas obrigas laborais ou profesionais.

2. Os interesados poderán, en todo caso, actuar asistidos de asesor cando o consideren conveniente en defensa dos seus intereses.

3. En calquera caso, o órgano instrutor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de contradición e de igualdade dos interesados no procedemento.

Artigo 86. Información pública.

1. O órgano ao que lle corresponda a resolución do procedemento, cando a natureza deste o requira, poderá acordar un período de información pública.

2. Para tal efecto, anunciarase no «Boletín Oficial del Estado», da comunidade autónoma ou no da provincia respectiva, co fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento ou a parte deste que se acorde.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición e determinará o prazo para formular alegacións, que en ningún caso poderá ser inferior a vinte días.

3. A incomparecencia neste trámite non lles impedirá aos interesados interpor os recursos procedentes contra a resolución definitiva do

procedemento.

A comparecencia no trámite de información pública non outorga, por si mesma, a condición de interesado. Non obstante, os que presenten alegacións ou observacións neste trámite teñen dereito a obter da Administración unha resposta razoada, que poderá ser común para todas aquelas alegacións que formulen cuestións substancialmente iguais.

4. Conforme o disposto nas leis, as administracións públicas poderán establecer outras formas, medios e vías de participación dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei no procedemento de elaboración das disposicións e actos administrativos.

CAPÍTULO IV. FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 87. Remate.

1. Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando esta renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e mais a declaración de caducidade.

2. Tamén producirá o remate do procedemento a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso.

Artigo 88. Remate convencional.

1. As administracións públicas poderán subscribir acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule; tales actos poderán ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin.

2. Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervenientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia; deberán publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estivesen destinados.

3. Requirirán en todo o caso a aprobación expresa do Consello de Ministros, os acordos que versen sobre materias da competencia directa do dito órgano.

4. Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas aos órganos administrativos nin das responsabilidades que lles

correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ao funcionamento dos servizos públicos.

Sección 2.ª Resolución

Artigo 89. Contido.

1. A resolución que poña fin ao procedemento decidirá todas as cuestións formuladas polos interesados e aqueloutras derivadas daquel.

Cando se trate de cuestións conexas que non formulasen os interesados, o órgano competente poderá pronunciarse sobre elas, e antes terállelo que pór de manifesto a estes por un prazo non superior a quince días, para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e acheguen, de ser o caso, os medios de proba.

2. Nos procedementos tramitados por solicitude do interesado, a resolución será congruente coas peticións formuladas por este, sen que en ningún caso poida agravar a súa situación inicial e sen prexuízo da potestade da Administración de incoar de oficio un novo procedemento, se procede.

3. As resolucións conterán a decisión, que será motivada nos casos a que se refire o artigo 54. Expresarán, ademais, os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo ou xudicial perante o que deban presentarse e o prazo para interpolos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

4. En ningún caso a Administración poderá absterse de resolver so pretexto de silencio, escuridade ou insuficiencia dos preceptos legais aplicables ao caso, aínda que poderá resolver a inadmisión das solicitudes de recoñecemento de dereitos non previstos no ordenamento xurídico ou manifestamente carentes de fundamento, sen prexuízo do dereito de petición previsto polo artigo 29 da Constitución.

5. A aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Sección 3.ª Desistencia e renuncia

Artigo 90. Exercicio.

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación estivese formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só lles afectará a aqueles que a formulasen.

Artigo 91. Medios e efectos.

Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia.

2. A Administración aceptará de vez a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, estando constituídos como parte nel terceiros interesados, estes solicitasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia.

3. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fose conveniente substanciala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

Sección 4.ª Caducidade

Artigo 92. Requisitos e efectos.

1. Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable a este, a Administración advertirao de que, transcorridos tres meses, se producirá a caducidade daquel. Consumido este prazo sen que o particular requirido realice as actividades necesarias para proseguir a tramitación, a Administración acordará o arquivamento das actuacións, o que lle notificará ao interesado. Contra a resolución que declare a caducidade procederán os recursos pertinentes.

2. Non poderá acordarse a caducidade pola simple inactividade do interesado ao cumprir os trámites, sempre que non sexan indispensables para ditar resolución. A dita inactividade non terá outro efecto que a perda do seu dereito ao referido trámite.

3. A caducidade non producirá por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.

4. Poderá non ser aplicable a caducidade no caso de que a cuestión suscitada afecte o interese xeral, ou fose conveniente substanciala para a súa definición e esclarecemento.

CAPÍTULO V. EXECUCIÓN

Artigo 93. Título.

1. As administracións públicas non iniciarán ningunha actuación material de execución de resolucións que limite dereitos dos particulares sen que previamente se adoptase a resolución que lle sirva de fundamento xurídico.

2. O órgano que ordene un acto de execución material de resolucións estará obrigado a notificarlle ao particular interesado a resolución que autorice a actuación administrativa.

Artigo 94. Executoriedade.

Os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos, salvo o previsto nos artigos 111 e 138, e naqueles casos en que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

Artigo 95. Execución forzosa.

As administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, poderán proceder, tras o apercibimento previo, á execución forzosa dos actos administrativos, non sendo nos supostos en que se suspenda a execución de acordo coa lei, ou cando a Constitución ou a lei exixan a intervención dos tribunais.

Artigo 96. Medios de execución forzosa.

1. A execución forzosa por parte das administracións públicas efectuarase, respectando sempre o principio de proporcionalidade, polos seguintes medios:

a) Constrinximento sobre o patrimonio.

b) Execución subsidiaria.

c) Multa coercitiva.

d) Compulsión sobre as persoas.

2. De seren varios os medios de execución admisibles, elixirase o menos restritivo da liberdade individual.

3. Se for necesario entrar no domicilio do afectado, as administracións públicas deberán obter o seu consentimento ou, na súa ausencia, a oportuna autorización xudicial.

Artigo 97. Constrinximento sobre o patrimonio.

1. Se en virtude de acto administrativo tivese que satisfacerse cantidade líquida, seguirase o procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio en vía executiva.

2. En calquera caso, non se lles poderá impor aos interesados unha obriga pecuniaria que non estivese establecida de acordo cunha norma de rango legal.

Artigo 98. Execución subsidiaria.

1. Haberá lugar á execución subsidiaria cando se trate de actos que por non seren persoalísimos poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado.

2. Neste caso, as administracións públicas realizarán o acto, por si ou a través das persoas que determinen, á custa do obrigado.

3. O importe dos gastos, danos e perdas exixirase conforme o disposto no artigo anterior.

4. O dito importe poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, coa reserva da liquidación definitiva.

Artigo 99. Multa coercitiva.

1. Cando así o autoricen as leis, e na forma e contía que estas determinen, as administracións públicas poden, para a execución de determinados actos, impor multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que abonden para cumprir o ordenado, nos seguintes casos:

a) Actos persoalísimos en que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obrigado.

b) Actos en que, procedendo a compulsión, a Administración non a estimase conveniente.

c) Actos en que o obrigado poida encargarlle a súa execución a outra persoa.

2. A multa coercitiva é independente das sancións que poidan imporse con tal carácter e compatible con elas.

Artigo 100. Compulsión sobre as persoas.

1. Os actos administrativos que impoñan unha obriga persoalísima de non facer ou soportar poderán ser executados por compulsión directa sobre as persoas nos casos en que a lei expresamente o autorice, e dentro sempre do respecto debido á súa dignidade e aos dereitos recoñecidos na Constitución.

2. Se, tratándose de obrigas persoalísimas de facer, non se realizase a prestación, o obrigado deberá resarcir os danos e perdas e á liquidación e cobramento destes procederase por vía administrativa.

Artigo 101. Prohibición de interditos.

Non se admitirán a trámite interditos contra as actuacións dos órganos administrativos realizadas en materia da súa competencia e de acordo co procedemento legalmente establecido.

TÍTULO VII. DA REVISIÓN DOS ACTOS EN VÍA ADMINISTRATIVA

CAPÍTULO PRIMEIRO. REVISIÓN DE OFICIO

Artigo 102. Revisión de disposicións e actos nulos.

1. As administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou por solicitude de interesado, e contando co ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houber, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen obxecto de recurso en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1.

2. Así mesmo, en calquera momento, as administracións públicas de oficio, e co ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houber, poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos previstos no artigo 62.2.

3. O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de contar con ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da comunidade autónoma, cando aquelas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 62 ou carezan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se tivesen desestimado en canto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

4. As administracións públicas, ao declararen a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 139.2 e 141.1 desta lei, sen prexuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes ditados en aplicación dela.

5. Cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de tres meses desde o seu inicio sen se ditar resolución producirá a caducidade daquel. Se o procedemento se iniciase por solicitude de interesado, poderase entender esta desestimada por silencio administrativo.

Artigo 103. Declaración de lesividade de actos anulables

1. As administracións públicas poderán declarar lesivos para o interese público os actos favorables para os interesados que sexan anulables conforme o disposto no artigo 63 desta lei, co fin de proceder á súa ulterior impugnación perante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

2. A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos catro anos desde que se ditou o acto administrativo e exixirá a audiencia previa de cantos aparezan como interesados nel, nos termos establecidos polo artigo 84 desta lei.

3. Transcorrido o prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento sen se declarar a lesividade producirase a súa caducidade.

4. Se o acto proviñese da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas, a declaración de lesividade será adoptada polo

órgano de cada Administración competente na materia.

5. Se o acto proviñese das entidades que integran a Administración local, a declaración de lesividade será adoptada polo Pleno da corporación ou, en defecto deste, polo órgano colexiado superior da entidade.

Artigo 104. Suspensión.

Iniciado o procedemento de revisión de oficio, o órgano competente para resolver poderá suspender a execución do acto, cando esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

Artigo 105. Revogación de actos e rectificación de erros.

1. As administracións públicas poderán revogar en calquera momento os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, ou sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

2. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Artigo 106. Límites da revisión.

As facultades de revisión non poderán ser exercitadas cando por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.

CAPÍTULO II. RECURSOS ADMINISTRATIVOS

Sección 1.ª Principios xerais

Artigo 107. Obxecto e clases.

1. Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor o recurso de alzada e o potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 desta lei.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

2. As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación,

conciliación, mediación e arbitraxe, perante órganos colexiados ou comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente lei lles recoñece aos cidadáns e aos interesados en todo procedemento administrativo.

Nas mesmas condicións, o recurso de reposición poderá ser substituído polos procedementos a que se refire o parágrafo anterior, respectando o seu carácter potestativo para o interesado.

A aplicación destes procedementos no ámbito da Administración local non poderá supor o descoñecemento das facultades de resolución recoñecidas aos órganos representativos electos establecidos pola lei.

3. Contra as disposicións administrativas de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa.

Os recursos contra un acto administrativo que se funden unicamente na nulidade dalgunha disposición administrativa de carácter xeral poderán interporse directamente perante o órgano que ditou a citada disposición.

4. As reclamacións económico-administrativas axustaranse aos procedementos establecidos pola súa lexislación específica.

Artigo 108. Recurso extraordinario de revisión

Contra os actos firmes en vía administrativa só procederá o recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 118.1.

Artigo 109. Fin da vía administrativa.

Poñen fin á vía administrativa:

a) As resolucións dos recursos de alzada.

b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 107.2.

c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha lei estableza o contrario.

d) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

e) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.

Artigo 110. Interposición do recurso.

1. A interposición do recurso deberá expresar:

a) O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.

b) O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación.

c) Lugar, data, sinatura do recorrente, identificación do medio e, se é o caso, do lugar que se sinale para efectos de notificacións.

d) Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.

e) As demais particularidades exixidas, se é o caso, polas disposicións específicas.

2. O erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

3. Os vicios e defectos que fagan anulable un acto non poderán ser alegados por quen os causase.

Artigo 111. Suspensión da execución.

1. A interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

2. Malia o disposto no punto anterior, o órgano ao que lle competa resolver o recurso, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que a suspensión causaría ao interese público ou a terceiros e o prexuízo que se lle causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto obxecto de recurso, poderá suspender, de oficio ou por solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta lei.

3. A execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorridos trinta días desde que a solicitude de suspensión tivo entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre ela, este non ditou resolución expresa ao respecto. Nestes casos non será de aplicación o establecido no artigo 42.4, segundo parágrafo, desta lei.

4. Ao ditar o acordo de suspensión poderán adoptarse as medidas cautelares que sexan necesarias para asegurar a protección do interese público ou de terceiros e a eficacia da resolución ou do acto impugnado.

Cando da suspensión poidan derivarse prexuízos de calquera natureza, aquela só producirá efectos unha vez que se preste caución ou garantía suficiente para responder deles, nos termos establecidos regulamentariamente.

A suspensión poderá prolongarse despois de esgotada a vía administrativa cando exista medida cautelar e os efectos desta se estendan á vía contencioso-administrativa. Se o interesado interpuxer recurso contencioso-administrativo, no que solicite a suspensión do acto obxecto do proceso, manterase a suspensión ata que se produza o correspondente pronunciamento xudicial sobre a solicitude.

5. Cando o recurso teña por obxecto a impugnación dun acto administrativo que afecte unha pluralidade indeterminada de persoas, a suspensión da súa eficacia terá que ser publicada no xornal oficial en que aquel se inseriu.

Artigo 112. Audiencia dos interesados.

1. Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, poránselles de manifesto aos interesados para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Na resolución dos recursos non se terán en conta feitos, documentos ou alegacións do recorrente cando, podendo achegalos no trámite de alegacións, non o fixo.

2. De haber outros interesados daráselles, en todo caso, traslado do recurso para que no prazo antes citado aleguen canto estimen procedente.

3. O recurso, os informes e as propostas non teñen o carácter de documentos novos para os efectos deste artigo. Tampouco non o terán os que os interesados achegasen ao expediente antes de recaer a resolución impugnada.

Artigo 113. Resolución.

1. A resolución do recurso estimará, en todo ou en parte, ou desestimará as pretensións formuladas nel ou declarará a súa inadmisión.

2. Cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo ordenarase a retroacción do procedemento ao momento en que o vicio foi cometido, agás o disposto no artigo 67.

3. O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, presente o procedemento, fosen ou non alegadas polos interesados. Neste último caso serán oídos previamente. Non obstante, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial.

Sección 2.ª Recurso de alzada

Artigo 114. Obxecto.

1. As resolucións e actos a que se refire o artigo 107.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser obxecto de recurso en alzada perante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os tribunais e os órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, no seu defecto, do órgano que nomease ao presidente daqueles.

2. O recurso poderá interporse perante o órgano que ditou o acto que se impugna ou perante o competente para o resolver.

Se o recurso se interpor perante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberallo remitir ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto obxecto de recurso será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.

Artigo 115. Prazos.

1. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun mes, se o acto for expreso.

Se non o for, o prazo será de tres meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.

Transcorridos os ditos prazos sen se interpor o recurso, a resolución será firme para todos os efectos.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, agás no suposto previsto no artigo 43.2, segundo parágrafo.

3. Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1.

Sección 3.ª Recurso potestativo de reposición

Artigo 116. Obxecto e natureza.

1. Contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderase recorrer potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que os ditase ou poderán ser impugnados directamente perante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

2. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa

resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Artigo 117. Prazos.

1. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso. Se non o for, o prazo será de tres meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Transcorridos os devanditos prazos, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se é o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes.

3. Contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpor de novo tal recurso.

Sección 4.ª Recurso extraordinario de revisión

Artigo 118. Obxecto e prazos.

Contra os actos firmes en vía administrativa poderá interporse o recurso extraordinario de revisión perante o órgano administrativo que os ditou, que tamén será o competente para a súa resolución, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

1. Que ao ditalos se incorrese en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.

2. Que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución obxecto de recurso.

3. Que na resolución influísen esencialmente documentos ou testemuños declarados falsos por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior a aquela resolución.

4. Que a resolución se ditase como consecuencia de prevaricación, suborno, violencia, maquinación fraudulenta ou outra conduta punible e se declarase así en virtude de sentenza xudicial firme.

2. O recurso extraordinario de revisión interporase, cando se trate da causa 1ª, dentro do prazo de catro anos seguintes á data da notificación da resolución impugnada. Nos demais casos, o prazo será de tres meses contados a partir do coñecemento dos documentos ou a partir de cando a sentenza xudicial quedou firme.

3. O establecido neste artigo non prexudica o dereito dos interesados a formularen a solicitude e a instancia a que se refiren os artigos 102 e

105.2 da presente lei nin o seu dereito a que aquelas se substancien e resolvan.

Artigo 119. Resolución.

1. O órgano competente para a resolución do recurso poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite, sen necesidade de contar con ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da comunidade autónoma, cando aquel non se funde nalgunha das causas previstas no punto 1 do artigo anterior ou no suposto de que se tivesen desestimado en canto ao fondo outros recursos substancialmente iguais.

2. O órgano ao que lle corresponde coñecer do recurso extraordinario de revisión debe pronunciarse non só sobre a procedencia do recurso, senón tamén, se é o caso, sobre o fondo da cuestión resolta polo acto obxecto de recurso.

3. Transcorrido o prazo de tres meses desde a interposición do recurso extraordinario de revisión sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado, e quedará expedita a vía xurisdicional contencioso-administrativa.

TÍTULO VIII. DAS RECLAMACIÓNS PREVIAS AO EXERCICIO DAS ACCIÓNS CIVÍS E LABORAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 120. Natureza.

1. A reclamación en vía administrativa é requisito previo ao exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración pública, salvo os casos en que o dito requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei.

2. A dita reclamación tramitarase e resolverase a través das normas contidas neste título e mais por aquelas que, en cada caso, sexan de aplicación e, na súa ausencia, polas xerais desta lei.

Artigo 121. Efectos.

1. Se presentada unha reclamación perante as administracións públicas, esta non foi resolta e non transcorreu o prazo en que deba entenderse desestimada, non poderá deducirse a mesma pretensión perante a xurisdición correspondente.

2. Presentada a reclamación previa interromperanse os prazos para o exercicio das accións xudiciais, que se volverán contar a partir da data en que se practicase a notificación expresa da resolución ou, se é o caso, desde que se entenda desestimada polo transcurso do prazo.

CAPÍTULO II. Reclamación previa á vía xudicial civil

Artigo 122. Iniciación.

1. A reclamación dirixirase ao órgano competente da Administración pública de que se trate.

2. Na Administración xeral do Estado presentarase perante o ministro do departamento que por razón da materia obxecto da reclamación sexa competente. As reclamacións poderán presentarse en calquera dos lugares previstos por esta lei para a presentación de escritos ou solicitudes.

Artigo 123. Instrución.

1. O órgano ante o que se presentase a reclamación remitiralla no prazo de cinco días ao órgano competente en unión de todos os antecedentes do asunto.

2. O órgano competente para resolver poderá ordenar que se complete o expediente cos antecedentes, informes, documentos e datos que resulten necesarios.

Artigo 124. Resolución.

1. Resolta a reclamación polo ministro ou órgano competente notificaráselle ao interesado.

2. Se a Administración non lle notificase a súa decisión no prazo de tres meses, o interesado poderá considerar desestimada a súa reclamación para o efecto de formular a correspondente demanda xudicial.

CAPÍTULO III. RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XUDICIAL LABORAL

Artigo 125. Tramitación.

1. A reclamación deberá dirixirse ao xefe administrativo ou director do establecemento ou organismo en que o traballador preste os seus servizos.

2. Transcorrido un mes sen lle ser notificada resolución ningunha, o traballador poderá considerar desestimada a reclamación para os efectos da acción xudicial laboral.

Artigo 126. Reclamacións do persoal civil non funcionario da Administración militar.

As reclamacións que lle formule o persoal civil non funcionario ao servizo da Administración militar rexeranse polas súas disposicións específicas.

TÍTULO IX. DA POTESTADE SANCIONADORA

CAPÍTULO PRIMEIRO. PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA

Artigo 127. Principio de legalidade.

1. A potestade sancionadora das administracións públicas, recoñecida pola Constitución, exercerase cando fose expresamente atribuída por unha norma con rango de lei, con aplicación do procedemento previsto para o seu exercicio e de acordo co establecido neste título e, cando se trate de entidades locais, de conformidade co disposto no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. O exercicio da potestade sancionadora correspóndelles aos órganos administrativos que a teñan expresamente atribuída, por disposición de rango legal ou regulamentario.

3. As disposicións deste título non son de aplicación ao exercicio polas administracións públicas da súa potestade disciplinaria respecto do persoal ao seu servizo e de quen estea vinculado a elas por unha relación contractual.

Artigo 128. Irretroactividade.

1. Serán de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de se produciren os feitos que constitúan infracción administrativa.

2. As disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor.

Artigo 129. Principio de tipicidade.

1. Só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por unha lei, sen prexuízo do disposto para a Administración local no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2. Unicamente pola comisión de infraccións administrativas se poderán impor sancións, que, en todo caso, estarán delimitadas pola lei.

3. As disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou graduacións no cadro das infraccións ou sancións establecidas legalmente que, sen constituíren novas infraccións ou sancións, nin alteraren a natureza ou límites das que a lei contempla, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes.

4. As normas definidoras de infraccións e sancións non serán susceptibles de aplicación analóxica.

Artigo 130. Responsabilidade.

1. Só poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables deles, aínda a título de simple inobservancia.

2. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento

sancionador serán compatibles coa exixencia ao infractor da reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados que poderán ser determinados polo órgano competente; neste caso deberá comunicárselle ao infractor para a súa satisfacción no prazo que para o efecto se determine, e quedará, de non se facer así, expedita a vía xudicial correspondente.

3. Cando o cumprimento das obrigas previstas nunha disposición legal lles corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se é o caso, se cometan e mais das sancións que se impoñan.

Serán responsables subsidiarios ou solidarios polo incumprimento das obrigas impostas pola lei que comporten o deber de previr a infracción administrativa cometida por outros, as persoas físicas e xurídicas sobre as que tal deber recaia, cando así o determinen as leis reguladoras dos distintos réximes sancionadores.

Artigo 131. Principio de proporcionalidade.

1. As sancións administrativas, sexan ou non de natureza pecuniaria, en ningún caso poderán implicar, directa ou subsidiariamente, privación de liberdade.

2. O establecemento de sancións pecuniarias deberá prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficioso para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

3. Na determinación normativa do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción que se aplique:

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) A natureza dos prexuízos causados.

c) A reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 132. Prescrición.

1. As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometera.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e volverá a transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

3. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 133. Concorrencia de sancións.

Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento.

CAPÍTULO II. PRINCIPIOS DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 134. Garantía de procedemento.

1. O exercicio da potestade sancionadora requirirá procedemento legal ou regulamentariamente establecido.

2. Os procedementos que regulen o exercicio da potestade sancionadora deberán establecer a debida separación entre a fase instrutora e a sancionadora, encomendándoas a órganos distintos.

3. En ningún caso se poderá impor unha sanción sen que se tramitase o necesario procedemento.

Artigo 135. Dereitos do presunto responsable.

Os procedementos sancionadores garantiranlle ao presunto responsable os seguintes dereitos:

A ser notificado dos feitos que se lle imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituír e mais das sancións que, se é o caso, se lle puidesen impor, así como da identidade do instrutor, da autoridade competente para impor a sanción e da norma que atribúa tal competencia.

A formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes.

Os demais dereitos recoñecidos polo artigo 35 desta lei.

Artigo 136. Medidas de carácter provisional.

Cando así estea previsto nas normas que regulen os procedementos sancionadores, poderá procederse mediante acordo motivado á adopción de medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que puidese recaer.

Artigo 137. Presunción de inocencia.

1. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de non existencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

2. Os feitos declarados probados por resolucións xudiciais penais firmes vincularán as administracións públicas respecto dos procedementos sancionadores que substancien.

3. Os feitos constatados por funcionarios aos que se lles recoñece a condición de autoridade, e que se formalicen en documento público observando os requisitos legais pertinentes, terán valor probatorio sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.

4. Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta do presunto responsable cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades.

Só poderán declararse improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

Artigo 138. Resolución.

1. A resolución que poña fin ao procedemento terá que ser motivada e resolverá todas as cuestións formuladas no expediente.

2. Na resolución non se poderán aceptar feitos distintos dos determinados no curso do procedemento, con independencia da súa diferente valoración xurídica.

3. A resolución será executiva cando poña fin á vía administrativa.

Na resolución adoptaranse, se é o caso, as disposicións preventivas precisas para garantir a súa eficacia en tanto non sexa executiva.

TÍTULO X. DA RESPONSABILIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PUBLICAS E DAS SÚAS AUTORIDADES E DEMAIS PERSOAL AO SEU SERVIZO

CAPÍTULO PRIMEIRO. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Artigo 139. Principios da responsabilidade.

1. Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

2. En todo caso, o dano alegado terá que ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.

3. As administracións públicas indemnizarán os particulares pola aplicación de actos lexislativos de natureza non expropiatoria de dereitos e que estes non teñan o deber xurídico de soportar, cando así se establezan nos propios actos lexislativos e nos termos que especifiquen os ditos actos.

4. A responsabilidade patrimonial do Estado polo funcionamento da Administración de Xustiza rexerase pola Lei orgánica do Poder Xudicial.

5. O Consello de Ministros fixará o importe das indemnizacións que proceda aboar cando o Tribunal Constitucional declarase, por instancia de parte interesada, a existencia dun funcionamento anormal na tramitación dos recursos de amparo ou das cuestións de inconstitucionalidade.

O procedemento para fixar o importe das indemnizacións tramitarao o Ministerio de Xustiza, con audiencia ao Consello de Estado.

Artigo 140. Responsabilidade concorrente das administracións públicas.

1. Cando da xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación entre varias administracións públicas se derive responsabilidade nos termos previstos na presente lei, as administracións intervenientes responderán de forma solidaria. O instrumento xurídico regulador da actuación conxunta poderá determinar a distribución da responsabilidade entre as diferentes administracións públicas.

2. Noutros supostos de concorrencia de varias administracións na produción do dano, a responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios de competencia, interese público tutelado e intensidade da intervención. A responsabilidade será solidaria cando non sexa posible a dita determinación.

Artigo 141. Indemnización.

1. Só serán indemnizables as lesións producidas ao particular provenientes de danos que este non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puidesen prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de se produciren aqueles, todo iso sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos.

2. A indemnización calcularase consonte os criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose, se é o caso, as valoracións predominantes no mercado.

3. A contía da indemnización calcularase con referencia ao día en que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización na data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade consonte o índice de prezos ao consumo, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos xuros que procedan por demora no pagamento da indemnización fixada, os cales se exixirán consonte o establecido na Lei xeral orzamentaria.

4. A indemnización procedente poderase substituír por unha compensación en especie ou ser aboada mediante pagamentos periódicos, cando resulte máis adecuado para lograr a reparación debida e conveña ao interese público, sempre que exista acordo co interesado.

Artigo 142. Procedementos de responsabilidade patrimonial.

1. Os procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas iniciaranse de oficio ou por reclamación dos interesados.

2. Os procedementos de responsabilidade patrimonial resolveraos o ministro respectivo, o Consello de Ministros se unha lei así o dispón, ou os órganos correspondentes das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local. Cando a súa norma de creación así o determine, a reclamación resolverana os órganos aos que lles corresponda das entidades de dereito público a que se refire o artigo 2.2 desta lei.

3. Para a determinación da responsabilidade patrimonial establecerase regulamentariamente un procedemento xeral con inclusión dun procedemento abreviado para os supostos en que concorran as condicións previstas no artigo 143 desta lei. No procedemento xeral será preceptivo o ditame do Consello de Estado ou, de ser o caso, do órgano consultivo da comunidade autónoma cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 € ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica.

4. A anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdicional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativas non presupón dereito á indemnización, pero se a resolución ou disposición impugnada o fose por razón do seu fondo ou forma, o dereito a reclamar prescribirá ao ano de se ditar a sentenza definitiva, e non será de aplicación o disposto no punto 5.

5. En todo caso, o dereito a reclamar prescribe ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. En caso de danos, de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo empezarase a computar desde a curación ou a determinación do alcance

das secuelas.

6. A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive, pón fin á vía administrativa.

7. Se non recae resolución expresa poderase entender desestimada a solicitude de indemnización.

Artigo 143. Procedemento abreviado.

1. Iniciado o procedemento xeral, cando sexan inequívocos a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión, así como a valoración do dano e o cálculo da contía da indemnización, o órgano competente poderá acordar a substanciación dun procedemento abreviado, co fin de recoñecer o dereito á indemnización no prazo de trinta días.

2. En todo caso, os órganos competentes poderán acordar ou propor que se siga o procedemento xeral.

3. Se non recae resolución expresa poderase entender desestimada a solicitude de indemnización.

Artigo 144. Responsabilidade de dereito privado.

Cando as administracións públicas actúen en relacións de dereito privado, responderán directamente dos danos e perdas causados polo persoal que se encontre ao seu servizo, considerándose a actuación deste como actos propios da Administración baixo o servizo da cal se encontre. A responsabilidade exixirase de conformidade co previsto nos artigos 139 e seguintes desta lei.

CAPÍTULO II. RESPONSABILIDADE DAS AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Artigo 145. Exixencia de responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.

1. Para facer efectiva a responsabilidade patrimonial a que se refire o capítulo I deste título, os particulares exixiranlle directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e perdas causados polas autoridades e persoal ao seu servizo.

2. A Administración correspondente, unha vez que indemnice os lesionados, exixirá de oficio das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que incorresen por dolo, ou culpa ou neglixencia graves, logo de instruír o procedemento que regulamentariamente se estableza.

Para a exixencia da dita responsabilidade ponderaranse, entre outros, os

seguintes criterios: o resultado danoso producido, a existencia ou non de intencionalidade, a responsabilidade profesional do persoal ao servizo das administracións públicas e a súa relación coa produción do resultado danoso.

3. Así mesmo, a Administración instruirá igual procedemento ás autoridades e demais persoal ao seu servizo polos danos e perdas causados nos seus bens ou dereitos cando concorrese dolo, ou culpa ou neglixencia graves.

4. A resolución declaratoria de responsabilidade porá fin á vía administrativa.

5. O disposto nos parágrafos anteriores entenderase sen prexuízo de pasar, se procede, o tanto de culpa aos tribunais competentes.

Artigo 146. Responsabilidade penal.

1. A responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas, así como a responsabilidade civil derivada do delito, exixirase de acordo co previsto na lexislación correspondente.

2. A exixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, agás que a determinación dos feitos na orde xurisdicional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

5. LEI 16/2010, DO 17 DE DECEMBRO, DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA: TÍTULOS PRELIMINAR, I, II E III.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI 16/2010, DO 17 DE DECEMBRO, DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA: TÍTULOS PRELIMINAR, I, II E III.[1]

TÍTULO PRELIMINAR. Do ámbito de aplicación

Artigo 1. Obxecto e finalidade da lei

1. Esta lei ten por obxecto regular a organización e o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, así como a regulación do exercicio da potestade regulamentaria e do procedemento de elaboración de regulamentos.

2. O fin desta lei é atinxir unha maior racionalización e axilización administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados aos cidadáns por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Artigo 2. A Administración xeral de Galicia

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica única.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolve funcións executivas de carácter administrativo, realizando as tarefas nas que se concreta o exercicio da acción de goberno.

Artigo 3. O sector público autonómico

1. Para os efectos desta lei, o sector público autonómico, ademais de pola propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:

a) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Outras entidades instrumentais respecto das que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerce xuridicamente, de

[1] DO. Galicia 31 decembro 2010, núm. 251

forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, entendendo como tal, para estes efectos, aquela na que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración.

2. As entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico suxeitarán a súa actividade ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas e en calquera outra circunstancia agás que, neste último caso, de acordo coas leis xerais ou sectoriais aplicables ou coas súas específicas normas reguladoras, poidan ou deban someterse ao dereito privado. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

3. As demais entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico actuarán, como regra xeral, en réxime de dereito privado, sen prexuízo de actuaren con suxeición ao dereito administrativo cando así o establezan as leis xerais e sectoriais aplicables.

4. Os consorcios poderán exercer por delegación, logo do acordo do Consello de Xunta e sempre que se recoñeza nos seus estatutos, competencias e potestades administrativas das administracións consorciadas.

TÍTULO I. Réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

CAPÍTULO I. Dos principios da organización administrativa e do réxime xurídico dos órganos colexiados

Sección1ª. Principios xerais

Artigo 4. Principios xerais

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a dirección da Xunta, e as entidades integrantes do sector público autonómico serven con obxectividade os intereses xerais e actúan con sometemento pleno á Constitución, ao Estatuto de autonomía, á lei e ao resto do ordenamento xurídico.

2. As potestades e competencias administrativas que teñen atribuídas polo ordenamento xurídico a Administración xeral e as entidades que integran o sector público autonómico determinan a súa capacidade de obrar.

3. A organización e a actividade da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico responden ao principio de división funcional. Na súa organización observaranse os seguintes

principios:

a) Xerarquía.

b) Descentralización.

c) Desconcentración.

d) Coordinación.

e) Eficacia e eficiencia.

f) Simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade aos cidadáns.

4. O contido deste artigo aplicaráselles tamén ás entidades integrantes do sector público autonómico.

Sección2ª. Competencia administrativa

Artigo 5. Exercicio da competencia

1. A competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é irrenunciable, e será exercida precisamente polos órganos que a teñan atribuída como propia, agás nos casos de delegación ou avocación, nos termos previstos na lei.

2. A encomenda de xestión, a delegación de sinatura e a suplencia non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevexan.

3. A titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos poderán ser desconcentrados noutros xerarquicamente dependentes daqueles nos termos e cos requisitos que prevexan as propias normas de atribución de competencias.

4. As funcións correspondentes ás competencias dunha consellaría que non sexan asignadas por lei a un concreto órgano administrativo entenderanse atribuídas aos órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio, e, de existiren varios destes, ao superior xerárquico común, sen prexuízo de que mediante decreto se poida designar como titular da competencia outro órgano da mesma consellaría.

5. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia estenden a súa competencia a todo o territorio da Comunidade Autónoma, agás indicación en sentido contrario das normas aplicables.

Artigo 6. Delegación de competencias

1. O exercicio das competencias cuxa titularidade lles corresponda a órganos da Administración autonómica poderá ser delegado noutros órganos da propia Administración autonómica ou dalgunha entidade integrante do sector público autonómico.

2. Cando entre os órganos delegante e delegado non exista relación xerárquica e pertenzan á mesma consellaría, será necesaria a aprobación previa do órgano superior común. Se delegante e delegado non pertencen á mesma consellaría, requirirase a autorización da persoa titular da consellaría á que pertence o órgano delegado.

3. No caso de que un órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia delegue o exercicio de competencias nun órgano dunha entidade instrumental do sector autonómico, tal delegación deberá ser previamente aprobada, se os houber, polos órganos dos que dependan o órgano delegante e o órgano delegado, agás que o delegante sexa o titular da consellaría de adscrición da entidade instrumental, caso no que abondará coa decisión deste.

4. En ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas a:

a) Os asuntos que deban ser sometidos a acordo da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias do Consello da Xunta cuxo exercicio se lles atribúa ás súas comisións delegadas.

b) A aprobación de regulamentos.

c) Os asuntos que se refiran ás relacións institucionais coa Xefatura do Estado, coa Presidencia do Goberno do Estado, coas Cortes Xerais, coas presidencias dos consellos de goberno das comunidades autónomas, co Parlamento de Galicia e coas demais asembleas lexislativas das comunidades autónomas e coa Unión Europea.

d) A resolución dos recursos nos órganos administrativos que diten os actos obxecto do recurso.

e) As materias nas que así se determine por unha norma con rango de lei.

5. Non constitúe impedimento para que se poida delegar a competencia para resolver un procedemento a circunstancia de que a súa norma reguladora prevexa, como trámite preceptivo, a emisión dun ditame ou informe; no entanto, non se poderá delegar a competencia para resolver un asunto concreto unha vez que no correspondente procedemento se

emitise un ditame ou informe preceptivo acerca del.

6. As delegacións de competencias e a súa revogación deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e figurar dun xeito permanente e accesible na páxina web institucional da consellaría ou do órgano delegante.

7. Os actos e as resolucións administrativas ditados por delegación farán constar esta circunstancia, con referencia ao número e á data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e consideraranse ditados polo órgano delegante.

8. Salvo autorización expresa dunha lei, non se poderán delegar as competencias que se exerzan por delegación.

9. A delegación será revogable en calquera momento polo órgano que a conferise.

10. A delegación de competencias atribuídas a órganos colexiados para cuxo exercicio ordinario se requira un quórum especial deberá adoptarse observando, en todo caso, o devandito quórum.

Artigo 7. Avocación

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderán avocar para si o coñecemento dun asunto cuxa resolución lle corresponda ordinariamente ou por delegación a un órgano administrativo dependente, cando haxa circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial que o fagan conveniente.

2. Cando se producise delegación do exercicio de competencias entre órganos que non son dependentes xerarquicamente, a avocación só poderá ser acordada polo órgano delegante.

3. A avocación realizarase mediante acordo motivado que lles deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade á resolución final que se dite. A avocación, salvo que sexa acordada por un membro da Xunta de Galicia, deberá ser posta tamén en coñecemento do superior xerárquico do órgano avocante.

4. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que a posible ilegalidade da avocación poderá facerse valer, de ser o caso, no recurso que se interpoña contra a resolución do procedemento.

Artigo 8. Encomenda de xestión intrasubxectiva

1. A realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade

Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma administración ou entidade que o encomendante, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño.

2. A encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, e será responsabilidade do órgano encomendante ditar cantos actos ou cantas resolucións de carácter xurídico lle dean soporte á concreta actividade material obxecto de encomenda ou aqueles nos que esta se integre.

3. A encomenda de xestión a órganos pertencentes á mesma consellaría deberá ser autorizada pola persoa titular da consellaría correspondente. Para a encomenda de xestión a órganos pertencentes a diferente consellaría ou dependentes de diferente consellaría será precisa a autorización do Consello da Xunta.

4. A encomenda de xestión intrasubxectiva formalizarase por medio da resolución de autorización e dos acordos que se asinen entre os órganos correspondentes unha vez autorizada a encomenda de xestión, e deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia co contido mínimo seguinte:

a) Actividade ou actividades ás que se refira.

b) Natureza e alcance da xestión encomendada.

c) Prazo de vixencia e supostos nos que proceda a finalización anticipada da encomenda ou a súa prórroga.

Así mesmo, nos termos descritos neste punto, tamén deberán ser publicadas as sucesivas prórrogas da encomenda que, se é o caso, se asinen.

5. A encomenda de xestión publicarase na páxina web institucional dos órganos intervenientes, para os efectos informativos.

Artigo 9. Encomenda de xestión intersubxectiva entre administracións públicas e entidades públicas

1. A encomenda de xestión tamén se poderá levar a cabo entre órganos pertencentes a distintas administracións e entidades públicas, pertenzan ou non ao sector público autonómico, coa condición de que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o órgano que realice a actividade encomendada o faga a título gratuíto.

b) Que a entidade que vaia desenvolver a actividade encomendada poida ser considerada como medio propio ou servizo técnico da entidade encomendante.

c) Que, polo seu obxecto, pola súa causa ou por outra circunstancia xuridicamente relevante, non teña a natureza de contrato suxeito á Lei de contratos do sector público.

2. A encomenda de xestión intersubxectiva articularase por medio de convenios interadministrativos de colaboración. Non obstante, no caso de que a entidade á que pertence o órgano que vaia realizar a encomenda teña a consideración de medio propio e servizo técnico da entidade á que pertence o encomendante, a encomenda instrumentarase por medio de resolución da consellaría de adscrición da entidade.

3. Para a súa efectividade, o instrumento no que se formalice a encomenda de xestión intersubxectiva deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia co contido mínimo previsto no artigo anterior.

4. A encomenda de xestión de actividades e servizos que sexan competencia doutras administracións públicas en favor de órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entes públicos do sector público autonómico requirirá a aceptación previa do Consello da Xunta e será formalizada mediante a sinatura do correspondente convenio.

Artigo 10. Encomendas a outras entidades

1. Poderá encargarse a realización de tarefas a entidades de dereito privado que reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encomendante mediante resolución unilateral do órgano que se determine conforme o artigo 47º desta lei.

2. Poderá encargarse a realización de tarefas a outras persoas físicas ou xurídicas de dereito privado por medio de convenios sempre que se respecten os contidos e límites da lexislación básica sobre contratación do sector público. Por medio de tales convenios de colaboración non se lles poderá encargar a estas persoas físicas ou xurídicas privadas actividades que, segundo a lexislación vixente, teñan que realizarse con suxeición ao dereito administrativo.

Artigo 11. Delegación de sinatura

1. Os titulares dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderán, en materia da súa propia competencia, delegar a sinatura das súas resolucións e dos seus actos administrativos nos titulares dos órganos que dependan deles, dentro dos límites

sinalados para a delegación de competencias.

2. A delegación da sinatura non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez non será necesaria a súa publicación.

3. Nas resolucións e nos actos que se asinen por delegación farase constar a autoridade de procedencia. Para estes efectos, a sinatura deberá ir precedida da expresión «por delegación de sinatura», con indicación do cargo que autoriza e do órgano autorizado.

4. Non caberá delegación de sinatura nas resolucións de carácter sancionador.

Artigo 12. Suplencia

1. Os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles.

2. Se non se designa suplente, a competencia do órgano administrativo será exercida por quen designe o órgano administrativo inmediato superior do que dependa.

3. A suplencia non implicará alteración da competencia.

Artigo 13. Conflitos de atribucións

1. Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia os conflitos de atribucións só se poderán suscitar entre órganos non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os cales non finalizase o procedemento administrativo.

2. Os conflitos de atribucións positivos ou negativos entre órganos dunha mesma consellaría serán resoltos polo superior xerárquico común no prazo de dez días hábiles sen que caiba recurso ningún.

3. Nos conflitos positivos, o órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, o cal suspenderá o procedemento por un prazo de dez días hábiles. Se dentro deste prazo acepta o requirimento, remitiralle o expediente ao órgano que o formulase. No caso de considerarse competente, remitiralle acto seguido as actuacións ao superior xerárquico común.

4. Nos conflitos negativos, o órgano que se considere incompetente remitiralle as actuacións ao órgano que considere competente, que decidirá no prazo de dez días hábiles, e este, no caso de considerarse incompetente, remitiralle acto seguido o expediente co seu informe ao

superior xerárquico común.

5. Os conflitos de atribucións entre diferentes consellarías serán resoltos por acordo asinado conxuntamente polas propias persoas titulares das consellarías afectadas. No caso de discrepancia, daráselle traslado ao Consello da Xunta de Galicia, que resolverá no prazo de dez días, sen que contra a súa decisión caiba recurso ningún.

Sección3ª. Órganos colexiados

Artigo 14. Réxime xurídico

1. Os órganos colexiados réxense pola lexislación básica sobre réxime xurídico das administracións públicas, pola lexislación específica aplicable, polas normas contidas nesta sección e polos seus regulamentos de réxime interior.

2. Os órganos colexiados das distintas administracións públicas nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como aqueles compostos por representacións de distintas administracións públicas, conten ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, poderán establecer ou completar as súas propias normas de funcionamento.

Os órganos colexiados aos que se refire este punto quedarán integrados na Administración pública que corresponda, aínda que sen participar na estrutura xerárquica desta, agás que así o establezan as súas normas de creación ou se desprenda das súas funcións ou da propia natureza do órgano colexiado.

3. As normas contidas nesta sección non lle serán aplicables ao Consello da Xunta nin ás súas comisións delegadas.

Artigo 15. Requisitos de creación

A constitución dun órgano colexiado terá como presuposto indispensable a determinación dos seguintes aspectos na súa norma de creación:

a) Os seus fins e obxectivos.

b) A súa integración administrativa ou dependencia xerárquica.

c) A composición e os criterios para a designación da persoa titular da súa presidencia e dos restantes membros.

d) As funcións de decisión, proposta, asesoramento, seguimento e control, así como calquera outra que se lle atribúa.

e) A dotación dos créditos necesarios, de ser o caso, para o seu funcionamento.

Artigo 16. Presidencia

1. En cada órgano colexiado correspóndelle á presidenta ou ao presidente:

a) Desempeñar a representación do órgano.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos, agás se se trata dos órganos colexiados nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como daqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras administracións públicas, conten ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, nos que o voto será dirimente de establecéreno así as súas propias normas.

e) Asegurar o cumprimento das leis.

f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do órgano.

2. A persoa que exerza a presidencia sempre terá a condición de membro do órgano colexiado.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente, se o houber, e, de faltar este, polo membro do órgano colexiado de maior xerarquía, antigüidade ou idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

Esta norma non lles será aplicable aos órganos colexiados nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, nin tampouco a aqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras administracións públicas, conten ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, nos que o réxime de substitución do presidente debe estar especificamente regulado en cada caso, ou establecido expresamente por acordo do pleno do órgano colexiado.

Artigo 17. Membros

1. En cada órgano colexiado correspóndelles aos seus membros:

a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros coa antelación referida.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Non absterse nas votacións aqueles que pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas teñan a condición de membros de órganos colexiados.

e) Formular rogos e preguntas.

f) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. Os membros dun órgano colexiado non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a este, salvo que expresamente lles fosen outorgadas por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

3. En caso de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes, se os houber.

4. Cando se trate de órganos colexiados nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como daqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e outras administracións públicas, conten ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, estas poderán substituír os seus membros titulares por outros, acreditándoo ante a secretaría do órgano colexiado, respectando as reservas e limitacións que establezan as súas normas de organización.

Artigo 18. Secretaría

1. Os órganos colexiados terán unha secretaria ou un secretario, que poderá ser un membro do propio órgano ou un empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou

da entidade pública na que se integre o órgano do que se trate.

2. A designación e o cesamento, así como a substitución temporal da persoa que exerza a secretaría en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, realizaranse segundo o disposto nas normas específicas de cada órgano e, no caso da súa falta, por acordo deste.

3. Correspóndelle á secretaria ou ao secretario do órgano colexiado:

a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto se non é membro do órgano e con voz e voto se é membro del.

b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da súa presidencia, así como as citacións aos seus membros.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.

Artigo 19. Convocatorias e sesións

1. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da realización de sesións, das deliberacións e da toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros, agás o disposto no punto 2 deste artigo.

Cando se trate dos órganos colexiados nos que participen entidades representativas de intereses sociais, así como daqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras administracións públicas, conten ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, o presidente poderá considerar validamente constituído o órgano, para os efectos da realización de sesións, de estaren presentes os representantes das administracións públicas e das organizacións representativas de intereses sociais membros do órgano aos cales se lles atribuíse a condición de voceiros.

2. Os órganos colexiados poderán establecer o réxime propio de

convocatorias, se este non está previsto polas súas normas de funcionamento. Tal réxime poderá prever unha segunda convocatoria e especificar para esta o número de membros necesarios para constituír validamente o órgano.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos serán adoptados por maioría simple de votos, agás que as súas normas específicas prevexan outras maiorías.

5. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse ao secretario dun órgano colexiado para que lle sexa expedida certificación dos seus acordos.

Artigo 20. Actas

1. De cada sesión que realice o órgano colexiado o secretario levantará a acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo nas que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que se refira a algún dos puntos da orde do día e achegue no acto, ou no prazo que sinale o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, e farase constar así na acta ou uniráselle copia a esta.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas contado desde o momento no que o presidente dea por finalizada a sesión, que se lle incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivar dos acordos.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión; no entanto, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á

aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

Artigo 21. Uso de medios electrónicos

1. Os órganos colexiados poderán constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando os trámites esenciais establecidos nos artigos 26º e 27º.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e nesta lei.

2. A convocatoria poderá efectuarse por medio do correo electrónico sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) O sistema de notificación electrónica permitirá acreditar a data e a hora na que se produza a posta á disposición do interesado da convocatoria notificada, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais; en todo caso, presumirase que a notificación se produciu polo transcurso de 24 horas, excluíndo sábados, domingos e festivos, desde a posta á disposición do interesado da convocatoria notificada, agás que, de oficio ou por instancia do destinatario, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

b) Todos os membros do órgano colexiado que teñan a condición de cargo público ou empregado público da Administración da que forme parte o devandito órgano serán notificados no seu enderezo electrónico institucional correspondente. O resto dos membros dos órganos colexiados serán notificados electronicamente no enderezo de correo electrónico que sinalen para ese efecto.

3. Os membros dun órgano colexiado poderán ser validamente convocados para que a sesión se realice en varios lugares simultaneamente sempre que os medios técnicos permitan o normal desenvolvemento da sesión e o respecto dos dereitos dos membros. Unha vez constituído o órgano, a persoa que exerza a súa presidencia designará, para cada un dos lugares onde non se atope fisicamente o secretario, un dos membros asistentes para que o auxilie nas súas funcións.

4. Adicionalmente ao disposto no artigo 20º.5, as actas das sesións dos órganos colexiados poderán ser aprobadas por vía telemática, logo de sérenlles remitidas aos seus membros ao seu enderezo electrónico.

Artigo 22. Órganos colexiados consultivos

1. Os órganos colexiados da Administración xeral da Comunidade

Autónoma de Galicia cuxas funcións sexan exclusiva ou principalmente emitir informes ou propostas, asesorar ou resolver consultas denominaranse consellos.

2. Con carácter departamental ou interdepartamental poderanse crear consellos asesores. A composición e as funcións destes consellos determinaranse nas normas de creación respectivas e os seus informes non terán carácter vinculante, agás disposición legal en sentido contrario.

CAPÍTULO II. Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Sección1ª. Aspectos xerais

Artigo 23. Organización en consellarías

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia organízase en consellarías atendendo ao principio de división material de competencias, e correspóndelle a cada unha delas o desenvolvemento dun ou de varios sectores de actividade administrativa.

2. A creación, modificación e supresión de consellarías será aprobada por decreto da persoa titular da Presidencia da Xunta.

3. A organización en consellarías non obsta para a existencia de órganos superiores ou de dirección, así como entes do sector público non integrados nunha consellaría, que, excepcionalmente, se adscriban á Presidencia da Xunta de Galicia ou aos órganos superiores dependentes dela.

Artigo 24. Órganos centrais e territoriais

1. Os órganos centrais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia son aqueles que exercen as súas competencias no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2. Os órganos territoriais son aqueles que exercen as súas competencias nun ámbito territorial inferior ao da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Cando o desenvolvemento de competencias propias da Administración xeral da Comunidade Autónoma o faga necesario, poderán crearse órganos ou unidades administrativas que exerzan a súa competencia funcional fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no ámbito territorial estatal coma no exterior.

Artigo 25. Órganos superiores e de dirección

1. Son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a Presidencia da Xunta de Galicia, as consellarías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existiren estas, e as secretarías xerais.

2. Son órganos de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as secretarías xerais técnicas, as direccións xerais e equivalentes, as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais, as delegacións territoriais, as secretarías territoriais e as xefaturas territoriais.

3. Todos os demais órganos e unidades administrativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma están baixo a dependencia dun órgano superior ou de dirección.

4. Correspóndelles aos órganos superiores establecer os plans de actuación da organización situada baixo a súa responsabilidade; e aos órganos de dirección, o seu desenvolvemento e execución.

5. Correspóndelle á Xunta de Galicia determinar a estrutura orgánica superior da vicepresidencia ou vicepresidencias, de existiren estas, así como a das consellarías da Xunta de Galicia.

Sección2ª. Secretarías xerais

Artigo 26. Secretarías xerais

1. Na estrutura das consellarías, na da Presidencia da Xunta de Galicia e na das vicepresidencias, de existiren estas, poderanse integrar secretarías xerais. As secretarías xerais son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente responsables da execución da acción de goberno nun sector de actividade específica dunha consellaría baixo a dirección da persoa titular desta, nos termos fixados en cada caso por medio do correspondente decreto de estrutura orgánica.

2. As persoas titulares das secretarías xerais dirixen e coordinan as direccións xerais situadas baixo a súa dependencia, e responden perante a conselleira ou o conselleiro da execución dos obxectivos fixados.

3. Compételles ás persoas titulares das secretarías xerais:

a) A dirección e o control do exercicio das competencias sobre o sector da actividade administrativa que se lles asigne no decreto de estrutura orgánica da consellaría e, de ser o caso, o exercicio daqueloutras competencias delegadas pola persoa titular da consellaría.

b) Exercer as competencias inherentes á súa responsabilidade de dirección e, en particular, impulsar a consecución dos obxectivos e a execución dos proxectos que, no seu ámbito de actividade, lles sexan encargados pola conselleira ou polo conselleiro, controlar o seu cumprimento, supervisar a actividade dos órganos directivos adscritos e impartirlles instrucións aos seus titulares.

c) Resolver os recursos interpostos contra as resolucións dos órganos directivos que dependan directamente delas cando non poñan fin á vía administrativa, e resolver tamén os conflitos de atribucións suscitados entre os devanditos órganos.

d) Calquera outra competencia atribuída por outra norma xurídica.

4. As persoas titulares das secretarías xerais serán nomeadas por decreto do Consello da Xunta.

5. Como órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán integrarse na Presidencia, con carácter excepcional, as secretarías xerais directamente responsables da execución da acción de goberno nun sector de actividade específica ou ben con funcións de apoio e asesoramento técnico, e unha delas terá atribuídas as competencias previstas no artigo 29º desta lei. As secretarías xerais integradas na Presidencia desenvolverán as súas competencias nos termos previstos no punto 3º deste artigo, baixo a dependencia funcional da Presidencia e a dependencia orgánica da conselleira ou do conselleiro que se determine na norma de aprobación da estrutura correspondente, que poderá desconcentrar neles a titularidade e o exercicio das súas competencias.

Sección3ª. Órganos de dirección

Artigo 27. Determinación de competencias e funcións

1. Os decretos de estrutura determinarán os distintos órganos de dirección, as competencias e as funcións dos órganos que deles dependen e, en particular, dos postos con rango de subdirección xeral e xefatura de servizo.

2. As demais unidades administrativas determinaranse nas correspondentes relacións de postos de traballo.

Artigo 28. Nomeamento e estatuto persoal

1. As persoas titulares das secretarías xerais técnicas, das direccións xerais e das delegacións territoriais serán nomeadas e separadas libremente por decreto do Consello da Xunta, atendendo a criterios de

competencia profesional e experiencia, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica que en cada caso sexan necesarios para o desenvolvemento da función.

2. As persoas titulares das vicesecretarías xerais, subdireccións xerais e secretarías territoriais serán nomeadas e separadas, a través do procedemento de libre designación regulado na Lei da función pública de Galicia, pola persoa titular da consellaría da que dependan entre funcionarios de carreira do grupo A1. A designación deste persoal realizarase mediante convocatoria pública, que consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto.

3. As convocatorias para a provisión de postos de libre designación incluirán os seguintes datos:

a) A identificación do posto.

b) Os requisitos necesarios para participar na convocatoria.

Artigo 29. Secretarías xerais técnicas

1. En cada consellaría haberá unha secretaría xeral técnica con relación xerárquica directa coa conselleira ou co conselleiro, e cuxo titular desempeñará as seguintes funcións:

a) Representar a consellaría por orde do seu titular.

b) Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da consellaría, os programas e as actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellaría.

c) Prestarlle asistencia técnica e administrativa á persoa titular da consellaría en cantos asuntos esta considere conveniente.

d) Actuar como órgano de comunicación coas demais consellarías.

e) Dirixir e xestionar os servizos comúns do departamento, así como os órganos e as unidades administrativas que estean baixo a súa dependencia.

f) Velar pola organización, simplificación e racionalización da actividade administrativa, e propor as modificacións encamiñadas a mellorar e perfeccionar os servizos.

g) Elaborar os proxectos de plans xerais de actuación da consellaría.

h) Elaborar o anteproxecto de orzamento correspondente á consellaría e levar a cabo o seguimento da execución orzamentaria.

i) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamentos da consellaría e tramitalos.

j) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei e de regulamentos doutras consellarías.

k) Xestionar os medios materiais adscritos ao funcionamento da consellaría.

l) Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre órganos dependentes dela.

m) Proporlle á persoa titular da consellaría a resolución que xulgue procedente nos asuntos da súa competencia cuxa tramitación lle estea encomendada.

n) Responsabilizarse dos servizos de lexislación, documentación e publicación da consellaría.

ñ) Velar polo cumprimento da Lei 2/2007, de igualdade no traballo entre homes e mulleres.

o) Garantir a accesibilidade á información do seu departamento segundo a Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

p) Aqueloutras que lle asigne o órgano competente ou que lle atribúa o ordenamento xurídico.

2. Figurarán adscritas organicamente ás secretarías xerais técnicas, con nivel de subdirección xeral, a/as asesoría/s xurídica/s da consellaría e a intervención delegada, que dependerán funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, respectivamente.

Artigo 30. Direccións xerais

1. En cada consellaría existirán unha ou varias direccións xerais con relación xerárquica directa coa persoa titular da consellaría ou da secretaría xeral, de ser o caso. A directora ou o director xeral desempeñará as seguintes funcións:

a) Elaborar os programas de actuación específicos da dirección xeral.

b) Dirixir e xestionar os servizos e resolver os asuntos da consellaría que sexan da súa competencia e os que lle delegue a persoa titular da consellaría.

c) Impulsar, coordinar e supervisar as actividades que se desenvolvan nas dependencias ao seu cargo e velar polo bo funcionamento dos órganos e das unidades dependentes e do persoal integrado neles.

d) Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre os órganos dependentes del.

e) Elaborar o proxecto de orzamento e a memoria de funcionamento do seu centro directivo.

f) Ditarlle ou proporlle á persoa titular da consellaría, segundo proceda, as resolucións en materia da competencia do seu centro directivo.

g) Informar a persoa titular da consellaría en todos os asuntos atribuídos ao centro directivo da súa competencia.

h) Formularlle ao órgano competente propostas sobre a organización e o funcionamento dos servizos ao seu cargo.

i) As demais atribucións que se lle asignen.

j) Aqueloutras funcións que lle sexan atribuídas polo ordenamento xurídico vixente.

2. Como órganos directivos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán integrarse na Presidencia, con carácter excepcional, direccións xerais que desenvolverán as súas competencias nos termos previstos no punto anterior, baixo a dependencia funcional da Presidencia e a dependencia orgánica da persoa titular da consellaría que se determine na norma de aprobación da estrutura correspondente, que poderá desconcentrar a titularidade e o exercicio das súas competencias nestes órganos.

Artigo 31. Delegacións territoriais

1. Con competencias sobre ámbitos territoriais inferiores ao da Comunidade Autónoma de Galicia, existirán delegacións territoriais da Xunta de Galicia, nas cales se integran todos os órganos e unidades administrativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente ámbito territorial na forma na que se determine regulamentariamente.

2. Á fronte de cada delegación territorial haberá un delegado territorial

con rango de director xeral.

3. As delegacións territoriais dependen organicamente da consellaría competente en materia de administracións públicas, e para o desenvolvemento das súas funcións contarán co apoio e coa coordinación da secretaría xeral técnica do devandito departamento. Sen prexuízo do anterior, tamén poderán recibir directrices ou instrucións procedentes doutras consellarías desde os seus respectivos ámbitos competenciais materiais.

4. Os delegados territoriais son competentes no seu ámbito territorial para:

a) Representar a Xunta.

b) Manter as necesarias relacións de cooperación e, de ser o caso, coordinación coa Administración do Estado, cos entes locais e con outros organismos públicos.

c) Coordinar a actuación de todos os órganos e de todas as unidades administrativas autonómicas, así como, de ser o caso, a de entidades do sector público autonómico con ámbito territorial de actuación igual ou inferior ao da delegación territorial.

d) Coordinar as relacións sindicais no seu ámbito territorial.

e) Xestionar os servizos compartidos, consonte as competencias establecidas na normativa patrimonial.

f) Ser os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos seus respectivos ámbitos competenciais, dentro dos créditos orzamentarios que se lles asignen e de acordo cos límites e requisitos xerais que se fixen por decreto da Xunta. En todo caso, serán os titulares da competencia para a celebración de contratos menores.

g) As demais atribucións que se lles asignen.

h) Aqueloutras funcións que lles sexan atribuídas polo ordenamento xurídico vixente.

5. As delegacións territoriais terán a estrutura que se determine mediante decreto da Xunta de Galicia.

Artigo 32. Vicesecretarías xerais

1. En cada secretaría xeral técnica, e baixo a inmediata dependencia

xerárquica da persoa titular desta, poderá existir unha vicesecretaría xeral con nivel orgánico de subdirección xeral, cuxo titular exercerá, ademais das competencias específicas que teña atribuídas nos decretos de estrutura orgánica, as seguintes funcións:

a) A coordinación e o apoio na dirección e xestión da actividade da secretaría xeral técnica.

b) A execución dos proxectos, dos obxectivos ou das actividades que lle sexan asignados pola persoa titular da secretaría xeral técnica.

c) As demais atribucións que se lle asignen.

2. Así mesmo, poderá existir unha vicesecretaría xeral baixo a dependencia xerárquica do secretario xeral dependente da Presidencia que, conforme o previsto no artigo 26º.5, teña atribuídas as competencias previstas no artigo 29º desta lei.

Artigo 33. Subdireccións xerais

En cada secretaría xeral, secretaría xeral técnica e en cada dirección xeral poderán existir unha ou varias subdireccións xerais baixo a directa dependencia xerárquica das persoas titulares daquelas, segundo corresponda. O titular da subdirección xeral exercerá, ademais das competencias específicas que teña atribuídas no decreto de estrutura orgánica, as seguintes funcións:

a) A coordinación e o apoio na dirección e xestión da actividade do órgano do que dependa.

b) A execución dos proxectos, dos obxectivos ou das actividades que lle sexan asignados polo órgano directivo do que dependa.

c) A elaboración dos programas de actuación específicos da subdirección.

d) A resolución dos conflitos de atribucións que xurdan entre os órganos dependentes del.

e) As demais atribucións que se lle asignen.

Artigo 34. Secretarías territoriais

1. En cada delegación territorial, baixo a dependencia orgánica e funcional dos delegados territoriais, existirá unha secretaría territorial con nivel orgánico de subdirección xeral, que exercerá, ademais das competencias específicas que teña atribuídas no decreto de estrutura orgánica, as

seguintes funcións:

a) O apoio e o asesoramento á persoa titular da delegación territorial no exercicio das súas competencias.

b) A substitución da persoa titular da delegación territorial no caso de vacante, ausencia ou enfermidade desta.

c) Cantas outras competencias lle sexan atribuídas ou delegadas.

Artigo 35. Xefaturas territoriais

1. As delegacións territoriais poderán estruturarse en xefaturas territoriais que, sen prexuízo da súa integración nelas para os efectos de coordinación, dependerán orgánica e funcionalmente das consellarías que correspondan por razón da materia.

2. Son os órganos de exercicio das competencias administrativas de cada unha das consellarías, co alcance que se lles atribúa na estrutura orgánica da consellaría e demais normativa aplicable ou que se lles delegue, e estarán integrados por aqueles servizos, aquelas áreas ou aquelas unidades que sexan necesarios para unha maior eficacia da xestión administrativa.

Sección4ª. Servizos e outros órganos e unidades administrativas de inferior nivel

Artigo 36. Servizos e unidades administrativas de inferior nivel

1. Cada consellaría poderá organizarse nos servizos e unidades de inferior nivel que se determinen.

2. Os servizos constitúen órganos de apoio aos órganos de dirección de cada consellaría, aos que lles corresponden, ademais das competencias específicas que teñan atribuídas nos decretos de estrutura orgánica, as funcións de informe e proposta das cuestións pertencentes ao seu ámbito competencial, así como funcións de planificación, coordinación, dirección e control das unidades administrativas deles dependentes.

3. Os servizos poderán integrar unidades administrativas con funcións de execución, tramitación e, de ser o caso, informe e proposta das cuestións pertencentes ao seu ámbito competencial, así como de dirección e control das actividades desenvolvidas polas unidades deles dependentes.

4. As unidades administrativas que conforman os servizos poderán contar tamén con outras de inferior nivel con funcións de tramitación, inventario, se procede, e arquivo dos asuntos que teñan asignados.

TÍTULO II. DO EXERCICIO DA POTESTADE REGULAMENTARIA POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN E DO GOBERNO DE GALICIA

CAPÍTULO I. DAS DISPOSICIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CARÁCTER XERAL: XERARQUÍA E TIPOS

Artigo 37. Exercicio da potestade regulamentaria

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia a titularidade e o exercicio da potestade regulamentaria da Comunidade Autónoma.

2. As persoas titulares das consellarías poden ditar disposicións administrativas de carácter xeral no relativo á organización e ás materias propias dos seus departamentos.

3. As instrucións emitidas polos órganos da Administración xeral de Galicia e polas entidades instrumentais públicas non se consideran en ningún caso disposicións ditadas no exercicio da potestade regulamentaria.

Artigo 38. Concepto e forma dos regulamentos

1. Para os efectos desta lei, enténdese por regulamentos as disposicións administrativas de carácter xeral de rango inferior á lei, ditadas polos órganos que teñan atribuída expresamente competencia para isto.

2. Os regulamentos adoptarán a forma de decreto se son aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e de orde se son aprobados polas persoas titulares das consellarías.

3. Os decretos serán asinados polo presidente da Xunta e referendados polo conselleiro competente por razón da materia. No suposto de competencias coincidentes, a proposta corresponderalles aos conselleiros interesados, co referendo do conselleiro da Presidencia, ao que lle corresponde tamén designar as consellarías que deben participar na elaboración do respectivo proxecto ou, de ser o caso, proporlle ao Consello da Xunta a constitución dunha comisión interdepartamental para tales efectos.

4. As ordes serán asinadas pola persoa titular da consellaría que en cada caso corresponda. Cando interesen a máis dunha consellaría revestirán a forma de ordes, e serán asinadas conxuntamente polos conselleiros afectados.

Artigo 39. Xerarquía

1. As disposicións de carácter regulamentario están sometidas á seguinte

xerarquía normativa:

a) Decretos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

b) Ordes aprobadas polas conselleiras ou polos conselleiros.

2. Os regulamentos non poderán conter preceptos contrarios á Constitución española, ao Estatuto de autonomía e ás leis ou a outras disposicións de rango superior, nin regular materias reservadas ás leis nin establecer a retroactividade de disposicións sancionadoras restritivas de dereitos individuais ou non favorables a estes.

3. Son nulos de pleno dereito os regulamentos que infrinxan o establecido anteriormente.

4. As resolucións administrativas non poderán vulnerar o establecido nun regulamento, aínda que sexan ditadas por órganos de igual ou superior rango a aquel que ditou o regulamento.

CAPÍTULO II. DO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DE DISPOSICIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CARÁCTER XERAL

Artigo 40. Fases do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral

1. O procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral consta de tres fases:

a) Fase inicial, que se desenvolve dentro da consellaría que tivese a iniciativa normativa.

b) Fase intermedia, na que o proxecto normativo se somete a informes e opinión doutros órganos da Xunta e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, da cidadanía.

c) Fase final, que consiste na aprobación definitiva da norma polo órgano competente.

2. Ao longo de todo o procedemento conservaranse e incorporaranse ao expediente todos os ditames, os informes e as consultas realizados, as observacións e emendas que se formulen e cantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da norma ou poidan facilitar a súa interpretación.

3. O impulso do procedemento en todas as súas fases correspóndelle á consellaría que tivese a iniciativa normativa.

4. Os órganos superiores dependentes da Presidencia terán as facultades de iniciativa e impulso previstas neste capítulo respecto da elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que correspondan ao sector de actividade específica da súa competencia, e a Secretaría Xeral da Presidencia desenvolverá as funcións de tramitación e informe que se lles atribúen aos secretarios xerais técnicos das consellarías. As funcións que nesta lei se lles atribúen aos servizos xurídicos das consellarías corresponderanlle ao servizo que na estrutura da Secretaría Xeral da Presidencia teña atribuídas as funcións de apoio técnico.

Artigo 41. Fase inicial

1. A elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral será iniciada polo centro directivo correspondente, co acordo previo da persoa titular da consellaría.

2. O anteproxecto irá acompañado dos seguintes documentos:

a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade, así como sobre as modificacións e innovacións que contén.

b) Unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, de ser o caso, a súa forma de financiamento.

c) O informe do servizo xurídico correspondente da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

d) O anteproxecto tamén irá acompañado dunha táboa de vixencias e dunha cláusula ou disposición derrogatoria na que se enumeren expresamente as normas de igual ou inferior rango que se pretende derrogar.

3. Unha vez reunida toda a documentación á que se fai referencia nos parágrafos anteriores, o texto poderá ser aprobado inicialmente como proxecto pola persoa titular da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivo a iniciativa.

4. Cada consellaría publicará na súa páxina web a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación do anteproxecto, e indicará o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo.

Artigo 42. Fase intermedia

1. Aprobado inicialmente, todo proxecto será sometido a informe económico-financeiro da consellaría competente en materia de facenda así como a cantos informes e ditames sexan exixidos pola lexislación vixente ou considerados oportunos pola consellaría impulsora do proxecto.

2. Cando o proxecto teña repercusións en cuestións de xénero, irá acompañado dun informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establezan nel.

3. Os proxectos que afecten os dereitos e intereses lexítimos de determinados grupos ou sectores da cidadanía serán sometidos a audiencia destes, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei que os agrupen ou representen e cuxos fins garden relación directa co obxecto da disposición, durante un prazo razoable e non inferior a quince días hábiles. A decisión sobre o procedemento escollido para a audiencia será debidamente motivada no expediente. Este trámite non será necesario se as organizacións ou asociacións mencionadas xa participasen no procedemento por medio de informes ou consultas.

Así mesmo, cando o contido e a repercusión da disposición o aconsellen, será sometida a información pública durante o prazo indicado anteriormente.

4. Fomentarase a participación da cidadanía, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei. Nos trámites de audiencia e información pública promoverase a participación cidadá a través dun portal web específico ou a través de calquera medio admisible en dereito que permita acreditar a identidade do suxeito actuante, incluídas todas as posibilidades que ofrece a vía telemática por medios electrónicos. As proposicións, suxestións ou recomendacións recibidas teranse en conta pola consellaría impulsora do proxecto, que poderá asumilas ou rexeitalas a través dun informe final no que recibirán unha resposta razoada que poderá ser común para todas aquelas suxestións de distintos cidadáns que expoñan cuestións substancialmente iguais.

5. O trámite de audiencia e de información pública poderá ser abreviado ata o mínimo de sete días hábiles cando razóns debidamente motivadas así o xustifiquen. Só se poderá omitir o mencionado trámite cando graves razóns de interese público, que se deberán explicitar, o exixan.

6. Non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteproxectos puramente organizativos.

7. De tratarse de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de

persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirirase o informe favorable da consellaría, ou das consellarías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público.

8. Os proxectos que conteñan materias que afecten os empregados públicos recollidas no artigo 37º.1 do Estatuto básico do empregado público deberán ser negociadas na comisión de persoal.

Artigo 43. Fase final

1. Rematada a fase de documentación e consulta recollida no artigo anterior, o proxecto someterase ao informe da Asesoría Xurídica Xeral, que se pronunciará sobre cuestións de legalidade e técnica normativa.

2. A continuación, emitirá informe a secretaría xeral técnica da consellaría impulsora do proxecto, que, en todo caso, pechará cronoloxicamente os correspondentes a esta etapa, agás que sexa preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia conforme o esixido pola súa normativa reguladora, caso no que este será o derradeiro en solicitarse e emitirse.

3. Finalmente, o titular da consellaría impulsora do procedemento concluirao cunha resolución mediante a que decida desistir da iniciativa, retrotraer o procedemento ou aprobar definitivamente o proxecto.

4. No caso dos proxectos de ordes, a aprobación definitiva comporta a aprobación da propia orde e, con isto, o remate do procedemento.

5. No caso dos proxectos de decretos, logo de aprobados definitivamente, enviaranse a todas as consellarías con carácter previo á reunión da Comisión de Secretarios Xerais en cuxa orde do día se vaia tratar o tema.

6. A Comisión de Secretarios Xerais elevará o proxecto de decreto ao Consello da Xunta de Galicia, que, de ser o caso, procederá á aprobación do decreto.

7. Logo de que o Consello da Xunta de Galicia aprobe o decreto, o presidente da Xunta disporá a súa publicación oficial.

Artigo 44. Publicación e entrada en vigor

Para que produzan efectos, os regulamentos autonómicos deberán publicarse integramente no Diario Oficial de Galicia, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación agás que neles se dispoña outra cousa.

TÍTULO III. RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS DO

SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

CAPÍTULO I. ASPECTOS XERAIS

Artigo 45. Ámbito subxectivo

As previsións deste título aplicaránselles ás seguintes entidades autonómicas:

a) Entidades públicas instrumentais:

-Organismos autónomos.

-Axencias públicas autonómicas.

-Entidades públicas empresariais.

-Consorcios autonómicos.

b) Outras entidades instrumentais:

-Sociedades mercantís públicas autonómicas.

-Fundacións do sector público autonómico.

Artigo 46. Principios básicos

1. As entidades reguladas nesta lei teñen personalidade xurídica propia e diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, contan con patrimonio e tesouraría propios e gozan de autonomía de xestión nos termos establecidos nesta lei.

2. As entidades reguladas nesta lei só se poden crear cando as especiais características das actividades que se lles encomendan ou razóns de eficacia xustifiquen a organización e o desenvolvemento de tales actividades en réxime de descentralización funcional que permita autonomía de xestión e maior proximidade á cidadanía nos termos previstos nesta lei.

3. A creación de novas entidades instrumentais do sector público autonómico non suporá, en ningún caso, a duplicación dos servizos públicos que xa sexan prestados pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que a devandita creación irá acompañada das previsións necesarias para suprimir ou restrinxir debidamente a competencia doutros órganos ou doutras entidades preexistentes.

4. As entidades reguladas nesta lei axustaranse ao principio de

instrumentalidade respecto dos fins e obxectivos que lles asigne a respectiva norma de creación e que, en todo caso, terán a consideración de fins e obxectivos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Seralle aplicable ao persoal das entidades instrumentais no seu ámbito respectivo o disposto no artigo 37º do Estatuto básico do empregado público en relación coas materias obxecto de negociación.

6. A aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal e o réxime retributivo das entidades instrumentais requirirá, en todo caso, o informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e deberán ser negociados coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública. Con carácter xeral, a través destes instrumentos implantarase un réxime retributivo similar ao do resto do persoal laboral da Xunta de Galicia, sen prexuízo da existencia, de ser o caso, de acordo coa normativa vixente, de complementos de produtividade ou conceptos equivalentes vinculados ao grao de cumprimento de obxectivos.

7. As distintas clases de persoal, tanto funcionario coma laboral, que pasen a prestar servizos nos entes instrumentais do sector público autonómico manterán o réxime xurídico de orixe, sen prexuízo dos procesos de integración que se leven a cabo de acordo coa normativa correspondente. Respectarase o suposto do persoal laboral susceptible de ser incluído, polas súas características, nos procesos de funcionarización que de acordo coa Lei da función pública galega se deban implementar.

Artigo 47. Carácter de medios propios e servizos técnicos da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Para os efectos previstos no artigo 4º.1.n) e 24º.6 da Lei 30/2007, do 30 de outubro , de contratos do sector público, todas as entidades instrumentais determinadas no artigo 45 teñen a consideración de medios propios e servizos técnicos daqueles poderes adxudicadores para os cales realicen a parte esencial da súa actividade cando estes exerzan sobre aqueles un control análogo ao que poden exercer sobre os seus propios servizos. Se se trata de sociedades, ademais, a totalidade do seu capital terá que ser de titularidade pública.

2. O carácter de medios propios instrumentais e servizos técnicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comporta para as entidades, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, a obriga de executar as encomendas ou os encargos que os poderes adxudicadores que os controlan e os seus medios propios lles realicen dentro do ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados nos seus estatutos.

As relacións dos medios propios cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos teñen natureza instrumental e non contractual, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado. As encomendas ou os encargos retribuiranse mediante as tarifas suxeitas ao réxime previsto neste artigo, e comportarán a facultade para o órgano que os efectúa de ditar as instrucións necesarias para a súa execución.

3. De acordo co artigo 24º.6 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, a condición de medio propio ou servizo técnico determinará a imposibilidade de participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores dos que sexan tal medio propio ou servizo técnico, sen prexuízo de que, cando non concorra ningún licitador, se lles poida encargar a execución da prestación obxecto daquelas.

Artigo 48. Control dos medios propios e servizos técnicos

A consellaría ou o departamento ao que estea adscrita a entidade, ou que teña atribuída a súa tutela funcional, poderá ditar instrucións sobre a forma de realización dos encargos, supervisará a súa realización e determinará as prioridades de actuación do medio propio na súa realización, para o que deberá dárselle traslado das encomendas efectuadas. En particular, cando as encomendas sexan efectuadas por outros medios propios da Administración da Comunidade Autónoma que non estean baixo a tutela funcional da consellaría ou do departamento ou adscritos a estes, deberá autorizalas previamente.

As eventuais discrepancias derivadas da utilización de medios propios da Administración xeral da Comunidade Autónoma entre órganos desta resolveranse polo procedemento dos conflitos de atribucións.

Artigo 49. Organización dos traballos dos medios propios e servizos técnicos

O medio propio deberá dispor da estrutura e dos servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos que desenvolva e das prestacións encargadas así como da súa calidade técnica. Este aspecto deberá ser xustificado pola entidade encomendante no expediente tramitado para a realización de cada encomenda. Para os efectos da lexislación de contratos do sector público, o medio propio sempre terá a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba celebrar para a realización das prestacións obxecto do encargo.

Artigo 50. Tarifas, anticipos e gastos dos medios propios e servizos técnicos

1. As encomendas de xestión deberán adecuarse a un sistema de tarifas aprobado por unha comisión mixta paritaria constituída por representantes da consellaría ou do departamento aos que estea adscrita a entidade ou que teñan atribuída a súa tutela funcional e da Consellería de Facenda, agás que, conforme a normativa vixente, estiver establecido un procedemento específico. De xeito excepcional, mentres non se aprobe o indicado sistema de tarifas, ou cando este non sexa preciso por se produciren encomendas só de forma ocasional, estas serán fixadas para cada encomenda pola consellaría ou polo departamento aos que estea adscrita a entidade ou que teñan atribuída a súa tutela funcional, sempre dentro dos limites do número 2 deste artigo e contando co informe favorable da consellaría competente en materia de facenda.

2. Poderán concederse anticipos nos termos recollidos, de ser o caso, nas encomendas ou encargos. Ante a falta de previsión na encomenda, os anticipos poderán concederse con carácter xeral ata un límite máximo do 50% do importe previsto para a anualidade agás autorización expresa do Consello da Xunta e sempre que estea debidamente xustificada a aplicación dos anticipos anteriores.

3. O importe correspondente aos gastos xerais e corporativos da entidade á que se lle realiza a encomenda non superará o 6% do importe da encomenda nas relativas a execucións de obras, e o 10% nos demais casos, agás autorización expresa do Consello da Xunta, logo do informe preceptivo da consellaría competente en materia de facenda.

Artigo 51. Contratación

As entidades integrantes do sector público autonómico rexeranse polas normas xerais de contratación do sector público, en función da cualificación que lles corresponda en virtude do ámbito subxectivo da normativa básica estatal.

Artigo 52. Rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Créase na consellaría competente en materia de facenda un rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se inscribirán preceptivamente a constitución destas entidades e os demais actos relativos a elas que se determinen regulamentariamente. Así mesmo, depositaranse nel as contas anuais de cada entidade, para o efecto da súa remisión ao Consello de Contas.

2. O rexistro previsto neste artigo ten carácter público e dividirase en tantas seccións e subseccións como tipos de entidades prevé esta lei.

3. Garantirase a coordinación e colaboración entre este rexistro e

aqueloutros rexistros da Administración da Comunidade Autónoma nos que consten datos destas entidades.

Artigo 53. Indemnizacións

As indemnizacións máximas que por asistencia lles poidan corresponder aos integrantes dos órganos superiores de dirección das entidades instrumentais do sector público autonómico serán fixadas mediante acordo do Consello da Xunta, contando co informe favorable da consellaría competente en materia de facenda.

CAPÍTULO II. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Sección1ª. Disposicións xerais

Artigo 54. Creación

1. A creación de entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, agás os consorcios, require autorización por lei, que establecerá:

a) O tipo de entidade que se crea.

b) O obxecto e os fins xerais da entidade.

c) O réxime xurídico xeral ao que axustará o desenvolvemento da súa actividade.

d) A consellaría, o departamento ou o órgano de adscrición.

2. O anteproxecto de lei de autorización irá acompañado dunha memoria na que se precisarán os seguintes aspectos:

a) O obxectivo e os fins que se perseguen coa creación da entidade proposta.

b) O tipo de entidade e a súa xustificación.

c) As consecuencias organizativas da creación da entidade proposta e, en particular, a súa incidencia sobre as funcións e competencias doutros órganos ou entidades preexistentes.

d) Os recursos que garantan a viabilidade económico-financeira da entidade proposta, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda.

3. Tras a lei que autorice a creación dunha entidade instrumental, procederase á súa creación e á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría de adscrición, logo do informe favorable das consellarías competentes en materia de administracións públicas e de facenda.

4. A creación dos consorcios autonómicos rexerase polo establecido no artigo 96º.2 desta lei e non será precisa a autorización lexislativa previa.

5. O proxecto de estatuto, elaborado pola consellaría de adscrición, terá o seguinte contido mínimo:

a) As funcións que desenvolverá.

b) A determinación da sede e da súa estrutura orgánica, con concreción dos seus órganos, así como das facultades de cada un deles, da forma de designación dos seus compoñentes e do réxime de funcionamento e desenvolvemento da súa actividade, con indicación daqueles órganos cuxos actos poñan fin á vía administrativa.

c) A participación, de ser o caso, doutras administracións públicas nos seus órganos de goberno.

d) A regulación sobre os medios persoais, materiais e económico-financeiros e sobre o seu patrimonio.

6. O proxecto de estatuto irá acompañado dun plan inicial plurianual de actuación da entidade, que incluirá:

a) Un plan estratéxico para a súa posta en funcionamento e o inicio efectivo da realización das actividades que teña encomendadas.

b) Un plan económico-financeiro coa previsión dos recursos materiais e orzamentarios precisos para a súa posta en funcionamento, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda.

c) A previsión dos recursos humanos necesarios.

No caso das axencias públicas autonómicas, o plan inicial de actuación abranguerá ata a entrada en vigor do primeiro contrato de xestión.

Artigo 55. Modificación e extinción

1. A modificación dos estatutos das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría de adscrición, logo do informe favorable das consellarías competentes en materia de

administracións públicas e de facenda. Cando a modificación proposta afecte os contidos incluídos dentro do ámbito de materias enunciadas no artigo 37 do Estatuto básico do empregado público, serán negociados coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

2. A extinción das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico levarase a cabo nos termos previstos na lei que autoriza a súa creación ou, ante a falta de previsión expresa desta, por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría de adscrición, logo do informe favorable das consellarías competentes en materia de administracións públicas e de facenda. As disposicións anteriores determinarán o destino dos bens, dos dereitos e das obrigas dos organismos así como as medidas aplicables aos empregados do organismo que se suprime no marco da lexislación reguladora de cada tipo de persoal.

Artigo 56. Adscrición

Cada entidade pública instrumental adscríbese directamente, ou a través doutra entidade instrumental, á consellaría ou ao órgano competente por razón da materia, de acordo co que se determine na norma de creación.

Artigo 57. Personalidade xurídica e potestades

1. As entidades públicas instrumentais teñen personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, nos termos que precisen as leis.

2. Dentro da esfera da súa competencia, correspóndenlles as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 58. Persoal: aspectos xerais

1. O persoal ao servizo das entidades integrantes do sector público autonómico poderá ser funcionario, estatutario ou laboral, de acordo co previsto nesta lei e na normativa aplicable aos empregados públicos.

2. A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal coma da proposta de relación de postos de traballo serán acordadas polos órganos superiores de goberno e dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública, e a contratación será decidida polo órgano que sinale a súa normativa específica ou os seus estatutos. En todo caso, a aprobación da relación de postos de traballo con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións

ou aprobacións destes instrumentos de planificación de persoal.

3. A selección do seu persoal, agás o directivo e demais excepcións previstas nesta lei, será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública e seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:

a) Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección.

b) Bases das convocatorias.

c) Probas de selección.

4. A aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal e o réxime retributivo destas entidades instrumentais requirirá, en todo caso, informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e deberán ser negociadas previamente coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

5. O persoal destas entidades estará suxeito ao réxime de incompatibilidades que derive da súa condición.

Artigo 59. Persoal laboral temporal das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico

1. A celebración de contratos laborais de duración determinada debe ser autorizada polos órganos superiores de goberno e dirección, contando cos informes favorables previos dos centros directivos competentes en materia de función pública e de orzamentos, sen que, en ningún caso, poidan dar lugar a contratos indefinidos. A selección deste persoal realizarase entre as persoas incluídas nas listas da Administración autonómica ou, de ser o caso, a través dos servizos públicos de emprego.

2. Malia o disposto no punto anterior, estas entidades poderán excepcionalmente acollerse a un sistema de listas previo por categorías, coa autorización previa do centro directivo competente en materia de función pública, logo da negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

3. En todo caso, o procedemento establecido nos parágrafos precedentes deberá adaptarse á natureza da entidade, consonte o establecido na Lei da función pública de Galicia.

Artigo 60. Persoal de alta dirección

1. A contratación de persoal de alta dirección someterase aos principios de mérito e capacidade, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica que en cada caso sexan necesarios para o desenvolvemento da función.

2. A fixación das súas retribucións deberá contar cun informe previo favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. Unicamente por razóns vinculadas á especial cualificación profesional estas retribucións poderán igualar ou superar as da persoa titular da Presidencia da Xunta.

Artigo 61. Réxime patrimonial

O réxime patrimonial das entidades públicas instrumentais será o determinado pola Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma e demais normativa que lle sexa aplicable.

Artigo 62. Contratación

Os estatutos da entidade pública instrumental determinarán o seu órgano de contratación. A persoa titular da consellaría de adscrición poderá fixar a duración ou contía a partir da cal será necesaria a súa autorización para a celebración de contratos, excepto que a devandita autorización lle corresponda ao Consello da Xunta.

Artigo 63. Elementos básicos de organización

1. En toda entidade pública instrumental haberá un órgano superior colexiado de goberno denominado «consello reitor» e un órgano unipersoal de goberno ao que lle corresponderá a presidencia da entidade e do propio consello reitor. A composición do consello reitor e as funcións deste e do presidente serán determinadas na normativa específica de cada entidade.

2. Por debaixo do consello reitor e do seu presidente existirá a estrutura administrativa que en cada caso determine a normativa específica de cada entidade.

Artigo 64. Órganos de goberno

1. Son órganos de goberno a presidencia e o consello reitor. O estatuto de cada entidade pode prever outros órganos de goberno con atribucións distintas e, en todo caso, subordinadas ás do consello reitor.

2. A presidencia corresponderalle á persoa titular da consellaría de adscrición, agás que no estatuto da entidade se prevexa a posibilidade de que o Consello da Xunta nomee outra persoa para desempeñar o cargo

por proposta da persoa titular da consellaría de adscrición.

3. O estatuto de cada entidade determina a composición e o réxime aplicables aos membros do consello reitor, respectando, en todo caso, as seguintes regras:

a) Os membros do consello reitor son nomeados pola persoa titular da consellaría de adscrición.

b) A persoa titular da dirección do organismo é membro nato do consello reitor.

c) A consellaría competente en materia de facenda debe contar, cando menos, cun representante no consello reitor. Nas entidades cuxo obxecto afecte as competencias de varias consellarías, cada unha destas debe contar tamén, cando menos, cun representante no consello reitor.

d) Nas entidades con participación doutras administracións públicas, os representantes destas serán designados directamente por elas.

e) A persoa titular da secretaría do consello reitor será designada e nomeada por este.

4. O consello reitor exerce, en todo caso, as seguintes atribucións mínimas:

a) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da dirección.

b) A aprobación dun informe xeral anual da actividade desenvolvida pola entidade e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.

c) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites que teña fixados.

d) A aprobación das contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, consonte a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Nas axencias públicas autonómicas, a proposta do contrato de xestión da axencia e a aprobación dos obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais, así como dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento dos devanditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.

Artigo 65. Órganos executivos

1. A dirección da entidade é o seu órgano executivo.

2. A persoa titular da dirección dos organismos autónomos é nomeada e separada por decreto do Consello da Xunta. Os titulares da dirección das entidades públicas empresariais e das axencias públicas autonómicas son nomeados e separados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría de adscrición, entre persoas que reúnan a cualificación necesaria para o cargo, segundo se determine no estatuto de cada entidade.

3. A persoa titular da dirección é responsable da xestión ordinaria da entidade e exerce as competencias inherentes á devandita dirección, así como as que expresamente lle atribúe esta lei e os estatutos e as que lle delegue o consello reitor.

Artigo 66. Impugnación de actos administrativos e reclamacións administrativas

1. Os actos administrativos dos órganos das entidades públicas instrumentais son susceptibles dos recursos administrativos previstos na lexislación básica sobre réxime xurídico das administracións públicas. Os actos ditados polo consello reitor ou polo presidente esgotan a vía administrativa, agás que a súa lei de autorización específica prevexa a posibilidade de recurso de alzada impropio ante un órgano da consellaría de adscrición.

2. As reclamacións previas, en asuntos civís e laborais, serán resoltas polo consello reitor, agás que na súa normativa específica se lle asigne tal competencia a un órgano da consellaría de adscrición.

Artigo 67. Tipos

As entidades públicas instrumentais adoptarán a forma de organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais ou consorcios.

Sección2ª. Organismos autónomos

Artigo 68. Réxime xurídico

1. Os organismos autónomos son entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regulan polo dereito administrativo, e que se someten ao dereito privado só naqueles casos nos que corresponda de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

2. Estas entidades instrumentais, de acordo coa súa normativa específica, poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

Artigo 69. Persoal

1. O persoal ao servizo dos organismos autónomos será funcionario, estatutario ou laboral, nos mesmos termos nos que está establecido para a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Á contratación de persoal laboral fixo ao servizo dos organismos autónomos regulados neste título seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público e as normas regulamentarias que a desenvolvan, relativas a:

a) Composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de selección.

b) Bases das convocatorias.

c) Probas de selección.

3. Os estatutos dos organismos autónomos determinarán o órgano que terá atribuídas as competencias internas en materia de xestión de recursos humanos.

4. As relacións de postos de traballo serán aprobadas pola Xunta de Galicia consonte a normativa aplicable na materia e logo de negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

Artigo 70. Plan de actuación

1. A actividade dos organismos autónomos desenvólvese consonte o plan anual de actuación de cada un deles, que é aprobado por orde da consellaría de adscrición dentro do marco do programa plurianual desta última, contando co informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, consonte o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O contido do plan de actuación determinarase regulamentariamente e debe incluír, en todo caso:

a) Os obxectivos e resultados que deban ser acadados polo organismo.

b) Os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos para a consecución dos obxectivos e resultados fixados.

Artigo 71. Recursos económicos

1. Os organismos autónomos fináncianse cos seguintes recursos:

a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Os ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas.

c) O produto do alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, de acordo co establecido na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma.

d) O rendemento procedente dos seus bens e valores.

e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuíto de entidades privadas e particulares.

f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.

g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estean autorizados a percibir.

h) Calquera outro recurso que se lles poida atribuír.

Artigo 72. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control dos organismos autónomos é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 73. Control de eficacia

1. Os organismos autónomos están sometidos a un control de eficacia no cumprimento do seu plan de actuación, que será exercido pola consellaría de adscrición e pola unidade administrativa con competencias en avaliación e reforma administrativa.

2. O control de eficacia ten por obxecto comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados aos organismos autónomos e a adecuada utilización dos recursos que lles fosen asignados para a consecución destes obxectivos, así como unha continua avaliación do

cumprimento dos fins previstos na creación da citada entidade pública instrumental.

Sección3ª. Axencias públicas autonómicas

Artigo 74. Réxime xurídico

1. As axencias públicas autonómicas son aquelas entidades ás que, para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, se lles encomenda a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos.

2. O réxime xurídico interno das axencias públicas autonómicas regúlase polo dereito administrativo; e o réxime xurídico externo, polo dereito privado ou polo dereito administrativo, segundo determinen as súas leis de creación e a normativa xeral aplicable.

3. Sen prexuízo do sinalado nesta sección, as súas normas específicas poderán integrar elementos de réxime xurídico propios dos organismos autónomos e das entidades públicas empresariais.

4. A actuación das axencias públicas autonómicas suxéitase ao principio e aos mecanismos de xestión transparente por obxectivos. Os mecanismos de xestión transparente por obxectivos son o contrato plurianual de xestión, o plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.

5. A persoa titular da presidencia de cada axencia autonómica, en calidade de máxima representación da entidade, poderá subscribir con entidades públicas e privadas convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público en nome da entidade que preside.

Artigo 75. Persoal das axencias públicas autonómicas

1. O persoal das axencias públicas autonómicas estará constituído por persoal funcionario, estatutario e/ou laboral da Xunta de Galicia e, de ser o caso, por persoal laboral propio.

2. O persoal laboral propio rexerase por esta lei, polo Estatuto dos traballadores e polo resto da normativa laboral. As súas condicións retributivas serán as determinadas no seu convenio colectivo de aplicación e as súas contías fixaranse consonte o establecido nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

3. As distintas clases de persoal integrantes das axencias públicas

autonómicas rexeranse pola súa normativa de orixe coas especialidades establecidas nesta lei e no seu estatuto.

Artigo 76. Procedementos de selección do persoal laboral propio

1. Corresponderalles ás axencias autonómicas a determinación, logo do informe favorable do órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de función pública, dos criterios de selección do seu persoal laboral e a convocatoria e xestión dos procesos selectivos deste, de acordo cos principios de concorrencia, igualdade, publicidade, mérito e capacidade e demais establecidos pola lexislación xeral de emprego público.

2. Á contratación do seu persoal laboral propio seranlle de aplicación as disposicións da lexislación galega sobre emprego público e as normas regulamentarias que a desenvolvan, relativas a:

a) Composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de selección.

b) Bases das convocatorias.

c) Probas de selección.

Artigo 77. Mobilidade do persoal

A mobilidade do persoal funcionario, estatutario e laboral da Xunta de Galicia destinado nas axencias públicas autonómicas someterase ao réxime xeral previsto na normativa de función pública.

Artigo 78. Réxime retributivo

1. Os conceptos retributivos do persoal funcionario das axencias públicas autonómicas serán os establecidos na normativa reguladora da función pública da Xunta de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma, coas especialidades previstas nesta lei e no estatuto de creación. As súas contías determinaranse no marco do contrato de xestión.

2. As condicións retributivas do persoal laboral serán as determinadas no convenio colectivo de aplicación. As súas contías fixaranse de acordo co sinalado no punto anterior.

3. A contía da masa salarial destinada a complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral vincularase estritamente ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

4. No marco da política de recursos humanos, e de acordo cos sistemas de representación e participación do persoal, establecerase un sistema de

avaliación que sirva de instrumento obxectivo para a valoración do desempeño dos postos de traballo e a asignación da produtividade sinalada no punto anterior, sen que en ningún caso se poida superar a contía da masa que dispoña o contrato de xestión. O sistema de avaliación valorará rendementos colectivos das unidades e realizará unha valoración individual de cada posto de traballo.

Artigo 79. Persoal directivo

1. O persoal directivo das axencias públicas autonómicas ocupará postos definidos como tales na relación de postos de traballo ou no cadro de persoal en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das funcións asignadas a eles.

2. O persoal directivo será nomeado e separado polo consello reitor, por proposta motivada da dirección, entre persoas que acrediten competencia profesional e idoneidade.

3. A regulación do persoal directivo terá en conta o establecido no artigo 13º do Estatuto básico do empregado público e na normativa de desenvolvemento da Comunidade Autónoma.

Artigo 80. Contrato plurianual de xestión

1. A actuación das axencias públicas autonómicas prodúcese, de acordo co plan de acción anual, conforme o pertinente contrato plurianual de xestión e baixo a súa vixencia.

2. O contrato plurianual de xestión deberá establecer, como mínimo e para o período da súa vixencia, os seguintes aspectos:

a) Os obxectivos que se persigan, os resultados que se pretende obter e, en xeral, a xestión que se vai desenvolver.

b) Os plans necesarios para alcanzar os obxectivos, con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias e os seus prazos temporais, así como os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

c) As previsións máximas de cadro de persoal e o marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos.

d) Os recursos persoais, materiais e orzamentarios que cómpre achegar para a consecución dos obxectivos.

e) Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no que atinxe á esixencia de responsabilidade pola xestión

dos órganos executivos e do persoal directivo.

f) De ser o caso, a contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral, segundo o establecido na Lei da función pública e nas leis anuais de orzamentos da Comunidade Autónoma. Esta contía estará vinculada estritamente ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados, co informe previo favorable das direccións xerais competentes en materia de función pública e de orzamentos, nos termos aprobados no contrato plurianual de xestión.

g) O procedemento que se seguirá para a cobertura dos déficits anuais que, de ser o caso, se puideren producir por insuficiencia dos ingresos reais respecto dos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, de ser o caso, se deban seguir de tales déficits.

h) O procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, de ser o caso, procedan.

3. No contrato plurianual de xestión determinaranse os mecanismos que permitan a esixencia de responsabilidades á que se refire a alínea e) do punto anterior por incumprimento de obxectivos.

4. O consello reitor de cada axencia aproba a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión no prazo de tres meses desde a súa constitución. Os posteriores contratos plurianuais de xestión presentaranse no último trimestre da vixencia do anterior.

5. A aprobación do contrato plurianual de xestión ten lugar por acordo do Consello da Xunta, por proposta das consellarías de adscrición e das competentes nas materias de administracións públicas e de facenda, nun prazo máximo de tres meses contados desde a súa presentación. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior.

Artigo 81. O plan de acción, o informe de actividade e as contas anuais

1. O consello reitor de cada axencia autonómica, por proposta do seu director, aproba:

a) O plan de acción de cada ano, sobre a base dos recursos dispoñibles.

b) O informe xeral de actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior.

c) As contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas.

2. Os documentos aos que se refire o punto anterior son públicos, e os cidadáns terán acceso ao seu contido desde a súa aprobación.

3. No primeiro trimestre de cada ano, cada axencia autonómica, a través do seu director, informará a súa consellaría de adscrición e as competentes nas materias de administracións públicas e de facenda acerca da execución e do cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión durante o anterior exercicio.

Artigo 82. Recursos económicos

1. As axencias públicas autonómicas fináncianse cos seguintes recursos:

a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Os ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas.

c) O produto do alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, de acordo co establecido na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma.

d) O rendemento procedente dos seus bens e valores.

e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuíto de entidades privadas e particulares.

f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.

g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estean autorizadas a percibir.

h) Calquera outro recurso que se lles poida atribuír.

Artigo 83. Réxime orzamentario

1. Correspóndelle ao consello reitor de cada axencia autonómica elaborar e aprobar o anteproxecto de orzamento. O anteproxecto seralle remitido para o seu exame á consellaría de adscrición, que llo achegará xunto co orzamento da propia consellaría á competente en materia de facenda para a elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

2. Correspóndelle á consellaría competente en materia de facenda

determinar a estrutura do orzamento das axencias públicas autonómicas e a documentación que lle ten que xuntar a este.

3. Os orzamentos das axencias públicas autonómicas teñen carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal e capital que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

4. Correspóndelle á persoa titular da consellaría competente en materia de facenda, por proposta da dirección de cada axencia autonómica, autorizar as variacións da contía global do orzamento, así como as que afecten a gastos de persoal e de capital.

A autorización das restantes variacións por riba do inicialmente orzado, mesmo na contía global cando sexan financiadas con recursos derivados das alíneas b), e), f) e g) do artigo precedente e se destinen directamente a fins da axencia con dotación orzamentaria, correspóndelle á persoa titular da dirección da axencia autonómica, logo do informe favorable da comisión de control, sempre que existan garantías suficientes da súa efectividade e do correspondente equilibrio orzamentario, que lle dará conta con posterioridade á consellaría competente en materia de facenda.

5. Non se poderán adquirir compromisos de gastos que se estendan a máis de catro exercicios, e o gasto que se lle impute a cada un deles non poderá exceder a cantidade que resulte de aplicarlle ao importe total de cada programa, excluídos o capítulo de persoal e os restantes créditos que teñan carácter vinculante, as seguintes porcentaxes: o 70% no exercicio inmediato seguinte, o 60% no segundo, e o 50% nos exercicios terceiro e cuarto.

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Facenda, poderá modificar as porcentaxes e os importes anteriores, así como modificar o número de anualidades nos casos especialmente xustificados por petición da correspondente consellaría e logo dos informes que se consideren oportunos, e en todo caso o da dirección xeral competente en materia de orzamentos.

6. A dirección da axencia poderá acordar incorporar o remanente de tesouraría non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, logo do informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Orzamentos, que se pronunciará respecto dos seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria. Do devandito acordo daráselle conta á comisión de control.

Artigo 84. Endebedamento

1. Queda prohibido o recurso ao endebedamento a longo prazo nas

axencias públicas autonómicas, agás que unha norma con rango de lei o autorice expresamente.

2. A lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de cada exercicio autorizará o límite máximo do endebedamento a curto prazo das axencias públicas autonómicas.

Artigo 85. Aplicación da lexislación de réxime financeiro e orzamentario e facultades da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

1. O réxime económico-financeiro das axencias públicas autonómicas, no non previsto nesta lei, é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En particular, correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos pola lexislación mencionada no punto anterior:

a) Establecer os criterios que precise a aplicación da normativa contable ás axencias públicas autonómicas.

b) Exercer o control interno da actividade económico-financeira das axencias públicas autonómicas.

Artigo 86. Principios e procedementos en materia de subvencións

O réxime xurídico das subvencións establecidas ou xestionadas polas axencias autonómicas é o establecido polo artigo 3.1 da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola normativa que a desenvolva.

Artigo 87. Órgano de control

1. Nas axencias públicas autonómicas, no seo do consello reitor, constituirase unha comisión de control, coa composición que se determine no estatuto de cada axencia. En todo caso, a persoa representante da consellaría competente en materia de facenda integrarase na comisión de control.

2. Correspóndelle á comisión de control informar o consello reitor sobre a execución do contrato de xestión e, en xeral, sobre todos aqueles aspectos relativos á xestión económico-financeira que deba coñecer o propio consello e que se determinen no estatuto de cada axencia.

Artigo 88. Transparencia na xestión

1. Sen prexuízo das demais obrigas de información ao cidadán

establecidas na lexislación vixente e daqueloutras que os órganos de dirección consideren oportunas, as axencias públicas autonómicas publicarán na súa sede electrónica información actualizada sobre os seguintes aspectos:

a) O contrato de xestión da axencia, o plan de acción anual, o informe xeral de actividade e as contas anuais, acompañadas do informe de auditoría de contas.

b) As redes de coñecemento e intercambio de información que impulse e, de ser o caso, outras que existan no territorio de Galicia.

c) Os recursos públicos destinados pola Xunta de Galicia ás políticas que desenvolva a axencia e, de ser o caso, condicións e formas de acceso a eles.

d) Outros recursos públicos ou privados destinados a similares fins e dispoñibles no ámbito de Galicia, dos que a axencia teña coñecemento.

e) Os procedementos e medios de acceso dos interesados aos servizos da axencia e os dereitos que para ese efecto lles correspondan.

2. Nos estatutos das axencias públicas autonómicas incorporaranse os mecanismos precisos para garantir o devandito acceso, e incluirase a posibilidade de acceder, a través da correspondente páxina web, á información sobre tales documentos.

Sección4ª. Entidades públicas empresariais

Artigo 89. Réxime xurídico e funcionamento

1. As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación.

2. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo, e o seu réxime xurídico externo regúlase polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei.

Artigo 90. Persoal

O persoal das entidades públicas empresariais suxeitarase ao réxime previsto no artigo 58º desta lei.

Artigo 91. Plan de actuación

1. A actividade das entidades públicas empresariais desenvólvese de acordo co plan anual de actuación de cada unha delas, que é aprobado por orde da consellaría de adscrición, dentro do marco do programa plurianual desta última, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, consonte o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O contido do plan de actuación determinarase regulamentariamente, e debe incluír en todo caso:

a) Os obxectivos e resultados que deban ser acadados polo organismo.

b) Os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos para a consecución dos obxectivos e resultados fixados.

Artigo 92. Recursos económicos

1. As entidades públicas empresariais fináncianse, preferentemente, cos ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas.

2. Excepcionalmente, cando así o estableza a lei que autorice a súa creación, financiaranse coas transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 93. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control das entidades públicas empresariais é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 94. Control de eficacia

1. As entidades públicas empresariais están sometidas a un control de eficacia no cumprimento do seu plan de actuación, que será exercido pola consellaría de adscrición.

2. O control de eficacia ten por obxecto comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados e a adecuada utilización dos recursos que lles fosen asignados para a consecución destes obxectivos.

3. O control do cumprimento dos compromisos específicos que, de ser o caso, asumise a entidade pública empresarial nun convenio ou contrato-programa corresponderalle á comisión de seguimento regulada no propio convenio ou contrato-programa, sen prexuízo dos posibles controis previstos na lexislación orzamentaria.

Sección5ª. Consorcios autonómicos

Artigo 95. Consorcios: natureza e réxime xurídico

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

2. Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas nesta lei, achegase maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se comprometese, no momento da súa constitución, a financialos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental regulada nesta lei.

3. Os consorcios autonómicos son entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma dotadas de personalidade xurídica propia, que suxeitan a súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

4. Os estatutos do consorcio determinarán a consellaría de adscrición, os seus fins, así como as particularidades do réxime orgánico, funcional e financeiro. En todo caso, nos órganos dos que se dote o consorcio deberá garantirse a presenza maioritaria do sector público.

5. Para a xestión dos servizos que se lle encomendan poderá utilizarse calquera das formas previstas na lexislación aplicable ás administracións consorciadas.

Artigo 96. Constitución, modificación e disolución

1. A proposta de convenio de constitución do consorcio e dous seus estatutos será formulada pola consellaría á que vaia quedar adscrito, logo

de negociación coas demais administracións públicas e entidades con que se pretenda constituír o consorcio, e irá acompañada dunha memoria na que se precisarán os aspectos previstos no punto 2 do artigo 54º desta lei e dun plan plurianual de actuación co contido establecido no punto 6 do artigo 54º. Por acordo do Consello da Xunta autorizarase a sinatura do convenio de constitución. Cando os consorcios vaian quedar adscritos a un órgano dependente da Presidencia, corresponderalle a este a tramitación do convenio.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta aprobar, mediante decreto, a constitución do consorcio e os seus estatutos, por proposta da consellaría á que se fai referencia no punto anterior.

3. A modificación dos estatutos levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, logo do acordo do órgano competente do consorcio e por proposta da consellaría de adscrición.

4. Os estatutos establecerán as causas de disolución do consorcio, que requirirá decreto do Consello da Xunta de Galicia, logo do acordo do órgano competente do consorcio.

5. Regulamentariamente estableceranse o procedemento e as regras que se deberán observar para a constitución dos consorcios autonómicos e para a elaboración dos seus estatutos, así como para a súa modificación e disolución.

Artigo 97. Réxime de organización e funcionamento

1. O estatuto de cada consorcio autonómico determinará os seus fins, así como o seu réxime orgánico e funcional.

2. Os órganos colexiados de goberno dos consorcios autonómicos estarán integrados por representantes de todas as administracións públicas e entidades consorciadas, na proporción que se fixe no estatuto respectivo. En todo caso, deberá garantirse o voto maioritario da representación da Xunta de Galicia en todos os órganos colexiados dos que se dote o consorcio.

3. Para a xestión dos servizos que se lles encomenden, os consorcios autonómicos poden utilizar calquera das formas de xestión dos servizos públicos previstas polo ordenamento xurídico.

4. Os consorcios poderán exercer por delegación competencias e potestades administrativas das administracións consorciadas de así o recoñeceren os seus estatutos.

Artigo 98. Persoal

O persoal dos consorcios autonómicos suxeitarase ao réxime previsto no artigo 58 desta lei.

Artigo 99. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control dos consorcios autonómicos é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A dirección do consorcio poderá acordar incorporar o remanente de tesouraría non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, logo do informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Orzamentos, que se pronunciará respecto dos seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

CAPÍTULO III. DOUTRAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS

Sección1ª. Aspectos xerais

Artigo 100. Tipos

Para os efectos desta lei, as sociedades mercantís públicas e as fundacións públicas que cumpran os requisitos previstos neste capítulo consideraranse sector público autonómico.

Artigo 101. Iniciativa para a creación

1. A iniciativa para a creación das entidades reguladas neste capítulo correspóndelle á persoa titular da consellaría competente por razón da materia ou ao órgano da Presidencia competente por razón da materia.

2. A iniciativa de realizar algunha actuación cuxo resultado sexa a conversión nunha entidade regulada neste capítulo dunha entidade previamente existente no sector privado tamén lle corresponde á persoa titular da consellaría competente por razón da materia ou ao órgano da Presidencia competente por razón da materia.

Sección2ª. Sociedades mercantís públicas autonómicas

Artigo 102. Definición

1. Son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

2. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas nesta lei ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei teñan dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

3. A Xunta de Galicia poderá participar no capital das sociedades mercantís, calquera que sexa a súa forma ou obxecto social, cando o Consello da Xunta, logo do informe da Consellería de Facenda, o considere conveniente para o cumprimento de finalidades concretas de política económica. Agás o disposto por normas especiais, a participación da Xunta non será inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social das devanditas sociedades.

Artigo 103. Réxime xurídico

1. As sociedades mercantís autonómicas réxense, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo ordenamento xurídico privado, sen prexuízo do establecido nesta lei, na lexislación de contratos do sector público, na normativa de subvencións e nas especialidades previstas no resto da normativa aplicable.

2. As sociedades mercantís autonómicas en ningún caso disporán de facultades que impliquen o exercicio de potestades administrativas.

3. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control das sociedades mercantís autonómicas é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 104. Constitución

1. O Consello da Xunta de Galicia deberá autorizar a constitución das sociedades mercantís autonómicas, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, logo da iniciativa da consellaría ou da entidade interesada, consonte o disposto na lexislación mercantil que resulte aplicable.

2. Xunto coa proposta de acordo de constitución, elevaranse ao Consello

da Xunta o texto dos estatutos da sociedade que se pretende constituír, unha memoria na que se precisarán os aspectos previstos no punto 2 do artigo 54º desta lei e un plan plurianual de actuación co contido establecido no punto 6 do referido artigo.

3. O acordo de autorización da constitución da sociedade, adoptado polo Consello da Xunta consonte o previsto por este artigo, aprobará tamén os estatutos societarios, que se publicarán no Diario Oficial de Galicia e por medios electrónicos na páxina institucional da Xunta de Galicia.

Artigo 105. Modificación e disolución

1. A transformación, fusión, escisión e disolución das sociedades mercantís autonómicas requiren autorización do Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, logo da iniciativa da consellaría ou da entidade interesada, con carácter previo á aprobación dos acordos sociais que deben adoptarse segundo a lexislación mercantil. En caso de disolución, o Consello da Xunta determinará, de ser o caso, o destino do haber social.

Nos estatutos das sociedades mercantís autonómicas debe constar expresamente que nos casos de transformación, fusión, escisión e disolución se require autorización previa do Consello da Xunta.

2. As modificacións estatutarias requiren autorización do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de facenda, logo da iniciativa da consellaría ou da entidade interesada, con carácter previo á aprobación dos acordos sociais que deban adoptarse segundo a lexislación mercantil.

Artigo 106. Exercicio dos dereitos da Xunta de Galicia nas sociedades mercantís autonómicas

O exercicio dos dereitos que lle correspondan á Administración autonómica de Galicia como partícipe nas sociedades mercantís autonómicas correspóndelle ao órgano directivo competente en materia de patrimonio, sen prexuízo de que a persoa titular deste poida delegar ese exercicio nun representante dunha consellaría ou dunha entidade instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia, co alcance e coa extensión que se determinen en cada caso.

Artigo 107. Tutela funcional das sociedades mercantís autonómicas

1. No acordo do Consello da Xunta de autorización de constitución das sociedades mercantís autonómicas determinarase a consellaría ou a entidade instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que estean

adscritas as devanditas sociedades para os efectos de exercer a súa tutela funcional. En defecto de adscrición expresa, o exercicio das facultades relativas á supervisión da actividade das sociedades mercantís autonómicas correspóndelle ao órgano directivo da Administración autonómica competente en materia de patrimonio.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, non será preciso acordo expreso para os cambios de adscrición que sexan consecuencia dos procesos de reestruturación do patrimonio empresarial na forma prevista na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A consellaría ou entidade que exerce a tutela funcional levará a cabo o control de eficacia das sociedades mercantís autonómicas que teña adscritas, sen prexuízo das atribucións que lle corresponden á consellaría competente en materia de facenda. A persoa titular da consellaría que exerza directamente a tutela, ou daquela á que estea adscrita a entidade que a exerza, é responsable de darlle conta ao Parlamento de Galicia das actuacións levadas a cabo neste ámbito.

Artigo 108. Membros dos órganos de goberno e administración

1. Os representantes da Administración autonómica nas sociedades mercantís serán designados pola persoa titular do órgano directivo da Administración autonómica competente en materia de patrimonio, por proposta da persoa titular da consellaría, ou da Presidencia, da entidade de adscrición.

2. As persoas representantes da Comunidade Autónoma nos órganos de goberno e administración das sociedades mercantís autonómicas cumprirán as instrucións que, para o adecuado exercicio dos dereitos inherentes á titularidade das accións, considere oportuno impartirlles a persoa titular da consellaría, ou da Presidencia, da entidade de adscrición.

Artigo 109. Responsabilidade e incompatibilidade

1. Os administradores das sociedades mercantís autonómicas aos que se lles impartisen instrucións para operacións concretas ás que se refire a Lei xeral de patrimonio das administracións públicas actuarán dilixentemente para a súa execución. Se do cumprimento destas instrucións derivaren consecuencias lesivas, os administradores quedarán exonerados da responsabilidade prevista na lexislación mercantil nos mesmos termos establecidos para os administradores das sociedades mercantís estatais na lexislación xeral de patrimonio das administracións públicas.

2. Os administradores das sociedades mercantís autonómicas non se verán afectados pola prohibición establecida pola lexislación mercantil de que sexan administradores os funcionarios ao servizo da Administración

pública con funcións ao seu cargo que se relacionen coas actividades propias das sociedades das que se trate, nos mesmos termos previstos para os administradores das sociedades mercantís estatais na lexislación xeral de patrimonio das administracións públicas.

Artigo 110. Persoal

O persoal das sociedades mercantís autonómicas réxese polo disposto na disposición adicional primeira do Estatuto básico do empregado público, na normativa autonómica que a desenvolva e polas seguintes regras:

a) Todas as sociedades mercantís autonómicas disporán dun cadro de persoal, que incluirá os postos do persoal directivo, que será aprobado polo órgano competente consonte os estatutos societarios, logo do informe favorable dos órganos directivos da Administración autonómica competentes en materia de orzamentos e de función pública.

b) Á selección do seu persoal incluído no devandito cadro, agás o directivo, seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a:

-Composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de selección.

-Bases das convocatorias.

-Probas de selección.

c) Poderanse celebrar contratos laborais de duración determinada, logo da convocatoria mediante anuncio público e da designación dunha comisión de selección. A selección deste persoal realizarase entre as persoas incluídas nas listas da Administración autonómica ou, de ser o caso, a través dos servizos públicos de emprego. Alternativamente, as sociedades mercantís autonómicas poderán, excepcionalmente, acollerse a un sistema de listas previo por categorías, contando coa autorización do centro directivo competente en materia de función pública e logo da negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

d) A contratación de persoal directivo poderá levarse a cabo mediante contratos de alta dirección nos supostos previstos na normativa laboral, con suxeición aos principios de publicidade, concorrencia, mérito e capacidade, entre persoas que demostren a súa cualificación profesional. A fixación das retribucións deste persoal e das indemnizacións que lle poidan corresponder deberá contar cun informe previo favorable da consellaría competente en materia de facenda.

e) Os instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do

persoal, a subscrición dos convenios colectivos, as ofertas de emprego e as bases das convocatorias de contratación de persoal establecidas nos puntos anteriores serán aprobados polo órgano competente consonte os estatutos societarios, e requirirán, en todo caso, informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública.

Artigo 111. Comisión de auditoría e control

As sociedades mercantís autonómicas que, consonte a normativa aplicable, estean obrigadas a someter as súas contas a auditoría deben constituír unha comisión de auditoría e control, dependente do consello de administración, coa composición e coas funcións que se determinen nos estatutos de cada sociedade.

Artigo 112. Publicidade da actividade societaria

1. Sen prexuízo da publicidade que, de ser o caso, sexa obrigatoria a través do Rexistro Mercantil e do rexistro de entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia previsto nesta lei, as sociedades mercantís autonómicas difundirán mediante a internet toda a información relevante, relativa á súa actividade empresarial, que pola súa natureza non teña carácter reservado e, en particular, os seus estatutos, os integrantes dos seus órganos de administración, dirección, xestión e control, os poderes e as delegacións conferidos por estes, as contas anuais, os códigos de conduta ou as guías de boas prácticas que deban observar e a identificación da parte da súa actividade vinculada a servizos de interese xeral.

2. Así mesmo, deberán publicarse na páxina web das sociedades mercantís autonómicas as instrucións internas de contratación, así como os anuncios relativos aos procedementos de contratación consonte o previsto nas devanditas instrucións.

3. Tamén deberá publicarse na súa páxina web toda a información relativa aos procesos de contratación de persoal, particularmente:

a) As bases íntegras dos procesos selectivos de persoal temporal ou fixo.

b) Todos os anuncios e todas as resolucións que se produzan nos procesos selectivos de persoal, coa información necesaria para que os interesados poidan efectuar as reclamacións pertinentes.

c) As listaxes de contratación temporal por categorías profesionais debidamente actualizadas.

d) As composicións dos tribunais e das comisións de selección de

persoal, se é o caso.

Sección3ª. Fundacións do sector público autonómico

Artigo 113. Concepto

1. Son fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.

b) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

vc) Que cuxos ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

2. O financiamento que as fundacións reciban da Administración da Comunidade Autónoma ou das entidades integrantes do sector público, xa sexa mediante concerto, convenio ou contraprestación por prestación de servizos en xeral, así como mediante concesión de subvencións, non determina por esta soa circunstancia o carácter de fundación do sector público, sen prexuízo da súa condición de poder adxudicador para os efectos do réxime xurídico contractual.

3. Na constitución, así como na adquisición do carácter de fundación do sector público autonómico dunha fundación preexistente, será necesario que a designación da maioría dos membros do padroado lle corresponda á Administración pública autonómica.

Artigo 114. Creación e extinción

1. A constitución, transformación, modificación de estatutos, fusión e extinción das fundacións do sector público da Comunidade Autónoma, os actos que impliquen a perda do seu carácter de fundación do sector público autonómico, ou a adquisición de tal carácter por unha fundación preexistente, deberán ser autorizados por acordo do Consello da Xunta, que determinará o contido dos estatutos e designará a persoa ou as persoas que deban actuar no acto de constitución, así como os membros que, en representación da Xunta de Galicia, formen parte do padroado.

2. No expediente de autorización incluirase unha memoria, que deberá ser

sometida ao informe do departamento da Xunta de Galicia que exerza as competencias correspondentes aos fins da fundación, na que se xustifiquen suficientemente as razóns de por que se considera que existirá unha mellor consecución dos fins de interese xeral perseguidos a través dunha fundación que mediante outras formas xurídicas previstas na normativa vixente.

3. Deberá presentarse, igualmente, unha memoria económica, que requirirá o informe da consellaría competente en materia de facenda, na que se precisarán os aspectos previstos no punto 2 do artigo 54º desta lei, e un plan plurianual de actuación co contido establecido no punto 6 do referido artigo.

4. O Parlamento poderá exercer o control da creación deste tipo de fundacións, nos termos establecidos no seu regulamento, dentro do control da acción da Xunta de Galicia.

Artigo 115. Réxime xurídico

1. As fundacións do sector público da Comunidade Autónoma non poderán exercer potestades públicas. Unicamente poderán realizar actividades relacionadas co ámbito competencial das entidades fundadoras, debendo contribuír á consecución dos seus fins, sen que isto supoña a asunción da titularidade das súas competencias, agás previsión legal expresa.

2. O protectorado destas fundacións será exercido polo departamento da Xunta de Galicia que exerza as competencias correspondentes aos fins da fundación.

Artigo 116. Contratación de persoal laboral fixo

1. Á contratación de persoal laboral fixo ao servizo das fundacións reguladas neste título seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público e as normas regulamentarias que a desenvolvan, relativas a:

a) Composición e funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección.

b) Bases das convocatorias.

c) Probas de selección.

Artigo 117. Outros contratos

No resto da súa actividade contractual estas fundacións actuarán conforme os principios e disposicións aplicables da lexislación estatal e

autonómica en materia de contratos do sector público.

Artigo 118. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control das fundacións reguladas nesta sección é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 119. Comisión de auditoría e control

As fundacións do sector público autonómico que, consonte a normativa aplicable, estean obrigadas a someter as súas contas a auditoría deben constituír unha comisión de auditoría e control, dependente do padroado, coa composición e coas funcións que se determinen nos estatutos de cada fundación.

Artigo 120. Principios e procedementos en materia de subvencións

Seranlles aplicables na súa integridade ás fundacións do sector público de Galicia os principios previstos na lexislación xeral sobre subvencións.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

6. LEI ORGÁNICA 15/1999, DO 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: TÍTULOS I, II, III E VI.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI ORGÁNICA 15/1999, DO 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: TÍTULOS I, II, III E VI.[1]

TÍTULO I Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto.

Esta lei orgánica ten por obxecto garantir e protexer, no que atinxe ó tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente os do seu honor e intimidade persoal e familiar.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. Esta lei orgánica será de aplicación ós datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado.

Rexerase por esta lei orgánica todo tratamento de datos de carácter persoal:

a) Cando o tratamento sexa efectuado en territorio español no marco das actividades dun establecemento do responsable do tratamento.

b) Cando ó responsable do tratamento non establecido en territorio español lle sexa de aplicación a lexislación española en aplicación de normas de dereito internacional público.

c) Cando o responsable do tratamento non estea establecido en territorio da Unión Europea e utilice no tratamento de datos medios situados en territorio español, agás que tales medios se utilicen unicamente con fins de tránsito.

2. O réxime de protección dos datos de carácter persoal que se establece nesta lei orgánica non será de aplicación:

a) Ós ficheiros mantidos por persoas físicas no exercicio de actividades exclusivamente persoais ou domésticas.

---

[1] BOE, 14 decembro 1999, núm. 298.
As referencias á Axencia de Protección de Datos deberanse entender realizadas á Axencia Española de Protección de Datos (art. 79 . da Lei 62/2003, do 30 de decembro)

b) Ós ficheiros sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas.

c) Ós ficheiros establecidos para a investigación do terrorismo e de formas graves de delincuencia organizada. Emporiso, nestes supostos o responsable do ficheiro comunicaralle previamente a súa existencia, as súas características xerais e a súa finalidade á Axencia de Protección de Datos.

3. Rexeranse polas súas disposicións específicas, e polo especialmente previsto, se é o caso, por esta lei orgánica, os seguintes tratamentos de datos persoais:

a) Os ficheiros regulados pola lexislación de réxime electoral.

b) Os que sirvan a fins exclusivamente estatísticos, e estean amparados pola lexislación estatal ou autonómica sobre a función estatística pública.

c) Os que teñan por obxecto o almacenamento dos datos contidos nos informes persoais de cualificación a que se refire a lexislación do réxime do persoal das Forzas Armadas.

d) Os derivados do Rexistro Civil e do Rexistro Central de Penados e Rebeldes.

e) Os procedentes de imaxes e sons obtidos mediante a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade, de conformidade coa lexislación sobre a materia.

Artigo 3. Definicións.

Para os efectos desta lei orgánica entenderase por:

a) Datos de carácter persoal: calquera información tocante a persoas físicas identificadas ou identificables.

b) Ficheiro: todo conxunto organizado de datos de carácter persoal, calquera que sexa a forma ou modalidade da súa creación, almacenamento, organización e acceso.

c) Tratamento de datos: operacións e procedementos técnicos de carácter automatizado ou non, que permitan a recollida, gravación, conservación, elaboración, modificación, bloqueo e cancelación, así como as cesións de datos que resulten de comunicacións, consultas, interconexións e transferencias.

d) Responsable do ficheiro ou tratamento: persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada, ou órgano administrativo, que decida sobre a finalidade, contido e uso do tratamento.

e) Afectado ou interesado: persoa física titular dos datos que sexan obxecto do tratamento a que se refire a alínea c) deste artigo.

f) Procedemento de disociación: todo tratamento de datos persoais de modo que a información que se obteña non poida asociarse a persoa identificada ou identificable.

g) Encargado do tratamento: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servicio ou calquera outro organismo que, só ou conxuntamente con outros, trate datos persoais por conta do responsable do tratamento.

h) Consentimento do interesado: toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento de datos persoais que lle atinxan.

i) Cesión ou comunicación de datos: toda revelación de datos realizada a unha persoa distinta do interesado.

j) Fontes accesibles ó público: aqueles ficheiros que poden ser consultados por calquera persoa, non impedida por unha norma limitativa ou sen máis esixencia que, se é o caso, o aboamento dunha contraprestación. Teñen a consideración de fontes de acceso público, exclusivamente, o censo promocional, os repertorios telefónicos nos termos previstos pola súa normativa específica e as listas de persoas pertencentes a grupos de profesionais que conteñan unicamente os datos de nome, título, profesión, actividade, grao académico, enderezo e indicación da súa pertenza ó grupo. Así mesmo, teñen o carácter de fontes de acceso público os diarios e boletíns oficiais e os medios de comunicación.

TÍTULO II. PRINCIPIOS DA PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 4. Calidade dos datos.

1. Os datos de carácter persoal só se poderán recoller para o seu tratamento, así como someter ó dito tratamento, cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtivesen.

2. Os datos de carácter persoal obxecto de trata-mento non poderán usarse para finalidades incompatibles con aquelas para as que os datos fosen recollidos. Non se considerará incompatible o tratamento posterior destes con fins históricos, estatísticos ou científicos.

3. Os datos de carácter persoal serán exactos e postos ó día de forma que respondan con veracidade á situación actual do afectado.

4. Se os datos de carácter persoal rexistrados resultaran ser inexactos, en todo ou en parte, ou incompletos, serán cancelados e substituídos de oficio polos correspondentes datos rectificados ou completados, sen prexuízo das facultades que ós afectados lles recoñece o artigo 16.

5. Os datos de carácter persoal serán cancelados cando deixen de ser necesarios ou pertinentes para a finalidade para a cal fosen recadados ou rexistrados.

Non serán conservados en forma que permita a identificación do interesado durante un período superior ó necesario para os fins consonte ós cales fosen recadados ou rexistrados.

Regulamentariamente, determinarase o procedemento polo que, por excepción, atendidos os valores históricos, estatísticos ou científicos de acordo coa lexislación específica, se decida o mantemento íntegro de determinados datos.

6. Os datos de carácter persoal serán almacenados de forma que permitan o exercicio do dereito de acceso, agás que sexan legalmente cancelados.

7. Prohíbese a recollida de datos por medios fraudulentos, desleais ou ilícitos.

Artigo 5. Dereito de información na recollida de datos.

1. Os interesados ós que se lles soliciten datos persoais deberán ser previamente informados de modo expreso, preciso e inequívoco:

a) Da existencia dun ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida destes e dos destinatarios da información.

b) Do carácter obrigatorio ou facultativo da súa resposta ás preguntas que lles sexan formuladas.

c) Das consecuencias da obtención dos datos ou da negativa a subministralos.

d) Da posibilidade de exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

e) Da identidade e dirección do responsable do tratamento ou, se é o caso, do seu representante. Cando o responsable do tratamento non estea establecido no territorio da Unión Europea e utilice no tratamento de datos

medios situados en territorio español, deberá designar, agás que tales medios se utilicen con fins de trámite, un representante en España, sen prexuízo das accións que se puidesen emprender contra o propio responsable do tratamento.

2. Cando se utilicen cuestionarios ou outros impresos para a recollida, figurarán neles, en forma claramente lexible, as advertencias a que se refire o número anterior.

3. Non será necesaria a información a que se refiren as alíneas b), c) e d) do número 1 se o contido dela se deduce claramente da natureza dos datos persoais que se solicitan ou das circunstancias en que se recadan.

4. Cando os datos de carácter persoal non fosen recadados do interesado, este deberá ser informado de forma expresa, precisa e inequívoca, polo responsable do ficheiro ou polo seu representante, dentro dos tres meses seguintes ó momento do rexistro dos datos, agás que xa fose informado con anterioridade, do contido do tratamento, da procedencia dos datos, así como do previsto nas alíneas a), d) e e) do número 1 deste artigo.

5. Non será de aplicación o disposto no número anterior, cando expresamente unha lei o prevexa, cando o tratamento teña fins históricos, estatísticos ou científicos, ou cando a información ó interesado resulte imposible ou esixa esforzos desproporcionados, a criterio da Axencia de Protección de Datos ou do organismo autonómico equivalente, en consideración ó número de interesados, á antigüidade dos datos e ás posibles medidas compensatorias.

Así mesmo, tampouco rexerá o disposto no número anterior cando os datos procedan de fontes accesibles ó público e se destinen á actividade de publicidade ou prospección comercial; neste caso, en cada comunicación que se lle dirixa ó interesado será informado da orixe dos datos e da identidade do responsable do tratamento así como dos dereitos que o asisten.

Artigo 6. Consentimento do afectado.

1. O tratamento dos datos de carácter persoal requerirá o consentimento inequívoco do afectado, agás que a lei dispoña outra cousa.

2. Non será preciso o consentimento cando os datos de carácter persoal se recollan para o exercicio das funcións propias das administracións públicas no ámbito das súas competencias; cando se refiran ás partes dun contrato ou precontrato dunha relación negocial, laboral ou administrativa e sexan necesarios para o seu mantemento ou cumprimento; cando o tratamento dos datos teña por finalidade protexer un interese vital do interesado nos termos do artigo 7, número 6, desta lei, ou cando os datos figuren en

fontes accesibles ó público e o seu tratamento sexa necesario para a satisfacción do interese lexítimo perseguido polo responsable do ficheiro ou polo do terceiro a quen se lle comuniquen os datos, sempre que non se vulneren os dereitos e liberdades fundamentais do interesado.

3. O consentimento a que se refire o artigo poderá ser revogado cando exista causa xustificada para iso e non se lle atribúan efectos retroactivos. 4. Nos casos en que non sexa necesario o consentimento do afectado para o tratamento dos datos de carácter persoal, e sempre que unha lei non dispoña o contrario, este poderase opor ó seu tratamento cando existan motivos fundados e lexítimos relativos a unha concreta situación persoal. En tal suposto, o responsable do ficheiro excluirá do tratamento os datos relativos ó afectado.

Artigo 7. Datos especialmente protexidos.

1. De acordo co establecido no número 2 do artigo 16 da Constitución, ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas. Cando en relación con estes datos se proceda a procura-lo consentimento a que se refire o número seguinte, o interesado será advetido acerca do seu dereito a non o prestar.

2. Só co consentimento expreso e por escrito do afectado poderán ser obxecto de tratamento os datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas. Exceptúanse os ficheiros mantidos polos partidos políticos, sindicatos, igrexas, confesións ou comunidades relixiosas e asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, a finalidade das cales sexa política, filosófica, relixiosa ou sindical, en canto ós datos relativos ós seus asociados ou membros, sen prexuízo de que a cesión dos ditos datos precisará sempre o previo consentimento do afectado.

3. Os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser recadados, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado o consinta expresamente.

4. Quedan prohibidos os ficheiros creados coa finalidade exclusiva de almacenar datos de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión, crenzas, orixe racial ou étnica, ou vida sexual.

5. Os datos de carácter persoal relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas só poderán ser incluídos en ficheiros das administracións públicas competentes nos supostos previstos nas respectivas normas reguladoras. 6. Malia o disposto nos números anteriores, poderán ser obxecto de tratamento os datos de carácter persoal a que se refiren os números 2 e 3 deste artigo, cando o dito tratamento

resulte necesario para a prevención ou para o diagnóstico médicos, a prestación de asistencia sanitaria ou tratamentos médicos ou a xestión de servicios sanitarios, sempre que o dito tratamento de datos sexa realizada por un profesional sanitario suxeito ó segredo profesional ou por outra persoa suxeita así mesmo a unha obriga equivalente de segredo.

Tamén poderán ser obxecto de tratamento os datos a que se refire o parágrafo anterior cando o tratamento sexa necesario para salvagarda-lo interese vital do afectado ou doutra persoa, no suposto de que o afectado estea física ou xuridicamente incapacitado para da-lo seu consentimento.

Artigo 8. Datos relativos á saúde.

Sen prexuízo do que se dispón no artigo 11 respecto da cesión, as institucións e os centros sanitarios públicos e privados e os profesionais correspondentes poderán proceder ó tratamento dos datos de carácter persoal relativos á saúde das persoas que acudan a eles ou teñan que ser tratados neles, de acordo co disposto na lexislación estatal ou autonómica sobre sanidade.

Artigo 9. Seguridade dos datos.

1. O responsable do ficheiro, e, se é o caso, o encargado do tratamento deberán adopta-las medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

2. Non se rexistrarán datos de carácter persoal en ficheiros que non reúnan as condicións que se determinen por vía regulamentaria con respecto á súa integridade e seguridade e ás dos centros de tratamento, locais, equipos, sistemas e programas.

3. Regulamentariamente, estableceranse os requisitos e condicións que deban reuni-los ficheiros e as persoas que interveñan no tratamento dos datos a que se refire o artigo 7 desta lei.

Artigo 10. Deber de segredo.

O responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ó segredo profesional respecto deles e ó deber de os gardar, obrigas que subsistirán mesmo despois de finalizaren as súas relacións co titular do ficheiro ou, se é o caso, co seu responsable.

Artigo 11. Comunicación de datos.

1. Os datos de carácter persoal obxecto do trata-mento só lle poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado.

2. O consentimento esixido no número anterior non será preciso:

a) Cando a cesión está autorizada nunha lei.

b) Cando se trate de datos recollidos de fontes accesibles ó público.

c) Cando o tratamento responda á libre e lexítima aceptación dunha relación xurídica cun desenvolvemento, cumprimento e control que implique necesariamente a conexión do dito tratamento con ficheiros de terceiros. Neste caso a comunicación só será lexítima en canto se limite á finalidade que a xustifique.

d) Cando a comunicación que deba efectuarse teña por destinatario o Defensor do Pobo, o Ministerio Fiscal ou os xuíces ou tribunais ou o Tribunal de Contas, no exercicio das funcións que ten atribuídas. Tampouco será preciso o consentimento cando a comunicación teña como destinatario institucións autonómicas con funcións análogas ó Defensor do Pobo ou ó Tribunal de Contas.

e) Cando a cesión se produza entre administracións públicas e teña por obxecto o tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos.

f) Cando a cesión de datos de carácter persoal relativos á saúde sexa necesaria para solucionar unha urgencia que requira acceder a un ficheiro ou para realiza-los estudios epidemiolóxicos nos termos establecidos na lexislación sobre sanidade estatal ou autonómica.

3. Será nulo o consentimento para a comunicación dos datos de carácter persoal a un terceiro, cando a información que se lle facilite ó interesado non lle permita coñece-la finalidade a que destinarán os datos dos que se autoriza a súa comunicación ou o tipo de actividade daquel a quen se lle pretenden comunicar.

4. O consentimento para a comunicación dos datos de carácter persoal ten tamén un carácter de revogable.

5. Aquel a quen se lle comuniquen os datos de carácter persoal obrígase, polo só feito da comunicación, á observancia das disposicións desta lei.

6. Se a comunicación se efectúa logo de procede-mento de disociación, non será aplicable o establecido nos números anteriores.

Artigo 12. Acceso ós datos por conta de terceiros.

1. Non se considerará comunicación de datos o acceso dun terceiro ós datos cando o dito acceso sexa necesario para a prestación dun servicio ó responsable do tratamento.

2. A realización de tratamentos por conta de terceiros deberá estar regulada nun contrato que deberá constar por escrito ou nalgunha outra forma que permita acredita-la súa celebración e contido, estableléndose expresamente que o encargado do tratamento unicamente tratará os datos conforme as instruccións do responsable do tratamento, que non os aplicará ou utilizará con fin distinto ó que figure no dito contrato, nin llelos comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas. No contrato estipularanse, así mesmo, as medidas de seguridade a que se refire o artigo 9 desta lei que o encargado do tratamento está obrigado a implementar.

3. Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devolvidos ó responsable do tratamento, ó igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

4. No caso de o encargado do tratamento desti-na-los datos a outra finalidade, comunicalos ou utilizalos incumprindo as estipulacións do contrato, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese persoalmente.

TÍTULO III. DEREITOS DAS PERSOAS

Artigo 13. Impugnación de valoracións.

1. Os cidadáns teñen dereito a non se veren sometidos a unha decisión con efectos xurídicos, sobre eles ou que os afecte de maneira significativa, que se basee unicamente nun tratamento de datos destinados a avaliar determinados aspectos da súa personalidade.

2. O afectado poderá impugna-los actos administrativos ou as decisións privadas que impliquen unha valoración do seu comportamento, e que teñan como único fundamento un tratamento de datos de carácter persoal que ofreza unha definición das súas características ou personalidade.

3. Neste caso, o afectado terá dereito a obter información do responsable do ficheiro sobre os criterios de valoración e o programa utilizados no tratamento que serviu para adopta-la decisión en que consistiu o acto.

4. A valoración sobre o comportamento dos cidadáns, baseada nun tratamento de datos, unicamente poderá ter valor probatorio por petición do afectado.

Artigo 14. Dereito de consulta ó Rexistro Xeral d eProtección de Datos.

Calquera persoa poderá coñecer, recadando para tal fin a información oportuna do Rexistro Xeral de Protección de Datos, a existencia de tratamentos de datos de carácter persoal, as súas finalidades e a identidade do responsable do tratamento. O Rexistro Xeral será de consulta pública e gratuíta.

Artigo 15. Dereito de acceso.

1. O interesado terá dereito a solicitar e obter gratuitamente información dos seus datos de carácter persoal sometidos a tratamento, a orixe destes datos, así como as comunicacións realizadas ou que se prevén facer deles.

2. A información poderase obter mediante a simple consulta dos datos por medio da súa visualización, ou a indicación dos datos que son obxecto de tratamento mediante escrito, copia, telecopia ou fotocopia, certificada ou non, en forma lexible e intelixible, sen utilizar claves ou códigos que requiran o uso de dispositivos mecánicos específicos.

3. O dereito de acceso a que se refire este artigo só poderá ser exercido a intervalos non inferiores a doce meses, agás que o interesado acredite un interese lexítimo para o efecto, caso no cal o poderán exercer antes.

Artigo 16. Dereito de rectificación e cancelación.

1. O responsable do tratamento terá a obriga de facer efectivo o dereito de rectificación ou cancelación do interesado no prazo de dez días.

2. Serán rectificados ou cancelados, se é o caso, os datos de carácter persoal que posúan un tratamento que non se axuste ó disposto nesta lei e, en particular, cando tales datos resulten inexactos ou incompletos.

3. A cancelación dará lugar ó bloqueo dos datos, conservándose unicamente á disposición das administracións públicas, xuíces e tribunais, para a atención das posibles responsabilidades nacidas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas. Cumprido o citado prazo deberá procederse á supresión.

4. Se os datos rectificados ou cancelados fosen comunicados previamente, o responsable do tratamento deberalle notifica-la rectificación ou

cancelación efectuada a quen se lle comunicasen, no caso de se mante-lo tratamento por este último, que deberá tamén proceder á cancelación.

5. Os datos de carácter persoal deberán ser conservados durante os prazos previstos nas disposicións aplicables ou, se é o caso, nas relacións contractuais entre a persoa ou entidade responsable do tratamento e o interesado.

Artigo 17. Procedemento de oposición, acceso, rectificación ou cancelación.

1. Os procedementos para exerce-lo dereito de oposición, acceso, así como os de rectificación e cancelación serán establecidos regulamentariamente.

2. Non se esixirá ningunha contraprestación polo exercicio dos dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación.

Artigo 18. Tutela dos dereitos.

1. As actuacións contrarias ó disposto nesta lei poden ser obxecto de reclamación polos interesados ante a Axencia de Protección de Datos, na forma que regulamentariamente se determine.

2. O interesado ó que se lle denegue, total ou parcialmente, o exercicio dos dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación, poderao poñer en coñecemento da Axencia de Protección de Datos ou, se é o caso, do organismo competente de cada Comunidade Autónoma, que se deberá asegurar da procedencia ou improcedencia da denegación.

3. O prazo máximo en que se debe dicta-la resolución expresa de tutela de dereitos será de seis meses.

4. Contra as resolucións da Axencia de Protección de Datos procederá recurso contencioso-administrativo.

Artigo 19. Dereito a indemnización.

1. Os interesados que, como consecuencia do incumprimento do disposto nesta lei polo responsable ou o encargado do tratamento, sufran dano ou lesión nos seus bens ou dereitos terán dereito a ser indemnizados.

2. Cando se trate de ficheiros de titularidade pública, a responsabilidade esixirase de acordo coa lexislación reguladora do réxime de responsabilidade das administracións públicas.

3. No caso dos ficheiros de titularidade privada, a acción exercerase perante os órganos da xurisdicción ordinaria.

TÍTULO VI AXENCIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 35. Naturaza e réxime xurídico.

1. A Axencia de Protección de Datos é un ente de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que actúa con plena independencia das administracións públicas no exercicio das súas funcións. Rexerase polo disposto nesta lei e nun estatuto propio, que será aprobado polo Goberno.

2. No exercicio das súas funcións públicas, e en defecto do que dispoña esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, a Axencia de Protección de Datos actuará de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Nas súas adquisicións patrimoniais e contratación estará suxeita ó dereito privado.

3. Os postos de traballo dos órganos e servicios que integren a Axencia de Protección de Datos serán desempeñados por funcionarios das administracións públicas e por persoal contratado para o efecto, segundo a natureza das funcións asignadas a cada posto de traballo. Este persoal está obrigado a gardar segredo dos datos de carácter persoal que coñeza por mor do desenvolvemento da súa función.

4. A Axencia de Protección de Datos contará, para o cumprimento dos seus fins, cos seguintes bens e medios económicos:

a) As asignacións que se establezan anualmente con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

b) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio, así como os seus productos e rendas.

c) Calquera outro que legalmente poida serlle atribuído.

5. A Axencia de Protección de Datos elaborará e aprobará con carácter anual o correspondente anteproxecto de orzamento e remitirallo ó Goberno para que sexa integrado, coa debida independencia, nos ornamentos xerais do Estado.

Artigo 36. O director.

1. O director da Axencia de Protección de Datos dirige a axencia e ten a súa representación. Será nomeado, de entre os que compoñen o Consello Consultivo, mediante real decreto, por un período de catro anos.

2. Exercerá as súas funcións con plena independencia e obxectividade e non estará suxeito a ningunha instrucción no desempeño daquelas.

En todo caso, o director deberá oí-lo Consello Consultivo naquelas propostas que este lle realice no exercicio das súas funcións.

3. O director da Axencia de Protección de Datos só cesará antes da expiración do período a que se refire o número 1, por petición propia ou por separación acordada polo Goberno, logo de instrucción de expediente, no que necesariamente serán oídos os restantes membros do Consello Consultivo, por incumprimento grave das súas obrigas, incapacidade sobrevida para o exercicio da súa función, incompatibilidade ou condena por delicto doloso.

4. O director da Axencia de Protección de Datos terá a consideración de alto cargo e quedará na situación de servicios especiais se con anterioridade estivese desempeñando unha función pública. No suposto de que sexa nomeado para o cargo algún membro da carreira xudicial ou fiscal, pasará así mesmo á situación administrativa de servicios especiais.

Artigo 37. Funcións.[2]

1. Son funcións da Axencia de Protección de Datos:

a) Velar polo cumprimento da lexislación sobre protección de datos e controla-la súa aplicación, en especial no relativo ós dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos.

b) Emiti-las autorizacións previstas na lei ou nas súas disposicións regulamentarias.

c) Dictar, se é o caso, e sen prexuízo das competencias doutros órganos, as instruccións precisas para adecua-los tratamentos ós principios desta lei.

d) Atende-las peticións e reclamacións formuladas polas persoas afectadas.

e) Proporcionar información ás persoas acerca dos seus dereitos en materia de tratamento dos datos de carácter persoal.

f) Requiri-los responsables e os encargados dos tratamentos, logo de audiencia destes, para adoptaren as medidas necesarias para a adecuación do tratamento de datos ás disposicións desta lei e, se é o caso, ordena-la cesación dos tratamentos e a cancelación dos ficheiros, cando non se axuste ás súas disposicións.

[2] Ap. 1 renumerado polo art. 82.1 da Lei 62/2003, do 30 de decembro
Ap. 2 engadido polo art. 82.1 da Lei 62/2003, do 30 de decembro

g) Exerce-la potestade sancionadora nos termos previstos polo título VII desta lei.

h) Emitir informe, con carácter preceptivo, dos proxectos de disposicións xerais que desenvolvan esta lei.

i) Solicitar dos responsables dos ficheiros canta axuda e información estime necesaria para o desempeño das súas funcións.

j) Velar pola publicidade da existencia dos ficheiros de datos con carácter persoal, para o efecto do cal se publicará periodicamente unha relación dos ditos ficheiros coa información adicional que o director da axencia determine.

k) Redactar unha memoria anual e remitirlla ó Ministerio de Xustiza.

l) Exerce-lo control e adopta-las autorizacións que procedan en relación cos movementos internacionais de datos, así como desempeña-las funcións de cooperación internacional en materia de protección de datos persoais.

m) Velar polo cumprimento das disposicións que a Lei da función estatística pública establece respecto á recollida de datos estatísticos e ó segredo estatístico, así como dicta-las instruccións precisas, dictaminar sobre as condicións de seguridade dos ficheiros constituídos con fins exclusivamente estatísticos e exerce-la potestade á que se refire o artigo 46.

n) Cantas outras lle sexan atribuídas por normas legais ou regulamentarias.

2. As resolucións da Axencia Española de Protección de Datos faranse públicas unha vez que lles fosen notificadas ós interesados. A publicación realizarase preferentemente a través de medios informáticos ou telemáticos.

Regulamentariamente poderanse establece-los termos en que se leve a cabo a publicidade das citadas resolucións.

O establecido nos parágrafos anteriores non será aplicable ás resolucións referentes á inscrición dun ficheiro ou tratamento no Rexistro Xeral de Protección de Datos nin a aquelas polas que se resolva a inscrición nel dos códigos tipo, regulados polo artigo 32 desta lei orgánica.

Artigo 38. Consello Consultivo.

O director da Axencia de Protección de Datos estará asesorado por un consello consultivo composto polos seguintes membros:

Un deputado, proposto polo Congreso dos Deputados.

Un senador, proposto polo Senado.

Un representante da Administración central, designado polo Goberno.

Un representante da Administración local, proposto pola Federación Española de Municipios e Provincias.

Un membro da Real Academia da Historia, proposto por ela.

Un experto na materia, proposto polo Consello Superior de Universidades.

Un representante dos usuarios e consumidores, seleccionado do modo que se prevexa regulamentariamente.

Un representante de cada Comunidade Autónoma que crease unha axencia de protección de datos no seu ámbito territorial, proposto de acordo co procedemento que estableza a respectiva Comunidade Autónoma.

Un representante do sector de ficheiros privados, para a proposta do cal se seguirá o procedemento que se estableza regulamentariamente.

O funcionamento do Consello Consultivo rexerase polas normas regulamentarias que para o efecto se establezan.

Artigo 39. O Rexistro Xeral de Protección de Datos.

1. O Rexistro Xeral de Protección de Datos é un órgano integrado na Axencia de Protección de Datos.

2. Serán obxecto de inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos:

a) Os ficheiros de que sexan titulares as administracións públicas.

b) Os ficheiros de titularidade privada.

c) As autorizacións a que se refire esta lei.

d) Os códigos tipo a que se refire o artigo 32 desta lei.

e) Os datos relativos ós ficheiros que sexan necesarios para o exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, cancelación e oposición.

3. Por vía regulamentaria fixarase o procedemento de inscrición dos ficheiros, tanto de titularidade pública como de titularidade privada, no

Rexistro Xeral de Protección de Datos, o contido da inscrición, a súa modificación, cancelación, reclamacións e recursos contra as resolucións correspondentes e demais extremos pertinentes.

Artigo 40. Potestade de inspección.

1. As autoridades de control poderán inspeccio-na-los ficheiros a que fai referencia esta lei, recadando cantas informacións precisen para o cumprimento dos seus cometidos. Para tal efecto, poderán solicita-la exhibición ou o envío de documentos e datos e examinalos no lugar en que se encontren depositados, así como inspeccio-na-los equipos físicos e lóxicos utilizados para o trata-mento dos datos, accedendo ós locais onde se encontren instalados.

2. Os funcionarios que exerzan a inspección a que se refire o número anterior terán a consideración de autoridade pública no desempeño dos seus cometidos. Estarán obrigados a gardar segredo sobre as informacións que coñezan no exercicio das mencionadas funcións, mesmo despois de cesaren nelas.

Artigo 41. Órganos correspondentes das comunidades autónomas.

1. As funcións da Axencia de Protección de Datos reguladas no artigo 37, a excepción das mencionadas nas alíneas j), k) e l), e nas f) e g) no que se refire ás transferencias internacionais de datos, así como nos artigos 46 e 49, en relación coas súas específicas competencias serán exercidas, cando afecten a ficheiros de datos de carácter persoal creados ou xestionados polas comunidades autónomas e pola Administración local do seu ámbito territorial, polos órganos correspondentes de cada comunidade, que terán a consideración de autoridades de control, ós que lles garantirán plena independencia e obxectividade no exercicio do seu cometido.

2. As comunidades autónomas poderán crear e mante-los seus propios rexistros de ficheiros para o exercicio das competencias que se lles recoñece sobre eles.

3. O director da Axencia de Protección de Datos poderá convocar regularmente os órganos correspondentes das comunidades autónomas para efectos de cooperación institucional e coordinación de criterios ou procedementos de actuación. O director da Axencia de Protección de Datos e os órganos correspondentes das comunidades autónomas poderán solicitarse mutuamente a información necesaria para o cumprimento das súas funcións.

Artigo 42. Ficheiros das comunidades autónomas en materia da súa exclusiva competencia.

1. Cando o director da Axencia de Protección de Datos constate que o mantemento ou o uso dun determinado ficheiro das comunidades autónomas contravén algún precepto desta lei en materia da súa exclusiva competencia poderá requiri-la Administración correspondente para que se adopten as medidas correctoras que determine no prazo que expresamente se fixe no requirimento.

2. Se a Administración pública correspondente non cumprise o requirimento formulado, o director da Axencia de Protección de Datos poderá impugna-la resolución adoptada por aquela Administración.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

7. LEI 30/2007, DO 30 DE OUTUBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO: TÍTULO PRELIMINAR E TÍTULOS I E II DO LIBRO I.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011, DO 14 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO: TÍTULO PRELIMINAR E TÍTULOS I (EXCEPTO O CAPÍTULO VI) E II DO LIBRO I.[1]

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación da lei

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

A presente lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, co fin de garantir que esta se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, á adquisición de bens e á contratación de servizos mediante a exixencia da definición previa das necesidades que se deben satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

É igualmente obxecto desta lei a regulación do réxime xurídico aplicable para os efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos, en atención aos fins institucionais de carácter público que a través destes se trata de realizar.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. Son contratos do sector público e, en consecuencia, están sometidos á presente lei na forma e termos previstos nela, os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que subscriban os entes, organismos e entidades enumerados no artigo 3.

---

[1] BOE 16 novembro 2011, núm. 276

Esta Lei derroga na súa totalidade a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa).

Dacordo coa nota aclaratoria sobre as normas de dereito positivo obxecto do primeiro exercicio, publicada pola Dirección Xeral de Función Pública:
"Da lei que se refunde eran obxecto de exame o título preliminar e os títulos I e II do libro I. Trala publicación da nova normativa serán obxecto de exame os mesmos títulos do Real decreto lexislativo 3/2011, excepto o capítulo VI do titulo I (artigos 40 a 50) sobre réxime especial de revisión de decisións en materia de contratación e medios alternativos de resolucións de conflictos, materia anteriormente regulada no Libro VI da Lei 30/2007."

2. Están tamén suxeitos á presente lei, nos termos que nela se sinalan, os contratos subvencionados polos entes, organismos e entidades do sector público que subscriban outras persoas físicas ou xurídicas nos supostos previstos no artigo 17, así como os contratos de obras que subscriban os concesionarios de obras públicas nos casos do artigo 274.

3. A aplicación desta lei aos contratos que subscriban as comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local, ou os organismos dependentes destas, así como aos contratos subvencionados por calquera destas entidades, efectuarase nos termos previstos na disposición derradeira segunda.

Artigo 3. Ámbito subxectivo.

1. Para os efectos desta lei, considérase que forman parte do sector público os seguintes entes, organismos e entidades:

a) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.

b) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.

c) Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, as universidades públicas, as axencias estatais e calquera entidade de dereito público con personalidade xurídica propia vinculada a un suxeito que pertenza ao sector público ou dependentes deste, incluíndo aquelas que, con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida pola lei, teñan atribuídas funcións de regulación ou control de carácter externo sobre un determinado sector ou actividade.

d) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, de entidades das mencionadas nas alíneas a) a f) deste punto sexa superior ao 50 por 100.

e) Os consorcios dotados de personalidade xurídica propia a que se refiren o artigo 6.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a lexislación de réxime local.

f) As fundacións que se constitúan cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades integradas no sector público, ou cuxo patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

g) As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

h) Calquera ente, organismo ou entidade con personalidade xurídica propia, que fose creado especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teña carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos pertencentes ao sector público financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión ou nomeen máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

i) As asociacións constituídas polos entes, organismos e entidades mencionados nas alíneas anteriores.

2. Dentro do sector público, e para os efectos desta lei, terán a consideración de administracións públicas os seguintes entes, organismos e entidades:

a) Os mencionados nas alíneas a) e b) do punto anterior.

b) Os organismos autónomos.

c) As universidades públicas.

d) As entidades de dereito público que, con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida pola lei, teñan atribuídas funcións de regulación ou control de carácter externo sobre un determinado sector ou actividade, e

e) As entidades de dereito público vinculadas a unha ou varias administracións públicas ou dependentes destas que cumpran algunha das características seguintes:

1.ª Que a súa actividade principal non consista na produción en réxime de mercado de bens e servizos destinados ao consumo individual ou colectivo, ou que efectúen operacións de redistribución da renda e da riqueza nacional, en todo caso sen ánimo de lucro, ou

2.ª Que non se financien maioritariamente con ingresos, calquera que sexa a súa natureza, obtidos como contrapartida á entrega de bens ou á prestación de servizos.

Non obstante, non terán a consideración de administracións públicas as entidades públicas empresariais estatais e os organismos asimilados dependentes das comunidades autónomas e entidades locais.

f) Os órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas, do Defensor do Pobo, das asembleas lexislativas das comunidades autónomas e das institucións autonómicas análogas ao

Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo, no que respecta á súa actividade de contratación.

g) As deputacións forais e as xuntas xerais dos territorios históricos do País Vasco no que respecta á súa actividade de contratación.

3. Consideraranse poderes adxudicadores, para efectos desta lei, os seguintes entes, organismos e entidades:

a) As administracións públicas.

b) Todos os demais entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia distintos dos expresados na alínea a) que fosen creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que se deban considerar poder adxudicador de acordo cos criterios deste número 3 financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión ou nomeen máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

c) As asociacións constituídas polos entes, organismos e entidades mencionados nas alíneas anteriores.

Artigo 4. Negocios e contratos excluídos.

1. Están excluídos do ámbito da presente lei os seguintes negocios e relacións xurídicas:

a) A relación de servizo dos funcionarios públicos e os contratos regulados na lexislación laboral.

b) As relacións xurídicas consistentes na prestación dun servizo público cuxa utilización polos usuarios requira o aboamento dunha tarifa, taxa ou prezo público de aplicación xeral.

c) Os convenios de colaboración que subscriba a Administración xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as universidades públicas, as comunidades autónomas, as entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta lei.

d) Os convenios que, de acordo coas normas específicas que os regulan, subscriba a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais.

e) Os convenios incluídos no ámbito do artigo 346 do Tratado de funcionamento da Unión Europea que se conclúan no sector da defensa.

f) Os acordos que subscriba o Estado con outros Estados ou con entidades de dereito internacional público.

g) Os contratos de subministración relativos a actividades directas dos organismos de dereito público dependentes das administracións públicas cuxa actividade teña carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, aínda que os bens sobre os que versan foron adquiridos co propósito de devolvelos, con ou sen transformación, ao tráfico xurídico patrimonial, de acordo cos seus fins peculiares, sempre que tales organismos actúen en exercicio de competencias específicas a eles atribuídas pola lei.

h) Os contratos e convenios derivados de acordos internacionais subscritos de conformidade co Tratado de funcionamento da Unión Europea cun ou varios países non membros da Comunidade, relativos a obras ou subministracións destinadas á realización ou explotación conxunta dunha obra, ou relativos aos contratos de servizos destinados á realización ou explotación en común dun proxecto.

i) Os contratos e convenios efectuados en virtude dun acordo internacional subscrito en relación co estacionamento de tropas.

j) Os contratos e convenios adxudicados en virtude dun procedemento específico dunha organización internacional.

k) Os contratos relativos a servizos de arbitraxe e conciliación.

l) Os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda e transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros, en particular as operacións relativas á xestión financeira do Estado, así como as operacións destinadas á obtención de fondos ou capital polos entes, organismos e entidades do sector público, así como os servizos prestados polo Banco de España e as operacións de tesouraría.

m) Os contratos polos cales un ente, organismo ou entidade do sector público se compromete a entregar bens ou dereitos ou prestar algún servizo, sen prexuízo de que o adquirente dos bens ou o receptor dos servizos, se é unha entidade do sector público suxeita a esta lei, se deba axustar ás súas prescricións para a subscrición do correspondente contrato.

n) Os negocios xurídicos en virtude dos cales se encargue a unha entidade que, conforme o sinalado no artigo 24.6, teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico deste a realización dunha determinada prestación. Non obstante, os contratos que deban subscribir as entidades

que teñan a consideración de medio propio e servizo técnico para a realización das prestacións obxecto do encargo quedarán sometidos a esta lei, nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza da entidade que os subscriba e o seu tipo e contía, e, en todo caso, cando se trate de contratos de obras, servizos ou subministracións cuxas contías superen os limiares establecidos na sección 2.ª do capítulo II deste título preliminar, as entidades de dereito privado deberán observar para a súa preparación e adxudicación as regras establecidas nos artigos 137.1 e 190.

o) As autorizacións e concesións sobre bens de dominio público e os contratos de explotación de bens patrimoniais distintos aos definidos no artigo 7, que serán regulados pola súa lexislación específica salvo nos casos en que expresamente se declaren de aplicación as prescricións da presente lei.

p) Os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, a non ser que recaian sobre programas de ordenador e deban ser cualificados como contratos de subministración ou servizos, que terán sempre o carácter de contratos privados e se rexerán pola lexislación patrimonial. Nestes contratos non se poderán incluír prestacións que sexan propias dos contratos típicos regulados na sección 1.ª do capítulo II do título preliminar, se o seu valor estimado é superior ao 50 por 100 do importe total do negocio ou se non manteñen coa prestación característica do contrato patrimonial relacións de vinculación e complementariedade nos termos previstos no artigo 25; nestes dous supostos, as ditas prestacións deberán ser obxecto de contratación independente de acordo co establecido nesta lei.

q) Os contratos de servizos e subministración subscritos polos organismos públicos de investigación estatais e os organismos similares das comunidades autónomas que teñan por obxecto prestacións ou produtos necesarios para a execución de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou servizos técnicos, cando a presentación e obtención de resultados derivados destes estea ligada a retornos científicos, tecnolóxicos ou industriais susceptibles de incorporarse ao tráfico xurídico e a súa realización fose encomendada a equipos de investigación do organismo mediante procesos de concorrencia competitiva.

r) Os contratos de investigación e desenvolvemento remunerados integramente polo órgano de contratación, sempre que este comparta coas empresas adxudicatarias os riscos e os beneficios da investigación científica e técnica necesaria para desenvolver solucións innovadoras que superen as dispoñibles no mercado. Na adxudicación destes contratos deberase asegurar o respecto aos principios de publicidade, concorrencia,

transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación e de elección da oferta economicamente máis vantaxosa.

2. Os contratos, negocios e relacións xurídicas enumerados no punto anterior regularanse polas súas normas especiais e aplicaranse os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Capítulo II. Contratos do sector público

Sección 1.ª Delimitación dos tipos contractuais

Artigo 5. Cualificación dos contratos.

1. Os contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, subministración, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado que subscriban os entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público cualificaranse de acordo coas normas contidas na presente sección.

2. Os restantes contratos do sector público cualificaranse segundo as normas de dereito administrativo ou de dereito privado que lles sexan de aplicación.

Artigo 6. Contrato de obras.

1. Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, se é o caso, a redacción do correspondente proxecto.

2. Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmoble.

Artigo 7. Contrato de concesión de obras públicas.

1. A concesión de obras públicas é un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións a que se refire o artigo 6, incluídas as de restauración e reparación de construcións existentes, así como a conservación e o mantemento dos elementos construídos, e no cal a contraprestación a favor daquel consiste, ou ben unicamente no dereito a explotar a obra, ou ben no dito dereito acompañado do de percibir un prezo.

2. O contrato, que se executará en todo caso a risco e ventura do contratista, poderá comprender, ademais, o seguinte contido:

a) A adecuación, reforma e modernización da obra para adaptala ás características técnicas e funcionais requiridas para a correcta prestación dos servizos ou a realización das actividades económicas ás cales serve de soporte material.

b) As actuacións de reposición e gran reparación que sexan exixibles en relación cos elementos que debe reunir cada unha das obras para manterse apta co fin de que os servizos e actividades a que aquelas serven poidan ser desenvolvidos adecuadamente de acordo coas exixencias económicas e as demandas sociais.

3. O contrato de concesión de obras públicas poderá tamén prever que o concesionario estea obrigado a proxectar, executar, conservar, repor e reparar aquelas obras que sexan accesorias ou estean vinculadas coa principal e que sexan necesarias para que esta cumpra a finalidade determinante da súa construción e que permitan o seu mellor funcionamento e explotación, así como a efectuar as actuacións ambientais relacionadas con estas que neles se prevexan. No suposto de que as obras vinculadas ou accesorias poidan ser obxecto de explotación ou aproveitamento económico, estes corresponderán ao concesionario conxuntamente coa explotación da obra principal, na forma determinada polos pregos respectivos.

Artigo 8. Contrato de xestión de servizos públicos.

1. O contrato de xestión de servizos públicos é aquel en cuxa virtude unha Administración pública ou unha mutua de accidentes de traballo e enfermedades profesionais da Seguridade Social lle encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración ou mutua encomendante.

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais só poderán realizar este tipo de contrato respecto á xestión da prestación de asistencia sanitaria.

2. As disposicións desta lei referidas a este contrato non serán aplicables aos supostos en que a xestión do servizo público se efectúe mediante a creación de entidades de dereito público destinadas a este fin, nin a aqueles en que esta se atribúa a unha sociedade de dereito privado cuxo capital sexa, na súa totalidade, de titularidade pública.

Artigo 9. Contrato de subministración.

1. Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

2. Sen prexuízo do disposto na alínea b) do número 3 deste artigo respecto dos contratos que teñan por obxecto programas de ordenador, non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables.

3. En todo caso, consideraranse contratos de subministración os seguintes:

a) Aqueles en que o empresario se comprometa a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente. Non obstante, a adxudicación destes contratos efectuarase de acordo coas normas previstas no capítulo II do título II do libro III para os acordos marco subscritos cun único empresario.

b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipamentos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, coa excepción dos contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos.

c) Os de fabricación, polos cales a cousa ou cousas que teñan que ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas de acordo coas características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, mesmo cando esta se comprometa a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.

Artigo 10. Contrato de servizos.

Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración. Para efectos de aplicación desta lei, os contratos de servizos divídense nas categorías enumeradas no anexo II.

Artigo 11. Contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado.

1. Son contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado aqueles en que unha Administración pública ou unha entidade pública empresarial ou organismo similar das comunidades autónomas encarga a

unha entidade de dereito privado, por un período determinado en función da duración da amortización dos investimentos ou das fórmulas de financiamento que se prevexan, a realización dunha actuación global e integrada que, ademais do financiamento de investimentos inmateriais, de obras ou de subministracións necesarias para o cumprimento de determinados obxectivos de servizo público ou relacionados con actuacións de interese xeral, comprenda algunha das seguintes prestacións:

a) A construción, instalación ou transformación de obras, equipamentos, sistemas, e produtos ou bens complexos, así como o seu mantemento, actualización ou renovación, a súa explotación ou a súa xestión.

b) A xestión integral do mantemento de instalacións complexas.

c) A fabricación de bens e a prestación de servizos que incorporen tecnología especificamente desenvolvida co propósito de achegar solucións máis avanzadas e economicamente máis vantaxosas que as existentes no mercado.

d) Outras prestacións de servizos ligadas ao desenvolvemento pola Administración do servizo público ou actuación de interese xeral que lle fose encomendado.

2. Só se poderán subscribir contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado cando previamente se puxese de manifesto, na forma prevista no artigo 134, que outras fórmulas alternativas de contratación non permiten a satisfacción das finalidades públicas.

3. O contratista pode asumir, nos termos previstos no contrato, a dirección das obras que sexan necesarias, así como realizar, total ou parcialmente, os proxectos para a súa execución e contratar os servizos precisos.

4. A contraprestación que percibirá o contratista colaborador consistirá nun prezo que se satisfará durante toda a duración do contrato, e que poderá estar vinculado ao cumprimento de determinados obxectivos de rendemento.

Artigo 12. Contratos mixtos.

Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase atenderase en todo caso, para a determinación das normas que se deban observar na súa adxudicación, ao carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

Sección 2.ª Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada

Artigo 13. Delimitación xeral.

1. Son contratos suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, en todo caso, e os contratos de obras, os de concesión de obras públicas, os de subministración e os de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 do anexo II, cuxo valor estimado, calculado conforme as regras que se establecen no artigo 88, sexa igual ou superior ás contías que se indican nos artigos seguintes, sempre que a entidade contratante teña o carácter de poder adxudicador. Terán tamén a consideración de contratos suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos subvencionados por estas entidades aos cales se refire o artigo 17.

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado, os contratos seguintes:

a) Os que teñan por obxecto a compra, o desenvolvemento, a produción ou a coprodución de programas destinados á radiodifusión, por parte dos organismos de radiodifusión, así como os relativos ao tempo de radiodifusión.

b) Os de investigación e desenvolvemento remunerados integramente polo órgano de contratación, sempre que os seus resultados non se reserven para a súa utilización exclusiva por este no exercicio da súa actividade propia.

c) Os incluídos dentro do ámbito definido polo artigo 346 do Tratado de funcionamento da Unión Europea que se conclúan no sector da defensa.

d) Os declarados secretos ou reservados, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme a lexislación vixente, ou nos que o exixa a protección de intereses esenciais para a seguridade do Estado.

A declaración de que concorre esta última circunstancia deberaa facer, de forma expresa en cada caso, o titular do departamento ministerial do cal dependa o órgano de contratación no ámbito da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, o órgano competente das comunidades autónomas, ou o órgano ao cal estea atribuída a competencia para subscribir o correspondente contrato nas entidades locais. A competencia para efectuar esta declaración non será susceptible de delegación, salvo que unha lei expresamente o autorice.

e) Aqueles cuxo obxecto principal sexa permitir aos órganos de

contratación a posta á disposición ou a explotación de redes públicas de telecomunicacións ou a subministración ao público dun ou máis servizos de telecomunicacións.

Artigo 14. Contratos de obras e de concesión de obras públicas suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.

1. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras e os contratos de concesión de obras públicas cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 4.845.000 euros.

2. No suposto previsto no artigo 88.7, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a obra iguale ou supere a cantidade indicada no punto anterior, aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote. Non obstante, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a un millón de euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da totalidade deles.

Artigo 15. Contratos de subministración suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.

1. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de subministración cuxo valor estimado sexa igual ou superior ás seguintes cantidades:

a) 125.000 euros, cando se trate de contratos adxudicados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, ou as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social. Non obstante, cando os contratos sexan adxudicados por órganos de contratación que pertenzan ao sector da defensa, este limiar só se aplicará respecto dos contratos de subministración que teñan por obxecto os produtos enumerados no anexo III.

b) 193.000 euros, cando se trate de contratos de subministración distintos, por razón do suxeito contratante ou por razón do seu obxecto, dos establecidos na alínea anterior.

2. No suposto previsto no artigo 88.7, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a subministración iguale ou supere as cantidades indicadas no punto anterior, aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote. Non obstante, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a 80.000 euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da súa totalidade.

Artigo 16. Contratos de servizos suxeitos a unha regulación harmonizada: limiar.

1. Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 do anexo II cuxo valor estimado sexa igual ou superior ás seguintes cantidades:

a) 125.000 euros, cando os contratos deban ser adxudicados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, ou as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, sen prexuízo do disposto para certos contratos da categoría 5 e para os contratos da categoría 8 do anexo II na alínea b) deste artigo.

b) 193.000 euros, cando os contratos deban ser adxudicados por entes, organismos ou entidades do sector público distintos á Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, ou cando, mesmo sendo adxudicados por estes suxeitos, se trate de contratos da categoría 5 consistentes en servizos de difusión de emisións de televisión e de radio, servizos de conexión ou servizos integrados de telecomunicacións, ou contratos da categoría 8, segundo se definen estas categorías no anexo II.

2. No suposto previsto no artigo 88.7, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a compra de servizos iguale ou supere os importes indicados no punto anterior, aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote. Non obstante, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a 80.000 euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da súa totalidade.

Artigo 17. Contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada.

1. Son contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de obras e os contratos de servizos definidos conforme o previsto nos artigos 6 e 10, respectivamente, que sexan subvencionados, de forma directa e en máis dun 50 por 100 do seu importe, por entidades que teñan a consideración de poderes adxudicadores, sempre que pertenzan a algunha das categorías seguintes:

a) Contratos de obras que teñan por obxecto actividades de enxeñaría civil da sección F, división 45, grupo 45.2 da Nomenclatura xeral de actividades económicas das Comunidades Europeas (NACE), ou a construción de hospitais, centros deportivos, recreativos ou de lecer, edificios escolares ou universitarios e edificios de uso administrativo, sempre que o seu valor estimado sexa igual ou superior a 4.845.000

euros.

b) Contratos de servizos vinculados a un contrato de obras dos definidos na alínea a), cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros.

2. As normas previstas para os contratos subvencionados aplicaranse a aqueles subscritos por particulares ou por entidades do sector público que non teñan a consideración de poderes adxudicadores, en conxunción, neste último caso, coas restantes disposicións desta lei que lles sexan de aplicación. Cando o contrato subvencionado o adxudiquen entidades do sector público que teñan a consideración de poder adxudicador, aplicaranse as normas de contratación previstas para estas entidades, de acordo coa súa natureza, salvo a relativa á determinación da competencia para resolver o recurso especial en materia de contratación e para adoptar medidas cautelares no procedemento de adxudicación, que se rexerá, en todo caso, pola regra establecida no artigo 41.

Sección 3.ª Contratos administrativos e contratos privados

Artigo 18. Réxime aplicable aos contratos do sector público.

Os contratos do sector público poden ter carácter administrativo ou carácter privado.

Artigo 19. Contratos administrativos.

1. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que sexan subscritos por unha Administración pública:

a) Os contratos de obra, concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, subministración, e servizos, así como os contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado. Non obstante, os contratos de servizos comprendidos na categoría 6 do anexo II e os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos comprendidos na categoría 26 do mesmo anexo non terán carácter administrativo.

b) Os contratos de obxecto distinto aos anteriormente expresados, pero que teñan natureza administrativa especial por estaren vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración contratante ou por satisfaceren de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela, sempre que non teñan expresamente atribuído o carácter de contratos privados conforme o parágrafo segundo do artigo 20.1, ou por declaralo así unha lei.

2. Os contratos administrativos rexeranse, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, por esta lei e as súas disposicións de

desenvolvemento; aplicaranse supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Non obstante, aos contratos administrativos especiais a que se refire a alíena b) do punto anterior seranlles de aplicación, en primeiro termo, as súas normas específicas.

Artigo 20. Contratos privados.

1. Terán a consideración de contratos privados os subscritos polos entes, organismos e entidades do sector público que non reúnan a condición de administracións públicas.

Igualmente, son contratos privados os subscritos por unha Administración pública que teñan por obxecto servizos comprendidos na categoría 6 do anexo II, a creación e interpretación artística e literaria ou espectáculos comprendidos na categoría 26 do mesmo anexo, e a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos, así como calquera outro contrato distinto dos previstos no número 1 do artigo anterior.

2. Os contratos privados rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e aplicaranse supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, se é o caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Non obstante, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no título V do libro I, sobre modificación dos contratos.

Artigo 21. Xurisdición competente.

1. A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Igualmente corresponderá a esta orde xurisdicional o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos privados das administracións públicas e dos contratos suxeitos a regulación harmonizada, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 17, así como dos contratos de servizos das categorías 17 a 27 do anexo II cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros que pretendan concertar entes, organismos ou entidades que, sen seren administracións públicas, teñan a condición de poderes adxudicadores. Tamén coñecerá dos recursos interpostos contra as resolucións que diten os órganos de resolución de recursos previstos no artigo 41 desta lei.

2. A orde xurisdicional civil será a competente para resolver as

controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos privados. Esta orde xurisdicional será igualmente competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten a preparación e adxudicación dos contratos privados que subscriban os entes e entidades sometidos a esta lei que non teñan o carácter de Administración pública, sempre que estes contratos non estean suxeitos a unha regulación harmonizada.

3. O coñecemento das cuestións litixiosas que se susciten por aplicación dos preceptos contidos na sección 4.ª do capítulo II do título II do libro IV desta lei será competencia da orde xurisdicional civil, salvo para as actuacións en exercicio das obrigas e potestades administrativas que, de acordo co disposto nos ditos preceptos, se atribúen á Administración concedente, e nas cales será competente a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

LIBRO PRIMEIRO. CONFIGURACIÓN XERAL DA CONTRATACIÓN DO SECTOR PÚBLICO E ELEMENTOS ESTRUTURAIS DOS CONTRATOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE A CONTRATACIÓN DO SECTOR PÚBLICO

Capítulo I. Racionalidade e consistencia da contratación do sector público

Artigo 22. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1. Os entes, organismos e entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia disto na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

2. Os entes, organismos e entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente lei.

Artigo 23. Prazo de duración dos contratos.

1. Sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos, a duración dos contratos do sector público deberase establecer tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización destas.

2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrencia para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que se poida producir polo consentimento tácito das partes.

3. Os contratos menores definidos no artigo 138.3 non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Artigo 24. Execución de obras e fabricación de bens mobles pola Administración, e execución de servizos coa colaboración de empresarios particulares.

1. A execución de obras poderá ser realizada polos servizos da Administración, xa sexa empregando exclusivamente medios propios ou coa colaboración de empresarios particulares sempre que o importe da parte de obra a cargo destes sexa inferior a 4.845.000 euros, cando concorra algunha destas circunstancias:

a) Que a Administración teña montadas fábricas, arsenais, mestranzas ou servizos técnicos ou industriais suficientemente aptos para a realización da prestación, caso en que se deberá normalmente utilizar este sistema de execución.

b) Que a Administración posúa elementos auxiliares utilizables, cuxo emprego supoña unha economía superior ao 5 por 100 do importe do orzamento do contrato ou unha maior celeridade na súa execución, xustificándose, neste caso, as vantaxes que se sigan dela.

c) Que non houbese ofertas de empresarios na licitación previamente efectuada.

d) Cando se trate dun suposto de emerxencia, de acordo co previsto no artigo 113.

e) Cando, dada a natureza da prestación, sexa imposible a fixación previa dun prezo certo ou a dun orzamento por unidades simples de traballo.

f) Cando sexa necesario relevar o contratista de realizar algunhas unidades de obra por non se ter chegado a un acordo nos prezos contraditorios correspondentes.

g) As obras de mera conservación e mantemento, definidas no artigo 122.5.

h) Excepcionalmente, a execución de obras definidas en virtude dun anteproxecto, cando non se aplique o artigo 150.3.a).

En casos distintos dos previstos nas alíneas d), g) e h), deberase redactar o correspondente proxecto, cuxo contido se fixará regulamentariamente.

2. A fabricación de bens mobles poderá ser efectuada polos servizos da Administración, xa sexa empregando de forma exclusiva medios propios ou coa colaboración de empresarios particulares sempre que o importe da parte da prestación a cargo destes sexa inferior ás cantidades sinaladas no artigo 15, cando concorra algunha das circunstancias previstas nas alíneas a), c), d) e e) do punto anterior, ou cando, no suposto definido na alínea b) deste mesmo punto, o aforro que se poida obter sexa superior ao 20 por 100 do orzamento da subministración ou se poida obter unha mayor celeridade na súa execución.

Exceptúanse destas limitacións aquelas subministracións que, por razóns de defensa ou de interese militar, resulte conveniente que sexan executadas pola Administración.

3. A realización de servizos en colaboración con empresarios particulares poderase levar a cabo sempre que o seu importe sexa inferior ás cantidades establecidas no artigo 16, e concorra algunha das circunstancias mencionadas no punto anterior, no que sexan de aplicación a estes contratos.

Exceptúanse destas limitacións os servizos da categoría 1 do anexo II cando estean referidos ao mantemento de bens incluídos no ámbito definido polo artigo 346 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

4. Cando a execución das obras, a fabricación dos bens mobles ou a realización dos servizos se efectúe en colaboración con empresarios particulares, os contratos que se subscriban con estes terán carácter administrativo especial, sen constituír contratos de obras, subministracións ou servizos, por estar a execución destes a cargo do órgano xestor da Administración. A selección do empresario colaborador efectuarase polos procedementos de adxudicación establecidos no artigo 138, salvo no caso previsto na alínea d) do punto 1 deste artigo. Nos supostos de obras incluídas nas alíneas a) e b) do punto 1, a contratación con colaboradores non poderá exceder o 50 por 100 do importe total do

proxecto.

5. A autorización da execución de obras e da fabricación de bens mobles e, se é o caso, a aprobación do proxecto, corresponderá ao órgano competente para a aprobación do gasto ou ao órgano que determinen as disposicións orgánicas das comunidades autónomas, no seu respectivo ámbito.

6. Para os efectos previstos neste artigo e no artigo 4.1.n), os entes, organismos e entidades do sector público poderán ser considerados medios propios e servizos técnicos daqueles poderes adxudicadores para os cales realicen a parte esencial da súa actividade cando estes teñan sobre aqueles un control análogo ao que poden exercer sobre os seus propios servizos. Se se trata de sociedades, ademais, a totalidade do seu capital terá que ser de titularidade pública.

En todo caso, entenderase que os poderes adxudicadores teñen sobre un ente, organismo ou entidade un control análogo ao que teñen sobre os seus propios servizos se lles poden conferir encomendas de xestión que sexan de execución obrigatoria para eles de acordo con instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante e cuxa retribución se fixe por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da cal dependan.

A condición de medio propio e servizo técnico das entidades que cumpran os criterios mencionados neste punto deberase recoñecer expresamente pola norma que as cree ou polos seus estatutos, que deberán determinar as entidades respecto das cales teñen esta condición e precisar o réxime das encomendas que se lles poidan conferir ou as condicións en que se lles poderán adxudicar contratos, e determinará para elas a imposibilidade de participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores dos cales sexan medios propios, sen prexuízo de que, cando non concurra ningún licitador, se lles poida encargar a execución da prestación obxecto delas.

Capítulo II. Liberdade de pactos e contido mínimo do contrato

Artigo 25. Liberdade de pactos.

1. Nos contratos do sector público poderanse incluír calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.

2. Só se poderán fusionar prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se encontren directamente vinculadas entre si e manteñan relacións de complementariedade que exixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada

necesidade ou á consecución dun fin institucional propio do ente, organismo ou entidade contratante.

Artigo 26. Contido mínimo do contrato.

1. Salvo que xa se encontren recollidas nos pregos, os contratos que subscriban os entes, organismos e entidades do sector público deben incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

a) A identificación das partes.

b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.

c) Definición do obxecto do contrato.

d) Referencia á lexislación aplicable ao contrato.

e) A enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresa no contrato, esta enumeración poderá estar xerarquizada e ordenarase segundo a orde de prioridade acordada polas partes, suposto no cal, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada se utilizará para determinar a prevalencia respectiva, en caso de que existan contradicións entre diversos documentos.

f) O prezo certo, ou o modo de determinalo.

g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, de estaren previstas.

h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.

i) As condicións de pagamento.

j) Os supostos en que procede a resolución.

k) O crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao cal se aboará o prezo, de ser o caso.

l) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, se for o caso, se impoña ao contratista.

2. O documento contractual non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, se é o caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existiren aqueles.

Capítulo III. Perfección e forma do contrato

Artigo 27. Perfección dos contratos.

1. Os contratos que subscriban os poderes adxudicadores perfecciónanse coa súa formalización. Os contratos subvencionados que, de conformidade co disposto no artigo 17 desta lei, se deban considerar suxeitos a regulación harmonizada, perfeccionaranse de conformidade coa lexislación pola cal se rexan. As partes deberán notificar a súa formalización ao órgano que outorgou a subvención.

2. Salvo que se indique outra cosa no seu clausulado, os contratos do sector público entenderanse subscritos no lugar onde se encontre a sede do órgano de contratación.

Artigo 28. Carácter formal da contratación do sector público.

1. Os entes, organismos e entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme o sinalado no artigo 113.1, carácter de emerxencia.

2. Os contratos que subscriban as administracións públicas formalizaranse de acordo co previsto no artigo 156, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores no artigo 111.

3. Os contratos que subscriban outros entes, organismos e entidades do sector público, cando sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 40.1, deberanse formalizar nos prazos establecidos no artigo 156.3.

Capítulo IV. Remisión de información para efectos estatísticos e de fiscalización

Artigo 29. Remisión de contratos ao Tribunal de Contas.

1. Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato, para o exercicio da función fiscalizadora deberase remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma unha copia certificada do documento no cal se tiver formalizado aquel, xunto cun extracto do expediente de que derive, sempre que a contía do contrato exceda os 600.000 euros se se trata de obras, concesións de obras públicas, xestión de servizos públicos e contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado; os 450.000 euros se se trata de subministracións, e os 150.000 euros, nos de servizos e nos contratos administrativos especiais.

2. Igualmente se comunicarán ao Tribunal de Contas ou órgano externo

de fiscalización da comunidade autónoma as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, as variacións de prezo e o importe final, a nulidade e a extinción normal ou anormal dos contratos indicados.

3. O disposto nos dous puntos anteriores entenderase sen prexuízo das facultades do Tribunal de Contas ou, se é o caso, dos correspondentes órganos de fiscalización externos das comunidades autónomas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes xulgue pertinentes con relación aos contratos de calquera natureza e contía.

4. As comunicacións a que se refire este artigo serán efectuadas polo órgano de contratación no ámbito da Administración xeral do Estado e dos entes, organismos e entidades do sector público dependentes dela.

Artigo 30. Datos estatísticos.

No mesmo prazo sinalado no artigo anterior o órgano de contratación remitirá á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado a información sobre os contratos que regulamentariamente se determine, para efectos do cumprimento da normativa internacional. Así mesmo, informarase a mencionada Xunta dos casos de modificación, prórroga ou variación do prazo, as variacións de prezo e o importe final dos contratos, a nulidade e a extinción normal ou anormal destes.

As comunidades autónomas que conten con rexistros de contratos poderán dar cumprimento a estas previsións a través da comunicación entre rexistros.

Capítulo V. Réxime de invalidez

Sección 1.ª Réxime xeral

Artigo 31. Supostos de invalidez.

Ademais dos casos en que a invalidez derive da ilegalidade do seu clausulado, os contratos das administracións públicas e os contratos suxeitos a regulación harmonizada, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 17, serán inválidos cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou o de adxudicación, por concorrer neles algunha das causas de dereito administrativo ou de dereito civil a que se refiren os artigos seguintes.

Artigo 32. Causas de nulidade de dereito administrativo.

Son causas de nulidade de dereito administrativo as seguintes:

a) As indicadas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) A falta de capacidade de obrar ou de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, debidamente acreditada, do adxudicatario, ou estar este incurso nalgunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60.

c) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, salvo os supostos de emerxencia.

Artigo 33. Causas de anulabilidade de dereito administrativo.

Son causas de anulabilidade de dereito administrativo as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, as das regras contidas na presente lei, de conformidade co artigo 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 34. Revisión de oficio.

1. A revisión de oficio dos actos preparatorios e dos actos de adxudicación dos contratos das administracións públicas e dos contratos suxeitos a regulación harmonizada efectuarase de conformidade co establecido no capítulo primeiro do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Sen prexuízo do que, para o ámbito das comunidades autónomas, establezan as súas normas respectivas que, en todo caso, deberán atribuír esta competencia a un órgano cuxas resolucións esgoten a vía administrativa, serán competentes para declarar a nulidade destes actos ou declarar a súa lesividade o órgano de contratación, cando se trate de contratos dunha Administración pública, ou o titular do departamento, órgano, ente ou organismo a que estea adscrita a entidade contratante ou ao cal corresponda a súa tutela, cando esta non teña o carácter de Administración pública. Neste último caso, se a entidade contratante estiver vinculada a máis dunha Administración, será competente o órgano correspondente da que teña o control ou participación maioritaria.

No suposto de contratos subvencionados, a competencia corresponderá ao titular do departamento, órgano, ente ou organismo que outorgase a subvención, ou ao cal estea adscrita a entidade que a concedese, cando esta non teña o carácter de Administración pública. No suposto de concorrencia de subvencións por parte de distintos suxeitos do sector público, a competencia determinarase atendendo á subvención de maior contía e, a igualdade de importe, atendendo á subvención primeiramente concedida.

3. Salvo determinación expresa en contrario, a competencia para declarar a nulidade ou a lesividade entenderase delegada conxuntamente coa

competencia para contratar. Non obstante, a facultade de acordar unha indemnización por prexuízos en caso de nulidade non será susceptible de delegación, e deberá resolver sobre esta, en todo caso, o órgano delegante; para estes efectos, se se considera pertinente recoñecer unha indemnización, elevarase o expediente ao órgano delegante, o cal, sen necesidade de avocación previa e expresa, resolverá o procedente sobre a declaración de nulidade conforme o previsto no artigo 102.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Nos supostos de nulidade e anulabilidade, e en relación coa suspensión da execución dos actos dos órganos de contratación, aplicarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 35. Efectos da declaración de nulidade.

1. A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, comportará en todo caso a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación; as partes deberanse restituír reciprocamente as cousas que recibisen en virtude deste e, se isto non for posible, devolverase o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizar a contraria dos danos e perdas que sufrise.

2. A nulidade dos actos que non sexan preparatorios só afectará estes e as súas consecuencias.

3. Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato produce un grave trastorno ao servizo público, poderase dispor no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo as súas mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Artigo 36. Causas de invalidez de dereito civil.

A invalidez dos contratos por causas recoñecidas no dereito civil, en canto resulten de aplicación aos contratos a que se refire o artigo 31, suxeitarase aos requisitos e prazos de exercicio das accións establecidos no ordenamento civil, pero o procedemento para facelas valer someterase ao previsto nos artigos anteriores para os actos e contratos administrativos anulables.

Sección 2.ª Supostos especiais de nulidade

Artigo 37. Supostos especiais de nulidade contractual.

1. Os contratos suxeitos a regulación harmonizada a que se refiren os artigos 13 a 17, ambos inclusive, desta lei, así como os contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do anexo II cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 193.000 euros, serán nulos nos

seguintes casos:

a) Cando o contrato se adxudicase sen cumprir previamente co requisito de publicación do anuncio de licitación no «Diario Oficial de la Unión Europea», naqueles casos en que sexa preceptivo, de conformidade co artigo 142.

b) Cando non se respectase o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 156.3 para a formalización do contrato sempre que concorran os dous seguintes requisitos:

1.º Que por esta causa o licitador se vise privado da posibilidade de interpor o recurso regulado nos artigos 40 e seguintes e,

2.º Que, ademais, concorra algunha infracción dos preceptos que regulan o procedemento de adxudicación dos contratos que lle teña impedido obter esta.

c) Cando, a pesar de se ter interposto o recurso especial en materia de contratación a que se refiren os artigos 40 e seguintes, se leve a efecto a formalización do contrato sen ter en conta a suspensión automática do acto de adxudicación nos casos en que sexa procedente, e sen esperar a que o órgano independente ditase resolución sobre o mantemento ou non da suspensión do acto impugnado.

d) Tratándose dun contrato baseado nun acordo marco do artigo 196 subscrito con varios empresarios que polo seu valor estimado deba ser considerado suxeito a regulación harmonizada, se se tiveren incumprido as normas sobre adxudicación establecidas no parágrafo segundo do artigo 198.4.

e) Cando se trate da adxudicación dun contrato específico baseado nun sistema dinámico de contratación no cal estivesen admitidos varios empresarios, sempre que o contrato que se vai adxudicar estea suxeito a regulación harmonizada e se incumprisen as normas establecidas no artigo 202 sobre adxudicación de tales contratos.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, non procederá a declaración de nulidade a que se refire este artigo no suposto da alínea a) do punto anterior de concorreren conxuntamente as tres circunstancias seguintes:

a) Que, de conformidade co criterio do órgano de contratación, o contrato estea incluído nalgún dos supostos de exención de publicación do anuncio de licitación no «Diario Oficial de la Unión Europea» previstos nesta lei.

b) Que o órgano de contratación publique no «Diario Oficial de la Unión Europea» un anuncio de transparencia previa voluntaria no cal se

manifeste a súa intención de subscribir o contrato e que conteña os seguintes aspectos:

– Identificación do órgano de contratación.

– Descrición da finalidade do contrato.

– Xustificación da decisión de adxudicar o contrato sen o requisito de publicación do artigo 142.

– Identificación do adxudicatario do contrato.

– Calquera outra información que o órgano de contratación considere relevante.

c) Que o contrato non se perfeccionase ata transcorridos dez días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio.

3. Non procederá a declaración de nulidade a que se refire este artigo nos supostos das alíneas d) e e) de concorreren conxuntamente as dúas condicións seguintes:

a) Que o órgano de contratación lles notificase a todos os licitadores afectados a adxudicación do contrato e, de o solicitaren, os motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor, sen prexuízo do disposto no artigo 153 en canto aos datos cuxa comunicación non sexa procedente.

b) Que o contrato non se perfeccionase ata transcorridos quince días hábiles desde o seguinte ao da remisión da notificación aos licitadores afectados.

Artigo 38. Consecuencias xurídicas da declaración de nulidade nos supostos do artigo anterior.

1. A declaración de nulidade polas causas previstas no artigo anterior producirá os efectos establecidos no artigo 35.1 desta lei.

2. O órgano competente para declarar a nulidade, non obstante, poderá non declarala e acordar o mantemento dos efectos do contrato, se, atendendo ás circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o exixan.

Só se considerará que os intereses económicos constitúen as razóns imperiosas mencionadas no primeiro parágrafo deste punto nos casos excepcionais en que a declaración de nulidade do contrato dea lugar a

consecuencias desproporcionadas.

Así mesmo, non se considerará que constitúen razóns imperiosas de interese xeral os intereses económicos directamente vinculados ao contrato en cuestión, tales como os custos derivados do atraso na execución do contrato, da convocatoria dun novo procedemento de contratación, do cambio do operador económico que deberá executar o contrato ou das obrigas xurídicas derivadas da nulidade.

A resolución pola cal se acorde o mantemento dos efectos do contrato deberá ser obxecto de publicación no perfil de contratante previsto no artigo 53 desta lei.

3. No caso previsto no punto anterior, a declaración de nulidade deberase substituír por algunha das sancións alternativas seguintes:

a) A imposición de multas ao poder adxudicador por un importe que non poderá ser inferior ao 5 por 100 nin superar o 20 por 100 do prezo de adxudicación do contrato. Cando se trate de poderes adxudicadores cuxa contratación se efectúe a través de diferentes órganos de contratación, a sanción alternativa recaerá sobre o orzamento do departamento, consellería ou órgano correspondente que adxudicase o contrato.

Para determinar a contía na imposición das multas, o órgano competente tomará en consideración a reiteración, a porcentaxe do contrato que fose executado ou o dano causado aos intereses públicos ou, se é o caso, ao licitador, de tal forma que estas sexan eficaces, proporcionadas e disuasorias.

b) A redución proporcionada da duración do contrato. Neste caso, o órgano competente tomará en consideración a reiteración, a porcentaxe do contrato que fose executado ou o dano causado aos intereses públicos ou, se é o caso, ao licitador. Así mesmo, determinará a indemnización que corresponda ao contratista polo lucro cesante derivado da redución temporal do contrato, sempre que a infracción que motive a sanción alternativa non lle sexa imputable.

4. O disposto en todos os puntos anteriores entenderase sen prexuízo das sancións de carácter disciplinario que corresponda impor ao responsable das infraccións legais.

Artigo 39. Interposición da cuestión de nulidade.

1. A cuestión de nulidade, nos casos a que se refire o artigo 37.1, deberase interpor perante o órgano previsto no artigo 41, que será o competente para tramitar o procedemento e resolvela.

2. Poderá interpor a cuestión de nulidade, en tales casos, toda persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se visen prexudicados ou poidan resultar afectados polos supostos de nulidade do artigo 37. O órgano competente, non obstante, poderá inadmitila cando o interesado interpuxese recurso especial regulado nos artigos 40 e seguintes sobre o mesmo acto tendo respectado o órgano de contratación a suspensión do acto impugnado e a resolución ditada.

3. O prazo para a interposición da cuestión de nulidade será de trinta días hábiles contados:

a) Desde a publicación da adxudicación do contrato na forma prevista no artigo 154.2, incluíndo as razóns xustificativas da non publicación da licitación no «Diario Oficial de la Unión Europea»,

b) Ou desde a notificación aos licitadores afectados dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor, sen prexuízo do disposto no artigo 153 en canto aos datos cuxa comunicación non sexa procedente.

4. Fóra dos casos previstos no punto anterior, a cuestión de nulidade deberase interpor antes de que transcorran seis meses contados desde a formalización do contrato.

5. A cuestión de nulidade tramitarase de conformidade co disposto nos artigos 44 e seguintes coas seguintes excepcións:

a) Non será de aplicación o disposto no artigo 44.1 en canto á exixencia de anunciar a interposición do recurso.

b) A interposición da cuestión de nulidade non producirá efectos suspensivos de ningunha clase por si soa.

c) O prazo establecido no artigo 43.2, parágrafo segundo, e no 46.3 para que o órgano de contratación formule alegacións en relación coa solicitude de medidas cautelares elevarase a sete días hábiles.

d) O prazo establecido no artigo 46.2 para a remisión do expediente polo órgano de contratación, acompañado do correspondente informe, elevarase a sete días hábiles.

e) Na resolución da cuestión de nulidade, o órgano competente para ditala deberá resolver tamén sobre a procedencia de aplicar as sancións alternativas se o órgano de contratación o solicitase no informe que debe acompañar a remisión do expediente administrativo.

f) Cando o órgano de contratación non o solicitase na forma establecida na alínea anterior, poderá facelo no trámite de execución da resolución. En tal caso o órgano competente, logo de audiencia por un prazo de cinco días ás partes comparecidas no procedemento, resolverá sobre a procedencia ou non de aplicar a sanción alternativa solicitada dentro dos cinco días seguintes ao transcurso do prazo anterior. Contra esta resolución caberá interpor recurso nos mesmos termos previstos para as resolucións ditadas que resolveron sobre o fondo.

TÍTULO II. PARTES NO CONTRATO

Capítulo I. Órgano de contratación

Artigo 51. Competencia para contratar.

1. A representación dos entes, organismos e entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de subscribir contratos no seu nome.

2. Os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia con cumprimento das normas e formalidades aplicables en cada caso para a delegación ou desconcentración de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos, ou para o outorgamento de poderes, cando se trate de órganos societarios ou dunha fundación.

Artigo 52. Responsable do contrato.

1. Os órganos de contratación poderán designar un responsable do contrato ao cal lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente, organismo ou entidade contratante ou allea a el.

2. Nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato entenderanse sen prexuízo das que corresponden ao director facultativo conforme o disposto no capítulo I do título II do libro IV.

Artigo 53. Perfil de contratante.

1. Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos exixidos por esta lei ou polas normas

autonómicas de desenvolvemento ou nos que así se decida voluntariamente, os órganos de contratación difundirán, a través da internet, o seu perfil de contratante. A forma de acceso ao perfil de contratante deberase especificar nas páxinas web institucionais que manteñan os entes do sector público, na plataforma de contratación do Estado e nos pregos e anuncios de licitación.

2. O perfil de contratante poderá incluír calquera dato e información referentes á actividade contractual do órgano de contratación, tales como os anuncios de información previa previstos no artigo 141, as licitacións abertas ou en curso e a documentación relativa a estas, as contratacións programadas, os contratos adxudicados, os procedementos anulados, e calquera outra información útil de tipo xeral, como puntos de contacto e medios de comunicación que se poden utilizar para relacionarse co órgano de contratación. En todo caso deberá publicarse no perfil de contratante a adxudicación dos contratos.

3. O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fidedignamente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa nel.

4. A difusión a través do perfil de contratante da información relativa aos procedementos de adxudicación de contratos producirá os efectos previstos no título I do libro III.

Capítulo II. Capacidade e solvencia do empresario

Sección 1.ª Aptitude para contratar co sector público

Subsección 1.ª Normas xerais

Artigo 54. Condicións de aptitude.

1. Só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o exixa esta lei, se encontren debidamente clasificadas.

2. Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa exixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

3. Nos contratos subvencionados a que se refire o artigo 17 desta lei, o contratista deberá acreditar a súa solvencia e non poderá estar incurso na prohibición de contratar a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo

60.

Artigo 55. Empresas non comunitarias.

1. As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva misión diplomática permanente española, que se xuntará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio.

2. Para subscribir contratos de obras será necesario, ademais, que estas empresas teñan aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

Artigo 56. Condicións especiais de compatibilidade.

1. Sen prexuízo do disposto en relación coa adxudicación de contratos a través dun procedemento de diálogo competitivo, non poderán concorrer ás licitacións empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato sempre que esta participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

2. Os contratos que teñan por obxecto a vixilancia, supervisión, control e dirección da execución de obras e instalacións non se poderán adxudicar ás mesmas empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos de obras, nin ás empresas a estas vinculadas, entendéndose por tales as que se encontren nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

Subsección 2.ª Normas especiais sobre capacidade

Artigo 57. Persoas xurídicas.

1. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

2. Os que concorran individual ou conxuntamente con outros á licitación dunha concesión de obras públicas, poderán facelo co compromiso de constituír unha sociedade que será a titular da concesión. A constitución e, se for o caso, a forma da sociedade deberanse axustar ao que estableza, para determinados tipos de concesións, a correspondente lexislación específica.

Artigo 58. Empresas comunitarias.

1. Terán capacidade para contratar co sector público, en todo caso, as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea que, de acordo coa lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación de que se trate.

2. Cando a lexislación do Estado en que se encontren establecidas estas empresas exixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

Artigo 59. Unións de empresarios.

1. Poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

2. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa.

Para efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e as circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituíren formalmente en unión temporal en caso de resultaren adxudicatarios do contrato.

3. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

4. Para os casos en que sexa exixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia

económica, financeira e técnica ou profesional.

Subsección 3.ª Prohibicións de contratar

Artigo 60. Prohibicións de contratar.

1. Non poderán contratar co sector público as persoas nas cales concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme por delitos de asociación ilícita, corrupción en transaccións económicas internacionais, tráfico de influencias, suborno, fraudes e exaccións ilegais, delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social, delitos contra os dereitos dos traballadores, malversación e receptación e condutas afíns, delitos relativos á protección do ambiente, ou a pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio. A prohibición de contratar alcanza as persoas xurídicas cuxos administradores ou representantes, vixente o seu cargo ou representación, se encontren na situación mencionada por actuacións realizadas en nome ou a beneficio das ditas persoas xurídicas, ou nas cales concorran as condicións, calidades ou relacións que requira a correspondente figura de delito para ser suxeito activo deste.

b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, encontrarse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina de mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, ou por infracción moi grave en materia social, incluídas as infraccións en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, así como pola infracción grave prevista no seu artigo 22.2, ou por infracción moi grave en materia ambiental, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos; na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres; na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases; na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos; no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación

d) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.

e) Ter incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable a que se refire o artigo 146.1.c) ou ao facilitar calquera outro dato relativo á súa capacidade e solvencia, ou ter incumprido, por causa que lle sexa imputable, a obriga de comunicar a información prevista no artigo 70.4 e no artigo 330.

f) Estar incursa a persoa física ou os administradores da persoa xurídica nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.

A prohibición alcanzará as persoas xurídicas en cuxo capital participen, nos termos e contías establecidas na lexislación citada, o persoal e os altos cargos de calquera Administración pública, así como os cargos electos ao servizo destas.

A prohibición esténdese igualmente, en ambos os casos, aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas a que se refiren os parágrafos anteriores, sempre que, respecto dos últimos, estas persoas teñan a súa representación legal.

g) Ter contratado persoas respecto das cales se publicase no «Boletín Oficial del Estado» o incumprimento a que se refire o artigo 18.6 da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, por ter pasado a prestar servizos en empresas ou sociedades privadas directamente relacionadas coas competencias do cargo desempeñado durante os dous anos seguintes á data de cesamento neste. A prohibición de contratar manterase durante o tempo que permaneza dentro da organización da empresa a persoa contratada, co límite máximo de dous anos contados desde o cesamento como alto cargo.

2. Ademais das previstas no punto anterior, son circunstancias que impedirán aos empresarios contratar coas administracións públicas as seguintes:

a) Ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á

resolución firme de calquera contrato subscrito cunha Administración pública.

b) Ter infrinxido unha prohibición para contratar con calquera das administracións públicas.

c) Estar afectado por unha prohibición de contratar imposta en virtude de sanción administrativa, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

d) Ter retirado indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou ter imposibilitado a adxudicación do contrato ao seu favor por non cumprir o establecido no artigo 151.2 dentro do prazo sinalado, mediando dolo, culpa ou neglixencia.

e) Ter incumprido as condicións especiais de execución do contrato establecidas de acordo co sinalado no artigo 118, cando este incumprimento fose definido nos pregos ou no contrato como infracción grave de conformidade coas disposicións de desenvolvemento desta lei, e concorra dolo, culpa ou neglixencia no empresario.

3. As prohibicións de contratar afectarán tamén aquelas empresas das cales, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, se poida presumir que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas cales concorresen aquelas.

Artigo 61. Declaración da concorrencia de prohibicións de contratar e efectos.

1. As prohibicións de contratar contidas nas alíneas b), d), f) e g) do número 1 do artigo anterior, e c) do seu número 2 serán apreciadas directamente polos órganos de contratación e subsistirán mentres concorran as circunstancias que en cada caso as determinan.

A prohibición de contratar pola causa prevista na alínea a) do número 1 do artigo anterior será apreciada directamente polos órganos de contratación, sempre que a sentenza se pronuncie sobre o seu alcance e duración, e subsistirá durante o prazo sinalado nelas. Cando a sentenza non conteña pronunciamento sobre a prohibición de contratar ou sobre a súa duración, a prohibición será apreciada directamente polos órganos de contratación, pero o seu alcance e duración deberán determinarse mediante procedemento instruído de conformidade co disposto nos números 2 e 3 deste artigo.

Nos restantes supostos previstos no artigo anterior, a apreciación da concorrencia da prohibición de contratar requirirá a declaración previa da

súa existencia mediante procedemento para o efecto.

2. Nos casos en que, conforme o sinalado no punto anterior, sexa necesaria unha declaración previa sobre a concorrencia da prohibición, o alcance e duración desta determinaranse seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta lei se estableza atendendo, se é o caso, á existencia de dolo ou manifesta mala fe no empresario e á entidade do dano causado aos intereses públicos. A duración daprohibición non excederá os cinco anos, con carácter xeral, ou os oito anos no caso das prohibicións que teñan por causa a existencia dunha condena mediante sentenza firme. Porén, as prohibicións de contratar baseadas na causa prevista na alínea d) do número 2 do artigo anterior subsistirán, en todo caso, durante un prazo de dous anos, contados desde a súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, e as impostas pola causa prevista na alínea e) do mesmo punto non poderán exceder un ano de duración.

O procedemento de declaración non se poderá iniciar se transcorreron máis de tres anos contados a partir das seguintes datas:

a) Desde a firmeza da resolución sancionadora, no caso da causa prevista na alínea c) do número 1 do artigo anterior;

b) Desde a data en que se facilitasen os datos falsos ou desde aquela en que se debese comunicar a correspondente información, nos casos previstos na alínea e) do número 1 do artigo anterior;

c) Desde a data en que sexa firme a resolución do contrato, no caso previsto na alínea a) do número 2 do artigo anterior;

d) Desde a data de formalización do contrato, no caso previsto na alínea b) do número 2 do artigo anterior;

e) Nos casos previstos na alínea d) do número 2 do artigo anterior, desde a data en que se procedese á adxudicación do contrato, se a causa é a retirada indebida de proposicións ou candidaturas; ou desde a data en que se debese proceder á adxudicación, se a prohibición se fundamenta no incumprimento do establecido no artigo 151.2.

No caso da alínea a) do número 1 do artigo anterior, o procedemento, de ser necesario, non se poderá iniciar unha vez transcorrido o prazo previsto para a prescrición da correspondente pena, e no caso da alínea e) do número 2, se transcorreron máis de tres meses desde que se produciu o incumprimento.

3. A competencia para fixar a duración e o alcance da prohibición de contratar no caso da alínea a) do número 1 do artigo anterior, así como

para declarar a prohibición de contratar no suposto previsto na alínea c) do mesmo número, corresponderá ao ministro de Economía e Facenda, que ditará resolución por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado. A prohibición así declarada impedirá contratar con calquera órgano de contratación.

No suposto previsto na alínea e) do número 1 do artigo anterior a declaración da prohibición corresponderá á Administración ou entidade á cal se deba comunicar a correspondente información; nos casos previstos nas alíneas a), d) e e) do número 2, á Administración contratante; e no suposto da alínea b) deste mesmo punto, á Administración que declarase a prohibición. Nestes casos, a prohibición afectará a contratación coa Administración ou entidade do sector público competente para a súa declaración, sen prexuízo de que o ministro de Economía e Facenda, logo de comunicación daquelas e con audiencia do empresario afectado, considerando o dano causado aos intereses públicos, poida estender os seus efectos á contratación con calquera órgano, ente, organismo ou entidade do sector público.

4. A eficacia das prohibicións de contratar a que se refiren as alíneas c) e e) do número 1 do artigo anterior, así como a das establecidas no seu número 2, estará condicionada á súa inscrición ou constancia no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que corresponda. Igualmente, a eficacia da resolución que determine o alcance e duración da prohibición de contratar derivada da causa prevista na alínea a) do número 1 do artigo anterior estará condicionada á súa inscrición.

5. Para os efectos da aplicación deste artigo as autoridades e órganos competentes notificarán á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado e aos órganos competentes das comunidades autónomas, as sancións e resolucións firmes recaídas nos procedementos mencionados no artigo anterior, así como a comisión dos feitos previstos na alínea e) do seu número 1 e nas alíneas b), d) e e) do seu número 2, co fin de que poidan instruírse os expedientes previstos neste artigo ou adoptarse as resolucións que sexan pertinentes e proceder, se é o caso, á súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que sexa procedente. Así mesmo, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado poderá solicitar destas autoridades e órganos cantos datos e antecedentes sexan precisos para os mesmos efectos.

Subsección 4.ª Solvencia

Artigo 62. Exixencia de solvencia.

1. Para subscribir contratos co sector público, os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que determine o órgano

de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa exixible conforme o disposto nesta lei.

2. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditalos indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato, e deberán estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais a el.

Artigo 63. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para subscribir un contrato determinado o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

Artigo 64. Concreción das condicións de solvencia.

1. Nos contratos de servizos e de obras, así como nos contratos de subministración que inclúan servizos ou traballos de colocación e instalación, poderá exixirse ás persoas xurídicas que especifiquen, na oferta ou na solicitude de participación, os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación.

2. Os órganos de contratación poderán exixir aos candidatos ou licitadores, facéndoo constar nos pregos, que ademais de acreditar a súa solvencia ou, se é o caso, clasificación, se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para isto. Estes compromisos integraranse no contrato, e os pregos ou o documento contractual poderán atribuírlles o carácter de obrigas esenciais para os efectos previstos no artigo 223.f), ou establecer penalidades, conforme o sinalado no artigo 212.1, para o caso de que sexan incumpridos polo adxudicatario.

Subsección 5.ª Clasificación das empresas

Artigo 65. Exixencia de clasificación.

1. Para contratar coas administracións públicas a execución de contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 350.000 euros, ou de contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 120.000 euros, será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado. Non obstante, non será necesaria clasificación para subscribir contratos de servizos comprendidos nas categorías 6, 8, 21, 26 e 27 do anexo II.

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato teña que

ser realizada por empresas especializadas que conten cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a clasificación no grupo correspondente a esa especialización, en caso de ser exixida, poderá suplirse polo compromiso do empresario de subcontratar a execución desta porción con outros empresarios que dispoñan da habilitación e, se é o caso, clasificación necesarias, sempre que o importe da parte que debe ser executada por estes non exceda o 50 por 100 do prezo do contrato.

2. A clasificación será exixible igualmente ao cesionario dun contrato no caso en que fose requirida ao cedente.

3. Por real decreto poderase exceptuar a necesidade de clasificación para determinados tipos de contratos de obras e de servizos en que este requisito sexa exixible ou acordar a súa exixencia para tipos de contratos de obras e servizos en que non o sexa, tendo en conta as circunstancias especiais concorrentes nestes.

4. Cando non concorrese ningunha empresa clasificada nun procedemento de adxudicación dun contrato para o cal se requira clasificación, o órgano de contratación poderá excluír a necesidade de cumprir este requisito no seguinte procedemento que se convoque para a adxudicación do mesmo contrato, precisando no prego de cláusulas e no anuncio, se é o caso, os medios de acreditación da solvencia que deban ser utilizados de entre os especificados nos artigos 75, 76 e 78.

5. As entidades do sector público que non teñan o carácter de Administración pública poderán exixir unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para subscribir o correspondente contrato.

Artigo 66. Exención da exixencia de clasificación.

1. Non será exixible a clasificación aos empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, xa concorran ao contrato illadamente ou integrados nunha unión, sen prexuízo da obriga de acreditar a súa solvencia.

2. Excepcionalmente, cando así sexa conveniente para os intereses públicos, a contratación da Administración xeral do Estado e os entes, organismos e entidades dela dependentes con persoas que non estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado. No ámbito das comunidades autónomas, a autorización será outorgada polos órganos que estas designen como competentes.

Artigo 67. Criterios aplicables e condicións para a clasificación.

1. A clasificación das empresas farase en función da súa solvencia, valorada conforme o establecido nos artigos 75, 76 e 78, e determinará os contratos a cuxa adxudicación poidan concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía. Para estes efectos, os contratos dividiranse en grupos xerais e subgrupos, pola súa peculiar natureza, e dentro destes por categorías, en función da súa contía.

A expresión da contía efectuarase por referencia ao valor íntegro do contrato, cando a duración deste sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao seu valor medio anual, cando se trate de contratos de duración superior.

2. Para proceder á clasificación será necesario que o empresario acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, así como que se encontra legalmente habilitado para realizar a correspondente actividade, por dispor das correspondentes autorizacións ou habilitacións empresariais ou profesionais e reunir os requisitos de colexiación ou inscrición ou outros semellantes que poidan ser necesarios, e que non está incurso en prohibicións de contratar.

3. No suposto de persoas xurídicas pertencentes a un grupo de sociedades, e para efectos da valoración da súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, poderanse ter en conta as sociedades pertencentes ao grupo, sempre e cando a persoa xurídica en cuestión acredite que terá efectivamente á súa disposición, durante o prazo a que se refire o artigo 70.2, os medios das ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

4. Denegarase a clasificación daquelas empresas das cales, á vista das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, se poida presumir que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras afectadas por unha prohibición de contratar.

5. Para os efectos de valorar e apreciar a concorrencia do requisito de clasificación respecto dos empresarios que concorran agrupados no caso do artigo 59, atenderase, na forma que regulamentariamente se determine, ás características acumuladas de cada un deles, expresadas nas súas respectivas clasificacións. En todo caso, será necesario para proceder a esta acumulación que todas as empresas obtivesen previamente a clasificación como empresa de obras ou de servizos, en relación co contrato a que opten, sen prexuízo do establecido para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea no número 4 do artigo 59.

Artigo 68. Competencia para a clasificación.

1. Os acordos relativos á clasificación das empresas serán adoptados, con

eficacia xeral fronte a todos os órganos de contratación, polas comisións clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado. Estes acordos poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o ministro de Economía e Facenda.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán adoptar decisións sobre clasificación das empresas que serán eficaces, unicamente, para efectos de contratar coa comunidade autónoma que os adoptase, coas entidades locais incluídas no seu ámbito territorial e cos entes, organismos e entidades do sector público dependentes dunha e doutras. Na adopción destes acordos deberán respectarse, en todo caso, as regras e os criterios establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 69. Inscrición rexistral da clasificación.

Os acordos relativos á clasificación das empresas inscribiranse de oficio no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que corresponda en función do órgano que os adoptase.

Artigo 70. Prazo de vixencia e revisión das clasificacións.

1. A clasificación das empresas terá unha vixencia indefinida mentres o empresario manteña as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.

2. Non obstante, e sen prexuízo do sinalado no número 3 deste artigo e no artigo seguinte, para a conservación da clasificación deberase xustificar anualmente o mantemento da solvencia económica e financeira e, cada tres anos, o da solvencia técnica e profesional; para este efecto o empresario achegará a correspondente documentación actualizada nos termos que se establezan regulamentariamente.

3. A clasificación será revisable a pedimento dos interesados ou de oficio pola Administración en canto varíen as circunstancias tomadas en consideración para concedela.

4. En todo caso, o empresario está obrigado a pór en coñecemento do órgano competente en materia de clasificación calquera variación nas circunstancias que fosen tidas en conta para concedela que poida dar lugar a unha revisión da clasificación. A omisión desta comunicación fará que o empresario incorra na prohibición de contratar prevista na alínea e) do número 1 do artigo 60.

Artigo 71. Comprobación dos elementos da clasificación.

Os órganos competentes en materia de clasificación poderán solicitar en

calquera momento das empresas clasificadas ou pendentes de clasificación os documentos que coiden necesarios para comprobar as declaracións e feitos manifestados por estas nos expedientes que tramiten, así como pedir informe a calquera órgano das administracións públicas sobre estes aspectos.

Sección 2.ª Acreditación da aptitude para contratar

Subsección 1.ª Capacidade de obrar

Artigo 72. Acreditación da capacidade de obrar.

1. A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas cales se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

2. A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

3. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Subsección 2.ª Prohibicións de contratar

Artigo 73. Proba da non concorrencia dunha prohibición de contratar.

1. A proba, por parte dos empresarios, de non estaren incursos en prohibicións para contratar poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

2. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada

ante unha autoridade xudicial.

Subsección 3.ª Solvencia

Artigo 74. Medios de acreditar a solvencia.

1. A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional acreditarase mediante a achega dos documentos que determine o órgano de contratación de entre os previstos nos artigos 75 a 79.

2. A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a subscrición de contratos do mesmo tipo que aqueles para os cales se obtivese e para cuxa celebración non se exixa estar en posesión dela.

3. Os entes, organismos e entidades do sector público que non teñan a condición de administracións públicas poderán admitir outros medios de proba da solvencia distintos dos previstos nos artigos 75 a 79 para os contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada.

Artigo 75. Solvencia económica e financeira.

1. A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocios.

2. Se, por unha razón xustificada, o empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, será autorizado para acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que considere apropiado o órgano de contratación.

Artigo 76. Solvencia técnica nos contratos de obras.

Nos contratos de obras a solvencia técnica do empresario poderá ser

acreditada por un ou varios dos medios seguintes:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; se é o caso, os ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos cales esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración en que se indiquen a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á cal se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

Artigo 77. Solvencia técnica nos contratos de subministración.

1. Nos contratos de subministración a solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, en que se indique o seu importe, datas e destinatario público ou privado destes. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou, cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos cales se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do dito organismo, cando os produtos que se van subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos que se van subministrar, cuxa autenticidade se poida certificar por petición da entidade do sector público contratante.

f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

2. Nos contratos de subministración que requiran obras de colocación ou instalación, a prestación de servizos ou a execución de obras, a capacidade dos operadores económicos para prestar estes servizos ou executar a dita instalación ou obras poderá avaliarse tendo en conta especialmente os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade.

Artigo 78. Solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos.

Nos contratos de servizos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberase apreciar tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que se poderá acreditar, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou

non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración en que se indiquen a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á cal se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito

Artigo 79. Solvencia técnica ou profesional nos restantes contratos.

A acreditación da solvencia profesional ou técnica en contratos distintos dos de obras, servizos ou subministración poderá acreditarse polos documentos e medios que se indican no artigo anterior.

Artigo 80. Acreditación do cumprimento das normas de garantía da calidade.

1. Nos contratos suxeitos a unha regulación harmonizada, cando os órganos de contratación exixan a presentación de certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que o empresario cumpre

determinadas normas de garantía da calidade, deberán facer referencia aos sistemas de aseguramento da calidade baseados na serie de normas europeas na materia, certificados por organismos conformes coas normas europeas relativas á certificación.

2. Os órganos de contratación recoñecerán os certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea, e tamén aceptarán outras probas de medidas equivalentes de garantía da calidade que presenten os empresarios.

Artigo 81. Acreditación do cumprimento das normas de xestión ambiental.

1. Nos contratos suxeitos a unha regulación harmonizada, os órganos de contratación poderán exixir a presentación de certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que o empresario cumpre determinadas normas de xestión ambiental. Con tal finalidade poderanse remitir ao sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS) ou ás normas de xestión ambiental baseadas nas normas europeas ou internacionais na materia e certificadas por organismos conformes coa lexislación comunitaria ou coas normas europeas ou internacionais relativas á certificación.

2. Os órganos de contratación recoñecerán os certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea e tamén aceptarán outras probas de medidas equivalentes de xestión ambiental que presenten os empresarios.

Artigo 82. Documentación e información complementaria.

O órgano de contratación ou o órgano auxiliar deste poderá solicitar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados en aplicación dos artigos anteriores ou requirilo para a presentación doutros complementarios.

Subsección 4.ª Proba da clasificación e da aptitude para contratar a través de rexistros ou listas oficiais de contratistas

Artigo 83. Certificacións de rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas.

1. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non

concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar nel.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha comunidade autónoma acreditará idénticas circunstancias para efectos da contratación con ela, coas entidades locais incluídas no seu ámbito territorial e cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e doutras.

2. A proba do contido dos rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas efectuarase mediante certificación do órgano encargado del, que se poderá expedir por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Artigo 84. Certificados comunitarios de clasificación.

1. Os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea sentan unha presunción de aptitude dos empresarios incluídos nelas fronte aos diferentes órganos de contratación en relación coa non concorrencia das prohibicións de contratar a que se refiren as alíneas a) a c) e e) do número 1 do artigo 60 e a posesión das condicións de capacidade de obrar e habilitación profesional exixidas polo artigo 54 e as de solvencia a que se refiren as alíneas b) e c) do artigo 75, as alíneas a), b) e e) do artigo 76, o artigo 77 e as alíneas a) e c) a i) do artigo 78. Igual valor presuntivo producirán as certificacións emitidas por organismos que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que estea establecido o empresario.

2. Os documentos a que se refire o número anterior deberán indicar as referencias que permitisen a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida. Estas mencións tamén se deberán incluír nos certificados que expidan os rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas para efectos da contratación no ámbito da Unión Europea.

Capítulo III. Sucesión na persoa do contratista

Artigo 85. Supostos de sucesión do contratista.

Nos casos de fusión de empresas en que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do contrato. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas, continuará o contrato coa entidade a que se atribúa o contrato, que quedará subrogada

nos dereitos e obrigas dimanantes deste, sempre que teña a solvencia exixida ao acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da cal proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquela da execución do contrato. Se non se pode producir a subrogación por non reunir a entidade á cal se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o contrato e considerarase para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

8. LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO: TÍTULOS I A V.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO: TÍTULOS I A V

TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

1. Este estatuto ten por obxecto establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación.

2. Así mesmo, ten por obxecto determinar as normas aplicables ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas.

3. Este estatuto reflicte, do mesmo xeito, os seguintes fundamentos de actuación:

a) Servizo aos cidadáns e aos intereses xerais.

b) Igualdade, mérito e capacidade no acceso e na promoción profesional.

c) Sometemento pleno á lei e ao dereito.

d) Igualdade de trato entre mulleres e homes.

e) Obxectividade, profesionalidade e imparcialidade no servizo garantidas coa inamovibilidade na condición de funcionario de carreira.

f) Eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos.

g) Desenvolvemento e cualificación profesional permanente dos empregados públicos.

h) Transparencia.

i) Avaliación e responsabilidade na xestión.

j) Xerarquía na atribución, ordenación e desempeño das funcións e tarefas.

k) Negociación colectiva e participación, a través dos representantes, na determinación das condicións de emprego.

l) Cooperación entre as administracións públicas na regulación e xestión do emprego público.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Este estatuto aplícaselles ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas:

- A Administración xeral do Estado.

- As administracións das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

- As administracións das entidades locais.

- Os organismos públicos, axencias e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas.

- As universidades públicas.

2. Na aplicación deste estatuto ao persoal investigador poderanse ditar normas singulares para adecualo ás súas peculiaridades.

3. O persoal docente e o persoal estatutario dos servizos de saúde rexeranse pola lexislación específica ditada polo Estado e polas comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias e polo previsto no presente estatuto, excepto o capítulo II do título II, salvo o art. 20, e os arts. 22.3, 24 e 84.

4. Cada vez que este estatuto faga mención ao persoal funcionario de carreira entenderase comprendido o persoal estatutario dos servizos de saúde.

5. Este estatuto ten carácter supletorio para todo o persoal das administracións públicas non incluído no seu ámbito de aplicación.

Artigo 3. Persoal funcionario das entidades locais

1. O persoal funcionario das entidades locais réxese pola lexislación estatal que resulte de aplicación, da cal forma parte este estatuto, e pola lexislación das comunidades autónomas, con respecto á autonomía local.

2. Os corpos de Policía local réxense tamén por este estatuto e pola lexislación das comunidades autónomas, excepto no establecido para eles na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza.

Artigo 4. Persoal con lexislación específica propia

As disposicións deste estatuto só se lle aplicarán directamente cando así o dispoña a súa lexislación específica ao seguinte persoal:

a) Persoal funcionario das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

b) Persoal funcionario dos demais órganos constitucionais do Estado e dos órganos estatutarios das comunidades autónomas.

c) Xuíces, maxistrados, fiscais e demais persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

d) Persoal militar das Forzas Armadas.

e) Persoal das forzas e corpos de seguranza.

f) Persoal retribuído por arancel.

g) Persoal do Centro Nacional de Intelixencia.

h) Persoal do Banco de España e Fondos de Garantía de Depósitos en Entidades de Crédito.

Artigo 5. Persoal da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos

O persoal funcionario da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos rexerase polas súas normas específicas e supletoriamente polo disposto neste estatuto.

O seu persoal laboral rexerase pola lexislación laboral e demais normas convencionalmente aplicables.

Artigo 6. Leis de función pública

En desenvolvemento deste estatuto, as Cortes Xerais e as asembleas lexislativas das comunidades autónomas aprobarán, no ámbito das súas competencias, as leis reguladoras da función pública da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.

Artigo 7. Normativa aplicable ao persoal laboral

O persoal laboral ao servizo das administracións públicas réxese, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos deste estatuto que así o dispoñan.

TÍTULO II. CLASES DE PERSOAL AO SERVIZO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Artigo 8. Concepto e clases de empregados públicos

1. Son empregados públicos os que desempeñan funcións retribuídas nas administracións públicas ao servizo dos intereses xerais.

2. Os empregados públicos clasifícanse en:

a) Funcionarios de carreira.

b) Funcionarios interinos.

c) Persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal.

d) Persoal eventual.

Artigo 9. Funcionarios de carreira [1]

1. Son funcionarios de carreira os que, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.

2. En todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas correspóndenlles exclusivamente aos funcionarios públicos, nos termos que na lei de desenvolvemento de cada Administración pública se estableza.

Artigo 10. Funcionarios interinos

1. Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.

b) A substitución transitoria dos titulares.

c) A execución de programas de carácter temporal.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

[1] O ap. 2 non é aplicable ao personal dos organismos portuarios por disp. adic. 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro

2. A selección de funcionarios interinos deberase realizar mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

3. O cesamento dos funcionarios interinos producirase, ademais de polas causas previstas no art. 63, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

4. No suposto previsto na letra a) do punto 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberanse incluír na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non for posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización.

5. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Artigo 11. Persoal laboral

1. É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas administracións públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

2. As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto establecerán os criterios para a determinación dos postos de traballo que poden ser desempeñados por persoal laboral, respectando en todo caso o establecido no art. 9.2.

Artigo 12. Persoal eventual

1. É persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

2. As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto determinarán os órganos de goberno das administracións públicas que poderán dispor deste tipo de persoal. O número máximo estableceranо os respectivos órganos de goberno. Este número e as condicións retributivas serán públicos.

3. O nomeamento e cesamento serán libres. O cesamento terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade a que se lle preste a función de confianza ou asesoramento.

4. A condición de persoal eventual non poderá constituír mérito para o acceso á función pública ou para a promoción interna.

5. Ao persoal eventual seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

SUBTÍTULO PRIMEIRO. PERSONAL DIRECTIVO

Artigo 13. Persoal directivo profesional

O Goberno e os órganos de goberno das comunidades autónomas poderán establecer, en desenvolvemento deste estatuto, o réxime xurídico específico do persoal directivo así como os criterios para determinar a súa condición, de acordo, entre outros, cos seguintes principios:

1. É persoal directivo o que desenvolve funcións directivas profesionais nas administracións públicas, definidas como tales nas normas específicas de cada Administración.

2. A súa designación atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia.

3. O persoal directivo estará suxeito á avaliación conforme os criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle fosen fixados.

4. A determinación das condicións de emprego do persoal directivo non terá a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos desta lei. Cando o persoal directivo reúna a condición de persoal laboral, estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

TÍTULO III. DEREITOS E DEBERES. CÓDIGO DE CONDUTA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DEREITOS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

Artigo 14. Dereitos individuais

Os empregados públicos teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo:

a) Á inamovibilidade na condición de funcionario de carreira.

b) Ao desempeño efectivo das funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa progresión alcanzada na súa carreira profesional.

c) Á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación.

d) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo.

e) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos e a ser informado polos seus superiores das tarefas que se van desenvolver.

f) Á defensa xurídica e protección da Administración pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdicional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

g) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.

h) Ao respecto da súa intimidade, orientación sexual, propia imaxe e dignidade no traballo, especialmente fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, moral e laboral.

i) Á non-discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo ou orientación sexual, relixión ou convicción, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

j) Á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

k) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.

l) A recibir protección eficaz en materia de seguranza e saúde no traballo.

m) Ás vacacións, descansos, permisos e licenzas.

n) Á xubilación segundo os termos e condicións establecidos nas normas aplicables.

o) Ás prestacións da Seguridade Social correspondentes ao réxime que lles sexa de aplicación.

p) Á libre asociación profesional.

q) Aos demais dereitos recoñecidos polo ordenamento xurídico.

Artigo 15. Dereitos individuais exercidos colectivamente

Os empregados públicos teñen os seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva:

a) Á liberdade sindical.

b) Á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo.

c) Ao exercicio da folga, coa garantía do mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

d) Á suscitación de conflitos colectivos de traballo, de acordo coa lexislación aplicable en cada caso.

e) Ao de reunión, nos termos establecidos no art. 46 deste estatuto.

CAPÍTULO II. DEREITO Á CARREIRA PROFESIONAL E Á PROMOCIÓN INTERNA. A AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO

Artigo 16. Concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios de carreira

1. Os funcionarios de carreira terán dereito á promoción profesional.

2. A carreira profesional é o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Con tal obxecto, as administracións públicas promoverán a actualización e o perfeccionamento da cualificación profesional dos seus funcionarios de carreira.

3. As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto regularán a carreira profesional aplicable en cada ámbito, que poderán consistir, entre outras, na aplicación illada ou simultánea dalgunha ou dalgunhas das seguintes modalidades:

a) Carreira horizontal, que consiste na progresión de grao, categoría, escala ou outros conceptos análogos, sen necesidade de cambiar de posto de traballo e de conformidade co establecido na letra b) do art. 17 e no punto 3 do art. 20 deste estatuto.

b) Carreira vertical, que consiste no ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos no capítulo III do título V deste estatuto.

c) Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, de acordo co establecido no art. 18.

d) Promoción interna horizontal, que consiste no acceso a corpos ou escalas do mesmo subgrupo profesional, de acordo co disposto no art. 18.

4. Os funcionarios de carreira poderán progresar simultaneamente nas modalidades de carreira horizontal e vertical cando a Administración correspondente as implantase nun mesmo ámbito.

Artigo 17. Carreira horizontal dos funcionarios de carreira

As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto poderán regular a carreira horizontal dos funcionarios de carreira, e pódense aplicar, entre outras, as seguintes regras:

a) Articularase un sistema de graos, categorías ou escalas de ascenso e fixarase a remuneración a cada un deles. Os ascensos serán consecutivos con carácter xeral, salvo naqueles supostos excepcionais en que se prevexa outra posibilidade.

b) Deberase valorar a traxectoria e actuación profesional, a calidade dos traballos realizados, os coñecementos adquiridos e o resultado da avaliación do desempeño.

Poderanse incluír así mesmo outros méritos e aptitudes por razón da especificidade da función desenvolvida e a experiencia adquirida.

Artigo 18. Promoción interna dos funcionarios de carreira

1. A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os previstos no art. 55.2 deste estatuto.

2. Os funcionarios deberán posuír os requisitos exixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, e superar as correspondentes probas selectivas.

3. As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto articularán os sistemas para realizar a promoción interna, así

como tamén poderán determinar os corpos e escalas a que poderán acceder os funcionarios de carreira pertencentes a outros do seu mesmo subgrupo.

Así mesmo, as leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto poderán determinar os corpos e escalas a que poderán acceder os funcionarios de carreira pertencentes a outros do seu mesmo subgrupo.

4. As administracións públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.

Artigo 19. Carreira profesional e promoción do persoal laboral

1. O persoal laboral terá dereito á promoción profesional.

2. A carreira profesional e a promoción do persoal laboral farase efectiva a través dos procedementos previstos no Estatuto dos traballadores ou nos convenios colectivos.

Artigo 20. A avaliación do desempeño

1. As administracións públicas establecerán sistemas que permitan a avaliación do desempeño dos seus empregados.

A avaliación do desempeño é o procedemento mediante o cal se mide e valora a conduta profesional e o rendemento ou o logro de resultados.

2. Os sistemas de avaliación do desempeño adecuaranse, en todo caso, a criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non-discriminación e aplicaranse sen menoscabo dos dereitos dos empregados públicos.

3. As administracións públicas determinarán os efectos da avaliación na carreira profesional horizontal, a formación, a provisión de postos de traballo e na percepción das retribucións complementarias previstas no art. 24 deste estatuto.

4. A continuidade nun posto de traballo obtido por concurso quedará vinculada á avaliación do desempeño de acordo cos sistemas de avaliación que cada Administración pública determine, dándoselle audiencia ao interesado, e pola correspondente resolución motivada.

5. A aplicación da carreira profesional horizontal, das retribucións complementarias derivadas da alínea c) do art. 24 deste estatuto e o cesamento do posto de traballo obtido polo procedemento de concurso

requirirán a aprobación previa, en cada caso, de sistemas obxectivos que permitan avaliar o desempeño de acordo co establecido nos puntos 1 e 2 deste artigo.

CAPÍTULO III. DEREITOS RETRIBUTIVOS

Artigo 21. Determinación das contías e dos incrementos retributivos

1. As contías das retribucións básicas e o incremento das contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, deberanse reflectir para cada exercicio orzamentario na correspondente Lei de orzamentos.

2. Non se poderán acordar incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para o persoal.

Artigo 22. Retribucións dos funcionarios

1. As retribucións dos funcionarios de carreira clasifícanse en básicas e complementarias.

2. As retribucións básicas son as que se lle retribúen ao funcionario segundo a adscrición do seu corpo ou escala a un determinado subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, e pola súa antigüidade nel. Dentro delas están comprendidas as compoñentes de soldo e trienios das pagas extraordinarias.

3. As retribucións complementarias son as que retribúen as características dos postos de traballo, a carreira profesional ou o desempeño, rendemento ou resultados alcanzados polo funcionario.

4. As pagas extraordinarias serán dúas ao ano, cada unha polo importe dunha mensualidade de retribucións básicas e da totalidade das retribucións complementarias, salvo aquelas a que se refiren as alíneas c) e d) do art. 24.

5. Non se poderá percibir participación en tributos ou en calquera outro ingreso das administracións públicas como contraprestación de calquera servizo, participación ou premio en multas impostas, mesmo cando estivesen normativamente atribuídas aos servizos.

Artigo 23. Retribucións básicas

As retribucións básicas, que se fixan na Lei de orzamentos xerais do Estado, estarán integradas única e exclusivamente:

a) Polo soldo asignado a cada subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo.

b) Polos trienios, que consisten nunha cantidade, que será igual para cada subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, por cada tres anos de servizo.

Artigo 24. Retribucións complementarias

A contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios serán establecidas polas correspondentes leis de cada Administración pública e atenderán, entre outros, aos seguintes factores:

a) Á progresión acadada polo funcionario dentro do sistema de carreira administrativa.

b) Á especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade exixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou ás condicións en que se desenvolve o traballo.

c) Ao grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e ao rendemento ou resultados obtidos.

d) Aos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo.

Artigo 25. Retribucións dos funcionarios interinos

1. Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e as pagas extraordinarias correspondentes ao subgrupo ou grupo de adscrición, no suposto de que este non teña subgrupo. Percibirán así mesmo as retribucións complementarias a que se refiren as alíneas b), c) e d) do art. 24 e as correspondentes á categoría de entrada no corpo ou escala en que sexa nomeado.

2. Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor deste estatuto, que terán efectos retributivos unicamente a partir da súa entrada en vigor.

Artigo 26. Retribucións dos funcionarios en prácticas

As administracións públicas determinarán as retribucións dos funcionarios en prácticas que, como mínimo, se corresponderán ás do soldo do subgrupo ou grupo, no suposto de que este non teña subgrupo, en que aspiren a ingresar.

Artigo 27. Retribucións do persoal laboral

As retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, co convenio colectivo que sexa aplicable e co contrato de traballo; respectarase en todo caso o establecido no art. 21 deste estatuto.

Artigo 28. Indemnizacións

Os funcionarios percibirán as indemnizacións correspondentes por razón do servizo.

Artigo 29. Retribucións diferidas

As administracións públicas poderán destinar cantidades ata a porcentaxe da masa salarial que se fixe nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado para financiar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, para o persoal incluído nos seus ámbitos, de acordo co establecido na normativa reguladora dos plans de pensións.

As cantidades destinadas a financiar achegas a plans de pensións ou contratos de seguros terán, para todos os efectos, a consideración de retribución diferida.

Artigo 30. Dedución de retribucións

1. Sen prexuízo da sanción disciplinaria que poida corresponder, a parte de xornada non realizada dará lugar á dedución proporcional de haberes, que non terá carácter sancionador.

2. Os que exerzan o dereito de folga non terán dereito nin percibirán as retribucións correspondentes ao tempo en que permanecesen nesa situación sen que a dedución de haberes que se efectúe teña carácter de sanción, nin afecte o réxime respectivo das súas prestacións sociais.

CAPÍTULO IV. DEREITO Á NEGOCIACIÓN COLECTIVA, REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL. DEREITO DE REUNIÓN

Artigo 31. Principios xerais

1. Os empregados públicos teñen dereito á negociación colectiva, representación e participación institucional para a determinación das súas condicións de traballo.

2. Por negociación colectiva, para os efectos desta lei, enténdese o dereito a negociar a determinación de condicións de traballo dos empregados da Administración pública.

3. Por representación, para os efectos desta lei, enténdese a facultade de elixir representantes e constituír órganos unitarios a través dos cales se instrumente a interlocución entre as administracións públicas e os seus empregados.

4. Por participación institucional, para os efectos desta lei, enténdese o dereito a participar, a través das organizacións sindicais, nos órganos de control e seguimento das entidades ou organismos que legalmente se determine.

5. O exercicio dos dereitos establecidos neste artigo garántese e lévase a cabo a través dos órganos e sistemas específicos regulados no presente capítulo, sen prexuízo doutras formas de colaboración entre as administracións públicas e os seus empregados públicos ou os representantes destes.

6. As organizacións sindicais máis representativas no ámbito da función pública están lexitimadas para a interposición de recursos en vía administrativa e xurisdicional contra as resolucións dos órganos de selección.

7. O exercicio dos dereitos establecidos neste capítulo deberá respectar en todo caso o contido deste estatuto e as leis de desenvolvemento previstas nel.

8. Os procedementos para determinar condicións de traballo nas administracións públicas terán en conta as previsións establecidas nos convenios e acordos de carácter internacional ratificados por España.

Artigo 32. Negociación colectiva, representación e participación do persoal laboral

A negociación colectiva, representación e participación dos empregados públicos con contrato laboral rexerase pola lexislación laboral, sen prexuízo dos preceptos deste capítulo que expresamente lles son de aplicación.

Artigo 33. Negociación colectiva

1. A negociación colectiva de condicións de traballo dos funcionarios públicos, que estará suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos arts. 6.3.c); 7.1 e 7.2 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e o previsto neste capítulo.

Para este efecto, constituiranse mesas de negociación en que estarán lexitimados para estar presentes, por unha parte, os representantes da Administración pública correspondente, e por outra, as organizacións sindicais máis representativas a nivel estatal, as organizacións sindicais máis representativas da comunidade autónoma, así como os sindicatos que obtivesen o 10 por 100 ou máis dos representantes nas eleccións para delegados e xuntas de persoal, nas unidades electorais comprendidas no ámbito específico da súa constitución.

2. As administracións públicas poderán encargarlles o desenvolvemento das actividades de negociación colectiva a órganos creados por elas, de natureza estritamente técnica, que terán a súa representación na negociación colectiva logo das instrucións políticas correspondentes e sen prexuízo da ratificación dos acordos alcanzados polos órganos de goberno ou administrativos con competencia para iso.

Artigo 34. Mesas de negociación

1. Para os efectos da negociación colectiva dos funcionarios públicos, constituirase unha mesa xeral de negociación no ámbito da Administración xeral do Estado, así como en cada unha das comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e entidades locais.

2. Recoñécese a lexitimación negocial das asociacións de municipios, así como a das entidades locais de ámbito supramunicipal. Para tales efectos, os municipios poderanse adherir con carácter previo ou de maneira sucesiva á negociación colectiva que se leve a cabo no ámbito correspondente.

Así mesmo, unha Administración ou entidade pública poderase adherir aos acordos alcanzados dentro do territorio de cada comunidade autónoma, ou aos acordos alcanzados nun ámbito supramunicipal.

3. Son competencias propias das mesas xerais a negociación das materias relacionadas con condicións de traballo comúns aos funcionarios do seu ámbito.

4. Dependendo das mesas xerais de negociación e por acordo delas poderanse constituír mesas sectoriais, en atención ás condicións específicas de traballo das organizacións administrativas afectadas ou ás peculiaridades de sectores concretos de funcionarios públicos e ao seu número.

5. A competencia das mesas sectoriais estenderase aos temas comúns aos funcionarios do sector que non fosen obxecto de decisión por parte da mesa xeral respectiva ou aos que esta explicitamente lles reenvíe ou delegue.

6. O proceso de negociación abrirase, en cada mesa, na data que, de común acordo, fixen a Administración correspondente e a maioría da representación sindical.

Na falta de acordo, o proceso iniciarase no prazo máximo dun mes desde que a maioría dunha das partes lexitimadas o promova, salvo que existan causas legais ou pactadas que o impidan.

7. Ambas as partes estarán obrigadas a negociar baixo o principio da boa fe e a proporcionarse mutuamente a información que precisen relativa á negociación.

Artigo 35. Constitución e composición das mesas de negociación

1. As mesas a que se refire o artigo anterior quedarán validamente constituídas cando, ademais da representación da Administración correspondente, e sen prexuízo do dereito de todas as organizacións sindicais lexitimadas a participar nelas en proporción á súa representatividade, tales organizacións sindicais representen, como mínimo, a maioría absoluta dos membros dos órganos unitarios de representación no ámbito de que se trate.

2. As variacións na representatividade sindical, para os efectos de modificación na composición das mesas de negociación, serán acreditadas polas organizacións sindicais interesadas, mediante o correspondente certificado da oficina pública de rexistro competente, cada dous anos a partir da data inicial de constitución das citadas mesas.

3. A designación dos compoñentes das mesas corresponderalles ás partes negociadora que poderán contar coa asistencia nas deliberacións de asesores, que intervirán con voz pero sen voto.

4. Nas normas de desenvolvemento do presente estatuto establecerase a composición numérica das mesas correspondentes aos seus ámbitos, sen que ningunha das partes poida superar o número de quince membros.

Artigo 36. Mesas xerais de negociación

1. Constitúese unha Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas. A representación destas será unitaria, estará presidida pola Administración xeral do Estado e contará con representantes das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla e da Federación Española de Municipios e Provincias, en función das materias que se vaian negociar.

A representación das organizacións sindicais lexitimadas para estar presentes de acordo co disposto nos arts. 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do

2 de agosto, de liberdade sindical, distribuirase en función dos resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal, delegados de persoal, xuntas de persoal e comités de empresa, no conxunto das administracións públicas.

2. Serán materias obxecto de negociación nesta mesa as relacionadas no art. 37 deste estatuto que resulten susceptibles de regulación estatal con carácter de norma básica, sen prexuízo dos acordos a que poidan chegar as comunidades autónomas no seu correspondente ámbito territorial en virtude das súas competencias exclusivas e compartidas en materia de función pública.

Será especificamente obxecto de negociación no ámbito da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas o incremento global das retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas que corresponda incluír no proxecto da Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

3. Para a negociación de todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración pública, constituirase na Administración xeral do Estado, en cada unha das comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e entidades locais unha mesa xeral de negociación.

Son de aplicación a estas mesas xerais os criterios establecidos no parágrafo anterior sobre representación das organizacións sindicais na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, tomando en consideración en cada caso os resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal funcionario e laboral do correspondente ámbito de representación.

Ademais, tamén estarán presentes nestas mesas xerais as organizacións sindicais que formen parte da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas sempre que obtivesen o 10 por 100 dos representantes a persoal funcionario ou a persoal laboral no ámbito correspondente á mesa de que se trate.

Artigo 37. Materias obxecto de negociación

1. Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

a) A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado e das comunidades autónomas.

b) A determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios.

c) As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.

d) As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño.

e) Os plans de previsión social complementaria.

f) Os criterios xerais dos plans e fondos para a formación e a promoción interna.

g) Os criterios xerais para a determinación de prestacións sociais e pensións de clases pasivas.

h) As propostas sobre dereitos sindicais e de participación.

i) Os criterios xerais de acción social.

j) As que así se establezan na normativa de prevención de riscos laborais.

k) As que afecten as condicións de traballo e as retribucións dos funcionarios, cuxa regulación exixa norma con rango de lei.

l) Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público.

m) As referidas ao calendario laboral, aos horarios, ás xornadas, ás vacacións, aos permisos, á mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten condicións de traballo dos empregados públicos.

2. Quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación as materias seguintes:

a) As decisións das administracións públicas que afecten as súas potestades de organización.

Cando as consecuencias das decisións das administracións públicas que afecten as súas potestades de organización teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos recollidas no punto anterior, procederá a negociación destas condicións coas organizacións sindicais a que se refire este estatuto.

b) A regulación do exercicio dos dereitos dos cidadáns e dos usuarios dos servizos públicos, así como o procedemento de formación dos actos e disposicións administrativas.

c) A determinación das condicións de traballo do persoal directivo.

d) Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica.

e) A regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e á promoción profesional.

Artigo 38. Pactos e acordos

1. No seo das mesas de negociación correspondentes, os representantes das administracións públicas poderán concertar pactos e acordos coa representación das organizacións sindicais lexitimadas para tales efectos, para a determinación das condicións de traballo dos funcionarios destas administracións.

2. Os pactos subscribiranse sobre materias que se correspondan estritamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o subscriba e aplicaránselle directamente ao persoal do ámbito correspondente.

3. Os acordos versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno das administracións públicas.

Para a súa validez e eficacia será necesaria a súa aprobación expresa e formal por estes órganos. Cando tales acordos fosen ratificados e afecten temas que poden ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno, o seu contido será directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de que para efectos formais se requira a modificación ou derrogación, de ser o caso, da normativa regulamentaria correspondente.

Se os acordos ratificados tratan sobre materias sometidas a reserva de lei que, en consecuencia, só poden ser determinadas definitivamente polas Cortes Xerais ou as asembleas lexislativas das comunidades autónomas, o seu contido carecerá de eficacia directa. Non obstante, neste suposto, o órgano de goberno respectivo que teña iniciativa lexislativa procederá á elaboración, aprobación e remisión ás Cortes Xerais ou asembleas lexislativas das comunidades autónomas do correspondente proxecto de lei conforme o contido do acordo e no prazo que se acordase.

Cando exista falta de ratificación dun acordo ou, de ser o caso, unha negativa expresa a incorporar o acordado no proxecto de lei

correspondente, deberase iniciar a renegociación das materias tratadas no prazo dun mes, se así o solicitase polo menos a maioría dunha das partes.

4. Os pactos e acordos deberán determinar as partes que os concertan, o ámbito persoal, funcional, territorial e temporal, así como a forma, o prazo de aviso previo e condicións da súa denuncia.

5. Estableceranse comisións paritarias de seguimento dos pactos e acordos coa composición e funcións que as partes determinen.

6. Os pactos subscritos e os acordos, unha vez ratificados, deberán ser remitidos á oficina pública que cada Administración competente determine e a autoridade respectiva ordenará a súa publicación no boletín oficial que corresponda en función do ámbito territorial.

7. No suposto de que non se produza acordo na negociación ou na renegociación prevista no último parágrafo do punto 3 deste artigo e unha vez esgotados, de ser o caso, os procedementos de solución extraxudicial de conflitos, corresponderalles aos órganos de goberno das administracións públicas establecer as condicións de traballo dos funcionarios coas excepcións previstas nos números 11, 12 e 13 do presente artigo.

8. Os pactos e acordos que, de conformidade co establecido no art. 37, conteñan materias e condicións xerais de traballo comúns ao persoal funcionario e laboral, terán a consideración e efectos previstos neste artigo para os funcionarios e no art. 83 do Estatuto dos traballadores para o persoal laboral.

9. Os pactos e acordos nos seus respectivos ámbitos e en relación coas competencias de cada Administración pública poderán establecer a estrutura da negociación colectiva así como fixar as regras que deben resolver os conflitos de concorrencia entre as negociacións de distinto ámbito e os criterios de primacía e complementariedade entre as diferentes unidades negociadoras.

10. Garántese o cumprimento dos pactos e acordos, salvo cando excepcionalmente e por causa grave de interese público derivada dunha alteración substancial das circunstancias económicas, os órganos de goberno das administracións públicas suspendan ou modifiquen o cumprimento de pactos e acordos xa asinados, na medida estritamente necesaria para salvagardar o interese público.

Neste suposto, as administracións públicas deberán informar as organizacións sindicais das causas da suspensión ou modificación.

11. Salvo acordo en contrario, os pactos e acordos prorrogaranse de ano en ano se non mediase denuncia expresa dunha das partes.

12. A vixencia do contido dos pactos e acordos, unha vez concluída a súa duración, producirase nos termos que estes establecesen.

13. Os pactos e acordos que sucedan a outros anteriores derróganos na súa integridade, salvo os aspectos que expresamente se acorde manter.

Artigo 39. Órganos de representación

1. Os órganos específicos de representación dos funcionarios son os delegados de persoal e as xuntas de persoal.

2. Nas unidades electorais onde o número de funcionarios sexa igual ou superior a 6 e inferior a 50, a súa representación corresponderalles aos delegados de persoal.

Ata 30 funcionarios elixirase un delegado, e de 31 a 49 elixiranse tres, que exercerán a súa representación conxunta e mancomunadamente.

3. As xuntas de persoal constituiranse en unidades electorais que conten cun censo mínimo de 50 funcionarios.

4. O Estado e cada comunidade autónoma regularán o establecemento das unidades electorais dentro do ámbito das súas competencias lexislativas. Logo de acordo coas organizacións sindicais lexitimadas nos arts. 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, os órganos de goberno das administracións públicas poderán modificar ou establecer unidades electorais en razón do número e peculiaridades dos seus colectivos e adecuarán a súa configuración ás estruturas administrativas ou aos ámbitos de negociación constituídos ou que se constitúan.

5. Cada xunta de persoal compónse dun número de representantes, en función do número de funcionarios da unidade electoral correspondente, de acordo coa seguinte escala, en coherencia co establecido no Estatuto dos traballadores:

De 50 a 100 funcionarios: 5.

De 101 a 250 funcionarios: 9.

De 251 a 500 funcionarios: 13.

De 501 a 750 funcionarios: 17.

De 751 a 1.000 funcionarios: 21.

De 1.001 en diante, dous por cada 1.000 ou fracción, co máximo de 75.

6. As xuntas de persoal elixirán de entre os seus membros un presidente e un secretario, elaborarán o seu propio regulamento de procedemento, que non poderá contravir o disposto neste estatuto e na lexislación de desenvolvemento, e remitirán copia del e das súas modificacións ao órgano ou órganos competentes en materia de persoal que cada Administración determine. O regulamento e as súas modificacións deberán ser aprobados polos votos favorables de, polo menos, dous terzos dos seus membros.

Artigo 40. Funcións e lexitimación dos órganos de representación

1. As xuntas de persoal e os delegados de persoal, de ser o caso, terán as seguintes funcións, nos seus respectivos ámbitos:

a) Recibir información sobre a política de persoal, así como sobre os datos referentes á evolución das retribucións, evolución probable do emprego no ámbito correspondente e programas de mellora do rendemento.

b) Emitir informe, por solicitude da Administración pública correspondente, sobre o traslado total ou parcial das instalacións e a implantación ou revisión dos seus sistemas de organización e métodos de traballo.

c) Ser informados de todas as sancións impostas por faltas moi graves.

d) Ter coñecemento e ser oídos no establecemento da xornada laboral e do horario de traballo, así como no réxime de vacacións e permisos.

e) Vixiar o cumprimento das normas vixentes en materia de condicións de traballo, prevención de riscos laborais, Seguridade Social e emprego e exercer, de ser o caso, as accións legais oportunas ante os organismos competentes.

f) Colaborar coa Administración correspondente para conseguir o establecemento de cantas medidas procuren o mantemento e incremento da produtividade.

2. As xuntas de persoal, colexiadamente, por decisión maioritaria dos seus membros e, de ser o caso, os delegados de persoal, mancomunadamente, estarán lexitimados para iniciar, como interesados, os correspondentes procedementos administrativos e exercer as accións en vía administrativa ou xudicial en todo o relativo ao ámbito das súas funcións.

Artigo 41. Garantías da función representativa do persoal

1. Os membros das xuntas de persoal e os delegados de persoal, se for o caso, como representantes legais dos funcionarios, disporán, no exercicio da súa función representativa, das seguintes garantías e dereitos:

a) O acceso e libre circulación polas dependencias da súa unidade electoral, sen que se entorpeza o normal funcionamento das correspondentes unidades administrativas, dentro dos horarios habituais de traballo e con excepción das zonas que se reserven de conformidade co disposto na lexislación vixente.

b) A distribución libre das publicacións que se refiran a cuestións profesionais e sindicais.

c) A audiencia nos expedientes disciplinarios a que puidesen ser sometidos os seus membros durante o tempo do seu mandato e durante o ano inmediatamente posterior, sen prexuízo da audiencia ao interesado regulada no procedemento sancionador.

d) Un crédito de horas mensuais dentro da xornada de traballo e retribuídas como de traballo efectivo, de acordo coa seguinte escala:

Ata 100 funcionarios: 15.

De 101 a 250 funcionarios: 20.

De 251 a 500 funcionarios: 30.

De 501 a 750 funcionarios: 35.

De 751 en diante: 40.

Os membros da xunta de persoal e delegados de persoal da mesma candidatura que así o manifesten poderán proceder, logo de comunicación ao órgano que teña a xefatura de persoal ante a cal aquela exerza a súa representación, á acumulación dos créditos horarios.

e) Non ser trasladados nin sancionados por causas relacionadas co exercicio do seu mandato representativo, nin durante a súa vixencia, nin no ano seguinte á súa extinción; exceptuarase a extinción que teña lugar por revogación ou dimisión.

2. Os membros das xuntas de persoal e os delegados de persoal non poderán ser discriminados na súa formación nin na súa promoción económica ou profesional por razón do desempeño da súa representación.

3. Cada un dos membros da xunta de persoal e esta como órgano colexiado, así como os delegados de persoal, se for o caso, observarán sixilo profesional en todo o referente aos asuntos en que a Administración sinale expresamente o carácter reservado, mesmo despois de expirar o seu mandato. En todo caso, ningún documento reservado entregado pola

Administración poderá ser utili zado fóra do estrito ámbito da Administración para fins distintos dos que motivaron a súa entrega.

Artigo 42. Duración da representación

O mandato dos membros das xuntas de persoal e dos delegados de persoal, se é o caso, será de catro anos, e poden ser reelixidos. O mandato entenderase prorrogado se, ao seu termo, non se promovesen novas eleccións, sen que os representantes con mandato prorrogado se contabilicen para efectos de determinar a capacidade representativa dos sindicatos.

Artigo 43. Promoción de eleccións a delegados e xuntas de persoal

1. Poderán promover a celebración de eleccións a delegados e xuntas de persoal, conforme o previsto no presente estatuto e nos arts. 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical:

a) Os sindicatos máis representativos a nivel estatal.

b) Os sindicatos máis representativos no ámbito da comunidade autónoma, cando a unidade electoral afectada estea situada no seu ámbito xeográfico.

c) Os sindicatos que, sen ser máis representativos, conseguisen polo menos o 10 por 100 dos representantes a que se refire este estatuto no conxunto das administracións públicas.

d) Os sindicatos que obtivesen polo menos unha porcentaxe do 10 por 100 na unidade electoral en que se pretenden promover as eleccións.

e) Os funcionarios da unidade electoral, por acordo maioritario.

2. Os lexitimados para promover eleccións terán, para este efecto, dereito a que a Administración pública correspondente lles subministre o censo de persoal das unidades electorais afectadas, distribuído por organismos ou centros de traballo.

Artigo 44. Procedemento electoral

O procedemento para a elección das xuntas de persoal e para a elección de delegados de persoal determinarase regulamentariamente tendo en conta os seguintes criterios xerais:

- A elección realizarase mediante sufraxio persoal, directo, libre e secreto que se poderá emitir por correo ou por outros medios telemáticos.

- Serán electores e elixibles os funcionarios que se encontren na situación de servizo activo. Non terán a consideración de electores nin elixibles os funcionarios que ocupen postos cuxo nomeamento se efectúe a través de real decreto ou por decreto dos consellos de Goberno das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

- Poderán presentar candidaturas as organizacións sindicais legalmente constituídas ou as coalicións destas e os grupos de electores dunha mesma unidade electoral, sempre que o seu número sexa equivalente, polo menos, ao triplo dos membros que se van elixir.

- As xuntas de persoal elixiranse mediante listas pechadas a través dun sistema proporcional corrixido e os delegados de persoal mediante listas abertas e sistema maioritario.

- Os órganos electorais serán as mesas electorais que se constitúan para a dirección e desenvolvemento do procedemento electoral e as oficinas públicas permanentes para o cómputo e certificación de resultados reguladas na normativa laboral.

- As impugnacións tramitaranse conforme un procedemento arbitral, excepto as reclamacións contra as denegacións de inscrición de actas electorais, que se poderán presentar directamente ante a xurisdición social.

Artigo 45. Solución extraxudicial de conflitos colectivos

1. Con independencia das atribucións fixadas polas partes ás comisións paritarias previstas no art. 38.5 para o coñecemento e resolución dos conflitos derivados da aplicación e interpretación dos pactos e acordos, as administracións públicas e as organizacións sindicais a que se refire este capítulo poderán acordar a creación, configuración e desenvolvemento de sistemas de solución extraxudicial de conflitos colectivos.

2. Os conflitos a que se refire o parágrafo anterior poderán ser os derivados da negociación, aplicación e interpretación dos pactos e acordos sobre as materias sinaladas no art. 37, excepto para aquelas en que exista reserva de lei.

3. Os sistemas poderán estar integrados por procedementos de mediación e arbitraxe. A mediación será obrigatoria cando o solicite unha das partes e as propostas de solución que ofrezan o mediador ou mediadores poderán ser libremente aceptadas ou rexeitadas por elas.

Mediante o procedemento de arbitraxe, as partes poderán acordar voluntariamente encomendarlle a un terceiro a resolución do conflito presentado e comprometeranse de antemán a aceptar o seu contido.

4. O acordo logrado a través da mediación ou da resolución de arbitraxe terá a mesma eficacia xurídica e tramitación dos pactos e acordos regulados neste estatuto, sempre que os que adoptasen o acordo ou subscribisen o compromiso arbitral tivesen a lexitimación que lles permita acordar, no ámbito do conflito, un pacto ou acordo conforme o previsto neste estatuto.

Estes acordos serán susceptibles de impugnación.

Especificamente caberá recurso contra a resolución arbitral no caso de que non se observasen no desenvolvemento da actuación arbitral os requisitos e formalidades establecidos para o efecto ou cando a resolución versase sobre puntos non sometidos á súa decisión, ou que esta contradiga a legalidade vixente.

5. A utilización destes sistemas efectuarase conforme os procedementos que regulamentariamente se determinen logo de acordo coas organizacións sindicais representativas.

Artigo 46. Dereito de reunión

1. Están lexitimados para convocar unha reunión, ademais das organizacións sindicais, directamente ou a través dos delegados sindicais:

a) Os delegados de persoal.

b) As xuntas de persoal.

c) Os comités de empresa.

d) Os empregados públicos das administracións respectivas en número non inferior ao 40 por 100 do colectivo convocado.

2. As reunións no centro de traballo autorizaranse fóra das horas de traballo, salvo acordo entre o órgano competente en materia de persoal e os que estean lexitimados para convocalas.

A realización da reunión non prexudicará a prestación dos servizos e os seus convocantes serán responsables do seu normal desenvolvemento.

CAPÍTULO V. DEREITO Á XORNADA DE TRABALLO, PERMISOS E VACACIÓNS

Artigo 47. Xornada de traballo dos funcionarios públicos

As administracións públicas establecerán a xornada xeral e as especiais de traballo dos seus funcionarios públicos. A xornada de traballo poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial.

Artigo 48. Permisos dos funcionarios públicos

1. As administracións públicas determinarán os supostos de concesión de permisos aos funcionarios públicos e os seus requisitos, efectos e duración. En defecto de lexislación aplicable, os permisos e a súa duración serán, cando menos, os seguintes:

a) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

b) Por traslado de domicilio sen cambio de residencia, un día.

c) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal, nos termos que se determine.

d) Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude, durante os días da súa realización.

e) Para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto polas funcionarias embarazadas.

f) Por lactación dun fillo menor de doce meses terá dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderase substituír por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade. Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores, no caso de que ambos traballen.

Igualmente a funcionaria poderá solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente.

Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

g) Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, a funcionaria ou o funcionario terá dereito a se ausentar do traballo durante un máximo de dúas horas diarias percibindo as retribucións íntegras. Así mesmo, terán dereito a reducir a súa xornada de traballo ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.

h) Por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Terá o mesmo dereito o funcionario que se precise encargar do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

i) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes. Se houber máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de desfrute desta redución poderase ratear entre eles, e respectarase, en todo caso, o prazo máximo dun mes.

j) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral.

k) Por asuntos particulares, seis días.

2. Ademais dos días de libre disposición establecidos por cada Administración pública, os funcionarios terán dereito ao desfrute de dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio, que se incrementará nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

Artigo 49. Permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e por razón de violencia de xénero[2]

En todo caso concederanse os seguintes permisos coas correspondentes condicións mínimas:

a) Permiso por parto: terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no

[2] Ap. e) engadido por disp. final 23 da Lei 39/2010, de 22 de decembro (con efectos a partir do 01/01/2011 e vixencia indefinida)

suposto de discapacidade do fillo e, por cada fillo a partir do segundo, nos supostos de parto múltiple. O permiso distribuirase á opción da funcionaria sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto. En caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, de ser o caso, da parte que reste de permiso.

Malia o anterior, e sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ao parto de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que ambos os proxenitores traballen, a nai, ao se iniciar o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o outro proxenitor desfrute dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto, ben de forma simultánea ou sucesiva co da nai. O outro proxenitor poderá seguir desfrutando do permiso de maternidade inicialmente cedido, aínda que no momento previsto para a reincorporación da nai ao traballo esta se encontre en situación de incapacidade temporal.

Nos casos de desfrute simultáneo de períodos de descanso, a súa suma non poderá exceder das dezaseis semanas ou das que correspondan en caso de discapacidade do fillo ou de parto múltiple.

Este permiso poderase desfrutar a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

Durante o desfrute deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

b) Permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple: terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido e por cada fillo, a partir do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple.

O cómputo do prazo contarase, á elección do funcionario, a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou a partir da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de desfrute deste permiso.

No caso de que ambos os proxenitores traballen, o permiso distribuirase á opción dos interesados, que poderán desfrutalo de xeito simultáneo ou sucesivo, sempre en períodos ininterrompidos.

Nos casos de desfrute simultáneo de períodos de descanso, a súa suma non poderá exceder as dezaseis semanas ou as que correspondan en caso de adopción ou acollemento múltiple e de discapacidade do menor adoptado ou acollido.

Este permiso poderase desfrutar a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determine.

Se for necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado, nos casos de adopción ou acollemento internacional, terase dereito, ademais, a un permiso de ata dous meses de duración; durante este período percibiranse exclusivamente as retribucións básicas.

Con independencia do permiso de ata dous meses previsto no parágrafo anterior e para o suposto previsto neste parágrafo, o permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, poderase iniciar ata catro semanas antes da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

Durante o desfrute deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Os supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, previstos neste artigo serán os que así se establezan no Código civil ou nas leis civís das comunidades autónomas que os regulen; o acollemento simple deberá ter unha duración non inferior a un ano.

c) Permiso de paternidade polo nacemento, acollemento ou pola adopción dun fillo: terá unha duración de quince días, que os desfrutará o pai ou o outro proxenitor a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción.

Este permiso é independente do desfrute compartido dos permisos recollidos nas alíneas a) e b).

Nos casos previstos nas alíneas a), b), e c), o tempo transcorrido durante o desfrute destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos; garantirase a plenitude dos dereitos económicos da funcionaria e, de ser o caso, do outro proxenitor funcionario, durante todo o período de duración do permiso, e, se é o caso, durante os períodos posteriores ao desfrute deste, se de acordo coa normativa aplicable, o dereito a percibir algún concepto retributivo se determina en función do período de desfrute do permiso.

Os funcionarios que fixesen uso do permiso por parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento terán dereito, unha vez finalizado o período de permiso, a se reintegrar ao seu posto de traballo nos termos e condicións que non lles resulten menos favorables ao desfrute do permiso, así como a se beneficiar de calquera mellora nas condicións de traballo a que puidesen ter dereito durante a súa ausencia.

d) Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller funcionaria: as faltas de asistencia das funcionarias vítimas de violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda.

Así mesmo, as funcionarias vítimas de violencia sobre a muller, para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que para estes supostos estableza a Administración pública competente en cada caso.

e) Permiso por coidado de fillo menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave: o funcionario terá dereito a unha redución da xornada de traballo de polo menos a metade da súa duración, percibirá as retribucións íntegras para o coidado, durante a hospitalización e tratamento continuado, do fillo menor de idade, por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo ou permanente do menor, afectado por cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou por calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente e, como máximo, ata que o menor cumpra os 18 anos.

Regulamentariamente, estableceranse as condicións e supostos en que esta redución de xornada se poderá acumular en xornadas completas.

Así mesmo, cando concorran en ambos os proxenitores, adoptantes ou acolledores de carácter preadoptivo ou permanente, as circunstancias necesarias para ter dereito a este permiso ou, se for o caso, poidan ter a condición de beneficiarios da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa de aplicación, o dereito a o seu desfrute só poderá ser recoñecido a favor dun deles.

Artigo 50. Vacacións dos funcionarios públicos

Os funcionarios públicos terán dereito a desfrutar como mínimo, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días

hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor.

Para os efectos do previsto neste artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

Artigo 51. Xornada de traballo, permisos e vacacións do persoal laboral

Para o réxime de xornada de traballo, permisos e vacacións do persoal laboral terase en conta o establecido neste capítulo e na lexislación laboral correspondente.

CAPÍTULO VI. DEBERES DOS EMPREGADOS PÚBLICOS. CÓDIGO DE CONDUTA

Artigo 52. Deberes dos empregados públicos. Código de conduta

Os empregados públicos deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico e deberán actuar consonte os seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do contorno cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes, que inspiran o código de conduta dos empregados públicos configurado polos principios éticos e de conduta regulados nos artigos seguintes.

Os principios e regras establecidos neste capítulo informarán a interpretación e aplicación do réxime disciplinario dos empregados públicos.

Artigo 53. Principios éticos

1. Os empregados públicos respectarán a Constitución e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico.

2. A súa actuación perseguirá a satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns e fundamentarase en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e o interese común, á marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares ou calquera outra que poida colidir con este principio.

3. Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na cal presten os seus servizos, cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns.

4. A súa conduta basearase no respecto dos dereitos fundamentais e liberdades públicas e evitarán toda actuación que poida producir algunha discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación sexual, relixión ou convicciónss, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

5. Absteranse naqueles asuntos en que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supor un risco de xerar conflitos de intereses co seu posto público.

6. Non contraerán obrigas económicas nin intervirán en operacións financeiras, obrigas patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supor un conflito de intereses coas obrigas do seu posto público.

7. Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas.

8. Actuarán de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e vixiarán a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da organización.

9. Non influirán na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen causa xusta e, en ningún caso, cando iso comporte un privilexio en beneficio dos titulares dos cargos públicos ou no seu contorno familiar e social inmediato ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.

10. Cumprirán con dilixencia as tarefas que lles correspondan ou se lles encomenden e, de ser o caso, resolverán dentro de prazo os procedementos ou expedientes da súa competencia.

11. Exercerán as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público e absteranse non só de condutas contrarias a el, senón tamén de calquera outra que comprometa a neutralidade no exercicio dos servizos públicos.

12. Gardarán segredo das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.

Artigo 54. Principios de conduta

1. Tratarán con atención e respecto os cidadáns, os seus superiores e os restantes empregados públicos.

2. O desempeño das tarefas correspondentes ao seu posto de traballo realizarase de forma dilixente e cumprirán a xornada e o horario establecidos.

3. Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores, agás que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico; neste caso poranas inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección procedentes.

4. Informarán os cidadáns sobre aquelas materias ou asuntos que teñan dereito a coñecer e facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

5. Administrarán os recursos e bens públicos con austeridade e non os utilizarán en proveito propio ou de persoas achegadas. Terán, así mesmo, o deber de velar pola súa conservación.

6. Rexeitarase calquera regalo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis alá dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código penal.

7. Garantirán a constancia e permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.

8. Manterán actualizada a súa formación e cualificación.

9. Observarán as normas sobre seguranza e saúde laboral.

10. Porán en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren axeitadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade en que estean destinados. Para estes efectos poderase prever a creación da instancia adecuada competente para centralizar a recepción das propostas dos empregados públicos ou administrados que sirvan para mellorar a eficacia no servizo.

11. Garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite sempre que sexa oficial no territorio.

TÍTULO IV. ADQUISICIÓN E PERDA DA RELACIÓN DE SERVIZO

CAPÍTULO PRIMEIRO. ACCESO AO EMPREGO PÚBLICO E ADQUISICIÓN DA RELACIÓN DE SERVIZO

Artigo 55. Principios reitores

1. Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto neste estatuto e no resto do ordenamento xurídico.

2. As administracións públicas, entidades e organismos a que se refire o art. 2 deste estatuto seleccionarán o seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos en que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a seguir:

a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.

Artigo 56. Requisitos xerais

1. Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei se poderá establecer outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou á escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no cal

fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación exixida.

2. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección de empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas comunidades autónomas que gocen de dúas linguas oficiais.

3. Poderase exixir o cumprimento doutros requisitos específicos que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas que se van desempeñar. En todo caso, deberanse establecer de maneira abstracta e xeral.

Artigo 57. Acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados

1. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións ca os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das administracións públicas.

Para tal efecto, os órganos de goberno das administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios recollidas no art. 76 a que non poidan acceder os nacionais doutros Estados.

2. As previsións do parágrafo anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores desa idade dependentes.

3. O acceso ao emprego público como persoal funcionario estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, nos cales sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no número 1 deste artigo.

4. Os estranxeiros a que se refiren os puntos anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España, poderán acceder ás

administracións públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións ca os españois.

5. Só por lei das Cortes Xerais ou das asembleas lexislativas das comunidades autónomas se poderá eximir do requisito da nacionalidade por razóns de interese xeral para o acceso á condición de persoal funcionario.

Artigo 58. Acceso ao emprego público de funcionarios españois de organismos internacionais

As administracións públicas establecerán os requisitos e condicións para o acceso a elas de funcionarios de nacionalidade española de organismos internacionais, sempre que posúan a titulación requirida e superen os correspondentes procesos selectivos. Poderán quedar exentos da realización daquelas probas que teñan por obxecto acreditar coñecementos xa exixidos para o desempeño do seu posto no organismo internacional correspondente.

Artigo 59. Persoas con discapacidade

1. Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade; consideraranse como tales as definidas no número 2 do art. 1 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de xeito que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais en cada Administración pública.

2. Cada Administración pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado este proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

Artigo 60. Órganos de selección

1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

2. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.

Artigo 61. Sistemas selectivos

1. Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste estatuto.

Os órganos de selección velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos.

2. Os procedementos de selección coidarán especialmente a conexión entre o tipo de probas que hai que superar e a adecuación ao desempeño das tarefas dos postos de traballo convocados, incluíndo, de ser o caso, as probas prácticas que sexan precisas.

As probas poderán consistir na comprobación dos coñecementos e a capacidade analítica dos aspirantes, expresados de forma oral ou escrita, na realización de exercicios que demostren a posesión de habilidades e destrezas, na comprobación do dominio de linguas estranxeiras e, se for o caso, na superación de probas físicas.

3. Os procesos selectivos que inclúan, ademais das preceptivas probas de capacidade, a valoración de méritos dos aspirantes, só lle poderán outorgar a esta valoración unha puntuación proporcionada que non determinará, en ningún caso, por si mesma o resultado do proceso selectivo.

4. As administracións públicas poderán crear órganos especializados e permanentes para a organización de procesos selectivos, e poderanlles encomendar estas funcións aos institutos ou escolas de Administración pública.

5. Para asegurar a obxectividade e a racionalidade dos procesos selectivos, as probas poderanse completar coa superación de cursos, de períodos de prácticas, coa exposición curricular polos candidatos, con probas psicotécnicas ou coa realización de entrevistas. Igualmente, poderanse exixir recoñecementos médicos.

6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición, que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación.

Só en virtude de lei se poderá aplicar, con carácter excepcional, o sistema de concurso, que consistirá unicamente na valoración de méritos.

7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no punto anterior, ou concurso de valoración de méritos.

As administracións públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen a actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.

8. Os órganos de selección non poderán propor o acceso á condición de funcionario dun número superior de aprobados ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.

Malia o anterior, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan os propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

Artigo 62. Adquisición da condición de funcionario de carreira

1. A condición de funcionario de carreira adquírese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

a) Superación do proceso selectivo.

b) Nomeamento polo órgano o pola autoridade competente, que será publicado no diario oficial correspondente.

c) Acto de acatamento da Constitución e, de ser o caso, do Estatuto de autonomía correspondente e do resto do ordenamento xurídico.

d) Toma de posesión dentro do prazo que se estableza.

2. Para efectos do disposto no punto 1.b) anterior, non poderán ser funcionarios e quedarán sen efecto as actuacións relativas a aqueles que non acrediten, unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen os requisitos e condicións exixidos na convocatoria.

CAPÍTULO II. PERDA DA RELACIÓN DE SERVIZO

Artigo 63. Causas de perda da condición de funcionario de carreira

Son causas de perda da condición de funcionario de carreira:

a) A renuncia á condición de funcionario.

b) A perda da nacionalidade.

c) A xubilación total do funcionario.

d) A sanción disciplinaria de separación do servizo que tiver carácter firme.

e) A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que tiver carácter firme.

Artigo 64. Renuncia

1. A renuncia voluntaria á condición de funcionario terá que ser manifestada por escrito e será aceptada expresamente pola Administración, salvo o disposto no punto seguinte.

2. Non poderá ser aceptada a renuncia cando o funcionario estea suxeito a expediente disciplinario ou fose ditado na súa contra auto de procesamento ou de apertura de xuízo oral pola comisión dalgún delito.

3. A renuncia á condición de funcionario non inhabilita para ingresar de novo na Administración pública a través do procedemento de selección establecido.

Artigo 65. Perda da nacionalidade

A perda da nacionalidade española ou a de calquera outro Estado membro da Unión Europea o a daqueles Estados a que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, que fose tida en conta para o nomeamento, determinará a perda da condición de funcionario salvo que simultaneamente se adquira a nacionalidade dalgún destes Estados.

Artigo 66. Pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público

A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta, cando adquirise firmeza a sentenza que a impoña, produce a perda da condición de funcionario respecto a todos os empregos ou cargos que tiver.

A pena principal ou accesoria de inhabilitación especial, cando adquirise firmeza a sentenza que a impoña, produce a perda da condición de funcionario respecto daqueles empregos ou cargos especificados na sentenza.

Artigo 67. Xubilación

1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, por solicitude do funcionario.

b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

d) Parcial. De acordo co establecido nos números 2 e 4.

2. Procederá a xubilación voluntaria, por solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidos no réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable.

Por lei das Cortes Xerais, con carácter excepcional e no marco da planificación dos recursos humanos, poderanse establecer condicións especiais das xubilacións voluntaria e parcial.

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

Porén, nos termos das leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta anos de idade. A Administración pública competente deberá resolver de forma motivada a aceptación ou denegación da prolongación.

Do disposto nos dous parágrafos anteriores quedarán excluídos os funcionarios que teñan normas estatais específicas de xubilación.

4. Procederá a xubilación parcial, por solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e as condicións establecidos no réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable.

Artigo 68. Rehabilitación da condición de funcionario

1. En caso de extinción da relación de servizo como consecuencia de perda da nacionalidade ou xubilación por incapacidade permanente para o servizo, o interesado, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida.

2. Os órganos de goberno das administracións públicas poderán conceder, con carácter excepcional, a rehabilitación, por petición do interesado, de quen perdese a condición de funcionario por ter sido condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido. Se, transcorrido o prazo para ditar a resolución, non se producise de forma expresa, entenderase desestimada a solicitude.

TÍTULO V. ORDENACIÓN DA ACTIVIDADE PROFESIONAL

CAPÍTULO PRIMEIRO. PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Artigo 69. Obxectivos e instrumentos da planificación

1. A planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

2. As administracións públicas poderán aprobar plans para a ordenación dos seus recursos humanos, que inclúan, entre outras, algunhas das seguintes medidas:

a) Análise das dispoñibilidades e necesidades de persoal, tanto desde o punto de vista do número de efectivos como do dos seus perfís profesionais ou niveis de cualificación.

b) Previsións sobre os sistemas de organización do traballo e modificacións de estruturas de postos de traballo.

c) Medidas de mobilidade, entre as cales poderá figurar a suspensión de incorporacións de persoal externo a un determinado ámbito ou a convocatoria de concursos de provisión de postos limitados a persoal de ámbitos que se determinen.

d) Medidas de promoción interna e de formación do persoal e de mobilidade forzosa de conformidade co disposto no capítulo III deste título do estatuto.

e) A previsión da incorporación de recursos humanos a través da oferta de emprego público, de acordo co establecido no artigo seguinte.

3. Cada Administración pública planificará os seus recursos humanos de acordo cos sistemas que establezan as normas que lles sexan de aplicación.

Artigo 70. Oferta de emprego público

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que se deban prover mediante a incorporación de persoal de novo ingreso, serán obxecto da oferta de emprego público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un dez por cento adicional, fixando o prazo máximo para a súa convocatoria. En todo caso, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberase desenvolver dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A oferta de emprego público ou instrumento similar, que aprobarán anualmente os órganos de goberno das administracións públicas, deberá ser publicada no diario oficial correspondente.

3. A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Artigo 71. Rexistros de persoal e xestión integrada de recursos humanos

1. Cada Administración pública constituirá un rexistro no cal se inscribirán os datos relativos ao persoal previsto nos arts. 2 e 5 do presente estatuto e que terá en conta as peculiaridades de determinados colectivos.

2. Os rexistros poderán dispor tamén da información agregada sobre os restantes recursos humanos do seu respectivo sector público.

3. Mediante convenio da Conferencia Sectorial estableceranse os contidos mínimos comúns dos rexistros de persoal e os criterios que permitan o intercambio homoxéneo da información entre administracións, con respecto ao establecido na lexislación de protección de datos de carácter persoal.

4. As administracións públicas impulsarán a xestión integrada de recursos humanos.

5. Cando as entidades locais non conten coa suficiente capacidade financeira ou técnica, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas cooperarán con aquelas para os efectos recollidos neste artigo.

CAPÍTULO II. ESTRUTURACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO

Artigo 72. Estruturación dos recursos humanos

No marco das súas competencias de autoorganización, as administracións públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións e conforme o previsto neste capítulo.

Artigo 73. Desempeño e agrupación de postos de traballo

1. Os empregados públicos teñen dereito ao desempeño dun posto de traballo de acordo co sistema de estruturación do emprego público que establezan as leis de desenvolvemento deste estatuto.

2. As administracións públicas poderanlle asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desempeñen sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, ao seu grao ou categoría, cando as necesidades do servizo o xustifiquen sen mingua nas retribucións.

3. Os postos de traballo poderanse agrupar en función das súas características para ordenar a selección, a formación e a mobilidade.

Artigo 74. Ordenación dos postos de traballo

As administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos semellantes que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, de ser o caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Estes instrumentos serán públicos.

Artigo 75. Corpos e escalas

1. Os funcionarios agrúpanse en corpos, escalas, especialidades ou outros sistemas que incorporen competencias, capacidades e coñecementos comúns acreditados a través dun proceso selectivo.

2. Os corpos e as escalas de funcionarios créanse, modifícanse e suprímense por lei das Cortes Xerais ou das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

3. Cando nesta lei se fai referencia a corpos e escalas, entenderase comprendida igualmente calquera outra agrupación de funcionarios.

Artigo 76. Grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira

Os corpos e escalas clasifícanse, de acordo coa titulación exixida para o acceso a eles, nos seguintes grupos:

Grupo A, dividido en dous subgrupos A1 e A2.

Para o acceso aos corpos ou ás escalas deste grupo exixirase estar en posesión do título universitario de grao.

Naqueles supostos en que a lei exixa outro título universitario, será este o que se teña en conta.

A clasificación dos corpos e das escalas en cada subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade das funcións que se van desempeñar e das características das probas de acceso.

Grupo B. Para o acceso aos corpos ou escalas do grupo B exixirase estar en posesión do título de técnico superior.

Grupo C. Dividido en dous subgrupos, C1 e C2, segundo a titulación exixida para o ingreso.

C1: título de bacharelato ou técnico.

C2: título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Artigo 77. Clasificación do persoal laboral

O persoal laboral clasificarase de conformidade coa lexislación laboral.

CAPÍTULO III. PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E MOVILIDADES

Artigo 78. Principios e procedementos de provisión de postos de traballo do persoal funcionario de carreira

1. As administracións públicas proverán os postos de traballo mediante procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2. A provisión de postos de traballo en cada Administración pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

3. As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto poderán establecer outros procedementos de provisión nos supostos de mobilidade a que se refire o art. 81.2, permutas entre postos de traballo, mobilidade por motivos de saúde ou rehabilitación do funcionario, reingreso ao servizo activo, cesamento ou remoción nos postos de traballo e supresión deles.

Artigo 79. Concurso de provisión dos postos de traballo do persoal funcionario de carreira

1. O concurso, como procedemento normal de provisión de postos de traballo, consistirá na valoración dos méritos e das capacidades e, se for o caso, das aptitudes dos candidatos por órganos colexiados de carácter técnico.

A composición destes órganos responderá ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

2. As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto establecerán o prazo mínimo de ocupación dos postos obtidos por concurso para poder participar noutros concursos de provisión de postos de traballo.

3. No caso de supresión ou remoción dos postos obtidos por concurso, deberase asignar un posto de traballo conforme o sistema de carreira profesional propio de cada Administración pública e coas garantías inherentes dese sistema.

Artigo 80. Libre designación con convocatoria pública do persoal funcionario de carreira

1. A libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto.

2. As leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto establecerán os criterios para determinar os postos que pola súa especial responsabilidade e confianza se poidan cubrir polo procedemento de libre designación con convocatoria pública.

3. O órgano competente para o nomeamento poderá solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade dos candidatos.

4. Os titulares dos postos de traballo provistos polo procedemento de libre designación con convocatoria pública poderán ser cesados discrecionalmente. En caso de cesamento, deberáselles asignar un posto de traballo conforme o sistema de carreira profesional propio de cada Administración pública e coas garantías inherentes dese sistema.

Artigo 81. Mobilidade do persoal funcionario de carreira

1. Cada Administración pública, no marco da planificación xeral dos seus recursos humanos e sen prexuízo do dereito dos funcionarios á mobilidade, poderá establecer regras para a ordenación da mobilidade voluntaria dos funcionarios públicos cando considere que existen sectores prioritarios da actividade pública con necesidades específicas de efectivos.

2. As administracións públicas, de xeito motivado, poderán trasladar os seus funcionarios, por necesidades de servizo ou funcionais, a unidades, departamentos ou organismos públicos ou entidades distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo, modificando, de ser o caso, a adscrición dos postos de traballo de que sexan titulares. Cando, por motivos excepcionais, os plans de ordenación de recursos impliquen cambio de lugar de residencia, darase prioridade á voluntariedade dos traslados. Os funcionarios terán dereito ás indemnizacións establecidas regulamentariamente para os traslados forzosos.

3. En caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderanse prover con carácter provisional e deberase proceder á súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.

Artigo 82. Mobilidade por razón de violencia de xénero

As mulleres vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura. Aínda así, en tales supostos, a Administración pública competente estará obrigada a comunicarlle as vacantes situadas na mesma localidade ou nas localidades que a interesada expresamente solicite.

Este traslado terá a consideración de traslado forzoso.

Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia de xénero protexerase a intimidade das vítimas, en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.

Artigo 83. A provisión de postos e a mobilidade do persoal laboral

A provisión de postos e a mobilidade do persoal laboral realizarase de conformidade co que establezan os convenios colectivos que sexan de aplicación e, no seu defecto, o sistema de provisión de postos e mobilidade do persoal funcionario de carreira.

Artigo 84. A mobilidade voluntaria entre as administracións públicas

1. Co fin de lograr un mellor aproveitamento dos recursos humanos, que garanta a eficacia do servizo que se lles preste aos cidadáns, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e as entidades locais establecerán medidas de mobilidade interadministrativa, preferentemente mediante convenio da Conferencia Sectorial ou outros instrumentos de colaboración.

2. A Conferencia Sectorial de Administración Pública poderá aprobar os criterios xerais que se terán en conta para levar a cabo as homologacións necesarias para facer posible a mobilidade.

3. Os funcionarios de carreira que obteñan destino noutra Administración pública a través dos procedementos de mobilidade quedarán, respecto da súa Administración de orixe, na situación administrativa de servizo noutras administracións públicas. Nos supostos de cesamentos ou supresión do posto de traballo, permanecerán na Administración de destino, que lles deberá asignar un posto de traballo conforme os sistemas de carreira e provisión de postos vixentes nesa Administración.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

9. DECRETO LEXISLATIVO 1/2008, DO 13 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA: TÍTULOS I A V.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

DECRETO LEXISLATIVO 1 /2008, DO 13 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA.[1] TÍTULOS I A V

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA

TÍTULO I. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º

1. Esta lei ten por obxecto ordenar e regular todo o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do seu estatuto de autonomía e no marco da lexislación básica do Estado.

2. Poderanse ditar normas especiais para adaptar esta lei ás peculiaridades do persoal docente, investigador e sanitario.

Artigo 2º

1. A función pública de Galicia desenvolverase de acordo co ordenamento xurídico consonte os principios de legalidade e eficacia.

2. O persoal da Administración autónoma desempeñará as súas funcións ao servizo dos cidadáns e dos intereses xerais de Galicia con criterios de obxectividade, profesionalidade e imparcialidade.

Artigo 3º

1. Esta lei élle aplicable a todo o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos.

2. No que non está reservado á lexislación do Estado, aplicaráselle esta lei ao persoal da Administración local.

3. O persoal laboral rexerase pola lexislación laboral e polos preceptos desta lei que lle sexan aplicables.

4. Ao persoal que está ao servizo do Parlamento de Galicia, regulado polo seu estatuto de persoal previsto no Regulamento da cámara, así como ao adscrito a órganos creados e dependentes do Parlamento, aplicaráselle, con carácter supletorio, esta lei.

5. Queda excluído do seu ámbito de aplicación o persoal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

[1] DO Galicia, 13 xuño 2008, n. 114.

6. Esta lei e a súa normativa de desenvolvemento seralle de aplicación supletoria ao persoal de administración e servizos das universidades galegas.

Artigo 4º

Respectaráselle á totalidade do persoal en réxime funcionarial ou estatutario da Administración pública galega os dereitos recoñecidos no título II da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, aínda que na regulación da cada unha das clases de persoal non se consideren tales dereitos ou se consideren nuns termos máis restritivos.

Título II. Persoal ao servizo da administración da comunidade autónoma de Galicia

Artigo 5º

O persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícase en:

a) Persoal funcionario.

b) Persoal eventual.

c) Persoal interino.

d) Persoal laboral.

Artigo 6º

É persoal funcionario o que, en virtude de nomeamento legal, estea incorporado á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia mediante relación profesional de carácter permanente regulada estatutariamente e suxeita a dereito público, ocupe prazas dotadas nos orzamentos da comunidade ou se encontre nalgunha das situacións administrativas previstas nesta lei.

Artigo 7º

1. É persoal eventual aquel que, en virtude de libre nomeamento das persoas integrantes do Consello de Goberno da comunidade autónoma e con carácter non permanente, ocupe un posto de traballo expresamente cualificado de confianza ou de asesoramento especial e que non estea reservado a persoal funcionario e que figure nas correspondentes relacións de postos de traballo.

O persoal eventual realiza tarefas de confianza e asesoramento especial, particularmente de apoio ao desenvolvemento polas persoas integrantes do Consello de Goberno do seu labor político, así como para o cumprimento das súas tarefas de carácter parlamentario e de relación coas institucións e as organizacións administrativas. Non poderá adoptar, en ningún caso, resolucións que lles correspondan legalmente aos órganos da Administración da comunidade autónoma ou das organizacións a ela adscritas.

2. A prestación de servizos en calidade de persoal eventual nunca poderá ser considerada como mérito para o acceso á condición de persoal funcionario, de persoal interino ou laboral nin tampouco para a promoción interna.

3. O Consello da Xunta de Galicia determinará o número de postos reservados a persoal eventual, coas súas características e retribucións, dentro dos correspondentes créditos orzamentarios consignados para o efecto.

A consellería competente en materia de función pública levará un rexistro público en que figuren as titulacións académicas e as remuneracións percibidas polo persoal eventual.

4. O persoal eventual cesará automaticamente cando cese a autoridade a que lle presta a súa función de confianza ou asesoramento.

5. No caso de que unha funcionaria ou funcionario público acceda a un posto de traballo de carácter eventual, o seu nomeamento realizarase cumprindo os requisitos para o nomeamento do devandito persoal.

Este persoal funcionario, de non optar por permanecer en servizo activo, será declarado en situación de servizos especiais.

Artigo 8º

1. É persoal interino o que, con carácter transitorio, por razóns de necesidade ou de urxencia, debidamente xustificadas e emitido o informe preceptivo pola Comisión de Persoal, é nomeado para prestar servizos en prazas e postos de traballo vacantes reservados ao persoal funcionario e dotados orzamentariamente, mentres non sexan ocupados por aqueles.

Por mor da acumulación de tarefas reservadas a persoal funcionario, con carácter excepcional e logo de informe favorable das consellerías competentes en materia de función pública e economía, poderase nomear persoal funcionario interino sen adscrición á praza dotada orzamentariamente. Os nomeamentos durarán un máximo de seis meses dentro dun período máximo de doce. No caso das administracións públicas

distintas da autonómica, o informe favorable previo corresponderalles aos seus órganos competentes.

Os nomeamentos por esta causa non poderán superar, en ningún caso, o 20% do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o 3% do persoal funcionario da Xunta de Galicia.

2. A selección deste persoal deberá efectuarse observando os principios de publicidade, mérito e capacidade, a favor de persoas que reúnan as condicións, os requisitos de titulación e os demais exixidos legalmente para participar na convocatoria pública dos correspondentes procesos selectivos.

3. O persoal interino cesará no seu posto cando a súa praza sexa cuberta por unha funcionaria ou funcionario con carácter definitivo ou por medio dunha adscrición provisional, cando se amortice a devandita praza, cando desaparezan as razóns de necesidade ou urxencia que motivaron o seu nomeamento ou polo transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento, no suposto de acumulación de tarefas.

4. Os postos de traballo ocupados por persoal interino deberán figurar nos procedementos de provisión e na primeira e sucesivas ofertas públicas de emprego, excepto os supostos de substitución de persoal funcionario con dereito a reserva de praza.

Artigo 9º

Seralle aplicable ao persoal interino e eventual, por analoxía e en canto sexa axeitado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario.

Artigo 10º[2]

1. É persoal laboral aquel que, en virtude de contrato de natureza laboral, que se deberá formalizar, en todo caso, por escrito, ocupe postos de traballo destinados a persoal desta natureza ou ben, con carácter excepcional, postos reservados a persoal funcionario.

2. A selección do persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de oposición, de concurso ou de concurso-oposición libre, na que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, sen prexuízo do disposto na alínea 1 do artigo 37º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

[2] Ap. 2 modificado polo art. 20 da Lei 15/2010, do 30 de decembro

Cando o sistema de acceso sexa o de concurso, nas convocatorias establecerase unha puntuación mínima para superalo. En ningún caso o número de seleccionados poderá exceder o número de prazas convocadas.

3. Para a realización de traballos de carácter temporal e conxuntural, no caso de vacante ou por razóns de necesidade ou urxencia, que deberán ser debidamente motivadas, poderase contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente. O contrato deberase formalizar necesariamente por escrito.

A contratación deste persoal non amparado polo disposto nas alíneas anteriores dará lugar á responsabilidade persoal da autoridade ou da funcionaria ou funcionario que a autorizase.

4. A Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal.

Artigo 11º

Nin a prestación de servizos en réxime interino nin a contratación de persoal temporal constituirán mérito preferente para o acceso á condición de persoal funcionario ou de persoal laboral fixo, respectivamente. Non obstante, o tempo de servizos prestados poderá ser computado nos supostos de concurso-oposición e sempre que os servizos correspondan ás prazas convocadas.

Título III. Órganos da función pública

Artigo 12º

Son órganos superiores en materia de función pública:

A.-O Consello da Xunta de Galicia.

B.-A conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública.

C.-O Consello Galego da Función Pública.

Artigo 13º

Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia:

1. Establecer os criterios da política de persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa coordinación e colaboración con outras administracións públicas.

2. Aprobar os proxectos de lei en materia de función pública e a súa remisión ao Parlamento.

3. Determinar as instrucións a que deberán aterse as persoas representantes da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia na negociación coa representación sindical do persoal funcionario público das súas condicións de traballo, así como darlles validez e eficacia aos acordos acadados mediante a súa aprobación expresa e formal, establecendo as condicións de traballo para os casos en que non se produza acordo na negociación.

4. Establecer as instrucións a que debe aterse a representación da Administración da comunidade na negociación colectiva co persoal laboral.

5. Establecer anualmente os criterios para a aplicación do réxime retributivo do persoal funcionario público e do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Determinar os intervalos dos niveis de postos de traballo que lles corresponderán aos corpos ou escalas do persoal funcionario.

7. Aprobar as medidas de racionalización de efectivos así como os incentivos á excedencia voluntaria, regulada no artigo 57º.5, e á xubilación anticipada.

8. Aprobar a oferta de emprego público.

9. Aprobar as normas de clasificación e as relacións de postos de traballo da Administración e acordar a súa publicación.

10. Aprobar a adscrición de corpos ou escalas a unha determinada consellería, por proposta da conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública, así como a adscrición de postos de traballo a un corpo ou escala.

11. Determinar os requisitos obxectivos para a adquisición dos graos superiores dentro de cada corpo ou escala, que se fundarán exclusivamente en criterios de mérito e capacidade.

12. Establecer as bases do sistema obxectivo para o fomento da promoción interna de todo o persoal ao servizo da Administración galega, de conformidade cos termos previstos nos artigos 63º e 64º desta lei.

13. Aprobar, cando proceda, as medidas para garantir os servizos mínimos nos casos de exercicio do dereito de folga polo persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma.

14. Aprobar o Plan de normalización lingüística da Administración pública da comunidade autónoma.

15. Decidir as propostas de resolución dos expedientes disciplinarios que supoñan separación do servizo, logo dos informes e ditames preceptivos.

16. Exercer a potestade regulamentaria e todas as atribucións en materia de persoal que lle atribúa a lexislación vixente.

Artigo 14º

1. Correspóndelle á conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública o desenvolvemento xeral, a coordinación e o control da execución da política de persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En particular, compételle:

2.1. Velar polo cumprimento das normas de xeral aplicación en materia de función pública por todos os órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, impulsar, coordinar e desenvolver os plans, métodos de traballo e medidas tendentes a mellorar o rendemento dos servizos, a formación e a promoción do persoal.

2.2. Manter a adecuada coordinación cos órganos das demais administracións territoriais competentes en materia de función pública.

2.3. Exercer a inspección xeral de servizos e a de todo o persoal da Administración pública da comunidade autónoma.

2.4. Propoñerlle ao Consello da Xunta de Galicia os proxectos de normas de xeral aplicación á función pública. Cando se trate de proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeito a un réxime singular ou especial, a proposta será por iniciativa conxunta coa conselleira ou conselleiro sectorialmente competente.

2.5. Elaborar a proposta de relación de postos de traballo e a súa valoración, así como os cadros de persoal orzamentarios en función da dita relación e de acordo coa política de gastos en materia de persoal.

2.6. Convocar e resolver os concursos de traslados.

2.7. Propoñer, logo de informe favorable da consellería competente en materia de facenda e co informe previo da Comisión Superior de Persoal, a oferta de emprego público, que garantirá que non contén requisitos que determinen un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo

maioritariamente feminino. Esta garantía terá que ser respectada nas correspondentes convocatorias de cobertura de postos de traballo.

2.8. Convocar as probas selectivas para o ingreso nos corpos ou escalas da Administración da comunidade, excepto persoal docente, investigador ou sanitario.

2.9. Nomear o persoal funcionario e interino, así como expedir os correspondentes títulos, excepto persoal docente, investigador ou sanitario.

2.10. Presidir o Consello Galego da Función Pública.

2.11. Resolver as situacións do persoal funcionario da Administración da comunidade e os expedientes de incompatibilidades.

2.12. Autorizar as adscricións en comisión de servizos para postos de traballo, así como, sen prexuízo do previsto nos artigos 17º.7.e) e 65º.4, a adscrición con carácter provisional do persoal funcionario sen destino definitivo.

2.13. Autorizar as probas selectivas para persoal laboral fixo e asinar os correspondentes contratos.

2.14. Designar a representación da Administración autonómica en convenios colectivos de ámbito xeral ou que afecten varias consellerías.

2.15. Emitir informe, conxuntamente coa Consellería de Economía e Facenda e con carácter previo á extensión e adhesión a outros convenios colectivos vixentes, sobre retribucións salariais e, en xeral, sobre calquera autorización de melloras retributivas individuais ou colectivas.

2.16. Aprobar os plans de emprego.

2.17. Exercer as demais competencias que en materia de persoal lle atribúe a lexislación vixente.

Artigo 15º

Correspóndelle á conselleira ou conselleiro competente en materia de Administración local:

1. Exercer as competencias que, respecto do persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A designación de persoas representantes da comunidade autónoma nos tribunais cualificadores de procesos selectivos de persoal para as entidades locais.

Artigo 16º

É competencia da conselleira ou conselleiro de Economía e Facenda:

1. Propoñerlle ao Consello da Xunta de Galicia, dentro da política xeral, económica e orzamentaria, as directrices a que se deberán axustar os gastos de persoal da Administración autónoma e, de forma específica, a valoración, para os seus efectos retributivos, dos postos de traballo previamente clasificados.

2. Autorizar calquera medida relativa ao persoal que poida supoñer modificacións no gasto.

Artigo 17º

Correspóndelles ás conselleiras ou conselleiros:

1. Exercer a xefatura do persoal do seu departamento e a súa inspección.

2. O exercicio das potestades disciplinarias, excepto a separación do servizo, conforme as disposicións vixentes.

3. Emitir informe sobre a adscrición dos corpos e escalas á súa consellería.

4. A provisión de postos de traballo clasificados como de libre designación, logo de convocatoria pública.

5. A proposta da relación de postos de traballo.

6. Autorizar a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento.

7. En relación co persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas adscritos ao seu departamento:

a) A convocatoria e a resolución dos concursos de traslados.

b) O nomeamento de persoal interino.

c) O recoñecemento da adquisición do grao persoal e dos trienios.

d) Resolver as situacións administrativas do persoal funcionario.

e) Autorizar a adscrición, con carácter provisional, do persoal funcionario sen destino definitivo.

Artigo 18º

1. O Consello Galego da Función Pública é o órgano superior colexiado de asesoramento e participación en cuestións comúns de función pública das distintas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Integran o consello:

a) A conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública, que será o presidente.

b) A conselleira ou conselleiro de Economía e Facenda, que será o vicepresidente.

c) A directora ou director xeral que teña ao seu cargo a función pública, que será o secretario.

Vogais:

d) A directora ou director xeral da Escola Galega de Administración Pública.

e) A directora ou director xeral de orzamentos.

f) A directora ou director xeral que teña atribuída a área da Administración local.

g) As secretarias ou secretarios xerais técnicos das consellerías.

h) Cinco persoas en representación das corporacións locais.

i) Sete persoas en representación do persoal designada polas organizacións sindicais en proporción á súa representatividade respectiva.

3. En todo caso, polo menos o 40% dos postos no Consello Galego da Función Pública resérvanse para o sexo menos representado no propio consello.

Artigo 19º

Correspóndelle ao Consello Galego da Función Pública:

a) Emitir informe, con carácter preceptivo, no prazo que regulamentariamente se determine, e non superior, en todo caso, a dous

meses, sobre os anteproxectos de lei e os proxectos de regulamento, en materia de emprego público autonómico.

Con carácter facultativo, emitirá informe sobre os proxectos normativos de rango legal ou regulamentario relativos á función pública por petición das diferentes administracións públicas.

b) Emitir informe no prazo que regulamentariamente se determine, e non superior, en todo caso, a dous meses, sobre aquelas disposicións ou decisións que teñan relevancia en materia de persoal e que lle sexan consultadas polas distintas administracións públicas de Galicia.

c) Deliberar, logo de consulta, sobre as medidas necesarias para a coordinación da política de persoal e aconsellar a adopción daquelas dirixidas a mellorar a organización, as condicións de traballo, o rendemento e a consideración social do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.

d) Estudar e propoñer medidas de homologación dos sistemas de selección, formación e perfeccionamento para facilitar a mobilidade entre as distintas administracións públicas de Galicia.

e) Estudar e propoñer medidas de homologación dos programas de perfeccionamento do persoal funcionario na Escola Galega de Administración Pública.

f) Estudar medidas sobre valoración de postos de traballo, niveis e retribucións.

g) Estudar e propoñer medidas referentes ao establecemento, funcionamento e coordinación dos rexistros de persoal das administracións públicas de Galicia.

h) Estudar e propoñer medidas tendentes á coordinación da Administración pública de Galicia con outras administracións públicas.

i) Estudar e propoñer medidas tendentes á coordinación da oferta pública de emprego das distintas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Coñecer e emitir informe sobre calquera outro asunto que lle sexa sometido por iniciativa das administracións públicas de Galicia.

k) Garantir, promover e facer efectivo o principio de igualdade por razón de sexo, así como remover os obstáculos para facelo efectivo e combater as discriminacións sexistas.

Artigo 20º

1. A Comisión de Persoal configúrase como un órgano colexiado de coordinación, asesoramento e documentación para a elaboración da política de persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma.

2. Terá a composición que o Goberno galego estableza por decreto, respectándose a mesma cota prevista no punto 3 do artigo 18º, e exercerá as seguintes funcións:

1º Como órgano de coordinación, fixar criterios xerais nas seguintes materias:

a) Clasificación, valoración e relación de postos de traballo.

b) Aplicación do réxime de retribucións previstas na Lei 30/1984, do 2 de agosto.

c) Bases de concesión de complementos de produtividade e gratificacións.

d) Condicións de traballo e promoción do persoal.

2º Como órgano de asesoramento, emitir informe previo con carácter preceptivo no prazo máximo dun mes sobre:

a) Os expedientes disciplinarios que impliquen separación do servizo de persoal funcionario público da Administración da comunidade autónoma.

b) A modificación da estrutura, organización e composición do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

3º Como órgano de documentación, ser oído e prestar o seu apoio na elaboración de:

a) Proxectos de disposicións e actos de carácter xeral referentes ao persoal dependente da Administración da comunidade autónoma.

b) Bases xerais das convocatorias de probas selectivas de acceso para prazas vacantes e concursos de méritos para provisión de postos de traballo.

4º Emitir calquera outro informe en materia de persoal exixido pola normativa vixente ou por petición dos órganos superiores da función pública.

Título IV. Organización da Función Pública

Capítulo I. Corpos de persoal funcionario

Artigo 21º

1. O persoal funcionario intégrase en corpos e escalas que, de acordo coa titulación exixida para o seu ingreso, se agrupan da seguinte forma:

Grupo A.-Titulación de doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente.

Grupo B.-Titulación de enxeñaría técnica, diplomatura universitaria, arquitectura técnica, formación profesional de terceiro grao ou equivalente.

Grupo C.-Título de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

Grupo D.-Título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente.

Grupo E.-Certificado de escolaridade.

2. Por cada grupo existirá un único corpo de Administración xeral, no que se poderán establecer diferentes escalas, se así fose necesario por razóns de especialización.

Artigo 22º

1. A creación, refundición, modificación ou supresión dos corpos e escalas deberase facer por lei.

2. A lei de creación deberá conter os seguintes elementos:

a) Denominación do corpo e escalas de que, se é o caso, se compoña.

b) Grupo en que se clasifica e o sistema de selección aplicable.

c) Funcións que deban desempeñar as súas persoas integrantes, que non se poderán corresponder coas atribuídas aos órganos da Administración.

d) Nivel de titulación ou titulacións concretas exixidas para o ingreso nos corpos e escalas. Malia o anterior, cando o Goberno aprobe novas titulacións ou se produzan modificacións na normativa educativa vixente, o Consello da Xunta, mediante decreto, poderá establecer as titulacións equivalentes ás legalmente exixidas.

3. Non se poderán crear novos corpos e escalas cando a súa titulación e funcións sexan idénticas ás doutros que xa existan.

Artigo 23º

Os corpos de persoal funcionario dependerán organicamente da consellería competente en materia de función pública, sen prexuízo da que funcionalmente lles corresponda.

Capítulo II. O rexistro de persoal

Artigo 24º

1. Na consellería competente en materia de función pública haberá un rexistro en que se inscribirá todo o persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma e en que se anotarán preceptivamente todos os actos que afecten a vida administrativa do persoal.

2. Non se poderán incluír en nómina novas remuneracións sen lle comunicar previamente ao rexistro de persoal a resolución ou acto polo que se recoñeceron.

3. O funcionamento do rexistro de persoal estará coordinado co das demais administracións públicas.

4. A utilización dos datos que consten no rexistro de persoal estará sometida ás limitacións previstas no artigo 18.4º da Constitución. Toda persoa funcionaria poderá acceder libremente ao seu expediente persoal, onde non poderá figurar ningún dato relativo á súa raza, relixión ou opinión.

5. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública, ditará as normas adecuadas para a organización e funcionamento do rexistro de persoal.

Artigo 25º

As entidades locais constituirán un rexistro de persoal, sometido ao réxime de publicidade que se determine regulamentariamente, consonte a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

A Administración autonómica cooperará coas entidades locais na constitución dos seus rexistros de persoal cando aquelas carezan de suficiente capacidade financeira, e poderá delegar esta función nos órganos de goberno das entidades supramunicipais.

Artigo 26º

1. Na Lei de orzamentos da comunidade figurarán os cadros de todo o persoal. O cadro de persoal estará formado polas prazas que figuran

dotadas nos orzamentos, clasificadas en grupos de corpos e, dentro deles, de acordo coas escalas de cada corpo. Incluirá tamén o persoal eventual e laboral.

2. Os programas de gasto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma incluirán o custo de todos os postos de traballo asignados a cada unha das consellerías e por cada un dos centros xestores.

3. Os cadros dos diferentes corpos e escalas da Administración da comunidade autónoma serán os que resulten dos créditos establecidos na Lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Capítulo III. Relación de postos de traballo, provisión, plans de emprego e oferta de emprego público

Artigo 27º

1. As consellerías remitiranlle á consellería competente en materia de función pública as relacións de postos de traballo correspondentes á súa estrutura orgánica, que conterán, necesariamente, os seguintes datos de cada posto:

a) Órgano ou dependencia a que se adscribe.

b) Denominación, tipo e sistema de provisión.

c) Nivel e retribucións complementarias do persoal funcionario e categoría profesional e réxime xurídico aplicable aos postos que vai desempeñar o persoal laboral.

d) Requisitos exixidos para o seu desempeño.

2. Os postos de traballo da Administración da comunidade autónoma e dos seus organismos autónomos de carácter administrativo serán desempeñados por persoal funcionario público.

Exceptúanse da regra anterior e poderán ser desempeñados por persoal laboral:

a) Os postos de natureza non permanente e aqueles en que as súas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e descontinuo.

b) Os postos en que as súas actividades sexan propias de oficios.

c) Os postos correspondentes a áreas de actividades que requiran coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas

de persoal funcionario en que as persoas integrantes teñan a preparación específica necesaria para o seu desempeño.

d) Os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións, e artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística.

e) Os postos de traballo de organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, agás aqueles que impliquen exercicio da autoridade, inspección ou control correspondente á consellería a que estean adscritos, que se reservan ao persoal funcionario.

f) Os de prestación directa de servizos sociais e protección da infancia.

3. As devanditas relacións serán públicas, e tanto na súa elaboración como nas modificacións posteriores deberán ser sometidas a informe dos correspondentes órganos de representación das empregadas e empregados públicos, exclusivamente cando supoñan modificación das condicións de traballo deste persoal.

Artigo 28º

1. Os postos de traballo serán de adscrición indistinta para todo persoal funcionario incluído no ámbito de aplicación desta lei.

2. A adscrición con carácter exclusivo de determinados postos a persoal funcionario dun corpo concreto unicamente se poderá realizar cando derive necesariamente da natureza do posto e das funcións asignadas a este para o seu desempeño. Será acordada polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública.

Artigo 29º

Os postos de traballo vacantes adscritos a persoal funcionario proveranse polos seguintes procedementos:

1. Concurso. Constitúe o sistema normal de provisión. Nel teranse en conta unicamente os méritos exixidos na correspondente convocatoria, entre os que figurarán os adecuados ás características de cada posto de traballo, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido en anteriores postos, os cursos de formación e perfeccionamento superados que teñan relación cos postos de traballo que se van cubrir e a antigüidade.

Os concursos para a provisión de postos de persoal funcionario deberán ser convocados cunha periodicidade anual e serán resoltos en seis meses,

desde a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas. A Administración da Xunta de Galicia garantirá a existencia dos medios materiais e persoais propios que fagan posible esta periodicidade e garantan a axilidade da resolución dos procedementos.

Para tal efecto, crearanse comisións de valoración, das que se determinará regulamentariamente a súa composición e o seu funcionamento, coa garantía da presenza da representación das traballadoras e traballadores na súa composición.

As persoas funcionarias deberán permanecer en cada posto de traballo de destino definitivo obtido por concurso un mínimo de dous anos para poderen participar nos concursos de provisión, a non ser por supresión do posto de traballo. No cómputo do dito período incluirase o tempo de destino provisional que, de ser o caso, con carácter excepcional, desempeñasen nun posto as persoas funcionarias de novo ingreso.

2. Libre designación con convocatoria pública. Por este sistema cubriranse aqueles postos que así se determinen nas relacións de postos de traballo.

Para o desempeño de postos de traballo de libre designación que así se determinen nas relacións de postos de traballo, atendendo á función que se vai desempeñar, será requisito necesario estar en posesión do diploma de directiva ou directivo expedido pola Escola Galega de Administración Pública ou equivalente dado por outras institucións públicas que habilite para o exercicio do posto de traballo de que se trate.

3. As convocatorias e resolucións que se diten para prover postos de traballo por concurso ou por libre designación serán anunciadas no Diario Oficial de Galicia pola autoridade competente para efectuar os nomeamentos.

Nas convocatorias de concursos deberán incluírse, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias:

-Denominación, nivel e localización do posto.

-Requisitos indispensables para desempeñalo.

-Baremo para puntuar os méritos.

-Puntuación mínima para a adxudicación das vacantes convocadas.

As convocatorias para a provisión de postos por libre designación incluirán os seguintes datos:

-Denominación, nivel e localización do posto.

-Requisitos indispensables para desempeñalo.

Concederase un prazo mínimo de quince días hábiles para presentar solicitudes, contado desde a publicación da convocatoria. Os nomeamentos de libre designación requirirán o informe previo da persoa titular do centro orgánico ou da unidade a que figure adscrito o posto convocado.

4. As persoas funcionarias adscritas a un posto de traballo polo procedemento de libre designación poderán ser removidas del con carácter discrecional.

5. As persoas funcionarias que accedan a un posto de traballo polo procedemento de concurso poderán ser removidas por causas sobrevidas, derivadas dunha alteración no contido do posto de traballo, realizada a través das relacións de postos de traballo que modifiquen os supostos que serviron de base á convocatoria, ou dunha falta de capacidade sobrevida para o seu desempeño, manifestada por rendemento insuficiente que non comporte inhibición e que impida realizar con eficacia as funcións atribuídas. A remoción efectuarase logo de expediente contraditorio mediante resolución motivada do órgano que realizou o nomeamento, oída a xunta de persoal correspondente.

Ás persoas funcionarias afectadas polo previsto neste punto seralles aplicable o disposto no artigo 65º.4 desta lei.

6. As persoas funcionarias que ocupen un posto que sexa obxecto de supresión, como consecuencia dun plan de emprego, poderán ser destinadas a outro posto de traballo polo procedemento de reasignación de efectivos.

A reasignación de efectivos como consecuencia dun plan de emprego efectuarase aplicando criterios obxectivos relacionados coas aptitudes, formación, experiencia e antigüidade que nel se concretarán.

A adscrición ao posto adxudicado por reasignación terá carácter definitivo.

A persoa funcionaria que, como consecuencia de reasignación de efectivos no marco dun plan de emprego, vexa modificado o seu lugar de residencia terá dereito ás indemnizacións que por tal concepto se establecen no parágrafo seguinte. Os mesmos dereitos recoñeceránselles ás persoas funcionarias en excedencia forzosa ás cales se lles asigne destino no marco do dito plan.

A indemnización consistirá no aboamento dos gastos de viaxe, incluídos os da súa familia, nunha indemnización de tres axudas de custo do titular e cada membro da súa familia que efectivamente se traslade e no pagamento dos gastos de transporte de mobles e equipamento, así como

nunha indemnización de tres mensualidades da totalidade das súas retribucións, excepto o complemento de produtividade, cando se produza cambio de concello. Isto sen prexuízo doutras axudas que no propio plan de emprego poidan establecerse.

A reasignación de efectivos producirase en tres fases:

a) A reasignación de efectivos, dentro da consellería onde estivese destinada a persoa funcionaria, efectuaraa a consellería competente en materia de función pública, logo de informe daquela, no prazo máximo de seis meses, contados a partir da supresión do posto. Terá carácter obrigatorio para postos no mesmo concello e voluntario para postos que radiquen en distinto concello, que serán, en ambos os dous casos, de similares características, funcións e retribucións. Durante esta fase percibiranse as retribucións do posto de traballo que se desempeñaba.

b) Se na primeira fase as persoas funcionarias non obteñen posto na consellería onde estivesen destinadas, poderán ser asignadas pola consellería competente en materia de función pública, no prazo máximo de tres meses, a postos doutras consellerías e dos seus organismos adscritos, nas condicións anteriores, percibindo durante esta segunda fase as retribucións do posto de traballo que desempeñaban.

Durante as dúas fases citadas poderán encomendárselles ás persoas funcionarias afectadas tarefas adecuadas ao seu corpo ou escala de pertenza.

c) As persoas funcionarias que tras as anteriores fases de reasignación de efectivos non obtivesen posto adscribiranse á consellería competente en materia de función pública, a través de relacións específicas de postos en reasignación, na situación de expectativa de destino definida nos artigos 51º g) e 59º desta lei, e poderán ser reasignadas por esta a postos de similares características e retribucións doutras consellerías e dos seus organismos adscritos, con carácter obrigatorio cando estean situadas no mesmo concello e con carácter voluntario cando radiquen en distinto concello.

7. A Administración da Xunta de Galicia poderá adscribir as persoas funcionarias a postos de traballo en distinta unidade ou localidade, logo de solicitude baseada en motivos de saúde ou rehabilitación da funcionaria ou funcionario, da súa ou seu cónxuxe ou da persoa unida por análoga relación de afectividade, das fillas e fillos ao seu cargo ou das persoas ascendentes no primeiro grao de consanguinidade, cando concorran os seguintes requisitos:

a) Informe previo favorable do servizo médico oficial legalmente establecido.

b) Existencia de postos vacantes con asignación orzamentaria.

c) Que o nivel de complemento de destino e específico do posto de destino non sexa superior ao do posto de orixe.

d) Que a persoa funcionaria reúna os requisitos para o seu desempeño.

e) No caso das persoas ascendentes, que a funcionaria ou funcionario conviva con elas.

Esta adscrición terá, sen prexuízo da aplicación da normativa sobre riscos laborais, carácter provisional, e o posto de traballo de orixe da persoa funcionaria, sempre que o ocupase con carácter definitivo, reservaráselle mentres se manteña a causa que motiva a adscrición. Coa periodicidade que regulamentariamente se determine e, en todo caso, cada ano, deberase comprobar que persisten as circunstancias que deron lugar á adscrición. A negativa á adscrición por causa de saúde será sempre motivada.

8. En todos os procedementos de provisión de postos de traballo atenderase especialmente ao cumprimento do previsto no punto 2º do artigo 34 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

9. As mulleres vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade onde viñan prestando servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura. Aínda así, en tales supostos a Administración pública competente estará obrigada a lles comunicar as vacantes radicadas na mesma localidade ou nas localidades que as interesadas expresamente soliciten.

Este traslado terá a condición de traslado forzoso, para os efectos dos dereitos que para a traballadora puidesen derivar del.

Nas actuacións e nos procedementos relacionados coa violencia de xénero protexerase a intimidade das vítimas, en especial os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.

Artigo 30º[3]

Proveranse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira, os postos de traballo de carácter

[3] Modificado polo art. 21 da Lei 15/2010, do 30 de decembro

directivo ou de especial responsabilidade e aqueles que requiran unha confianza persoal para exercer as súas funcións. En todo caso, mediante este procedemento, proveranse as subdireccións xerais ou equivalentes, xefaturas de servizo ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, así como, excepcionalmente, outros de nivel inferior que, como tales, se determinen nas relacións de postos de traballo, segundo os criterios que se establezan, neste último caso, logo da negociación coas organizacións sindicais.

Os postos clasificados como de libre designación estarán sometidos a dispoñibilidade horaria nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 30º bis)[4]

1. A Xunta de Galicia, no marco da planificación xeral dos seus recursos humanos, e sen prexuízo do dereito do persoal funcionario á mobilidade, poderá trasladar motivadamente o persoal funcionario de carreira a consellarías, unidades, organismos, axencias ou entidades distintas ás do seu destino cando considere que existen sectores prioritarios da actividade pública con necesidades especificas de efectivos.

2. Este traslado, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, e atribuiráselle ao persoal funcionario ou ben un posto de traballo distinto ao de orixe, para o que reúna os requisitos establecidos na relación de postos de traballo, ou ben funcións ou tarefas propias da súa condición profesional que, por motivo de maior volume ou razóns conxunturais, non poidan ser atendidas con suficiencia polo persoal que preste servizos nas unidades sinaladas na alínea 1 deste artigo.

Nestes casos percibirán as retribucións do posto de traballo que realmente desempeñen, ou as do posto de orixe, no caso de que a devandita comisión sexa por atribución de tarefas.

Esta comisión de servizos terá unha duración de seis meses, prorrogable excepcionalmente por outros seis no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais. Os postos de traballo vacantes, cubertos temporalmente por esta comisión de servizos, incluiranse nos correspondentes concursos de traslados.

3. Cando as necesidades de servizo ou funcionais xustifiquen a modificación da adscrición dos postos de traballo a unha consellaría, unidade, organismo, axencia ou entidade distinta da que figure na relación de postos de traballo, o Consello da Xunta de Galicia aprobará un plan de ordenación de recursos humanos, oída a comisión de persoal e logo da

[4] Engadido polo art. 22 da Lei 15/2010, do 30 de decembro

negociación sindical e do informe da consellaría competente en materia de función pública e da consellaría competente en materia de orzamentos.

Artigo 31º

1. A Xunta de Galicia poderá elaborar plans de emprego, referidos tanto a persoal funcionario como laboral, que conterán, de forma conxunta, as actuacións que se deben desenvolver para a óptima utilización dos recursos humanos no ámbito a que afecten, dentro dos límites orzamentarios e de acordo coas directrices de política de persoal.

As actuacións previstas para o persoal laboral nos plans de emprego desenvolveranse conforme a normativa específica do ordenamento xurídico laboral e o establecido nos convenios colectivos aplicables.

2. Os plans de emprego poderán conter as seguintes previsións e medidas:

a) Previsións sobre modificación de estruturas organizativas e de postos de traballo.

b) Suspensión de incorporacións de persoal externo ao ámbito afectado, tanto as derivadas de oferta de emprego como de procesos de mobilidade.

c) Reasignación de efectivos de persoal.

d) Establecemento de cursos de formación e capacitación.

e) Autorización de concursos de provisión de postos limitados ao persoal dos ámbitos que se determinen.

f) Medidas específicas de promoción interna.

g) Prestación de servizos a tempo parcial.

h) Necesidades adicionais de recursos humanos, que deberán integrarse, se é o caso, na oferta de emprego público.

i) Outras medidas que procedan en relación cos obxectivos do plan de emprego.

As memorias xustificativas dos plans de emprego conterán as referencias temporais que procedan, respecto das previsións e medidas establecidas neles.

3. O persoal afectado por un plan de emprego poderá ser reasignado voluntariamente noutras administracións públicas nos termos que

establezan os convenios que, para tal efecto, se promovan e subscriban con elas.

4. Os plans de emprego poderán afectar unha ou varias consellerías, organismos ou áreas administrativas concretas e serán aprobados pola consellería competente en materia de función pública, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.

A iniciativa para a súa elaboración corresponderalle á consellería ou ao organismo afectado ou, conxuntamente, ás consellerías competentes en materia de función pública e economía.

5. A Xunta de Galicia poderá adoptar, ademais de plans de emprego, outras medidas de racionalización de efectivos así como incentivos á excedencia voluntaria e á xubilación anticipada.

6. As necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes serán obxecto de oferta de emprego público.

A oferta de emprego público será aprobada polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellería competente en materia de función pública.

7. No deseño e na execución dos plans de emprego atenderase, con absoluta prioridade, ao principio de igualdade e non-discriminación por razón de sexo.

Capítulo IV. O acceso á función pública

Artigo 32º

Para a admisión ás probas selectivas será necesario:

1. Ter nacionalidade española. Non obstante, teranse en conta os seguintes supostos:

a) A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos cales, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

b) A poboación nacional daqueles estados aos cales, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e

traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

O previsto nas alíneas a) e b) aplicarase de acordo co disposto na Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea.

2. Estar en posesión da titulación suficiente ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación das instancias para tomar parte nas probas selectivas.

3. Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

4. Ter cumpridos os 18 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso nun corpo ou escala.

5. Cumprir os requisitos para exercer as funcións que dentro do corpo ou escala lle poidan ser encomendadas, conforme o previsto regulamentariamente.

Artigo 33º

1. Todas as convocatorias de probas selectivas publicaranse no Diario Oficial de Galicia e as súas bases, que vinculan o órgano convocante e o tribunal, deberán, en todo caso, conter os seguintes elementos:

a) Número e características das prazas convocadas.

b) Condicións e requisitos que deben concorrer nas persoas aspirantes.

c) Probas e programas de procedemento selectivo, así como sistemas e formas de cualificación dos exercicios ou baremos de puntuación.

d) Composición do tribunal cualificador ou, se é o caso, da comisión de selección.

e) Modelo de solicitude e importe dos dereitos de exame.

f) Características, efectos e duración dos cursos ou período de prácticas, ou ambos, que deban realizar, se é o caso, as persoas seleccionadas.

2. Nas convocatorias teranse en conta as condicións especiais de ingreso das persoas con discapacidade na función pública.

Artigo 34º

1. As probas selectivas serán teóricas e prácticas e deberán adecuarse aos postos de traballo que se vaian ocupar.

2. Os tribunais que xulguen as probas selectivas non poderán estar compostos maioritariamente por persoal funcionario dos corpos ou escalas de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exixida para a admisión ás probas. Na súa composición debe atenderse ao artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

3. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública, establecerá as bases e contidos mínimos obrigatorios dos programas para o acceso aos distintos corpos e escalas da Administración pública da comunidade autónoma.

Artigo 35º[5]

A Administración garantirá os dereitos constitucionais e lingüísticos das cidadás e dos cidadáns galegos, tanto respecto do galego, como lingua propia de Galicia, coma do castelán, lingua oficial en Galicia.

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e

para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluirase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lengua galega conforme a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e a valoración deste exame.

Todo isto sen prexuízo daquelas probas que teñan que realizarse en galego para aquelas prazas que requiran un especial coñecemento da lingua galega

Artigo 36º

[5] Modificado por art. único da Lei 2/2009, de 23 de xuño

O acceso á función pública e aos seus corpos ou escalas realizarase mediante concurso, oposición ou concurso-oposición libre, convocados publicamente e baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade, sen prexuízo do que sobre a carreira administrativa se dispón nesta lei. Na convocatoria cumprirá ter en conta o mandado do artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Artigo 37º

1. A oposición consistirá na superación de probas teóricas e prácticas exixidas na convocatoria pública, adecuadas ao exercicio da función así como, se é o caso, na superación dun curso selectivo de formación.

2. As probas de selección deberanse establecer de maneira que poidan manifestarse as condicións de aptitude e coñecemento que se consideren necesarias segundo a natureza da función e permitan fixar unha orde de prelación das persoas aspirantes seleccionadas.

3. Os programas das probas de selección e, se é o caso, dos cursos de formación deberán procurar especialmente que as materias exixidas se correspondan co desenvolvemento posterior das tarefas que se van cumprir.

4. En casos determinados e xustificados, as persoas aspirantes poderán ser sometidas a un período de prácticas, conforme a convocatoria.

Artigo 38º[6]

1. A selección por concurso-oposición consistirá na superación das probas correspondentes e, se é o caso, do curso selectivo de formación, así como na posesión previa, debidamente valorada, de determinadas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia.

2. A valoración dos devanditos méritos ou niveis de experiencia non suporá máis dun 40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo. Co fin de asegurar a debida idoneidade das persoas aspirantes, estas deberán superar na fase de oposición a puntuación mínima establecida para as respectivas probas selectivas

3. Na fase de oposición serán de aplicación os criterios establecidos no artigo 37º.

Artigo 39º

O concurso, sistema excepcional de acceso para postos singulares en atención á natureza das funcións que se van desempeñar, valorará os

[6] Ap. 2 modificado por art. 23 da Lei 15/2010, de 30 de decembro

méritos que se sinalen na convocatoria, que, en todo caso, debe ser pública e libre.

Artigo 40º

Poderanse realizar convocatorias de probas conxuntas de selección para o ingreso nos distintos corpos ou escalas.

Artigo 41º

Os tribunais non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas. A contravención deste principio xera nulidade de pleno dereito na proposta do tribunal.

Artigo 42º

A adxudicación de postos de traballo ás persoas aspirantes que superaron o ingreso deberase realizar de acordo coas solicitudes que realicen as persoas interesadas, sempre segundo a orde obtida nas probas selectivas.

Artigo 43º

1. Cando a convocatoria o estableza e unha vez aprobadas as probas selectivas, as persoas aspirantes ao ingreso na función pública deberán superar un curso de selección ou formación na Escola Galega de Administración Pública adaptado á natureza de cada corpo ou escala ou un período de prácticas nunha unidade administrativa.

2. Durante este período serán nomeadas funcionarias e funcionarios en prácticas cos dereitos económicos que se sinalen e o tempo que permanezan nesta situación computaráselles para todos os efectos.

Capítulo V. Mobilidade do persoal funcionario das diversas Administracións públicas

Artigo 44º

1. Garántese, no ámbito desta lei e de acordo coa lexislación básica do Estado, o dereito á mobilidade do persoal funcionario procedente doutras administracións públicas, de conformidade coas condicións e cos requisitos que determine previamente a Xunta de Galicia nas relacións de postos de traballo e de acordo co que dispoña a correspondente convocatoria.

2. Ao persoal funcionario da Administración do Estado, das comunidades autónomas e das corporacións locais que, mediante os procedementos legalmente establecidos, pase a ocupar postos de traballo na

Administración pública desta comunidade autónoma seralle aplicable a lexislación da función pública desta.

O mencionado persoal que, mediante transferencia, pase a ocupar postos de traballo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con carácter definitivo integrarase no correspondente corpo ou escala.

3. No marco dos acordos que as administracións públicas subscriban coa finalidade de facilitar a mobilidade entre o persoal funcionario, terán especial consideración os casos de mobilidade xeográfica das funcionarias vítimas de violencia de xénero.

4. O persoal doutras administracións en servizo activo na Administración da Xunta de Galicia non poderá superar en ningún caso o 5% dos efectivos totais con que esta conte.

Artigo 45º

O persoal funcionario da Comunidade Autónoma galega que, mediante concurso ou libre designación, pase a ocupar postos noutras administracións públicas seguirá pertencendo aos seus corpos ou escalas de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas, e mentres tanto seralle de aplicación a lexislación da Administración de destino coa excepción prevista no artigo 56.

Artigo 46º

O persoal funcionario transferido á Comunidade Autónoma galega que, en virtude dos procedementos de concurso ou libre designación, pase a ocupar postos de traballo noutras administracións públicas seguirá conservando a súa condición de persoal funcionario do Estado e da Comunidade Autónoma galega en situación administrativa de servizos noutras administracións públicas.

Título V. Rexime xurídico da Función Pública

Capítulo I. Adquisición e perda da condición de funcionaria ou funcionario

Artigo 47º

A condición de funcionaria ou funcionario adquírese polo cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Superar as probas selectivas e os cursos de selección ou formación que sexan procedentes.

2. Nomeamento conferido pola autoridade competente e publicado no Diario Oficial de Galicia.

3. Xurar ou prometer fidelidade á Constitución, ao Estatuto de autonomía de Galicia e obediencia ás leis, así como desempeñar con imparcialidade o exercicio da función pública.

4. Tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

Artigo 48º

A condición de funcionaria ou funcionario pérdese por algunha das causas seguintes:

1. Renuncia expresa, que non inhabilita para novo ingreso na función pública.

2. Separación do servizo, por resolución firme recaída en expediente disciplinario ou inhabilitación absoluta ou especial para cargo público acordada como pena principal ou accesoria en sentenza xudicial de carácter definitivo.

3. Perda da nacionalidade española, tendo en conta, non obstante, a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública da poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea.

4. Xubilación forzosa ou voluntaria.

Artigo 49º

1. A xubilación forzosa declárase de oficio ao cumprir a funcionaria ou funcionario a idade de 65 anos.

Malia o disposto no parágrafo anterior, tal declaración non se producirá ata o momento en que as persoas funcionarias cesen na situación de servizo activo, naqueles supostos en que voluntariamente prolonguen a súa permanencia nela, ata, como máximo, os 70 anos de idade. Para tal efecto poderán optar pola prolongación da permanencia no servizo activo, mediante escrito dirixido á conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública cunha anticipación de dous meses, como mínimo, á data en que cumpran os 65 anos de idade, e entenderase recoñecida pola Administración da Xunta de Galicia a devandita prolongación se non lles notificase ás persoas interesadas resolución expresa e motivada en contrario antes dos quince días que preceden a aquela data.

Facúltase a conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública para ditar as normas complementarias de procedemento que permitan a aplicación da medida citada ás persoas funcionarias referidas no parágrafo anterior.

Do disposto no parágrafo segundo quedan exceptuado o persoal funcionario daqueles corpos e escalas que teñan normas específicas de xubilación de acordo co disposto na normativa básica estatal.

2. Procederase tamén á súa xubilación, logo da instrución de expediente que poderá iniciarse de oficio ou por instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física ou psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

En calquera caso será preceptiva a audiencia no expediente da persoa interesada funcionaria.

Artigo 50º

1. A xubilación voluntaria declararase por instancia da funcionaria ou funcionario conforme a lexislación vixente.

2. a) Malia o anterior, as persoas funcionarias afectadas por un proceso de reasignación de efectivos que se encontren nas situacións de expectativa de destino ou de excedencia forzosa, como consecuencia dun plan de emprego, poderán solicitar a xubilación voluntaria anticipada, nas condicións establecidas no réxime de Seguridade Social en que estean encadradas, sempre que teñan cumpridos 60 anos de idade e reúnan os requisitos exixidos no dito réxime.

2. b) As persoas funcionarias que se acollan a esta xubilación terán dereito a percibir, por unha soa vez, unha indemnización cuxa contía será fixada polo Consello da Xunta de Galicia segundo a súa idade e as retribucións íntegras correspondentes á última mensualidade completa percibida, con exclusión, se é o caso, do complemento específico e da produtividade, referida a doce mensualidades.

2. c) Correspóndelle á conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública acordar a xubilación voluntaria incentivada.

Artigo 50º bis)[7]

1. Nos casos de extinción da relación de servizo como consecuencia de perda da nacionalidade ou de xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a persoa interesada, unha vez desaparecida a causa

[7] Engadido por art. 24 da Lei 15/2010, de 30 de decembro

obxectiva que a motivou, pode solicitar a rehabilitación da súa condición de persoal funcionario, que lle será concedida.

Se a rehabilitación se producise antes de que transcorresen dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de jubilación por incapacidade permanente para o servizo, o persoal funcionario reincorporarase ao último posto de traballo que ocupase con carácter definitivo, o que lle quedará reservado durante ese período de tempo.

2. O Consello da Xunta de Galicia, logo do informe favorable da Asesoría Xurídica e oída a comisión de persoal, poderá conceder de forma motivada, con carácter excepcional e por solicitude da persoa interesada, a rehabilitación de quen perdese a condición de persoal funcionario por condena á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e á entidade do delito cometido. Se a resolución non se ditase de forma expresa nin se lle notificase á persoa interesada no prazo de tres meses, a solicitude de rehabilitación poderase entender desestimada.

Capítulo II Situacións administrativas

Artigo 51º

As persoas funcionarias poden estar nalgunha das seguintes situacións:

a) Servizo activo.

b) Servizos especiais.

c) Servizos noutras administracións públicas.

d) Excedencia voluntaria.

e) Excedencia forzosa.

f) Suspensión de funcións.

g) Expectativa de destino.

h) Excedencia forzosa aplicable a funcionarias e funcionarios en expectativa de destino.

i) Excedencia voluntaria incentivada.

j) Excedencia por razón de violencia sobre a muller funcionaria.

Artigo 52º

As persoas funcionarias están en situación de servizo activo:

1. Cando ocupen unha praza dotada orzamentariamente dun corpo ou escala e desempeñen un posto de traballo, en virtude da súa pertenza a aqueles.

2. Cando estean en comisión de servizo de carácter temporal conferida pola consellería competente en materia de función pública.

3. Cando queden á disposición do órgano que regulamentariamente se determine de acordo co establecido no artigo 65º.4.

4. Nos supostos previstos no artigo 54º en que a persoa funcionaria opte por permanecer nesta situación.

Artigo 53º

Por necesidade do servizo, debidamente xustificada e de acordo cos criterios e as condicións que se determinen regulamentariamente, oída a comisión de persoal, os órganos competentes poderán destinar a funcionaria ou funcionario en comisión de servizos de carácter forzoso e por tempo non superior a tres meses a un posto de traballo distinto do de destino e, se supuxese cambio de localidade, a funcionaria ou funcionario terá dereito ás indemnizacións establecidas regulamentariamente. Quedan excluídas desta comisión forzosa as persoas que exerzan os dereitos das letras e) e f) do punto 1 do artigo 76º, así como as funcionarias embarazadas. Regulamentariamente estableceranse dereitos de oposición á comisión forzosa derivados do coidado de familiares.

Artigo 54º

O persoal funcionario público pasará á situación de servizos especiais:

1. Cando sexa autorizado para realizar unha misión por período superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.

2. Cando adquira a condición de persoal funcionario ao servizo de organizacións internacionais ou de carácter supranacional.

3. Cando sexa nomeado integrante do Goberno ou dos órganos de goberno das comunidades autónomas ou altos cargos deles que non deban ser provistos necesariamente por persoal funcionario público.

4. Cando sexa elixido polas Cortes Xerais para formar parte dos órganos constitucionais ou doutros que lles corresponda ás cámaras elixir.

5. Cando sexa adscrito aos servizos do Tribunal Constitucional ou do Defensor do Pobo.

6. Cando acceda á condición de deputada, deputado, senadora ou senador das Cortes Xerais.

7. Cando acceda á condición de deputada ou deputado do Parlamento galego, de membro das asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou cando forme parte de órganos que lle corresponda elixir ao Parlamento galego, se percibe retribucións periódicas polo desempeño da función.

Cando non perciba tales retribucións poderá optar entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á de servizos especiais, sen prexuízo da normativa que diten as comunidades autónomas sobre incompatibilidades das persoas integrantes de asembleas lexislativas.

8. Cando desempeñe cargos electivos retribuídos e de dedicación exclusiva nas entidades locais, cando desempeñe responsabilidades de órganos superiores e directivos municipais e mais cando se desempeñen responsabilidades de persoas integrantes dos órganos locais para o coñecemento e a resolución das reclamacións económico-administrativas. Exceptúanse as persoas funcionarias da Administración local con habilitación de carácter estatal, cando desempeñen postos reservados a elas, que se rexerán pola súa normativa específica, quedando na situación de servizo activo.

9. Cando preste servizo nos gabinetes da Presidencia do Goberno, das ministras e ministros e das secretarias e secretarios de Estado e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

10. Cando sexa nomeado para calquera cargo de carácter político de que derive incompatibilidade para exercer a función pública.

11. Cando cumpra o servizo militar ou a prestación substitutoria equivalente.

12. Cando preste servizo nos gabinetes da Presidencia da Xunta de Galicia ou dos conselleiros e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

13. Cando desempeñe postos de traballo de carácter directivo no Gabinete da Presidencia do Parlamento.

14. Cando sexa adscrito aos servizos do Valedor do Pobo, nos termos previstos na lei reguladora da devandita institución.

15. Cando sexa nomeado membro do Consello de Contas de Galicia.

16. Cando pase a desempeñar os postos de traballo de presidenta ou presidente, conselleira ou conselleiro delegado, directora ou director xerente nas sociedades públicas a que fai alusión o artigo 12 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e así o determine o Consello da Xunta de Galicia.

17. Cando sexa nomeado como titular de subsecretarías, secretarías xerais técnicas ou direccións xerais da Administración xeral do Estado.

18. Cando sexa nomeado como titular das subdelegacións do Goberno nas provincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

19. Cando sexa nomeado para desempeñar postos nas áreas funcionais da alta inspección de educación, funcionaria ou funcionario dos corpos docentes ou das escalas en que se ordena a función pública docente.

20. Cando pase a desenvolver cargos directivos nas empresas públicas, nos entes públicos, nas sociedades ou nas fundacións públicas en que a Xunta de Galicia, directa ou indirectamente, participe ou achegue máis do 50% do capital ou do patrimonio, cando os devanditos cargos sexan designados logo de acordo do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus propios órganos de goberno.

Artigo 55º

1. Ás persoas funcionarias en situación de servizos especiais computaráselles o tempo que permanezan en tal situación para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos e terán dereito á reserva de praza e destino que ocupasen, que poderá ser desempeñada mentres a persoa funcionaria estea en situación de servizos especiais ben en comisión de servizos, ben por persoal interino.

En todos os casos percibirán as retribucións do posto ou cargo efectivo que desempeñen e non as que lles correspondan como persoal funcionario, sen prexuízo do dereito á percepción dos trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarias ou funcionarios.

2. As deputadas, deputados, senadoras, senadores e persoas integrantes das asembleas lexislativas das comunidades autónomas que perdan tal condición por disolución das correspondentes cámaras ou finalización do mandato destas poderán permanecer na situación de servizos especiais ata a súa nova constitución.

3. O disposto neste artigo relativo ao cómputo do tempo de permanencia na situación de servizos especiais, para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos, non será de aplicación ás funcionarias e funcionarios públicos que, logo de ingresaren ao servizo das institucións comunitarias europeas ou ao de entidades e organismos asimilados, exerzan o dereito de transferencia establecido no artigo 11.2º do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das comunidades europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968 do Consello, do 29 de febreiro, modificado polo Regulamento 571/1992, do Consello, do 2 de marzo, sen prexuízo dos efectos económicos que poidan derivar dos ascensos e trienios consolidables ata o momento do exercicio deste dereito.

4. A Administración pública velará para que non haxa menoscabo no dereito á carreira profesional do persoal funcionario público que fose nomeado alto cargo, membro do poder xudicial ou doutros órganos constitucionais ou estatutarios ou que fose elixido alcaldesa ou alcalde, retribuído e con dedicación exclusiva, presidenta ou presidente de deputacións ou institucións equivalentes, deputada, deputado, senador ou senadora das Cortes Xerais e membro das asembleas lexislativas das comunidades autónomas. Como mínimo, este persoal funcionario recibirá o mesmo tratamento na consolidación do grao e no conxunto de complementos que o que se estableza para o que fose directora ou director xeral e outros cargos equivalentes ou superiores da correspondente Administración pública.

Artigo 56º

Servizos noutras administracións públicas.

As persoas funcionarias da comunidade que, por medio dos sistemas de concurso, de libre designación, transferencia ou adscrición provisional, se é o caso, pasen a ocupar postos de traballo noutras administracións públicas someteranse ao réxime estatutario vixente na Administración en que estean destinadas e seralles aplicable a lexislación en materia de función pública desta, pero conservarán a súa condición de funcionarias ou funcionarios da comunidade en situación de servizo noutras administracións públicas. No suposto de estaren incursas en expediente disciplinario, a imposición da sanción de separación do servizo corresponderalles aos órganos competentes da comunidade autónoma.

Artigo 57º[8]

Excedencia voluntaria.

1. Excedencia por prestación de servizos no sector público:

[8] Ap. 1 modificado polo art. 25 da Lei 15/2010, do 28 de decembro
Ap. 6 modificado polo art. 26 da Lei 15/2010, do 28 de decembro

Sen prexuízo do disposto na normativa sobre incompatibilidades, procede declarar, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público:

a) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa.

b) O persoal funcionario de carreira que pase a prestar servizos como persoal laboral fixo en calquera administración pública ou en organismos, axencias ou entidades do sector público. Para estes efectos, considéranse incluídas no sector público as sociedades mercantís e fundacións que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación aplicable segundo a administración pública á que estean vinculadas ou da que dependan.

A excedencia regulada nesta alínea non lle é aplicable ao persoal funcionario de carreira que pase a prestar servizos en calquera administración pública, organismo, axencia ou entidade do sector público como persoal funcionario interino ou como persoal laboral con contrato temporal ou declarado indefinido por sentenza xudicial firme nin ao que pase a prestar servizos en entidades que queden excluídas da consideración de sector público para os efectos do previsto na letra b) desta alínea.

Nestes supostos, o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de excedencia por interese particular, sen que lle sexa exixible o requisito de que prestase un tempo mínimo de servizos previos nin o prazo de permanencia nesa situación.

As persoas que se atopen en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público non devengarán retribucións nin lles será computable o tempo que permanezan nesa situación para efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime de Seguridade Social que lles sexa aplicable.

Malia o disposto no parágrafo anterior, no suposto regulado na letra b) desta alínea, o tempo de servizos prestados en organismos, axencias ou entidades do sector público computarase só para os efectos de antigüidade, unha vez que se reingrese ao servizo activo».

2. Por interese particular:

a) Poderá concedérselles igualmente a excedencia voluntaria ás persoas funcionarias cando o soliciten por interese particular.

Para solicitar o pase á situación prevista nesta letra será preciso ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os cinco anos inmediatamente anteriores e nela non se poderá permanecer menos de dous anos continuados.

Procederá, así mesmo, declarar en excedencia voluntaria o persoal funcionario público cando, rematada a causa que determinou o pase a unha situación distinta á de servizo activo, incumpra a obriga de solicitar o reingreso no prazo establecido regulamentariamente.

O persoal funcionario público que preste servizos en organismos ou entidades que quede excluído da consideración do sector público para os efectos da declaración de excedencia voluntaria prevista no punto 1 deste artigo será declarado na situación de excedencia voluntaria regulada neste punto, sen que lle sexan de aplicación os prazos de permanencia nela.

b) Pasarán tamén á situación de excedencia voluntaria por interese particular as persoas funcionarias que cesasen na situación de servizos especiais e non solicitasen o reingreso no servizo activo no prazo de trinta días desde tal cesamento, agás no suposto previsto no parágrafo in fine do artigo 55º.

Ao excedente voluntario por interese particular ao cal, solicitado o reingreso, non se lle conceda por falta de posto vacante con dotación orzamentaria continuará na situación de excedencia voluntaria ata que se produza este.

3. Por agrupación familiar.

As persoas funcionarias excedentes por algunha das causas anteriores non percibirán retribucións nin lles será computado o tempo permanecido en tal situación para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

4. Excedencia para o coidado de fillas, fillos e familiares:

As persoas funcionarias de carreira terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a tres anos, para coidar cada filla ou fillo, tanto cando sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou en proceso de adopción, que se contará desde a data de nacemento ou, se é o caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a tres anos, para o coidado dunha persoa familiar que estea ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesma e non desempeñe actividade retribuída.

O período de excedencia será único por cada persoa causante. Cando unha nova persoa causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta poñerá fin ao que se viñese gozando.

Esta excedencia constitúe un dereito individual das persoas funcionarias. No caso de que dúas persoas funcionarias xerasen o dereito a gozala pola mesma persoa causante, a Administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.

O tempo de permanencia nesta situación será computable para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable. O posto de traballo desempeñado reservarase, cando menos, dous anos. Ao transcorrer ese período, a devandita reserva será a un posto na mesma localidade e de igual retribución.

As persoas funcionarias nesta situación poderán participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

5. Excedencia voluntaria incentivada:

As persoas funcionarias afectadas por un proceso de reasignación de efectivos que se encontren nalgunha das dúas fases a que fai referencia o artigo 29º.6 desta lei poderán ser declaradas, por solicitude súa, en situación de excedencia voluntaria incentivada.

As que se encontren nas situacións de expectativa de destino ou de excedencia forzosa como consecuencia da aplicación dun plan de emprego terán dereito a pasar, por solicitude súa, á dita situación.

A excedencia voluntaria incentivada terá unha duración de cinco anos e impedirá desempeñar postos de traballo no sector público baixo ningún tipo de relación funcionarial ou contractual, sexa esta de natureza laboral ou administrativa. Concluído o prazo sinalado, pasarase automaticamente, se non se solicita o reingreso, á situación de excedencia voluntaria por interese particular.

As que pasen á situación de excedencia voluntaria incentivada terán dereito a unha mensualidade das retribucións de carácter periódico, excluídas as pagas extraordinarias e o complemento de produtividade, percibidas no último posto de traballo desempeñado, por cada ano completo de servizos efectivos e cun máximo de doce mensualidades.

Correspóndelle á consellería competente en materia de función pública acordar o pase á situación de excedencia voluntaria incentivada.

Non se poderá conceder a excedencia voluntaria cando a persoa funcionaria estea sometida a expediente disciplinario ou pendente do cumprimento dunha sanción.

6. Excedencia por razón de violencia de xénero:

As funcionarias vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, teñen dereito a solicitar a situación de excedencia sen que lles sexa exixible o requisito de que prestasen un tempo mínimo de servizos previos nin un prazo de permanencia nesa situación.

Durante os seis primeiros meses de permanencia nesta situación tense dereito á reserva do posto de traballo que se desempeñase, e computarase o devandito período para efectos de antigüidade, carreira e dereitos do réxime de Seguridade Social que resulten aplicables. Cando as actuacións xudiciais así o exixan, este período prorrogarase por prazos de tres meses, ata un máximo total de dezaoito, con idénticos efectos aos sinalados anteriormente, co fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.

Durante os tres primeiros meses da excedencia regulada neste artigo a funcionaria ten dereito a percibir as súas retribucións íntegras e, se é o caso, as prestacións familiares por filla ou fillo ao seu cargo.

Artigo 58º

1. A excedencia forzosa producirase polas seguintes causas:

a) Cando se leve a cabo unha redución de postos de traballo de acordo cos procedementos legalmente establecidos e a persoa funcionaria afectada por ela non poida ser adscrita a outro posto.

b) Cando, unha vez concluído o período de excedencia voluntaria para o coidado dunha filla ou fillo, a persoa funcionaria solicite o reingreso e non o poida obter por falta de posto vacante con dotación orzamentaria.

c) Cando a persoa funcionaria procedente da situación de suspenso en firme, unha vez cumprida a suspensión, solicite o reingreso e non fose posible concederllo por falta de postos vacantes.

As que estean na situación a) terán dereito a percibir as retribucións básicas e o complemento de destino inferior en dous niveis ao seu grao persoal, así como ao cómputo do tempo que permanezan en tal situación para os efectos de trienios e dereitos pasivos.

As que estean nas situacións b) e c) non terán dereito ao complemento de destino, pero o tempo que permanezan en tal situación seralles computado para os efectos de trienios e dereitos pasivos.

2. Excedencia forzosa aplicable ás persoas funcionarias en expectativa de destino.

As persoas funcionarias declaradas en expectativa de destino pasarán á situación de excedencia forzosa, coas peculiaridades establecidas neste punto, polas causas seguintes:

a) O transcurso do período máximo fixado para esta.

b) O incumprimento das obrigas determinadas no artigo 59º desta lei.

As que se encontren nesta modalidade de excedencia forzosa terán dereito a percibir as retribucións básicas e, se é o caso, as prestacións familiares por filla ou fillo a cargo.

As ditas persoas funcionarias estarán obrigadas a participar nos concursos convocados a postos adecuados ao seu corpo, escala ou especialidade que lles sexan notificados, así como a aceptar os destinos que se lles sinalen en postos de características similares e a participar nos cursos de capacitación que se lles ofrezan.

Non poderán desempeñar postos de traballo no sector público baixo ningún tipo de relación funcionarial ou contractual, sexa esta de natureza laboral ou administrativa. Se obteñen posto de traballo no dito sector pasarán á situación de excedencia voluntaria regulada no artigo 57º.1 desta lei.

Pasarán á situación de excedencia voluntaria por interese particular cando incumpran as obrigas a que se refire este punto.

Correspóndelle á consellería competente en materia de función pública acordar a declaración desta modalidade de excedencia forzosa e o pase á excedencia voluntaria destes excedentes forzosos, así como a xestión do persoal afectado mediante resolución motivada.

Artigo 59º

As persoas funcionarias en expectativa de destino percibirán as retribucións básicas, o complemento de destino do grao persoal que lles corresponda e o 50% do complemento específico do posto que desempeñaban ao pasar a esta situación.

As ditas persoas estarán obrigadas a:

1. Aceptar os destinos en postos de características similares aos que desempeñaban que se lles ofrezan na provincia onde estaban destinadas.

2. Participar nos concursos para postos adecuados ao seu corpo, escala ou categoría, situados na provincia onde estaban destinadas.

3. Participar nos cursos de capacitación a que sexan convocadas.

O período máximo de duración da situación de expectativa de destino será dun ano; transcorrido este, pasarase á situación de excedencia forzosa.

Para os restantes efectos esta situación equipárase á de servizo activo.

Correspóndelle á consellería competente en materia de función pública efectuar a declaración e o cesamento nesta situación administrativa e a xestión do persoal afectado por ela.

Artigo 60º

1. A suspensión de funcións pode ter carácter provisorio ou firme. A persoa funcionaria declarada en tal situación quedará privada temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes á súa condición.

2. A suspensión provisoria poderá acordarse preventivamente por un período non superior a seis meses, durante a tramitación do procedemento xudicial ou do expediente disciplinario, por posible comisión de faltas graves, que lle instrúa á persoa funcionaria a autoridade competente.

3. Durante o tempo de suspensión provisoria a persoa funcionaria percibirá as retribucións básicas que lle correspondan.

4. Se a persoa funcionaria resultase absolta no procedemento criminal ou expediente disciplinario, ou se a sanción que se lle impuxese fose inferior á suspensión, o tempo de duración desta computaráselle como servizo activo e deberá reincorporarse inmediatamente ao seu posto de traballo, con recoñecemento de todos os dereitos económicos e demais que procedan desde a data de efectividade da suspensión.

5. A suspensión terá carácter firme cando se impoña en virtude de condena criminal ou sanción disciplinaria.

6. Ás persoas funcionarias en situación de suspensión de funcións con carácter firme non se lles reservará a praza nin o destino.

Artigo 61º[9]

[9] Ap. 3 modificado polo art. 27 da Lei 15/2010, do 30 de decembro

1. O reingreso ao servizo activo das persoas funcionarias que non teñan reserva de praza e destino efectuarase mediante a súa participación nas convocatorias de concurso ou de libre designación para a provisión de postos de traballo.

2. Así mesmo, o reingreso poderá efectuarse por adscrición a un posto, que terá necesariamente o carácter de provisional, condicionado ás necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos para o desempeño do posto.

3. O posto asignado con carácter provisional convocarase para a súa provisión definitiva no prazo máximo dun ano, no caso de estar vacante, e a persoa funcionaria reingresada terá a obriga de participar nos concursos de traslados que se convoquen para todos os postos de traballo do seu corpo ou da súa escala da localidade onde estivese adscrita provisionalmente. Se non obtivese destino definitivo, quedará ao dispor da persoa titular da consellaría, e o órgano competente procederá á súa adscrición provisional a un posto de traballo correspondente ao seu corpo e/ou escala

4. No suposto de incumprir a obriga de participar no concurso no que se inclúa o posto que ocupa provisionalmente, será declarada de oficio na situación de excedencia voluntaria.

Artigo 62º

As que estean en situación de excedencia forzosa ou de suspensión de funcións en firme, neste caso ao cumpriren o tempo de suspensión, están obrigadas a solicitar o reingreso, que lles será concedido, de existiren vacantes, con carácter provisional e ata que obteñan destino con carácter definitivo, a través de concurso de traslados, estando obrigadas a participar en todos os que se convoquen ata que iso se produza e, de non o facer, serán declaradas na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Capítulo III. A carreira administrativa

Artigo 63º

1. A carreira administrativa consiste na promoción desde o corpo ou escala dun determinado grupo ao doutro inmediatamente superior, ou no ascenso dentro dos graos asignados ao mesmo corpo ou escala, ou no acceso a outro corpo ou escala do mesmo grupo.

2. Nas convocatorias das probas selectivas reservarase un mínimo dun 25% das vacantes convocadas para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do grupo inmediatamente inferior que, posuíndo a titulación exixida

e os demais requisitos inherentes á vacante que se vai cubrir, prestase servizos efectivos durante polo menos dous anos no corpo ou na escala de pertenza.

As devanditas probas, nas cales se deberán respectar os principios de igualdade, mérito e capacidade, poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia.

Poderá participar nos procesos de promoción interna para o acceso ao corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C) o persoal funcionario do corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D) que, aínda que careza da titulación exixida para pertencer ao grupo C, acredite unha antigüidade mínima de dez anos no grupo D ou ben teña unha antigüidade mínima de cinco anos e supere os cursos de formación que regulamentariamente se determinen.

3. As persoas funcionarias que accedan a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubrir os postos vacantes ofertados sobre as persoas aspirantes que non procedan desta quenda.

Ademais, as persoas funcionarias aspirantes que superen tal proceso selectivo poderán tomar posesión da praza que xa viñesen desempeñando con carácter definitivo cando o nivel desta se encontre incluído no intervalo de niveis do corpo e grupo a que accedan.

As prazas reservadas a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre.

4. Así mesmo, estas persoas funcionarias conservarán o seu grao persoal que xa consolidasen no corpo ou escala de procedencia, sempre que estea incluído no intervalo de niveis correspondente ao novo corpo ou escala, e o tempo de servizos prestados naqueles será aplicable, se é o caso, para a consolidación do grao persoal neste.

O disposto neste artigo seralles tamén aplicable as persoas funcionarias que accedan por integración a outros corpos ou escalas do mesmo grupo ou de grupo superior de acordo co previsto nesta lei.

Artigo 64º

As persoas funcionarias poderían acceder a outros corpos ou escalas encadradas no mesmo grupo que teñan asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico, sempre que estean en posesión da titulación exixida en cada caso e superen as probas selectivas.

Poderán ser eximidas dalgunha das probas aquelas persoas funcionarias que procedan da mesma área de especialización profesional ca a correspondente ao corpo ou escala a que se pretende ascender.

Artigo 65º[10]

1. Toda persoa funcionaria posúe un grao persoal que corresponderá a un dos 30 niveis en que se clasifiquen os postos de traballo.

2. O grao persoal adquírese polo desempeño dun ou máis postos de nivel correspondente durante dous anos continuados ou durante tres con interrupción. Se durante o tempo en que a persoa funcionaria desempeña un posto se modificase o nivel destes, o tempo do desempeño computarase no nivel máis alto con que tal posto estivese clasificado.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as persoas funcionarias que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ao correspondente ao seu grao persoal consolidarán cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ao que posuísen sen que en ningún caso poidan superar o correspondente ao do posto desempeñado.

As persoas funcionarias de novo ingreso comezarán a consolidar o grao correspondente ao nivel de complemento de destino do primeiro posto a que sexan adscritos, de forma provisional ou definitiva, tras a superación do proceso selectivo.

3. As persoas funcionarias terán dereito, calquera que sexa o posto de traballo que desempeñen, a percibir polo menos o complemento de destino dos postos de nivel correspondente ao seu grao persoal. Non obstante, a percepción do complemento específico será sempre a que lle corresponda ao posto realmente desempeñado.

4. As persoas funcionarias que cesen nun posto de traballo sen obter outro polos sistemas de provisión previstos no artigo 29º desta lei quedarán ao dispor da persoa titular da consellaría, que procederá á súa adscrición provisional a un posto de traballo correspondente ao seu corpo e/ou escala na mesma localidade que a do posto que viñan desempeñando con carácter definitivo. Garantiránselles, en todo caso, as retribucións que lles correspondan polo seu grao persoal consolidado e un complemento específico non inferior en máis de dous niveis ao do devandito grao. A consellaría competente en materia de función pública autorizará esta adscrición cando implique cambio de consellaría ou de localidade, coa conformidade, neste último caso, do persoal funcionario afectado.

[10] Ap. 4 modificado polo art. 28 da Lei 15/2010, de 28 de decembro

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, quen cese nun posto provisto por libre designación ou por alteración do contido ou supresión do seu posto definitivo na relación de postos de traballo, mentres non obteña outro posto con carácter definitivo, e durante un prazo máximo de tres meses, percibirá, en todo caso, as retribucións complementarias correspondentes ao posto que viña desempeñando con carácter definitivo.

O persoal funcionario ao dispor da persoa titular da consellaría ou adscrito provisionalmente a un posto de traballo está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo e/ou escala e a solicitar, á súa elección, todos os postos situados na localidade da do posto que ocupase con carácter definitivo, ou ben na localidade onde estivese adscrito provisionalmente. O incumprimento das obrigas establecidas neste parágrafo determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Nos concursos de traslados computarase o período de tempo nesta situación, de ser o caso, coma se se desempeñase un posto inferior en dous niveis ao do grao persoal consolidado, desde o día seguinte ao do cesamento do posto que ocupase con carácter definitivo e de acordo co que dispoñan as bases da convocatoria».

5. O tempo de permanencia en situación de servizos especiais será computado, para efectos de consolidación do grao persoal, como prestado no último posto desempeñado en situación de servizo activo ou no que posteriormente se obtivese por concurso.

6. A adquisición e os cambios de grao inscribiranse no rexistro de persoal logo de recoñecelos o órgano competente.

7. Os graos superiores dos corpos ou escalas poderán coincidir cos inferiores no corpo ou escala inmediatamente superior.

Artigo 66º[11]

Nos supostos de provisión polo procedemento de libre designación de postos de traballo abertos a persoal funcionario docente nas relacións de postos de traballo, calquera que sexa o corpo docente ao que pertenza, ou ao corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa, este persoal terá dereito á reserva do posto de traballo docente ou de función inspectora de procedencia, sempre que o ocupase con carácter definitivo.

Artigo 67º

A adquisición dos graos superiores polas persoas funcionarias dos corpos e escalas de cada grupo poderá realizarse tamén mediante a superación de

[11] Modificado polo art. 29 da Lei 15/2010, de 28 de decembro

cursos de formación ou outros requisitos obxectivos que determine a Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 13º, punto 11.

Artigo 68º

1. A Administración pública galega establecerá sistemas que permitan a avaliación do desempeño das súas empregadas e empregados.

A avaliación do desempeño é o procedemento a través do cal se mide e valora a conduta profesional e mais o rendemento ou o logro de resultados.

2. Os sistemas de avaliación do desempeño adecuaranse, en todo caso, a criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non-discriminación, e aplicaranse sen menoscabo dos dereitos das empregadas e empregados públicos.

3. A Administración pública galega determinará os efectos da avaliación na carreira profesional, na formación, na provisión de postos de traballo e na percepción das retribucións complementarias correspondentes.

4. A Xunta de Galicia articulará un sistema que, entre outros factores, terá en conta necesariamente:

a) O grao de satisfacción da cidadanía respecto dos servizos que lle presten.

b) A boa xestión e organización da estrutura administrativa, para o cal promoverá a utilización por parte do persoal directivo dos datos derivados da xestión para a toma de decisións.

c) A implicación en procesos innovadores e de boas prácticas a prol da excelencia.

d) A normalización e a racionalización de procesos.

e) O grao de cumprimento do Plan de normalización lingüística.

5. Nomearase unha comisión de avaliación do desempeño, cuxa composición e funcionamento se regulará por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de función pública. Poderase nomear máis dunha comisión de avaliación do desempeño cando así se considere necesario.

Capítulo IV. Réxime retributivo

Artigo 69º[12]

[12]Ap. 2.b) modificado polo art. 30 da Lei 15/2010, de 28 de decembro

1. As retribucións das persoas funcionarias son básicas e complementarias.

2. Son retribucións básicas:

a) O soldo, que se fixará en función do índice de proporcionalidade que se lle asigne a cada un dos grupos en que se organizan os corpos e escalas de persoal funcionario da comunidade.

b) Os trienios, que consisten nunha cantidade, que será igual para o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, por cada tres anos de servizo no corpo ou na escala.

Nos casos nos que o persoal funcionario preste servizos sucesivamente en diferentes corpos ou escalas de distinto subgrupo ou grupo de clasificación terá dereito a seguir percibindo os trienios derivados da pertenza aos subgrupos ou grupos anteriores. Así mesmo, cando o persoal funcionario cambie de adscrición de subgrupo ou grupo antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerarase como tempo de servizos prestados no novo subgrupo ou grupo.

O persoal interino da Xunta de Galicia que acceda á condición de persoal funcionario en prácticas e/ou de carreira terá dereito a seguir percibindo os trienios que teña recoñecidos como persoal interino ou en prácticas.

c) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano por un importe mínimo cada unha delas dunha mensualidade de soldo e trienios, percibiranse os meses de xuño e decembro.

3. Son retribucións complementarias:

a) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto que desempeñe. Este complemento figurará nas relacións de postos de traballo e será igual para todos os postos do mesmo nivel.

b) O complemento específico, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

c) O complemento de produtividade, destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que a persoa funcionaria desempeñe o seu traballo.

A súa contía global non poderá exceder unha porcentaxe sobre os custos totais de persoal de cada programa e de cada órgano que se determinará na Lei de orzamentos. O responsable da xestión de cada programa de

gasto, dentro das correspondentes dotacións orzamentarias, determinará, de acordo coa normativa establecida na Lei de orzamentos, a contía individual que lle corresponda, se é o caso, a cada persoa funcionaria.

A súa asignación realizarase conforme criterios obxectivos establecidos regulamentariamente coa necesaria información e participación das persoas representantes do persoal. Para isto terase especialmente en consideración a cualificación emitida pola comisión de avaliación do desempeño respecto da unidade administrativa de que se trate, todo isto de acordo co previsto no artigo 68º desta lei.

En calquera caso, as cantidades que perciba cada persoa funcionaria por este concepto serán de coñecemento público das demais persoas funcionarias do departamento e organismo interesado, así como das persoas representantes sindicais.

d) As gratificacións por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas na súa percepción.

4. As persoas funcionarias percibirán as indemnizacións correspondentes por razón de servizo.

Artigo 70º

1. As contías das retribucións básicas das letras a) e b) do punto 2 do artigo 69 desta lei serán iguais para cada un dos grupos en que se clasifican os corpos ou as escalas. Así mesmo, as contías das pagas extraordinarias serán iguais para cada un dos grupos de clasificación segundo o nivel do complemento de destino que perciban.

O soldo das persoas funcionarias do grupo A non poderá exceder en máis de tres veces o soldo das persoas funcionarias do grupo E.

2. A contía das retribucións básicas, dos complementos de destino asignados a cada posto de traballo e dos complementos específicos e de produtividade, se é o caso, deberá reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Artigo 71º

Os postos de traballo que exixan o mesmo nivel de titulación e que teñan no seu exercicio similar grao de dificultade terán os mesmos complementos de destino e específico se son semellantes as condicións de traballo.

Artigo 72º

O persoal laboral será retribuído conforme o previsto na súa normativa e nos convenios colectivos, procurándose mediante un convenio-marco ou outros instrumentos a igualdade de retribucións para as tarefas que supoñan unhas mesmas condicións de preparación e unhas mesmas funcións.

Artigo 73º

No desenvolvemento e aplicación dos preceptos incluídos neste capítulo, así como nos de toda a política retributiva da Xunta de Galicia, deberanse ter en conta os artigos 39 e 40 da Lei 7/2004, do 16 de xullo.

Capítulo V. Licenzas, vacacións e permisos

Artigo 74º

Poderanse conceder licenzas nos seguintes casos e condicións:

1. Por matrimonio, a persoa funcionaria terá dereito a unha licenza retribuída de quince días naturais ininterrompidos.

2. Por embarazo, nas condicións e duración previstas na lexislación xeral.

3. Por asuntos propios poderanse conceder licenzas sen retribución dunha duración acumulada que non poderá exceder os tres meses cada dous anos. A concesión de licenzas por asuntos propios subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo.

4. As licenzas por enfermidade fixaranse de acordo co réxime da Seguridade Social a que pertenza a persoa funcionaria.

5. Poderanse conceder licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración Pública, logo do informe favorable da persoa xerarquicamente superior, e a persoa funcionaria terá dereito a percibir as retribucións básicas e mais o complemento familiar.

Artigo 75º

1. O persoal funcionario terá dereito, por ano completo de servizos, a gozar de vacacións retribuídas dun mes natural ou de vinte e dous días hábiles anuais ou dos días que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos.

2. Así mesmo, terá dereito a un día hábil adicional ao cumprir quince anos de servizo, ao que lle engadirá un día hábil máis ao cumprir os vinte, vinte

e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de vinte e seis días hábiles por ano natural.

Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ao do cumprimento dos anos de servizo sinalados no parágrafo anterior.

3. Para os efectos previstos neste artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

4. No caso de que o período de vacacións coincida co permiso previsto no número 4 do artigo 76º, a persoa interesada terá dereito á fixación dun período alternativo.

5. O calendario de vacacións elaborarase anualmente, tendo en conta as necesidades dos servizos, oídos os órganos de representación das persoas funcionarias.

Recoñécese o dereito á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes e a preferencia de elección de mulleres e homes con fillas ou fillos menores de doce anos ou maiores dependentes ao seu coidado.

6. Os permisos de maternidade, paternidade e lactación, así como os períodos de incapacidade temporal derivados do embarazo, poderanse acumular ao período de vacacións, mesmo despois do remate do ano natural a que aquelas correspondan.

Artigo 76º

1. Concederanse permisos polas seguintes causas xustificadas:

a) Polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

b) Por traslado de domicilio sen cambio de residencia, un día na mesma localidade e dous días se hai cambio de localidade. Se a unidade familiar está integrada por dúas ou máis persoas membros, o permiso será de dous días sen cambio de localidade e de catro se existe cambio.

c) Para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal, nos termos legalmente establecidos.

d) Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude, durante os días da súa realización.

e) Por lactación dunha filla ou fillo menor de doce meses, a funcionaria terá dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderase substituír por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou ben nunha hora ao inicio ou ao final da xornada. Este dereito poderá ser exercido indistintamente polas persoas proxenitoras, no caso de que ambas traballen.

Igualmente, poderase substituír o tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente, ou ben por un crédito de horas, podéndose aproveitar, en ambos os casos, en calquera momento, despois do gozo do permiso de maternidade.

A cantidade de horas incluídas no crédito será o resultado de contabilizar o total de horas a que se tería dereito se se dispuxese do permiso de lactación na súa modalidade dunha hora de ausencia.

Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.
Nos supostos de adopción ou acollemento, este dereito computarase durante o primeiro ano desde a resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollemento.

f) Por nacemento de fillas e fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer no hospital a continuación do parto, a funcionaria ou funcionario terá dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de dúas horas diarias e percibirá as retribucións íntegras.

g) Por razóns de garda legal, cando o persoal funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito a unha redución dun terzo ou un medio da xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións.

Terá o mesmo dereito o persoal funcionario que precise encargarse do coidado directo dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

h) As funcionarias embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto

polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificación da súa necesidade de realización dentro da xornada de traballo.

i) O persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído para tratamentos de fecundación asistida polo tempo necesario para a súa práctica, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo. Se fose necesario o desprazamento, o permiso será de dous días.

j) Para acompañar a súa ou o seu cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade a tratamentos de fecundación asistida, a exames prenatais e a técnicas de preparación ao parto, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído en idénticos termos e condicións de exercicio que os previstos para estes permisos.

k) Nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

l) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o persoal funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo á extrema gravidade da enfermidade padecida, ata un período máximo de dous meses.

Se houbese máis dunha persoa titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de gozo desta redución poderase ratear entre elas, respectando, en todo caso, o prazo máximo dun mes ou, se é o caso, o de dous meses.

m) O persoal funcionario terá dereito a ausentarse para acompañar ás revisións médicas as fillas e os fillos e as persoas maiores ao seu cargo polo tempo necesario, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo.

2. Poderase conceder permiso polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral.

3. Poderase dispoñer de ata nove días ao ano, como máximo, de permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo. Así mesmo, terase dereito ao gozo de dous días adicionais ao

cumprir o sexto trienio, que se incrementará nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

4. En todo caso, concederanse os seguintes permisos:

a) Permiso por parto: terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade da filla ou fillo, e por cada filla ou fillo a partir do segundo, nos supostos de parto múltiple. O permiso distribuirase á opción da funcionaria sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto. No caso de falecemento da nai, a outra persoa proxenitora poderá facer uso da totalidade ou, se é o caso, da parte que reste do permiso.

Malia o anterior, e sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ao parto de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que ambos os proxenitores traballen, a nai, ao iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar por que a outra persoa proxenitora goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto, ben de forma simultánea ou sucesiva co da nai. A outra persoa proxenitora poderá seguir gozando do permiso de maternidade inicialmente cedido, aínda que no momento previsto para a reincorporación da nai ao traballo esta se atope en situación de incapacidade temporal.

Nos casos de gozo simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder as dezaseis semanas ou as que correspondan no caso de discapacidade da filla ou fillo ou de parto múltiple.

Este permiso poderase gozar a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, a neonata ou neonato deba permanecer no hospital a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como a neonata ou neonato permaneza no hospital, cun máximo de trece semanas adicionais.

Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

b) Permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple: terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade da ou do menor adoptado ou acollido e por cada filla ou fillo, a partir da ou do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple.

O cómputo do prazo contarase á elección da persoa funcionaria, a partir da decisión administrativa ou xudicial do acollemento ou a partir da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción, sen que un mesmo menor poida dar, en ningún caso, dereito a varios períodos de gozo deste permiso.

No caso de que ambos os proxenitores traballen, o permiso distribuirase á opción dos interesados, que poderán gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos.

Nos casos de gozo simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder as dezaseis semanas ou as que correspondan en caso de adopción ou acollemento múltiple e de discapacidade da ou do menor en adopción ou en acollida.

Este permiso poderase gozar a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Se fose necesario o desprazamento previo das persoas proxenitoras ao país de orixe da ou do menor en adopción ou acollida, nos casos de adopción ou acollemento internacional, terase dereito, ademais, a un permiso de ata tres meses de duración, e durante este período percibiranse exclusivamente as retribucións básicas, podendo gozar delas de forma fraccionada, sempre que non se superen os tres meses.

Con independencia do permiso de ata tres meses previsto no parágrafo anterior e para o suposto previsto no devandito parágrafo, o permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, poderase iniciar ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial do acollemento.

Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Os supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, previstos neste artigo serán os que así se establezan na normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia, e o acollemento simple deberá ter unha duración non inferior a un ano.

c) Permiso por paternidade polo nacemento, acollemento ou adopción dunha filla ou fillo: terá unha duración de vinte e nove días naturais, que gozará o pai funcionario a partir da data de nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción. No caso de parto, acollemento ou adopción múltiple, o permiso será de trinta e cinco días naturais.

Nos supostos de adopción ou acollemento, se ambas as persoas proxenitoras fosen persoal ao servizo da Administración pública galega, o permiso poderase distribuír á opción da parte interesada, que poderán gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos, respectando en todo caso o prazo de duración.

Este permiso é independente do gozo compartido dos permisos previstos nas letras a) e b).

A nai poderá gozar deste permiso de paternidade a continuación dos permisos previstos nas letras a) e b) nos seguintes supostos:

-Cando o pai falecese antes da utilización íntegra do devandito permiso.

-Se a filiación paterna non estivese determinada.

-Cando as persoas proxenitoras non estivesen casadas nin estivesen unidas de feito en análoga relación de afectividade.

-Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñecese á nai a garda da filla ou do fillo que acaba de nacer.

No suposto de matrimonio de mulleres ou de unións de feito en análoga relación de afectividade, ao ser unha delas a nai biolóxica, a que non o sexa terá dereito ao permiso de paternidade nos termos fixados nesta letra.

Nos casos previstos nas letras a), b) e c), o tempo transcorrido durante o gozo destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos, garantíndose a plenitude de dereitos económicos do persoal funcionario durante todo o período de duración do permiso, e, se é o caso, durante os períodos posteriores ao gozo deste, se, de acordo coa normativa aplicable, o dereito a percibir algún concepto retributivo se determina en función do período de gozo do permiso.

As persoas funcionarias que fixesen uso do permiso por parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento terán dereito, así que finalice o período de permiso, a reintegrarse ao seu posto de traballo nos termos e nas condicións que non lles resulten menos favorables ao gozo do permiso, así como a beneficiarse de calquera mellora nas condicións de traballo a que puidesen ter dereito durante a súa ausencia.

d) Permiso por razón de violencia de xénero sobre o persoal funcionario: as faltas de asistencia do persoal funcionario vítima da violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas

condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.

Así mesmo, o persoal funcionario vítima de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito á redución da xornada coa diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que lle poida ser aplicable, nos termos que para estes supostos estableza a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 77º

As persoas funcionarias que exerzan o dereito de folga non terán dereito a percibir nin percibirán as retribucións correspondentes ao tempo que permanezan nesta situación, sen que a dedución de haberes que se efectúe teña, en ningún caso, carácter de sanción disciplinaria nin afecte o réxime respectivo das súas prestacións sociais.

Capítulo VI. Seguridade Social

Artigo 78º

O réxime de Seguridade Social e dereitos pasivos do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia regularase pola normativa estatal que lle resulte de aplicación.

Artigo 79º

Faise extensivo ás persoas funcionarias da Comunidade Autónoma de Galicia o réxime disciplinario establecido pola normativa do Estado.

Para tal fin, un regulamento disciplinario regulará o procedemento sancionador, no cal se terán basicamente en conta os principios de eficacia e garantía

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

10. LEI 51/2003, DO 2 DE DECEMBRO, DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, NON-DISCRIMINACIÓN E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE: CAPÍTULOS I A III.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI 51/2003, DO 2 DE DECEMBRO, DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, NON DISCRIMINACIÓN E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE: CAPÍTULOS I A III.[1]

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da lei.[2]

1. Esta lei ten por obxecto establecer medidas para garantir e facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, conforme os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución.

Para estes efectos, enténdese por igualdade de oportunidades a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por motivo de ou sobre a base de discapacidade, incluída calquera distinción, exclusión ou restrición que teña o propósito ou o efecto de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, gozo ou exercicio en igualdade de condicións polas persoas con discapacidade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais nos ámbitos político, económico, social, cultural, civil ou doutro tipo. Así mesmo, enténdese por igualdade de oportunidades a adopción de medidas de acción positiva orientadas a evitar ou compensar as desvantaxes dunha persoa con discapacidade para participar plenamente na vida política, económica, cultural e social

2. Son persoas con discapacidade aquelas que presenten deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuaren con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.

As medidas de defensa, de arbitraxe e de carácter xudicial previstas nesta lei serán aplicables ás persoas con discapacidade, con independencia da existencia de recoñecemento oficial da situación de discapacidade ou da súa transitoriedade. En todo caso, as administracións públicas velarán por evitar calquera forma de discriminación que afecte ou poida afectar as persoas con discapacidade.

Malia iso, para os efectos desta lei, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás cales se lles recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. En todo caso, considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas

[1] BOE 3 decembro 2003, núm. 289
[2] Modificado polo art. 1.1 e 1.2 da Lei 26/2011, do 1 de agosto.

da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. A acreditación do grao de discapacidade realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional.

Artigo 2. Principios.[3]

Esta lei inspírase nos principios de vida independente, normalización, accesibilidade universal, deseño para todos, diálogo civil e transversalidade das políticas en materia de discapacidade.

Para estes efectos, enténdese por:

a) Vida independente: a situación en que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme o dereito ó libre desenvolvemento da personalidade.

b) Normalización: o principio en virtude do cal as persoas con discapacidade deben poder levar unha vida normal, accedendo ós mesmos lugares, ámbitos, bens e servicios que están á disposición de calquera outra persoa.

c) Accesibilidade universal: a condición que deben cumpri-los contornos, procesos, bens, productos e servicios, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por tódalas persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible. Presupón a estratexia de «deseño para todos» e enténdese sen prexuízo dos axustes razoables que se deban adoptar.

d) Deseño para todos: a actividade pola que se concibe ou proxecta, desde a orixe, e sempre que isto sexa posible, contornos, procesos, bens, productos, servicios, obxectos, instrumentos, dispositivos ou ferramentas, de tal forma que poidan ser utilizados por tódalas persoas, na maior extensión posible.

e) Diálogo civil: o principio en virtude do cal as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participan, nos termos que establecen as leis e demais disposicións normativas, na elaboración, execución, seguimento e avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade, as cales garantirán, en

[3] Ap. e) modificado polo art. 2 da lei 26/2011, do 1 de agosto

todo caso, o dereito dos nenos e as nenas con discapacidade a expresaren a súa opinión libremente sobre todas as cuestións que os afecten e a recibiren asistencia apropiada conforme a súa discapacidade e idade para poderen exercer ese dereito.

f) Transversalidade das políticas en materia de discapacidade, o principio en virtude do cal as actuacións que desenvolven as administracións públicas non se limitan unicamente a plans, programas e accións específicos, pensados exclusivamente para estas persoas, senón que comprenden as políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e demandas das persoas con discapacidade.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.[4]

De acordo co principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, esta lei aplicarase nos seguintes ámbitos:

a) Telecomunicacións e sociedade da información.

b) Espazos públicos urbanizados, infraestruturas e edificación.

c) Transportes.

d) Bens e servizos á disposición do público.

e) Relacións coas administracións públicas.

f) Administración de xustiza.

g) Patrimonio cultural, de conformidade co previsto na lexislación de patrimonio histórico.

A garantía e efectividade do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, no ámbito do emprego e a ocupación, rexerase polo establecido nesta lei, que terá carácter supletorio ao disposto na lexislación específica de medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato no emprego e a ocupación.

CAPÍTULO II. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Artigo 4. Vulneración do dereito á igualdade de oportunidades.

[4] Modificado polo art. 1.4 da Lei 26/2011, do 1 de agosto

Entenderase que se vulnera o dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade cando se produzan discriminacións directas ou indirectas, acosos, incumprimentos das esixencias de accesibilidade e de realizar axustes razoables, así como o incumprimento das medidas de acción positiva legalmente establecidas.

Artigo 5. Garantías do dereito á igualdade de oportunidades.

Co fin de garantírlle-lo dereito á igualdade de oportunidades ás persoas con discapacidade, os poderes públicos establecerán medidas contra a discriminación e medidas de acción positiva.

Artigo 6. Medidas contra a discriminación.

1. Considéranse medidas contra a discriminación aquelas que teñan como finalidade previr ou corrixir que unha persoa con discapacidade sexa tratada dunha maneira directa ou indirecta menos favorablemente que outra que non o sexa, nunha situación análoga ou comparable.

2. Entenderase que existe discriminación indirecta cando unha disposición legal ou regulamentaria, unha cláusula convencional ou contractual, un pacto individual, unha decisión unilateral ou un criterio ou práctica, ou ben un contorno, producto ou servicio, aparentemente neutros, poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por razón de discapacidade, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios.

Artigo 7. Contido das medidas contra a discriminación.

As medidas contra a discriminación poderán consistir en prohibición de conductas discriminatorias e de acoso, esixencias de accesibilidade e esixencias de eliminación de obstáculos e de realizar axustes razoables.

Para estes efectos, enténdese por:

a) Conducta de acoso: toda conducta relacionada coa discapacidade dunha persoa, que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

b) Esixencias de accesibilidade: os requisitos que deben cumpri-los contornos, os productos e os servicios, así como as condicións de non discriminación en

normas, criterios e prácticas, de acordo cos principios de accesibilidade universal de deseño para todos.

c) Axuste razoable: as medidas de adecuación do ambiente físico, social e actitudinal ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que, de forma eficaz e práctica e sen que supoña unha carga desproporcionada, faciliten a accesibilidade ou participación dunha persoa con discapacidade en igualdade de condicións có resto dos cidadáns.

Para determinar se unha carga é ou non proporcionada teranse en conta os custos da medida, os efectos discriminatorios que supoña para as persoas con discapacidade a súa non adopción, a estructura e características da persoa, da entidade ou da organización que ten que pola en práctica e a posibilidade que teña de obter financiamento oficial ou calquera outra axuda.

Para este fin, as administracións públicas competentes poderán establecer un réxime de axudas públicas para contribuír a sufraga-los custos derivados da obriga de realizar axustes razoables.

As discrepancias entre o solicitante do axuste razoable e o suxeito obrigado poderán ser resoltas a través do sistema de arbitraxe previsto no artigo 17 desta lei, sen prexuízo da protección administrativa ou xudicial que en cada caso proceda.

Artigo 8. Medidas de acción positiva.[5]

1. Considéranse medidas de acción positiva aqueles apoios de carácter específico destinados a previr ou compensa-las desvantaxes ou especiais dificultades que teñen as persoas con discapacidade na incorporación e na participación plena nos ámbitos da vida política, económica, cultural e social, atendendo ós diferentes tipos e graos de discapacidade.

2. Os poderes públicos adoptarán as medidas de acción positiva suplementarias para aquelas persoas con discapacidade que obxectivamente sofren un maior grao de discriminación ou presentan menor igualdade de oportunidades, como son as mulleres con discapacidade, os nenos e nenas con discapacidade, as persoas con discapacidade con máis necesidades de apoio para o exercicio da súa autonomía ou para a toma libre de decisións e as que padecen unha máis acusada exclusión social por razón da súa discapacidade, así como as persoas con discapacidade que viven habitualmente no medio rural.

[5] Ap. 2 modificado polo art. 1.5 da Lei 26/2011, do 1 de agosto.

3. Así mesmo, no marco da política oficial de protección á familia, os poderes públicos adoptarán medidas especiais de acción positiva respecto das familias nas cales algún dos seus membros sexa unha persoa con discapacidade.

Artigo 9. Contido das medidas de acción positiva.

1. As medidas de acción positiva poderán consistir en apoios complementarios e normas, criterios e prácticas máis favorables. Os apoios complementarios poderán ser axudas económicas, axudas técnicas, asistencia persoal, servicios especializados e axudas e servicios auxiliares para a comunicación.

Estas medidas terán natureza de mínimos, sen prexuízo das medidas que poidan establece-las comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

2. En particular, as administracións públicas garantirán que as axudas e subvencións públicas promovan a efectividade do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade así como as persoas con discapacidade que viven habitualmente no ámbito rural.

Artigo 10. Condicións básicas de accesibilidade e non discriminación.[6]

1. O Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás corporacións locais, regulará unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que garantan uns mesmos niveis de igualdade de oportunidades a tódolos cidadáns con discapacidade.

Esta regulación será gradual no tempo e no alcance e no contido das obrigas impostas, e abranguerá tódolos ámbitos e áreas das enumeradas no capítulo I.

2. As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación establecerán, para cada ámbito ou área, medidas concretas para previr ou suprimir discriminacións, e para compensar desvantaxes ou dificultades.

Incluiranse disposicións sobre, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Esixencias de accesibilidade dos edificios e contornos, dos instrumentos, equipamentos e tecnoloxías, e dos bens e productos utilizados no sector ou área.

[6] Ap. 2c) modificado polo art. 1.6 da Lei 26/2011, do 1 de agosto

En particular, a supresión de barreiras nas instalacións e a adaptación de equipamentos e de instrumentos.

b) Condicións máis favorables no acceso, participación e utilización dos recursos de cada ámbito ou área e condicións de non discriminación en normas, criterios e prácticas.

c) Apoios complementarios, tales como axudas económicas, tecnolóxicas de apoio, servizos ou tratamentos especializados, outros servizos persoais, así como outras formas de asistencia humana ou animal. En particular, axudas e servizos auxiliares para a comunicación, como sistemas aumentativos e alternativos, sistemas de apoios á comunicación oral e lingua de signos, sistemas de comunicación táctil e outros dispositivos que permitan a comunicación.

d) A adopción de normas internas nas empresas ou nos centros que promovan e estimulen a eliminación de desvantaxes ou situacións xerais de discriminación ás persoas con discapacidade.

e) Plans e calendario para a implantación das esixencias de accesibilidade e para o establecemento das condicións máis favorables e de non discriminación.

f) Medios e recursos humanos e materiais para a promoción da accesibilidade e a non discriminación no ámbito de que se trate.

3. As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación estableceranse tendo en conta os diferentes tipos e graos de discapacidade que deberán orientar tanto o deseño inicial como os axustes razoables dos contornos, productos e servicios de cada ámbito de aplicación da lei.

Artigo 10 bis. Igualdade de trato en acceso a bens e servizos.[7]

1. Todas as persoas físicas ou xurídicas que, no sector público ou no privado, fornezan bens ou servizos dispoñibles para o público, ofrecidos fóra do ámbito da vida privada e familiar, estarán obrigadas, nas súas actividades e nas transaccións conseguintes, ao cumprimento do principio de igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, evitando discriminacións, directas ou indirectas, por razón de discapacidade.

[7] Engadido polo art. 1.7 da Lei 26/2011, do 1 de agosto

2. O previsto no punto anterior non afecta a liberdade de contratación, incluída a liberdade da persoa de elixir a outra parte contratante, sempre e cando a devandita elección non veña determinada pola súa discapacidade.

3. Malia o disposto nos puntos anteriores, serán admisibles as diferenzas de trato no acceso a bens e servizos cando estean xustificadas por un propósito lexítimo e os medios para logralo sexan adecuados, proporcionados e necesarios.

CAPÍTULO III. FOMENTO E DEFENSA

Artigo 11. Medidas de fomento e defensa.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, promoverán e facilitarán o desenvolvemento de medidas de fomento e de instrumentos emecanismos de protección xurídica para levar a cabo unha política de igualdade de oportunidades, mediante a adopción das medidas necesarias para que se supriman as disposicións normativas e as prácticas contrarias á igualdade de oportunidades e o establecemento de medidas para evitar calquera forma de discriminación por causa de discapacidade.

Sección 1.a Medidas De Fomento

Artigo 12. Medidas de sensibilización e formación.

As administracións públicas desenvolverán e promoverán actividades de información, campañas de sensibilización, accións formativas e cantas outras sexan necesarias para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación.

Artigo 13. Medidas para fomenta-la calidade.

As administracións públicas adecuarán os seus plans de calidade para lles aseguraren a igualdade de oportunidades ós cidadáns con discapacidade. Para isto, incluirán neles normas uniformes mínimas de non discriminación e de accesibilidade, e desenvolverán indicadores de calidade e guías de boas prácticas.

Artigo 14. Medidas de innovación e desenvolvemento de normas técnicas.

1. As administracións públicas fomentarán a innovación en tódolos aspectos relacionados coa calidade de vida das persoas con discapacidade. Para isto,

promoverán a investigación nas áreas relacionadas coa discapacidade nos plans de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I).

2. Así mesmo, facilitarán e apoiarán o desenvolvemento de normativa técnica, así como a revisión da existente, de forma que asegure a non discriminación en procesos, deseños e desenvolvementos de tecnoloxías, productos, servicios e bens, en colaboración coas entidades e coas organizacións de normalización e certificación e tódolos axentes implicados.

Artigo 15. Participación das organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias.[8]

1. As persoas con discapacidade, incluídos os nenos e as nenas, e as súas familias, a través das súas organizacións representativas, participarán na preparación, elaboración e adopción das decisións que lles concirnen, sendo obriga das administracións públicas, na esfera das súas respectivas competencias, promover as condicións para asegurar que esta participación sexa real e efectiva. De igual xeito, promoverase a súa presenza permanente nos órganos das administracións públicas, de carácter participativo e consultivo, cuxas funcións estean directamente relacionadas con materias que teñan incidencia en esferas de interese preferente para persoas con discapacidade e as súas familias.

2. As administracións públicas promoverán e facilitarán o desenvolvemento das asociacións e demais entidades en que se agrupan as persoas con discapacidade e as súas familias. Así mesmo, ofrecerán apoio financiero e técnico para o desenvolvemento das súas actividades e poderán establecer convenios para o desenvolvemento de programas de interese social.

3. O Consello Nacional da Discapacidade é o órgano colexiado interministerial de carácter consultivo, adscrito ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, no cal se institucionaliza a colaboración entre as organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias e a Administración xeral do Estado, co obxecto de coordinar e definir unha política coherente de atención integral a este grupo cidadán.

En particular, corresponderalle ó Consello Nacional da Discapacidade a promoción da igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade; para este efecto constituirase no seu seo unha oficina permanente especializada, coa que colaborarán as asociacións de utilidade pública máis representativas das persoas con discapacidade e as súas familias.

[8] Ap. 1 modificado polo art. 1.8 da Lei 26/2011, do 1 de agosto

Artigo 16. Plans e programas de accesibilidade e para a non discriminación.

A Administración xeral do Estado promoverá, en colaboración con outras administracións públicas e coas organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, a elaboración, o desenvolvemento e a execución de plans e programas en materia de accesibilidade e non discriminación.

Sección 2.a Medidas De Defensa

Artigo 17. Arbitraxe.

1. Logo de audiencia dos sectores interesados e das organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, o Goberno establecerá un sistema arbitral que, sen formalidades especiais, atenda e resolva con carácter vinculante e executivo para ámbalas partes, as queixas ou reclamacións das persoas con discapacidade en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación, sempre que non existan indicios racionais de delicto, todo isto sen prexuízo da protección administrativa e xudicial que en cada caso proceda.

2. O sometemento das partes ó sistema arbitral será voluntario e deberá constar expresamente por escrito.

3. Os órganos de arbitraxe estarán integrados por representantes dos sectores interesados, das organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias e das administracións públicas dentro do ámbito das súas competencias.

Artigo 18. Tutela xudicial e protección contra as represalias.

1. A tutela xudicial do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade comprenderá a adopción de tódalas medidas que sexan necesarias para pór fin á violación do dereito e previr violacións ulteriores, así como para restablece-lo prexudicado no exercicio pleno do seu dereito.

2. A indemnización ou reparación a que poida dar lugar a reclamación correspondente non estará limitada por un tope máximo fixado a priori. A indemnización por dano moral procederá aínda cando non existan prexuízos de carácter económico e valorarase atendendo ás circunstancias da infracción e á gravidade da lesión.

3. Adoptaranse as medidas que sexan necesarias para protexe-las persoas físicas ou xurídicas contra calquera trato adverso ou consecuencia negativa que se poida producir como reacción ante unha reclamación ou ante un procedemento destinado a esixi-lo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades.

Artigo 19. Lexitimación.

Sen prexuízo da lexitimación individual das persoas afectadas, as persoas xurídicas legalmente habilitadas para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos colectivos poderán actuar nun proceso en nome e interese das persoas que así o autoricen, coa finalidade de facer efectivo o dereito de igualdade de oportunidades, defendendo os seus dereitos individuais e recaendo nas ditas persoas os efectos daquela actuación.

Artigo 20. Criterios especiais sobre a proba de feitos relevantes.[9]

1. Naqueles procesos xurisdicionais en que das alegacións da parte demandante se deduza a existencia de indicios fundados de discriminación por razón de discapacidade, corresponderá á parte demandada a achega dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, da conduta e das medidas adoptadas e da súa proporcionalidade.

Cando no proceso xurisdicional se suscitase unha cuestión de discriminación por razón de discapacidade, o xuíz ou tribunal, por instancia de parte, poderá solicitar informe ou ditame dos organismos públicos competentes.

2. O establecido no punto anterior non é de aplicación ós procesos penais nin ós contencioso-administrativos interpostos contra resolucións sancionadoras.

[9] Ap. 1 modificdo pola Lei 26/2011, do 1 de agosto

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

11. LEI 2/2007, DO 28 DE MARZO, DO TRABALLO EN IGUALDADE DAS MULLERES DE GALICIA: TÍTULOS PRELIMINAR A IV.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI 2/2007, DO 28 DE MARZO, DO TRABALLO EN IGUALDADE DAS MULLERES DE GALICIA: TÍTULOS PRELIMINAR A IV. [1]

TÍTULO PRELIMINAR DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta lei ten por obxecto a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais.

2. O exercicio das competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais rexerase pola aplicación transversal do principio de igualdade.

3. Fomentarase a colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátese de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátese de suxeitos privados, como os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresarios ou empresarias ou os colexios de profesionais, e, en especial, a colaboración fomentarase en relación coas asociacións e cos grupos que compón o movemento de mulleres.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

1. A Xunta de Galicia integrará a dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tanto dentro do ámbito do emprego privado como dentro do ámbito do emprego público, na elaboración, a execución e o seguimento de todas as políticas e de todas as accións no exercicio das competencias asumidas en relación co acceso ao emprego, mesmo co traballo por conta propia, a formación profesional, a promoción profesional, as condicións de traballo -incluídas as retributivas- e mais a afiliación e participación nas organizacións sindicais e empresariais ou en calquera organización cuxas e cuxos membros exerzan unha profesión concreta, incluídas as prestacións que se concedan.

2. Tal labor de integración corresponderalles aos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de traballo e en función pública, coa colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

TÍTULO I. INSTRUMENTOS PARA A CONSECUCIÓN DA IGUALDADE NO TRABALLO

[1] DO Galicia, 13 abril de 2007.

Capítulo I. Principios xerais

Artigo 3º.-Discriminación directa e indirecta, acoso e acoso sexual.

Para os efectos do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes nos ámbitos de aplicación expostos no artigo anterior, aplicaranse as definicións de discriminación directa e indirecta e de acoso e acoso sexual contidas no artigo 2 da Directiva 2006/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

En consecuencia, entenderase por discriminación directa a situación na que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable; e entenderase por discriminación indirecta a situación na que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

Entenderase por acoso a situación na que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Entenderase por acoso sexual a situación na que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Para os efectos desta lei, o concepto de discriminación incluirá:

a) O acoso e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a el.

b) A orde de discriminar a persoas por razón do seu sexo

c) O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade.

Artigo 4º.-A excepción de boa fe ocupacional.

1. De conformidade co artigo 14.2 da Directiva 2006/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, disponse, polo que respecta ao acceso ao emprego, incluída a formación pertinente, que unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo non constituirá discriminación cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado.

2. A protección das vítimas de violencia de xénero é un obxectivo lexítimo que determina a validez da pertenza ao sexo feminino en relación con actividades profesionais de atención directa ás referidas vítimas.

Artigo 5º.-Os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

De cara ao exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como manifestación do dereito das mulleres e dos homes á libre configuración do seu tempo, promoverase a corresponsabilidade a través do repartimento entre mulleres e homes das obrigas familiares, das tarefas domésticas e do coidado de persoas dependentes mediante a individualización dos dereitos e o fomento da súa asunción por parte dos homes e a prohibición de discriminación baseada no seu libre exercicio.

Artigo 6º.-Actuacións de sensibilización da cidadanía e, en particular, das persoas intervenientes nas relacións de emprego.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, realizará actuacións de sensibilización dirixidas, en xeral, á cidadanía e, en particular, á totalidade das persoas intervenientes nas relacións de emprego.

2. Estas actuacións terán como finalidade difundir o dereito das traballadoras e dos traballadores a un tratamento en igualdade de oportunidades, contrarias ao acoso e ao acoso sexual, fomentando unha actitude solidaria coas vítimas e de rexeitamento moral aos agresores, para o que executará e colaborará no que sexa requirido nas actuacións de sensibilización que fagan outros departamentos da Xunta de Galicia.

Capítulo II. Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo

Artigo 7º.- Unidade Administrativa de Igualdade[2]

A Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, que terá como mínimo a categoría de servizo, estará coordinada co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Esta unidade estará dotada de persoal funcionario ou laboral con experiencia e formación acreditadas en materia de igualdade entre mulleres e homes

Artigo 8º.-Funcións.

A Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo terá, como órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito do citado departamento, as seguintes funcións:

1.ª) Asesorar en materia de xénero a calquera órgano do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo e facerlle recomendacións por propia iniciativa, en especial en canto ás medidas de fomento da creación de empresas ou á contratación de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social, en canto á promoción profesional de mulleres a postos de responsabilidade e en canto a estimular a participación de mulleres en profesións tradicionalmente masculinas, e igualmente a de homes en profesións tradicionalmente femininas.

2.ª) Impulsar e establecer medidas para a participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de traballo dos organismos dependentes do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

3.ª) Favorecer o uso non sexista da linguaxe, tanto escrita como visual ou verbal, na documentación interna e externa do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

4.ª) Deseñar a formación específica en materia de igualdade dirixida ao persoal do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo segundo as funcións de cada posto de traballo e revisar os programas de formación dirixidos ao citado persoal para introducir neles a perspectiva de xénero, favorecendo unha composición equilibrada de participación de alumnas e alumnos e mais a adecuación dos horarios e a localización dos cursos aos dereitos de conciliación.

5.ª) Colaborar na elaboración dos informes de impacto de xénero da normativa emanada do departamento da Administración autonómica

[2] Modificado con efectos a partir do 1 de Xaneiro de 2011 por disp. final 1.2 da Lei 7/2010, do 15 de outubro

competente en materia de traballo, que, consonte a normativa vixente, realizará o departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

6.ª) Revisar as actuacións do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo para valorar o seu impacto de xénero e, de ser o caso, introducir as propostas oportunas.

7.ª) Recibir as estatísticas oficiais elaboradas polas diferentes unidades do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, co obxectivo de impulsar a súa elaboración con datos desagregados por sexo e por outras circunstancias relacionadas co sexo e mais de realizar estudos a partir desas estatísticas coa finalidade de mellorar a igualdade de oportunidades entre os sexos.

8.ª) Propor as medidas necesarias para garantir a efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral, tanto público como privado, de Galicia, en especial respecto da igualdade de retribucións salariais e extrasalariais.

9.ª) Asesorar en materia laboral as empresas para a implantación, a aplicación, o control e a mellora de plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e propor o regulamento onde se establezan os baremos para a concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, así como tramitar os expedientes para a súa concesión.

10.ª) Revisar os convenios colectivos desde a perspectiva de xénero, e no caso de detectar unha cláusula discriminatoria comunicarllo á Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.

11.ª) Organizar, de maneira coordinada coa Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, e en coordinación co departamento competente en materia de igualdade, actividades de formación en igualdade por razón de xénero dirixidas a empresas, organizacións empresariais, representacións unitarias de traballadores e traballadoras e organizacións sindicais.

12.ª) Elaborar, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, guías e manuais de difusión sobre igualdade de oportunidades no ámbito laboral entre mulleres e homes.

13.ª) Prestar o apoio administrativo necesario para o funcionamento do Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais.

14.ª) Elaborar ditames en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, por requirimento xudicial se o requirimento foi dirixido xenericamente ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo e non a un órgano concreto desta.

15.ª) Vixiar o cumprimento desta lei e da totalidade da normativa aplicable en materia de igualdade de oportunidades no ámbito laboral.

16.ª) Facerlle propostas ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo para a concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Para o desenvolvemento desta función, en exercicio das atribucións reguladas na Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e no ámbito de competencias da Consellaría de Traballo, utilizaranse as facultades que, de ser o caso, procedan, recollidas no artigo 27 da Lei 7/2004, do 16 de xullo.

TÍTULO II. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NAS EMPRESAS

Capítulo I. Os plans de igualdade das empresas

Artigo 9º.-Concepto de plans de igualdade das empresas.

Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de terse realizado un diagnóstico da realidade desde a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da empresa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales deben comprender:

1.º) A fixación de obxectivos concretos de igualdade dentro duns prazos de tempo razoables, con especificación de indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificación dos órganos ou das persoas responsables.

2.º) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e na xestión empresarial.

3.º) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e de avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos.

Artigo 10º.-Transparencia na implantación do plan de igualdade.

Sen prexuízo dos sistemas de control interno e de avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos establecidos no plan de igualdade, garantirase a transparencia na súa implantación mediante o acceso de traballadoras e traballadores da empresa e dos organismos públicos con competencias en materia de igualdade e en materia laboral ao contido dos obxectivos e ao seu grao de cumprimento. En todo caso, a empresa, cando facilite os datos solicitados, deberá respectar a intimidade persoal, a privacidade e os demais dereitos fundamentais.

Artigo 11º.-Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade.

1. Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da comunidade autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da comunidade autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da comunidade autónoma.

2. Tamén serán obrigatorios nos termos pactados cando se estableza nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa respecto das empresas incluídas no seu ámbito de aplicación ou nun convenio de empresa de calquera ámbito.

3. O establecemento de plans de igualdade nos termos nos que se implanten e a adopción doutras medidas de promoción da igualdade, incluíndo calquera acción de responsabilidade social, son voluntarios para as demais empresas.

4. As empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando as proposicións presentadas igualen nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

Para eses efectos, os órganos de contratación advertirán desa preferencia nos pregos de cláusulas administrativas particulares, aínda que a ausencia de advertencia non privará do dereito á preferencia na adxudicación, sen prexuízo das responsabilidades nas que se puidese incorrer.

Se a empresa fixese uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación, que, de o contrato resultar de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

Artigo 12º.-Apoio económico e técnico para a implantación

voluntaria de plans de igualdade ou doutras medidas de promoción da igualdade.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo subvencionará a contratación de persoal especializado destinado a asesorar na elaboración dos plans de igualdade.

2. Do mesmo xeito, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo convocará anualmente axudas para as empresas, especialmente dirixidas ás pequenas e ás medianas empresas con limitados recursos económicos, que teñan domicilio social en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, sempre e cando, asemade, contratasen persoal en Galicia, cando concorra algún dos seguintes supostos:

a) Cando a empresa implante dunha maneira voluntaria un plan de igualdade nos termos exixidos para os plans legalmente obrigatorios.

Para estes efectos, enténdese voluntaria a implantación do plan cando a empresa o pactase coa representación legal de traballadores e traballadoras.

b) Cando a empresa implante, en cumprimento de obriga establecida nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa, un plan de igualdade nos termos exixidos para os plans legalmente obrigatorios.

3. Así mesmo, poderanse convocar axudas para a implantación voluntaria ou imposta en convenio colectivo de ámbito superior á empresa de medidas concretas de promoción da igualdade, incluíndo accións de responsabilidade social, en especial a vixilancia da valoración de postos de traballo e da estrutura salarial e extrasalarial.

4. A convocatoria de axudas tomará en consideración, para os efectos de establecer as axudas e as súas contías, o ámbito de implantación do plan de igualdade, e primará aqueles cuxo ámbito se estenda a todos os centros de traballo da empresa, incluíndo, de ser o caso, os centros radicados fóra de Galicia, sen prexuízo de que para cada centro afectado se establezan actuacións concretas diferenciadas.

5. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, exercerá o seu labor de vixilancia e inspección sobre as empresas con axudas públicas para verificar a implantación do plan ou das medidas, e, de non se cumprir, proporase a revogación das axudas e o seu reintegro.

Para estes efectos, as empresas que teñan recibido unha axuda pública para a implantación do plan de igualdade virán obrigadas a elaborar,

anualmente, un informe que poña de manifesto a evolución, durante ese período, da súa implantación.

6. A Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo prestará ou facilitará, segundo a convocatoria, o apoio técnico necesario, inclusive o asesoramento xurídico, para a adopción voluntaria dun plan de igualdade nos termos exixidos para os plans legalmente obrigatorios.

7. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo convocará anualmente axudas que favorezan a eliminación da infrarrepresentación laboral feminina coa finalidade de posibilitar a participación das mulleres nos ámbitos laborais e empresariais tradicionalmente ocupados por homes.

Estas axudas poderán ser solicitadas por empresas que teñan o seu domicilio en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, que tenten corrixir esta situación cando, por propia iniciativa ou tras incluír este obxectivo no seu plan de igualdade, precisen abordar a adecuación dos seus medios materiais á consecución del.

As empresas solicitantes contarán, no momento da solicitude, cun máximo do 10% de mulleres no seu cadro de persoal e deberán asumir o compromiso de incrementar esta porcentaxe.

8. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo promoverá a apertura de liñas de investigación orientadas a adaptar os tempos e os horarios laborais, coa convocatoria de axudas para o efecto.

Capítulo II. A responsabilidade social das empresas en materia de igualdade

Artigo 13º.-Voluntariedade das accións de responsabilidade social das empresas en materia de igualdade.

1. As empresas poderán asumir accións de responsabilidade social coa finalidade de mellorar a situación de igualdade entre as mulleres e os homes.

Estas accións poderán ser asumidas en virtude dunha libre decisión da empresa ou en virtude dun compromiso adquirido coa representación legal de traballadores e traballadoras, con calquera organismo público e, en especial, co departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo ou co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, con asociacións de mulleres ou con

organizacións non gobernamentais implicadas na igualdade de trato entre mulleres e homes, accións de responsabilidade social, a través de medidas económicas, comerciais, laborais, sindicais, asistenciais ou doutra índole, coa finalidade de mellorar a situación de igualdade entre as mulleres e os homes no seu medio social.

2. Malia a voluntariedade das accións de responsabilidade social das empresas en materia de igualdade, cando ao seu abeiro se lles recoñecesen dereitos laborais individuais aos traballadores ou ás traballadoras, eses dereitos serán exixibles como os demais dereitos nacidos do contrato de traballo, e a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá sancionar o seu incumprimento, de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 14º.-Control da publicidade sobre implantación de accións de responsabilidade social das empresas en materia de igualdade.

Se as empresas fixesen uso publicitario da implantación de accións de responsabilidade social en materia de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo ou o departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia poderanlle exixir á empresa a verificación do cumprimento da acción, e de se lles impedir a verificación ou de constatar o seu incumprimento solicitarán xudicialmente o cesamento da publicidade como publicidade enganosa, consonte o establecido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

Artigo 15º.-A promoción da participación das mulleres nos consellos de administración das empresas.

1. As empresas con consellos de administración domiciliadas en Galicia remitiranlle, dentro do mes de xaneiro de cada ano natural, información desagregada por sexos sobre a composición dos seus consellos de administración ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

Calquera outra empresa con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, voluntariamente, poderalle remitir tal información ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

2. Á vista da información obtida, a Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, así que se emita informe preceptivo do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, emitirá unha nota pública favorable ou unha recomendación privada sobre incremento gradual da participación das mulleres nos consellos de

administración.

3. O cumprimento da recomendación será voluntario para as empresas, e de ser asumido como acción de responsabilidade social das empresas en materia de igualdade comunicaráselle á Unidade Administrativa de Igualdade.

Capítulo III. A Marca Galega de Excelencia en Igualdade

Artigo 16º.-Obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

1. A Marca Galega de Excelencia en Igualdade é un distintivo a través do que a Xunta de Galicia lles dá recoñecemento a aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas de igualdade.

2. Poderán optar á cualificación de Marca Galega de Excelencia en Igualdade, para os seus produtos ou para os seus servizos, as empresas, sexan de capital privado ou sexan de capital público, que teñan o seu domicilio en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, sempre e cando, asemade, contratasen persoal en Galicia.

3. Co fin de obter a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, as empresas deberán presentar no departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo un balance sobre os parámetros de igualdade real existente na súa organización e no seu funcionamento con respecto ás relacións de traballo e con respecto á publicidade dos produtos e dos servizos prestados pola empresa.

4. O expediente será tramitado pola Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, que, ademais de cantas outras medidas estime convenientes, lles solicitará un informe ás representantes e aos representantes de traballadores e traballadoras na empresa, ás asociacións empresariais que gocen de capacidade representativa na empresa, aos sindicatos máis representativos e aos sindicatos con implantación notoria na empresa, e outro informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social. Así mesmo, será solicitado informe do Consello Galego de Consumo para os efectos de acreditar o cumprimento do parámetro de igualdade na publicidade non sexista dos produtos ou dos servizos ofertados pola empresa solicitante da cualificación.

5. Así que se teña solicitada toda a devandita información remitiráselle copia do expediente ao departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, que emitirá informe preceptivo.

6. Por proposta da Unidade Administrativa de Igualdade e á vista do

informe emitido polo departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo concederá a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, especificando na resolución os dereitos e as facultades consecuentes á súa obtención e concretando, nos termos do desenvolvemento regulamentario, a contía subvencionada segundo o número 2 do artigo 19º desta lei.

Artigo 17º.-Prohibicións de obtención e revogación da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

1. A Marca Galega de Excelencia en Igualdade non se lle concederá, en ningún caso, a unha empresa sancionada por resolución administrativa ou condenada por sentenza xudicial, nos dous anos anteriores á solicitude, por discriminación no emprego ou por unha publicidade sexista.

2. A Marca Galega de Excelencia en Igualdade será retirada en canto a empresa sexa sancionada en resolución administrativa ou sexa condenada en sentenza xudicial por discriminación no emprego ou por unha publicidade sexista.

Mentres non sexan firmes a resolución administrativa ou a sentenza xudicial, suspenderase necesariamente o procedemento de concesión e, de ser o caso, poderase acordar a suspensión dos dereitos e das facultades inherentes á Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Artigo 18º.-Parámetros de igualdade da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

1. A cualificación de Marca Galega de Excelencia en Igualdade obterase cando se supere a puntuación establecida regulamentariamente en atención á implantación na empresa dos seguintes parámetros de igualdade:

a) A existencia dunha adecuada representación de mulleres na totalidade dos grupos e das categorías profesionais, incluíndo o persoal de alta dirección, ou, noutro caso, a adopción de medidas de acción positiva no acceso ao emprego e na promoción interna en empregos ou en niveis onde as mulleres estean infrarrepresentadas, evitando criterios de promoción ou criterios no caso de igualdade de méritos que resulten discriminatorios para as mulleres.

b) As garantías efectivas da igualdade de retribución.

c) As garantías e as melloras dos dereitos de conciliación de traballadores e traballadoras, incluíndo, de ser o caso, habilitar lugares adecuados de repouso para as traballadoras embarazadas, salas de lactación e gardarías

na empresa, ou apoios económicos para o uso de gardarías.

d) A implantación de medidas de prevención e de sanción adecuada do acoso sexual e do acoso moral por razón de xénero, tomando como modelo, sen prexuízo das necesarias adaptacións á empresa, o regulado nos artigos 47 a 54 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

e) A publicidade non sexista dos produtos e dos servizos da empresa.

f) O establecemento de medidas específicas que garantan a prevención dos riscos laborais das mulleres.

2. A puntuación mínima establecida regulamentariamente referirase separadamente a cada parámetro e, así mesmo, a unha valoración de conxunto.

3. Para obter a subvención establecida na alínea 3 do artigo 16º desta lei, establecerase unha puntuación específica en relación co parámetro da letra d) da alínea anterior, que poderá ser superior á mínima. A puntuación incidirá na contía da subvención.

Artigo 19º.-Dereitos e facultades derivados da obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

A obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade permitirá beneficiarse, sen prexuízo doutras axudas públicas establecidas regulamentariamente, dos seguintes dereitos e facultades no ano natural seguinte á súa obtención:

1. A utilización do logotipo da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, con especificación do ano no que está vixente, no tráfico comercial da empresa, incluída a súa utilización con fins publicitarios.

2. A subvención autonómica, nunha contía de ata un 5% das cotizacións sociais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais a cargo da empresa, cando esta adoptase medidas de prevención e de sanción do acoso e do acoso sexual; subvención que será determinada regulamentariamente en proporción inversa ao tamaño do cadro de persoal das empresas.

3. A preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando as proposicións presentadas igualen nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

Para eses efectos, os órganos de contratación advertirán desa preferencia

nos pregos de cláusulas administrativas particulares, aínda que a ausencia de advertencia non privará do dereito á preferencia na adxudicación, sen prexuízo das responsabilidades nas que se puidese incorrer.

Se a empresa fixese uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación, que, de o contrato resultar de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

Artigo 20º.-Control de execución e renovación do dereito.

1. No mes anterior ao remate do ano natural de vixencia da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, a empresa deberá presentar un balance sobre a mellora ou, polo menos, o mantemento dos parámetros de igualdade valorados na súa concesión. Tal obriga estenderase a todos e cada un dos anos fixados, de ser o caso, na adxudicación do contrato.

A non presentación do balance, a súa defectuosa presentación e o empeoramento dos parámetros de igualdade valorados na súa concesión suporán a revogación das vantaxes obtidas.

Así mesmo, no suposto de variación sobrevida dos parámetros de igualdade, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo poderá solicitar novamente os informes aos que fai referencia a alínea 4 do artigo 16.

2. Se, á vista dese balance, se mellorasen ou, polo menos, se mantivesen os parámetros de igualdade valorados na súa concesión, entenderase renovada a cualificación da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Capítulo IV. A igualdade nas sociedades cooperativas galegas

Artigo 21º.-O principio de igualdade nas sociedades cooperativas galegas.

A Alianza Cooperativa Internacional establece que as cooperativas están baseadas nos valores da autoaxuda, a autorresponsabilidade, a democracia, a igualdade, a equidade e a solidariedade; polo tanto, en consonancia con estes principios e coa consideración de entre eles da igualdade e da non discriminación como valor fundamental, os socios e as socias das sociedades cooperativas galegas teñen as mesmas obrigas e dereitos, produto da aplicación, tanto polos poderes públicos como entre os suxeitos privados, da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

TÍTULO III. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ÁMBITO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA E DAS RELACIÓNS COLECTIVAS DE

TRABALLO

Artigo 22º.-A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.

1. A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, é un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

2. A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, sen prexuízo doutras competencias que lle sexan conferidas pola Xunta de Galicia, polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo ou, de ser o caso, polo departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, ou a través do acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, terá as seguintes competencias:

a) O asesoramento sobre a redacción e a aplicación de cláusulas que promovan a igualdade entre mulleres e homes ou removan discriminacións directas ou indirectas por razón de xénero, asesoramento que lle poderá solicitar calquera asociación empresarial, empresa, sindicato ou representación legal de traballadores e traballadoras que, consonte a lexislación vixente, teñan lexitimación para negociar un convenio colectivo en calquera ámbito negocial.

b) A análise da totalidade dos convenios colectivos depositados no departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo para, de ser o caso, informar a esta sobre a existencia de cláusulas discriminatorias.

c) A organización, coordinada coa Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo e do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas, organizacións empresariais, representacións unitarias de traballadores e traballadoras e organizacións sindicais.

d) A elaboración, con ocasión de calquera proceso electoral, nos ámbitos empresariais e da administración, de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada de mulleres e homes atendendo ao número de mulleres e de homes do censo electoral de empregadores públicos ou empresas privadas.

Artigo 23º.-Composición da Comisión Consultiva Autonómica para a

Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.

A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva estará integrada do xeito que segue:

a) A presidencia, que será desempeñada pola do Consello Galego de Relacións Laborais, dotada de voto de calidade.

b) Tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas con implantación en Galicia.

c) Tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas con implantación en Galicia.

d) Tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero, as cales actuarán con voz pero sen voto, que por proposta da presidencia da comisión consultiva, oído o departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, serán designadas por decisión adoptada por consenso da propia comisión.

En calquera caso, polo menos o 50% do total de persoas compoñentes con dereito ao voto deberán pertencer ao sexo menos representado na poboación laboral activa en Galicia.

Artigo 24º.-Regulamento da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.

A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva dotarase dun regulamento de organización e funcionamento, no que constará o réxime de reunións, que deberán producirse polo menos cunha periodicidade trimestral, e mais de adopción de acordos.

Artigo 25º.-O acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

1. O Consello Galego de Relacións Laborais, no exercicio das súas competencias, promoverá a convocatoria do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, das asociacións empresariais e dos sindicatos máis representativos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia co obxectivo de lograr, consonte o disposto na alínea 3 do artigo 83 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, un acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

2. A consecución do acordo non impedirá que, dentro do primeiro trimestre

de cada ano natural, o Consello Galego de Relacións Laborais convoque as referidas asociacións empresariais e os sindicatos máis representativos coa finalidade de mellorar o seu contido e adaptalo á situación laboral, así como de verificar a súa execución.

3. O Consello Galego de Relacións Laborais elaborará, coa colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, como complemento do acordo, un código orientativo de boas prácticas, ou, se así o decide a súa presidencia, encomendaralles a súa elaboración aos membros sen voto da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.

4. En calquera momento da negociación do acordo ou das súas posteriores revisións poderase solicitar o asesoramento da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, sen prexuízo ademais de que, no acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, se lle atribúan as competencias de interpretación e de aplicación que son características dunha comisión paritaria.

Artigo 26º.-Control de legalidade dos convenios colectivos.

1. No exercicio das competencias de control de legalidade dos convenios colectivos establecidas no artigo 90 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo solicitaralle un informe á Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.

2. A impugnación de oficio dos convenios colectivos que conteñan cláusulas discriminatorias ou que atenten contra o principio de igualdade de oportunidades será realizada polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, de acordo co establecido na lexislación vixente.

3. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo comunicaralle ao departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade toda actuación de oficio sobre impugnación dun convenio colectivo por vulneración do principio de igualdade de oportunidades de mulleres e homes e mais os resultados da actuación, consonte a lexislación vixente.

Artigo 27º.-Fomento da composición equilibrada da representación legal de traballadores e traballadoras de Galicia.

1. A Xunta de Galicia fomentará, sen vulnerar a liberdade sindical, unha composición equilibrada entrambos os sexos na representación legal da

totalidade do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao seu servizo e na representación legal de traballadores e traballadoras de empresas radicadas en Galicia.

2. Para estes efectos, e sen prexuízo doutras actuacións de sensibilización, a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva poderá elaborar, con ocasión de calquera proceso electoral, recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada de mulleres e homes atendendo ao número de mulleres e de homes do censo de cada unidade electoral.

Artigo 28º.-Composición equilibrada da participación institucional dos sindicatos e das asociacións empresariais.

Cada sindicato ou asociación empresarial exercerá os seus dereitos de participación institucional en calquera organismo da Comunidade Autónoma de Galicia conforme criterios de equilibrio entrambos os sexos.

TÍTULO IV. INTEGRACIÓN DA IGUALDADE NA POLÍTICA DE EMPREGO

Artigo 29º.-Integración da igualdade na formación profesional.

No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres.

Artigo 30º.-Actuacións especiais na formación continua.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, dentro do marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, prestaralle atención especialmente á consideración das mulleres como colectivo prioritario no ámbito da formación continua de persoas ocupadas, a través de medidas que faciliten o seu acceso a esta e a través de medidas de apoio, seguimento e control.

2. En particular, incentivarase o acceso das mulleres aos grupos máis cualificados e fomentarase a compensación dos períodos de abandono temporal ou de redución de xornada por traballadores e traballadoras por causa de conciliaren a vida persoal, familiar e laboral.

Artigo 31º.-Políticas activas de emprego dirixidas ás mulleres.

1. No deseño, a planificación e a execución das accións formativas, informativas, orientadoras e de fomento e promoción, o Servizo Galego de Colocación atenderá de forma prioritaria as persoas do sexo con menos presenza na poboación activa de Galicia. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo desenvolverá regulamentariamente os criterios dos programas e as medidas que conforman as políticas activas de emprego para que equiparen os dous sexos no emprego por conta allea e por conta propia.

2. No marco da súa consideración como colectivo prioritario recoñecido no artigo 26 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, as políticas activas de emprego valorarán as circunstancias das mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

3. As políticas activas de emprego en Galicia terán en conta de xeito prioritario a situación das mulleres do medio rural e das mulleres do sector marítimo-pesqueiro, para as que se implantarán programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral.

Artigo 32º.-Medidas de acción positiva nas actividades de formación.

1. En calquera das actividades formativas de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa poderanse convocar exclusivamente mulleres ou prever na convocatoria unha maioría de mulleres, e, en todo caso, a totalidade das actividades formativas deberán incluír unha porcentaxe de mulleres equivalente á de mulleres desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego do ámbito sectorial da correspondente actuación.

2. Procederase do mesmo xeito que na alínea anterior nas actividades formativas destinadas cara ao autoemprego, a creación de empresas, as cooperativas ou a mellora empresarial.

Artigo 33º.-Contidos obrigatorios nas actividades de formación.

1. Na totalidade das actividades formativas de formación profesional, ocupacional e continua ou de inserción laboral activa financiadas polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas.

2. A contratación do profesorado dos módulos de igualdade de oportunidades e de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, que estará acreditado, nos termos establecidos regulamentariamente, polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, será subvencionada por este, nos termos regulamentarios establecidos, na contía íntegra dos custos salariais e das cotizacións por continxencias comúns.

Artigo 34º.-Medidas de conciliación nas actividades de formación.

1. Os centros públicos destinados a impartiren actividades formativas de carácter ocupacional e continua procurarán que o alumnado dispoña, nas súas instalacións ou en instalacións concertadas dentro dunha área de cincocentos metros do local onde se imparte a actividade, dun servizo de gardaría con comedor e dunha sala de lactación, dirixidos á atención dos seus fillos/fillas ou menores acollidos/acollidas ou conviventes menores de tres anos.

No caso de centros privados acreditados para a formación, de cara á súa adaptación ás mesmas condicións que no caso dos centros públicos, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo apoiará economicamente, nos termos que serán establecidos regulamentariamente, aqueles centros que promovesen a posta en marcha das condicións materiais e persoais necesarias para lle facilitar ao alumnado os coidados dos e das menores de tres anos ao seu cargo.

Nos mesmos termos actuarase con respecto ao alumnado que ten persoas dependentes ao seu cargo.

2. Os centros acreditados para actividades formativas procurarán adecuar a localización do lugar onde se fosen realizar estas actividades e os seus horarios ás necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e formativa do alumnado ao que fosen dirixidas.

Artigo 35º.-Integración da igualdade na intermediación laboral.

1. No desempeño das funcións de intermediación laboral previstas lexislativamente, o Servizo Galego de Colocación e as axencias de colocación velarán pola efectiva aplicación do principio de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego, sen prexuízo da adopción de medidas de acción positiva para favorecer o acceso ao emprego do sexo menos representado na poboación activa de Galicia.

2. A autoridade laboral vixiará a observancia deses principios nas actividades de selección de persoal e de prestamismo laboral, a través das oportunas actuacións autonómicas de incentivo, seguimento, control e sanción.

Artigo 36º.-Visibilización e valorización de actividades feminizadas.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, a través do Instituto Galego das Cualificacións e coa colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, promoverá a revisión e a mellora da lista de cualificacións profesionais, incorporando a perspectiva de xénero co obxecto de incluír como profesións actividades feminizadas realizadas sen remuneración nin recoñecemento profesional, ademais de deseñar os perfís profesionais de actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades.

2. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, coa colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, desenvolverá actuacións tendentes á detección e á erradicación, naquelas actividades feminizadas, de situacións de economía somerxida e/ou irregulares.

3. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo elaborará unha conta satélite onde se cuantificará o valor económico do traballo doméstico, de coidados e comunitario realizado por mulleres e homes, e daralle á citada cuantificación económica a debida publicidade social.

Artigo 37º.-O Plan galego de emprego feminino.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo elaborará un documento único que se denominará Plan galego de emprego feminino, coas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres.

2. O Plan galego de emprego feminino considerará especialmente a participación das mulleres rurais e do sector marítimo-pesqueiro nun desenvolvemento sustentable.

3. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo coordinará o Plan galego de emprego feminino co Plan de emprego do Reino de España, procurando a complementariedade das medidas de fomento do emprego feminino tanto estatais como autonómicas.

4. O Plan de emprego feminino establecerá medidas de formación e orientación profesional, fomento do emprego de cara á mellora da empregabilidade e o autoemprego.

5. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, coa colaboración do departamento da Administración

autonómica competente en materia de igualdade, coordinará cos concellos de Galicia e a través do Plan galego de emprego feminino medidas de orientación e formación, o que se desenvolverá regulamentariamente.

Artigo 38º.-O fomento do empresariado feminino.

1. O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo poderá incluír nas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres accións positivas e actuacións de discriminación positiva dirixidas á equiparación de ambos os sexos no emprego por conta propia.

2. As actuacións dirixidas ao fomento do empresariado feminino desenvolveranse regulamentariamente en relación, de ser o caso, cos seguintes aspectos: formación empresarial, axudas económicas para a creación de empresa, servizos de asesoramento empresarial, servizos de titoría na creación e mellora de empresa, apoio á constitución de redes empresariais, fomento da participación nas canles de promoción, publicidade e comercialización de servizos e produtos.

3. No desenvolvemento regulamentario das medidas dirixidas ao fomento do empresariado feminino teranse en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social ás que se refire a disposición adicional sexta desta lei e mais as mulleres emprendedoras do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

12. LEI 7/2004, DO 16 DE XULLO, GALEGA PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES: TÍTULOS PRELIMINAR E II.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

LEI 7/2004, DO 16 DE XULLO, GALEGA PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES: TÍTULOS PRELIMINAR E II.[1]

TÍTULO PRELIMINAR

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxectivo de eliminación da discriminación de xénero.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia reforza, a través desta lei, o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

2. A Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado pola Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, do Parlamento galego, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres.

Artigo 2º.-Concepto de discriminacións directas e indirectas.

Buscarase a eliminación absoluta das discriminacións directas e indirectas. Para os efectos desta lei, existirá discriminación directa cando unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada de xeito menos favorable ca outra en situación análoga por razón de sexo, e existirá discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutra lle poida ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto doutras por razón de sexo, salvo que se poidan xustificar obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade sexan adecuados e lexítimos.

Artigo 3º.-O dereito á maternidade.

A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres.

[1] DO Galicia, 3 agosto 2004, n. 149.

Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres.

Artigo 4º.-Accións positivas.

1. Co efecto de promocionar a igualdade entre mulleres e homes, non se considerarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que, en ningún caso, estas medidas poidan supoñer, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas.

2. As medidas de acción positiva manteranse mentres non estean plenamente acadados os obxectivos de igualdade de oportunidades.

Artigo 5º.-Obxectivo de erradicación dos prexuízos de xénero.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia adoptará as medidas apropiadas para modificar os patróns socioculturais de conduta de mulleres e de homes, con miras a acadar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de mulleres e de homes.

2. Fomentarase a comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentando outros efectos positivos.

3. Adoptaranse idénticas actuacións de fomento da súa comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares que, polas súas dependencias, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes.

4. Estas medidas irán acompañadas dos oportunos programas e consignacións orzamentarias para que todas as cargas doméstico-familiares sexan obxecto de corresponsabilidade familiar e reciban a protección económica e social correspondente.

Capítulo II. O principio de transversalidade

Artigo 6º.-Significado da transversalidade e criterios de actuación.

1. Coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

2. Na aplicación dese principio de integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións da súa competencia, ou principio de transversalidade, a Xunta de Galicia establece como criterios xerais da súa actuación:

a) O fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátese de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátese de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentarase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres.

A colaboración tamén se fomentará no eido das relacións entre os diversos organismos administrativos integrados na Xunta de Galicia.

b) A consecución da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social, buscando, en especial, a supresión das diferenzas salariais por razón de sexo e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea.

c) A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e dos homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación.

d) O fomento dunha participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres.

e) A garantía da dignidade das mulleres e dos homes, con especial incidencia na adopción de accións tendentes á erradicación de todas as formas de violencia de xénero -violencia doméstica, delitos sexuais, acoso sexual, explotación sexual-.

f) A garantía do exercicio dos dereitos das mulleres, a través, entre outras medidas, da difusión de información sobre a igualdade de oportunidades e da colaboración cos órganos xudiciais cando proceda segundo a lexislación.

Artigo 7º.-Informe sobre o impacto de xénero na elaboración das leis.

Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión

parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso.

Artigo 8º.-Informe sobre o impacto de xénero na elaboración dos regulamentos.

1. Os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén exixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. O dito informe non será vinculante.

TÍTULO II. AS CONDICIÓNS DE EMPREGO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA

Capítulo I. O acceso ao emprego público galego

Artigo 34º.-Fomento da composición equilibrada do persoal.

1. A Administración pública galega fomentará, a través das medidas contidas nos seguintes artigos deste capítulo, a composición equilibrada entre os sexos do persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao seu servizo, tanto a nivel global coma a nivel de cada corpo, escala, grupo ou categoría.

2. A Xunta de Galicia fomentará, en especial, o acceso das mulleres aos postos de grao superior, e, para estes efectos, as medidas contidas nos seguintes artigos deste capítulo aplicaranse tamén nas probas de promoción interna.

Artigo 35º.-O control das ofertas de emprego público.

Con anterioridade a calquera oferta de emprego público analizarase se os requisitos esixidos aos aspirantes determinan -todos ou algún- un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino, e, de ser así, realizaranse valoracións técnicas a cargo de persoal especializado das prazas de funcionarios e funcionarias e/ou dos postos de traballadores e traballadoras coa finalidade de comprobar se eses requisitos son absolutamente necesarios para o desenvolvemento das funcións. Se non o fosen, serán eliminados na oferta pública de emprego.

Artigo 36º.-Composición paritaria de tribunais examinadores.[2]

1. A composición dos tribunais de selección do persoal da Administración pública galega será paritaria para o conxunto da oferta pública de

[2] Modificado por disp. adic. 1.2.2 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.

emprego, tanto se se trata de acceso ao emprego como se se trata de promoción interna. Para iso, na designación atribuída á Administración pública galega, garantirase a paridade entre mulleres e homes, ou, se fose impar o número que hai que designar, con diferenza de un entrambos os sexos. Idénticas exixencias aplicaranse na designación atribuída a cada instancia diferente á Administración pública galega.

2. Se, aínda seguindo as anteriores exixencias, a paridade non se acada no cómputo total das/dos membros do tribunal, convocaranse todas as instancias con dereito á designación e, de non haber acordo, elixirase aleatoriamente un número de membros do sexo máis designado suficiente para alcanzar a paridade, que serán substituídos por membros do outro sexo. Feita a elección, terase por persoas non designadas as que fosen elixidas, e as que fixeron a designación designarán membros do outro sexo

Artigo 37º.-Actuacións especiais en casos de infrarrepresentación.

1. Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir o home.

2. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

Artigo 37º bis.-Accións positivas nas actividades formativas[3]

Nos cursos, nas xornadas ou noutras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase un cincuenta por cen das prazas para mulleres que reúnan os requisitos exixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houbese suficientes solicitudes de participación das mulleres

Artigo 38º.-Promoción do exercicio de dereitos de conciliación.

Cando as probas de promoción interna comprendan a valoración de méritos dos candidatos e das candidatas establecerase ao seu favor que, sexan mulleres ou sexan homes, estean utilizando ou utilizasen, nos últimos cinco anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares,

[3] Engadido por disp. adic. 1.2.3 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.

unha puntuación específica que se graduará en función do tempo utilizado no exercicio deses dereitos.

Capítulo II. A igualdade retributiva no emprego público

Artigo 39º.-Garantías de efectividade da igualdade retributiva.

1. A Administración pública galega garantirá a igualdade de retribucións salariais e extrasalariais entre mulleres e homes no ámbito do emprego público para satisfacer o principio de igual retribución por traballo de igual valor.

2. Para acadar unha plena eficacia do principio de igual retribución por traballo de igual valor realizaranse valoracións técnicas a cargo de persoal especializado das prazas de funcionarios e funcionarias e/ou dos postos de traballadores e traballadoras cando nos corpos, escalas, grupos ou categorías obxecto de comparación se observe nun a predominancia de mulleres e noutro a predominancia de homes.

3. Enténdese a existencia de predominancia, para os efectos do anterior apartado, cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

4. Tamén se realizarán as ditas valoracións técnicas cando, polas circunstancias concorrentes, se aprecie unha aparencia de discriminación por razón de sexo.

Artigo 40º.-A valoración excepcional do esforzo físico.

Unicamente se considerará o esforzo físico como elemento xustificador dunha partida retributiva se se trata dun elemento determinante absoluto na configuración dunha praza ou dun posto ou, de tratarse dun elemento esencial, se, a través doutros elementos neutros, se compensa a diferenza retributiva.

Capítulo III. Os dereitos de conciliación do emprego e da vida familiar

Artigo 41º.-Garantías do exercicio dos dereitos de conciliación.

A Administración pública galega garantirá o exercicio polo persoal ao seu servizo dos dereitos de conciliación recoñecidos na normativa aplicable, incluídas as melloras recoñecidas nos seguintes artigos deste capítulo, e, para estes efectos, realizaranse campañas de concienciación tendentes á valoración positiva do persoal ao seu servizo que exercite eses dereitos de conciliación.

Artigo 42º.-Complemento das prestacións por risco durante o embarazo ou por maternidade.[4]

A Administración pública galega, por medio das axudas que se establezan, recoñécelle ao persoal ao seu servizo o complemento ata o cen por cen da base reguladora do subsidio económico por risco durante o embarazo, e recoñéceo aínda que a traballadora non reunise as exixencias para acceder ao subsidio económico de risco durante o embarazo.

Así mesmo, e aínda que a traballadora non reunise as exixencias para acceder ao subsidio económico por maternidade, garantirase a percepción do cen por cen da súa base reguladora durante o período das seis semanas desde o nacemento do fillo ou da filla.

Artigo 42º bis.-Permiso retribuído para asistir e para acompañar a tratamentos de fecundación asistida e mais para acompañar a exames prenatais e a técnicas de preparación ao parto.[5]

1. A Administración pública galega recoñécelle ao persoal ao seu servizo un permiso retribuído para tratamentos de fecundación asistida polo tempo necesario para a súa práctica, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo. Se fose necesario un desprazamento, o permiso será de dous días.

2. Así mesmo, recoñécese un permiso retribuído a favor de homes e mulleres ao servizo da Xunta de Galicia para acompañar a súa cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade a tratamentos de fecundación asistida, a exames prenatais e a técnicas de preparación ao parto, en idénticos termos e condicións de exercicio que os previstos para estes permisos».

Artigo 42º ter.-Crédito de horas substitutivo do permiso de lactación.[6]

1. O permiso de lactación recoñecido, nas normas aplicables correspondentes, ao persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo da Xunta de Galicia poderá ser aproveitado, por elección da persoa interesada, como crédito de horas para utilizar libremente durante o primeiro ano de vida do ou da acabada de nacer, podéndose aproveitar o crédito de horas de maneira separada ou de maneira acumulada en calquera momento dentro dese primeiro ano de vida do ou da acabada de nacer.

[4]Modificado por disp. adic. 1.2.4 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.
[5]Engadido por disp. adic. 1.2.5 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.
[6]Engadido por disp. adic. 1.2.6 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.

2. A cantidade de horas incluídas no crédito será o resultado de contabilizar o total de horas ás que a persoa interesada tería dereito se dispuxese do permiso de lactación, na súa modalidade dunha hora de ausencia, nas normas aplicables correspondentes. Se o pai e a nai ou, se é o caso, os pais ou as nais fosen persoal da Administración pública galega, a acumulación realizarase para cada solicitante segundo o seu correspondente permiso.

3. No suposto de adopción ou acollida preadoptiva ou permanente as referencias ao primeiro ano de vida na regulación do permiso de lactación entenderanse referidas ao primeiro ano contando desde a resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollida preadoptiva ou permanente».

Artigo 42º quater.-Salas de repouso e salas de lactación.[7]

1. A Administración pública galega facilitará que as traballadoras embarazadas e as nais lactantes teñan a posibilidade de descansar tombadas en lugar apropiado, así como de lactar o seu fillo ou filla con tranquilidade.

2. As mesmas condicións deberanse dar no caso de lactación artificial por parte de pais ou nais

Artigo 43º.- Dereito das mulleres xestantes a elixir o período de vacacións e preferencias derivadas da existencia de responsabilidades familiares.[8]

A Administración pública galega recoñece o dereito á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes ao seu servizo, podendo mesmo elixilo dentro do ano seguinte ao devengo do dereito ás vacacións se o seu aproveitamento se realiza inmediatamente despois do uso da licenza de maternidade.

Así mesmo, recoñéceselles a preferencia de elección ás mulleres e aos homes con fillas e fillos menores de doce anos ou maiores dependentes ao seu coidado.

Artigo 44º.-Flexibilización de xornada por motivos familiares.[9]

1. Todo o persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao servizo da Administración pública galega con fillos/fillas ou acollidos/acollidas menores de doce anos, ou con familiares convivintes que, por enfermidade ou por avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, poderá solicitar, e concederáselles se as necesidades do

[7] Engadido por disp. adic. 1.2.7 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.
[8] Modificado por disp. adic. 1.2.8 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.
[9] Modificado por disp. adic. 1.2.9da Lei 2/2007 de 28 de marzo.

servizo o permitisen, a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia, determinado en cada caso, por petición da persoa interesada e oída a representación legal do persoal, pola dirección de persoal da unidade administrativa ou do centro de traballo. A decisión, se as necesidades do servizo o permitisen, recoñecerá o máis amplo horario diario de referencia posible. Dentro do horario diario de referencia establecido, a persoa interesada poderá cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade, sempre que, en cómputo mensual, resulten cumpridas todas as horas mensuais de traballo aplicables.

2. Idéntico dereito terá quen, sexa home ou muller, se atope en proceso de nulidade, separación ou divorcio desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión do interesado/interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, se é o caso, desde a citada solicitude.

Artigo 45º.-Preferencia en cursos formativos autonómicos.

Quen, sexa muller ou home, estea utilizando ou utilizase, nos últimos dous anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares terá un dereito preferente a participar nos cursos formativos organizados pola Administración pública galega.

Artigo 46º.-O permiso de paternidade.[10]

1. A Administración pública galega recoñece un permiso retribuído a favor dos proxenitores varóns empregados ao seu servizo, sexa cal sexa a situación laboral da nai, coa duración de oito días naturais, ou dez se o parto é múltiple, que se computarán desde o nacemento do fillo ou da filla, a adopción ou o acollemento preadoptivo ou permanente. O dito permiso será acumulable a calquera outro dereito recoñecido na normativa aplicable, inclusive o permiso de nacemento de fillo ou filla, e, se ambos se acumulasen, o de paternidade computarase desde a finalización do permiso de nacemento do fillo ou da filla.

2. O pai non terá dereito ao permiso se os proxenitores non estivesen casados nin estivesen unidos de feito en análoga relación de afectividade, ou se non se lle recoñeceu, en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio iniciado antes da utilización do permiso, a garda do fillo ou da filla que acaba de nacer. En todos eses casos, a nai, se fose persoal ao servizo de Administración pública galega, poderá utilizar, sexa cal sexa a situación laboral do pai, este permiso, con carácter ininterrompido desde a finalización da licenza de maternidade. Tamén poderá utilizalo, en iguais termos, se o pai falecese antes da utilización íntegra do dito permiso ou se a filiación paterna non estivese determinada.

[10] Art. derogado pola disp. derog. da Lei 13/2007 de 27 de xullo.

Artigo 46º bis.-Permiso por enfermidade grave.[11]

A Administración pública galega recoñece o dereito do persoal ao seu servizo con fillos/fillas, acollidos/acollidas ou conviventes menores de idade, ou con familiares que, polas súas enfermidades ou pola súa avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas, a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días nos supostos de accidente moi grave ou enfermidade moi grave do ou da menor de idade ou do ou da familiar convivente. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada».

Capítulo IV. As medidas de prevención e de sanción do acoso sexual

Artigo 47º.-Definición de acoso sexual e o seu carácter discriminatorio.

A Administración pública galega comprométese na erradicación, dentro do persoal ao seu servizo, do acoso sexual, e, para os efectos desta lei, este defínese como calquera comportamento de contido sexual do que o autor ou autora sabe ou debe saber que é ofensivo para a vítima. O acoso sexual considérase, en todo caso, como unha discriminación por razón de sexo ou xénero.

Artigo 48º.-Medidas de prevención do acoso sexual.

Para previr o acoso sexual adoptaranse as seguintes medidas:

a) A elaboración dunha declaración de principios.

b) O establecemento dun procedemento informal de solución.

Artigo 49º.-A declaración de principios.

Na declaración de principios constarán os seguintes extremos:

a) A ratificación do compromiso de tolerancia cero na loita contra o acoso sexual.

b) A definición do acoso sexual a través de exemplos de doada comprensión.

c) A lembranza a todo o persoal do deber de respectar a dignidade da persoa.

[11] Engadido por disp. adic. 1.2.12 da Lei 2/2007 de 28 de marzo

d) A explicación do procedemento informal de solución.

e) A identificación, en cada unidade administrativa ou en cada centro de traballo, do asesor ou asesora confidencial.

f) A garantía dun tratamento serio e confidencial das denuncias formais.

g) A información da garantía de debida protección de quen denuncie e de quen testemuñe, salvo se se evidenciase a súa mala fe.

h) A información das posibles sancións disciplinarias derivadas do acoso sexual.

Artigo 49º bis. Publicidade da declaración de principios.[12]

Sen prexuízo da publicidade adicional que resultase conveniente á finalidade de prevención do acoso sexual, a declaración de principios será publicada no taboleiro de anuncios de cada centro de traballo e unidade administrativa, na que se identificará o asesor ou a asesora confidencial que exercerá as súas funcións no concreto centro ou unidade»

Artigo 50º.-O procedemento informal de solución.

1. Para a tramitación do procedemento informal de solución, a dirección de persoal de cada unidade administrativa ou de cada centro de traballo, logo de audiencia da representación legal de persoal ao seu mando, designará un asesor ou asesora confidencial, preferiblemente unha muller, e pode nomearse como asesor ou asesora confidencial o delegado ou delegada de prevención de riscos laborais.

2. Recibirá o asesor ou asesora confidencial, en todo caso, unha axeitada formación continua, e o tempo de formación deberá asimilarse a tempo de traballo.

3. As súas funcións consistirán en recibir as queixas de acoso sexual e, se os feitos non revestisen caracteres de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do ministerio fiscal, entrará en contacto, de xeito confidencial, coa persoa denunciada, só ou en compaña da persoa denunciante, por elección desta, para manifestarlle a existencia dunha queixa sobre a súa conduta e as responsabilidades disciplinarias nas que, de ser certas e de reiterarse as condutas denunciadas, a persoa denunciada podería incorrer.

4. Se os feitos revestisen caracteres de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do ministerio fiscal, poñerá a queixa en

[12] Engadido por disp. adic. 1.2.13 da Lei 2/2007 de 28 de marzo.

coñecemento do órgano competente para incoar o procedemento disciplinario administrativo.

5. Ademais das funcións de tramitación dos procedementos informais de solución, o asesor ou asesora confidencial poderá propoñerlle á dirección do centro as recomendacións oportunas para unha mellor prevención do acoso sexual, e a dirección debe asumir as propostas axeitadas ao marco normativo vixente.

6. Garantirase, en todo caso, a debida protección do asesor ou asesora confidencial fronte ás represalias derivadas do exercicio de calquera das súas funcións.

Artigo 51º.-O procedemento disciplinario.

1. Se a persoa denunciante non se considera satisfeita na solución acadada no procedemento informal, ben por entender insuficientes as explicacións ofrecidas ou ben por producirse reiteración nas condutas denunciadas, se non considerou aconsellable acudir ao procedemento informal de solución ou, en todo caso, se os feitos revestisen caracteres de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do ministerio fiscal, incoarase un procedemento disciplinario contra a persoa denunciada, que se tramitará segundo as normas aplicables para a imposición de sancións moi graves ao persoal funcionario ou ao persoal laboral, sen prexuízo, se os feitos revestisen caracteres de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do ministerio fiscal, de lle comunicar os feitos ao xulgado de instrucción ou ao ministerio fiscal.

2. No caso de comunicación dos feitos ao xulgado de instrución ou ao ministerio fiscal, e no caso de se seguiren actuacións penais por instancia da persoa denunciante, paralizarase o procedemento disciplinario contra a persoa denunciada en tanto non recaia sentenza xudicial ou auto xudicial de sobresemento firme ou, se non hai actuación xudicial, en tanto non decrete o arquivo o ministerio fiscal.

3. A denuncia poderase formalizar ante o asesor ou asesora confidencial, quen a poñerá en coñecemento do órgano competente para incoar o procedemento disciplinario.

4. En todo caso, garantirase a confidencialidade das partes implicadas durante a tramitación do procedemento disciplinario e a debida protección dos que denuncien ou testemuñen, salvo se se evidenciase a súa mala fe.

Artigo 52º.-Infraccións disciplinarias.

1. Para sancionar o acoso sexual, se resultase acreditado logo de tramitación do procedemento disciplinario contra a persoa denunciada,

impoñeráselle a esta, de acordo coa gravidade do feito e coas demais circunstancias concorrentes, a sanción grave ou moi grave, en atención ao principio de proporcionalidade, establecida na normativa funcionarial, estatutaria ou laboral aplicable.

2. Considerararanse, en todo caso, como incumprimentos moi graves do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Xunta de Galicia:

a) A chantaxe sexual, isto é, o condicionamento do acceso do emprego, dunha condición de emprego ou do mantemento do emprego, á aceptación, pola vítima, dun favor de contido sexual, aínda que a ameaza explícita ou implícita nese condicionamento non se chegue a cumprir de xeito efectivo.

b) O acoso ambiental, isto é, a creación dun contorno laboral intimidatorio, hostil ou humillante de contido sexual, cando, pola gravidade do feito e das demais circunstancias concorrentes, mereza, en atención ao principio de proporcionalidade, a consideración de incumprimento moi grave.

c) A reiteración das condutas ofensivas despois de que a vítima utilizase o procedemento informal de solución establecido no artigo 50 desta lei.

d) Os feitos constitutivos de delito despois de se ditar sentenza xudicial condenatoria do denunciado, sen que se poida vulnerar o principio de non bis in idem.

3. Nos demais casos, o incumprimento será merecedor dunha sanción grave.

Capítulo V. A erradicación do acoso moral por razón de xénero

Artigo 53º.-Definición de acoso moral por razón de xénero.

A Administración pública galega comprométese na erradicación, dentro do persoal ao seu servizo, do acoso moral por razón de xénero, e, para os efectos desta lei, este defínese como calquera acción ou omisión relacionada co xénero e, en especial, coas situacións de maternidade ou de asunción doutras cargas familiares que teñan como finalidade ou como consecuencia atentar contra a dignidade da persoa, sexa muller ou home, a través da creación dun contorno intimidatorio, hostil, humillante ou ofensivo.

Artigo 54º.-Garantías da erradicación do acoso moral.

1. Quen realice actos de acoso moral por razón de xénero ou quen imparta ordes tendentes á súa realización incorrerá na responsabilidade disciplinaria derivada dun acto discriminatorio por razón de sexo.

2. Poderá voluntariamente acudir a persoa denunciante ao procedemento informal establecido, para a prevención do acoso sexual, no artigo 50 desta lei.

3. As denuncias non lle supoñerán, nin a quen denuncie nin a quen testemuñe, efectos prexudiciais, salvo se se evidenciase unha mala fe na denuncia ou no testemuño.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

13. TRATADO DA UNIÓN EUROPEA: TÍTULOS I A III.

Data de actualización 26 de xullo de 2011

TRATADO DA UNIÓN EUROPEA: TÍTULOS I A III

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 1

Polo presente tratado, as Altas Partes contratantes constitúen entre si unha Unión Europea, a partir deste momento denominada «Unión», á que os Estados membros lle atribúen competencias para alcanzar os seus obxectivos comúns.

O presente tratado constitúe unha nova etapa no proceso creador dunha unión cada vez máis estreita entre os pobos de Europa, na cal as decisións serán tomadas da forma máis aberta e próxima aos cidadáns que sexa posible.

A Unión fundaméntase no presente tratado e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea (a partir deste momento, denominados «os tratados»). Ambos os dous tratados teñen o mesmo valor xurídico. A Unión substituirá e sucederá a Comunidade Europea.

Artigo 2

A Unión fundaméntase nos valores de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de Dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías. Estes valores son comúns aos Estados membros nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes.

Artigo 3

1. A Unión ten como finalidade promover a paz, os seus valores e o benestar dos seus pobos.

2. A Unión ofreceralles aos seus cidadáns un espazo de liberdade, seguridade e xustiza sen fronteiras interiores, no que estea garantida a libre circulación de persoas, conxuntamente con medidas adecuadas en materia de control das fronteiras exteriores, asilo, inmigración e de prevención e loita contra a delincuencia.

3. A Unión establecerá un mercado interior. Obrará a prol do desenvolvemento sustentable de Europa baseado nun crecemento económico equilibrado e na estabilidade dos prezos, nunha economía social de mercado altamente competitiva, tendente ao pleno emprego e

ao progreso social e nun nivel elevado de protección e mellora da calidade do medio. Así mesmo, promoverá o progreso científico e técnico.

A Unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a xustiza e a protección sociais, a igualdade entre mulleres e homes, a solidariedade entre as xeracións e a protección dos dereitos do neno.

A Unión fomentará a cohesión económica, social e territorial e a solidariedade entre os Estados membros.

A Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística e velará pola conservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural europeo.

4. A Unión establecerá unha unión económica e monetaria cuxa moeda é o euro.

5. Nas súas relacións co resto do mundo, a Unión afirmará e promoverá os seus valores e intereses e contribuirá á protección dos seus cidadáns. Contribuirá á paz, á seguridade, ao desenvolvemento sustentable do planeta, á solidariedade e ao respecto mutuo entre os pobos, ao comercio libre e xusto, á erradicación da pobreza e á protección dos dereitos humanos, especialmente os dereitos do neno, así como ao estrito respecto e ao desenvolvemento do dereito internacional, en particular o respecto dos principios da Carta das Nacións Unidas.

6. A Unión perseguirá os seus obxectivos polos medios apropiados, de acordo coas competencias que se lle atribúen nos tratados.

Artigo 4

1. De conformidade co disposto no artigo 5, toda competencia non atribuída á Unión nos tratados correspóndelles aos Estados membros.

2. A Unión respectará a igualdade dos Estados membros ante os tratados, así como a súa identidade nacional, inherente ás estruturas fundamentais políticas e constitucionais destes, tamén no referente á autonomía local e rexional. Respectará as funcións esenciais do Estado, especialmente as que teñen por obxecto garantir a súa integridade territorial, manter a orde pública e salvagardar a seguridade nacional. En particular, a seguridade nacional seguirá sendo responsabilidade exclusiva de cada Estado membro.

3. Conforme ao principio de cooperación leal, a Unión e os Estados membros respectaranse e asistiranse mutuamente no cumprimento das misións derivadas dos tratados.

Os Estados membros adoptarán todas as medidas xerais ou particulares apropiadas para asegurar o cumprimento das obrigas derivadas dos tratados ou resultantes dos actos das institucións da Unión.

Os Estados membros axudaranlle á Unión no cumprimento da súa misión e absteranse de toda medida que poida poñer en perigo a consecución dos obxectivos da Unión.

Artigo 5

1. A delimitación das competencias da Unión réxese polo principio de atribución. O exercicio das competencias da Unión réxese polos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

2. En virtude do principio de atribución, a Unión actúa dentro dos límites das competencias que lle atribúen os Estados membros nos tratados para lograr os obxectivos que estes determinan. Toda competencia non atribuída á Unión nos tratados correspóndelles aos Estados membros.

3. En virtude do principio de subsidiariedade, nos ámbitos que non sexan da súa competencia exclusiva, a Unión intervirá só en caso de que, e na medida en que, os obxectivos da acción pretendida non poidan ser alcanzados de xeito suficiente polos Estados membros, nin no ámbito central nin no ámbito rexional e local, senón que poidan alcanzarse mellor, debido á dimensión ou aos efectos da acción pretendida, a escala da Unión.

As institucións da Unión aplicarán o principio de subsidiariedade, de conformidade co Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade. Os parlamentos nacionais velarán polo respecto do principio de subsidiariedade, conforme ao procedemento establecido no mencionado protocolo.

4. En virtude do principio de proporcionalidade, o contido e a forma da acción da Unión non excederán do necesario para alcanzar os obxectivos dos tratados.

As institucións da Unión aplicarán o principio de proporcionalidade, de conformidade co Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

Artigo 6

1. A Unión recoñece os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 7 de decembro de 2000, tal como foi adaptada o 12 de decembro de 2007 en Estrasburgo, que terá o mesmo valor xurídico que os tratados. As disposicións da Carta

non ampliarán en modo ningún as competencias da Unión tal como se definen nos tratados.

Os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta interpretaranse conforme ás disposicións xerais do título VII da Carta polas que se rexe a súa interpretación e aplicación e teranse debidamente en conta as explicacións a que se fai referencia na Carta, que indican as fontes das devanditas disposicións.

2. A Unión adherirase ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais. Esta adhesión non modificará as competencias da Unión que se definen nos tratados.

3. Os dereitos fundamentais que garante o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e os que son froito das tradicións constitucionais comúns aos Estados membros formarán parte do dereito da Unión como principios xerais.

Artigo 7

1. A proposta motivada dun terzo dos Estados membros, do Parlamento Europeo ou da Comisión, o Consello, por maioría de catro quintos dos seus membros e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá constatar a existencia dun risco claro de violación grave por parte dun Estado membro dos valores considerados no artigo 2. Antes de proceder a esta constatación, o Consello oirá o Estado membro de que se trate e polo mesmo procedemento poderá dirixirlle recomendacións.

O Consello comprobará de xeito periódico se os motivos que levaron a tal constatación seguen sendo válidos.

2. O Consello Europeo, por unanimidade e por proposta dun terzo dos Estados membros ou da Comisión e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá constatar a existencia dunha violación grave e persistente por parte dun Estado membro dos valores considerados no artigo 2, tras invitar o Estado membro de que se trate a que presente as súas observacións.

3. Cando se efectúe a constatación contemplada no punto 2, o Consello poderá decidir, por maioría cualificada, que se suspendan determinados dereitos derivados da aplicación dos tratados ao Estado membro de que se trate, incluídos os dereitos de voto do representante do Goberno do devandito Estado membro no Consello. Ao proceder á devandita suspensión, o Consello terá en conta as posibles consecuencias desta para os dereitos e obrigas das persoas físicas e xurídicas.

As obrigas do Estado membro de que se trate derivadas dos tratados continuarán, en calquera caso, sendo vinculantes para o devandito Estado.

4. O Consello poderá decidir posteriormente, por maioría cualificada, a modificación ou a revogación das medidas adoptadas, de conformidade co punto 3, como resposta a cambios na situación que motivou a súa imposición.

5. As modalidades de voto que, para os efectos do presente artigo, serán de aplicación para o Parlamento Europeo, o Consello Europeo e o Consello establécense no artigo 354 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 8

1. A Unión desenvolverá cos países veciños relacións preferentes, co obxectivo de establecer un espazo de prosperidade e de boa veciñanza baseado nos valores da Unión e caracterizado por unhas relacións estreitas e pacíficas fundadas na cooperación.

2. Para os efectos do punto 1, a Unión poderá celebrar acordos específicos cos devanditos países. Estes acordos poderán incluír dereitos e obrigas recíprocos, así como a posibilidade de realizar accións en común. A súa aplicación será obxecto dunha concertación periódica.

TÍTULO II. DISPOSICIÓNS SOBRE OS PRINCIPIOS DEMOCRÁTICOS

Artigo 9

A Unión respectará en todas as súas actividades o principio da igualdade dos seus cidadáns, que se beneficiarán por igual da atención das súas institucións, órganos e organismos. Será cidadá da Unión toda persoa que teña a nacionalidade dun Estado membro. A cidadanía da Unión engádese á cidadanía nacional sen substituíla.

Artigo 10

1. O funcionamento da Unión baséase na democracia representativa.

2. Os cidadáns estarán directamente representados na Unión a través do Parlamento Europeo.

Os Estados membros estarán representados no Consello Europeo polo seu xefe de Estado ou de Goberno e no Consello polos seus gobernos, que serán democraticamente responsables, ben ante os seus parlamentos nacionais, ben ante os seus cidadáns.

3. Todo cidadán ten dereito a participar na vida democrática da Unión. As decisións serán tomadas da forma máis aberta e próxima posible aos cidadáns.

4. Os partidos políticos a escala europea contribuirán a formar a conciencia política europea e a expresar a vontade dos cidadáns da Unión.

Artigo 11

1. As institucións daranlles aos cidadáns e ás asociacións representativas, polas canles apropiadas, a posibilidade de expresar e de intercambiar publicamente as súas opinións en todos os ámbitos de actuación da Unión.

2. As institucións manterán un diálogo aberto, transparente e regular coas asociacións representativas e a sociedade civil.

3. Co obxecto de garantir a coherencia e a transparencia das accións da Unión, a Comisión Europea manterá amplas consultas coas partes interesadas.

4. Un grupo de, polo menos, un millón de cidadáns da Unión, que sexan nacionais dun número significativo de Estados membros, poderá tomar a iniciativa de invitar a Comisión Europea, no marco das súas atribucións, a que presente unha proposta axeitada sobre cuestións que estes cidadáns estimen que requiren un acto xurídico da Unión para os fins da aplicación dos tratados.

Os procedementos e as condicións preceptivos para a presentación dunha iniciativa deste tipo fixaranse de conformidade co parágrafo primeiro do artigo 24 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 12

Os parlamentos nacionais contribuirán activamente ao bo funcionamento da Unión, para o cal:

a) serán informados polas institucións da Unión e recibirán notificación dos proxectos de actos lexislativos da Unión, de conformidade co Protocolo sobre o labor dos parlamentos nacionais na Unión Europea;

b) velarán por que se respecte o principio de subsidiariedade, de conformidade cos procedementos establecidos no Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade;

c) participarán, no marco do espazo de liberdade, seguridade e xustiza, nos mecanismos de avaliación da aplicación das políticas da Unión no devandito espazo, de conformidade co artigo 70 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, e estarán asociados ao control político de Europol e á avaliación das actividades de Eurojust, de conformidade cos artigos 88 e 85 do devandito tratado;

d) participarán nos procedementos de revisión dos tratados, de conformidade co artigo 48 do presente tratado;

e) serán informados das solicitudes de adhesión á Unión, de conformidade co artigo 49 do presente tratado;

f) participarán na cooperación interparlamentaria entre os parlamentos nacionais e co Parlamento Europeo, de conformidade co Protocolo sobre o labor dos parlamentos nacionais na Unión Europea.

TÍTULO III. DISPOSICIÓNS SOBRE AS INSTITUCIÓNS

Artigo 13

1. A Unión dispón dun marco institucional que ten como finalidade promover os seus valores, perseguir os seus obxectivos, defender os seus intereses, os dos seus cidadáns e os dos Estados membros, así como garantir a coherencia, a eficacia e a continuidade das súas políticas e accións.

As institucións da Unión son:

- O Parlamento Europeo,

- O Consello Europeo,

- O Consello,

- A Comisión Europea (denominada a partir deste momento «Comisión»),

- O Tribunal de Xustiza da Unión Europea,

- O Banco Central Europeo,

- O Tribunal de Contas.

2. Cada institución actuará dentro dos límites das atribucións que lle confiren os tratados, conforme aos procedementos, condicións e fins establecidos nestes. As institucións manterán entre si unha cooperación leal.

3. As disposicións relativas ao Banco Central Europeo e ao Tribunal de Contas, así como as disposicións detalladas sobre as demais institucións, figuran no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

4. O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión estarán asistidos por un Comité Económico e Social e por un Comité das Rexións, que exercerán funcións consultivas.

Artigo 14

1. O Parlamento Europeo exercerá, conxuntamente co Consello, a función lexislativa e a función orzamentaria. Exercerá funcións de control político e consultivas, nas condicións establecidas nos tratados. Elixirá o Presidente da Comisión.

2. O Parlamento Europeo estará composto por representantes dos cidadáns da Unión. O seu número non excederá de setecentos cincuenta, máis o Presidente. A representación dos cidadáns será decrecentemente proporcional, cun mínimo de seis deputados por Estado membro. Non se lle asignará a ningún Estado membro máis de noventa e seis escanos.

O Consello Europeo adoptará por unanimidade, a iniciativa do Parlamento Europeo e coa súa aprobación, unha decisión pola que se fixe a composición do Parlamento Europeo conforme aos principios a que se refire o parágrafo primeiro.

3. Os deputados ao Parlamento Europeo serán elixidos por sufraxio universal directo, libre e secreto, para un mandato de cinco anos.

4. O Parlamento Europeo elixirá o seu Presidente e a Mesa de entre os seus **deputados.**

Artigo 15

1. O Consello Europeo daralle á Unión os impulsos necesarios para o seu desenvolvemento e definirá as súas orientacións e prioridades políticas xerais. Non exercerá función lexislativa ningunha.

2. O Consello Europeo estará composto polos xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, así como polo seu Presidente e polo Presidente da Comisión. Participará nos seus traballos o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

3. O Consello Europeo reunirase dúas veces por semestre por convocatoria do seu Presidente. Cando a orde do día o esixa, os membros do Consello Europeo poderán decidir contar, cada un deles, coa asistencia dun ministro e, no caso do Presidente da Comisión, coa dun membro da

Comisión. Cando a situación o esixa, o Presidente convocará unha reunión extraordinaria do Consello Europeo.

4. O Consello Europeo pronunciarase por consenso, agás cando os tratados dispoñan outra cousa.

5. O Consello Europeo elixirá o seu Presidente por maioría cualificada para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse unha soa vez. En caso de impedimento ou falta grave, o Consello Europeo poderalle poñer fin ao seu mandato polo mesmo procedemento.

6. O Presidente do Consello Europeo:

a) presidirá e impulsará os traballos do Consello Europeo;

b) velará pola preparación e a continuidade dos traballos do Consello Europeo, en cooperación co Presidente da Comisión e baseándose nos traballos do Consello de Asuntos Xerais;

c) esforzarase por facilitar a cohesión e o consenso no seo do Consello Europeo;

d) ao termo de cada reunión do Consello Europeo, presentaralle un informe ao Parlamento Europeo. O Presidente do Consello Europeo asumirá, no seu rango e condición, a representación exterior da Unión nos asuntos de política exterior e de seguridade común, sen prexuízo das atribucións do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

O Presidente do Consello Europeo non poderá exercer mandato nacional ningún.

Artigo 16

1. O Consello exercerá, conxuntamente co Parlamento Europeo, a función lexislativa e a función orzamentaria. Exercerá funcións de definición de políticas e de coordinación, nas condicións establecidas nos tratados.

2. O Consello estará composto por un representante de cada Estado membro, de rango ministerial, facultado para comprometer o Goberno do Estado membro ao que represente e para exercer o dereito de voto.

3. O Consello pronunciarase por maioría cualificada, agás cando os tratados dispoñan outra cousa.

4. A partir do 1 de novembro de 2014, a maioría cualificada definirase como un mínimo do 55% dos membros do Consello que inclúa polo menos

quince deles e represente a Estados membros que reúnan, como mínimo, o 65% da poboación da Unión.

Unha minoría de bloqueo estará composta por, polo menos, catro membros do Consello, a falta do cal a maioría cualificada se considerará alcanzada.

As demais modalidades reguladoras do voto por maioría cualificada establécense no punto 2 do artigo 238, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

5. As disposicións transitorias relativas á definición da maioría cualificada que serán de aplicación ata o 31 de outubro de 2014, así como as aplicables entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017, estableceranse no Protocolo sobre as disposicións transitorias.

6. O Consello reunirase en diferentes formacións, cuxa lista se adoptará de conformidade co artigo 236 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

O Consello de Asuntos Xerais velará pola coherencia dos traballos das diferentes formacións do Consello. Preparará as reunións do Consello Europeo e garantirá a súa actuación subseguinte, en contacto co Presidente do Consello Europeo e da Comisión.

O Consello de Asuntos Exteriores elaborará a acción exterior da Unión atendendo ás liñas estratéxicas definidas polo Consello Europeo e velará pola coherencia da acción da Unión.

7. Un Comité de Representantes Permanentes dos gobernos dos Estados membros encargarase de preparar os traballos do Consello.

8. O Consello reunirase en público cando delibere e vote sobre un proxecto de acto lexislativo. Con este fin, cada sesión do Consello dividirase en dúas partes, dedicadas respectivamente ás deliberacións sobre os actos lexislativos da Unión e ás actividades non lexislativas.

9. A presidencia das formacións do Consello, con excepción da de Asuntos Exteriores, será desempeñada polos representantes dos Estados membros no Consello mediante un sistema de rotación igual, de conformidade coas condicións establecidas no artigo 236 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 17

1. A Comisión promoverá o interese xeral da Unión e tomará as iniciativas axeitadas con este fin. Velará por que se apliquen os tratados e as

medidas adoptadas polas institucións en virtude destes. Supervisará a aplicación do dereito da Unión baixo o control do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Executará o orzamento e xestionará os programas. Exercerá, así mesmo, funcións de coordinación, execución e xestión, de conformidade coas condicións establecidas nos tratados. Con excepción da política exterior e de seguridade común e dos demais casos previstos polos tratados, asumirá a representación exterior da Unión. Adoptará as iniciativas da programación anual e plurianual da Unión, co fin de alcanzar acordos interinstitucionais.

2. Os actos lexislativos da Unión só poderán adoptarse por proposta da Comisión, agás cando os tratados dispoñan outra cousa. Os demais actos adoptaranse por proposta da Comisión, cando así o establezan os tratados.

3. O mandato da Comisión será de cinco anos.

Os membros da Comisión serán elixidos en razón da súa competencia xeral e do seu compromiso europeo, de entre personalidades que ofrezan plenas garantías de independencia.

A Comisión exercerá as súas responsabilidades con plena independencia. Sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 18, os membros da Comisión non solicitarán nin aceptarán instrucións de ningún Goberno, institución, órgano ou organismo. Absteranse de todo acto incompatible coas súas obrigas ou co desempeño das súas funcións.

4. A Comisión nomeada entre a data de entrada en vigor do Tratado de Lisboa e o 31 de outubro de 2014 estará composta por un nacional de cada Estado membro, incluídos o seu Presidente e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, que será un dos seus Vicepresidentes.

5. A partir do 1 de novembro de 2014, a Comisión estará composta por un número de membros correspondente aos dous terzos do número de Estados membros, que incluirá o seu Presidente e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, a menos que o Consello Europeo decida por unanimidade modificar o devandito número.

Os membros da Comisión serán seleccionados de entre os nacionais dos Estados membros mediante un sistema de rotación estritamente igual entre os Estados membros que permita ter en conta a diversidade demográfica e xeográfica do conxunto dos devanditos Estados. Este sistema será establecido por unanimidade polo Consello Europeo, de conformidade co artigo 244 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

6. O Presidente da Comisión:

a) definirá as orientacións conforme ás cales a Comisión desempeñará as súas funcións;

b) determinará a organización interna da Comisión, velando pola coherencia, eficacia e colexialidade da súa actuación;

c) nomeará Vicepresidentes, distintos do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, de entre os membros da Comisión. Un membro da Comisión presentará a súa dimisión se llo pide o Presidente. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade presentará a súa dimisión, conforme ao procedemento establecido no punto 1 do artigo 18, se llo pide o Presidente.

7. Tendo en conta o resultado das eleccións ao Parlamento Europeo e tras manter as consultas apropiadas, o Consello Europeo proporalle ao Parlamento Europeo, por maioría cualificada, un candidato ao cargo de Presidente da Comisión. O Parlamento Europeo elixirá o candidato por maioría dos membros que o compoñen. Se o candidato non obtén a maioría necesaria, o Consello Europeo proporá no prazo dun mes, por maioría cualificada, un novo candidato, que será elixido polo Parlamento Europeo polo mesmo procedemento.

O Consello, de común acordo co Presidente electo, adoptará a lista das demais personalidades que se propoña nomear como membros da Comisión. Estas serán seleccionadas, a partir das propostas presentadas polos Estados membros, de acordo cos criterios enunciados no parágrafo segundo do punto 3 e no parágrafo segundo do punto 5.

O Presidente, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e os demais membros da Comisión someteranse colexiadamente ao voto de aprobación do Parlamento Europeo. Sobre a base da devandita aprobación, a Comisión será nomeada polo Consello Europeo, por maioría cualificada.

8. A Comisión terá unha responsabilidade colexiada ante o Parlamento Europeo. O Parlamento Europeo poderá votar unha moción de censura contra a Comisión, de conformidade co artigo 234 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Se se aproba a devandita moción, os membros da Comisión deberán dimitir colectivamente dos seus cargos e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade deberá dimitir do cargo que exerce na Comisión.

Artigo 18

1. O Consello Europeo nomeará por maioría cualificada, coa aprobación do Presidente da Comisión, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade. O Consello Europeo poderalle poñer fin ao seu mandato polo mesmo procedemento.

2. O Alto Representante estará á fronte da política exterior e de seguridade común da Unión. Contribuirá coas súas propostas a elaborar a devandita política e executaraa como mandatario do Consello. Actuará do mesmo modo en relación coa política común de seguridade e defensa.

3. O Alto Representante presidirá o Consello de Asuntos Exteriores.

4. O Alto Representante será un dos Vicepresidentes da Comisión. Velará pola coherencia da acción exterior da Unión. Encargarase, dentro da Comisión, das responsabilidades que lle incumben a esta no ámbito das relacións exteriores e da coordinación dos demais aspectos da acción exterior da Unión. No exercicio destas responsabilidades dentro da Comisión, e exclusivamente polo que respecta a estas, o Alto Representante estará suxeito aos procedementos polos que se rexe o funcionamento da Comisión, na medida en que iso sexa compatible cos puntos 2 e 3.

Artigo 19

1. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea comprenderá o Tribunal de Xustiza, o Tribunal Xeral e os tribunais especializados. Garantirá o respecto do dereito na interpretación e aplicación dos tratados.

Os Estados membros establecerán as vías de recurso necesarias para garantir a tutela xudicial efectiva nos ámbitos cubertos polo dereito da Unión.

2. O Tribunal de Xustiza estará composto por un Xuíz por Estado membro. Estará asistido por Avogados Xerais.

O Tribunal Xeral disporá polo menos dun Xuíz por Estado membro.

Os Xuíces e Avogados Xerais do Tribunal de Xustiza e os Xuíces do Tribunal Xeral serán elixidos de entre personalidades que ofrezan plenas garantías de independencia e que reúnan as condicións consideradas nos artigos 253 e 254 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Serán nomeados de común acordo polos gobernos dos Estados membros para un período de seis anos. Os Xuíces e Avogados Xerais saíntes poderán ser nomeados de novo.

3. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea pronunciarase, de conformidade cos tratados:

a) sobre os recursos interpostos por un Estado membro, por unha institución ou por persoas físicas ou xurídicas;

b) con carácter prexudicial, a petición dos órganos xurisdicionais nacionais, sobre a interpretación do dereito da Unión ou sobre a validez dos actos adoptados polas institucións;

c) nos demais casos previstos polos tratados.

XUNTA DE GALICIA

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

14. TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA: PRIMEIRA PARTE, SEGUNDA PARTE E CAPÍTULOS 1 E 2 DO TÍTULO I DA SEXTA PARTE

Data de actualización 26 de xullo de 2011

TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA: PRIMEIRA PARTE, SEGUNDA PARTE E CAPÍTULOS 1 E 2 DO TÍTULO I DA SEXTA PARTE.

PRIMEIRA PARTE. PRINCIPIOS

Artigo 1

1. O presente tratado organiza o funcionamento da Unión e determina os ámbitos, a delimitación e as condicións de exercicio das súas competencias.

2. O presente tratado e o Tratado da Unión Europea constitúen os tratados sobre os que se fundamenta a Unión. Estes dous tratados, que teñen o mesmo valor xurídico, designaranse coa expresión «os tratados».

TÍTULO I. CATEGORÍAS E ÁMBITOS DE COMPETENCIAS DA UNIÓN

Artigo 2

1. Cando os tratados lle atribúan á Unión unha competencia exclusiva nun ámbito determinado, só a Unión poderá lexislar e adoptar actos xuridicamente vinculantes, mentres que os Estados membros, en canto tales, unicamente poderán facelo se son facultados pola Unión ou para aplicar actos da Unión.

2. Cando os tratados lle atribúan á Unión unha competencia compartida cos Estados membros nun ámbito determinado, a Unión e os Estados membros poderán lexislar e adoptar actos xuridicamente vinculantes no devandito ámbito. Os Estados membros exercerán a súa competencia na medida en que a Unión non exerza a súa. Os Estados membros exercerán de novo a súa competencia na medida en que a Unión decida deixar de exercer a súa.

3. Os Estados membros coordinarán as súas políticas económicas e de emprego segundo as modalidades establecidas no presente tratado, para cuxa definición a Unión disporá de competencia.

4. A Unión disporá de competencia, de conformidade co disposto no Tratado da Unión Europea, para definir e aplicar unha política exterior e de seguridade común, incluída a definición progresiva dunha política común de defensa.

5. En determinados ámbitos e nas condicións establecidas nos tratados, a Unión disporá de competencia para levar a cabo accións co fin de apoiar, coordinar ou complementar a acción dos Estados membros, sen por iso substituír a competencia destes nos devanditos ámbitos.

Os actos xuridicamente vinculantes da Unión adoptados en virtude das disposicións dos tratados relativas a eses ámbitos non poderán levar consigo harmonización ningunha das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

6. O alcance e as condicións de exercicio das competencias da Unión determinaranse nas disposicións dos tratados relativas a cada ámbito.

Artigo 3

1. A Unión disporá de competencia exclusiva nos ámbitos seguintes:

a) a unión aduaneira;

b) o establecemento das normas sobre competencia necesarias para o funcionamento do mercado interior;

c) a política monetaria dos Estados membros cuxa moeda é o euro;

d) a conservación dos recursos biolóxicos mariños dentro da política pesqueira común;

e) a política comercial común.

2. A Unión disporá tamén de competencia exclusiva para a celebración dun acordo internacional cando a devandita celebración estea prevista nun acto lexislativo da Unión, cando sexa necesaria para permitirlle exercer a súa competencia interna ou na medida en que poida afectar a normas comúns ou alterar o seu alcance.

Artigo 4

1. A Unión disporá de competencia compartida cos Estados membros cando os tratados lle atribúan unha competencia que non corresponda aos ámbitos mencionados nos artigos 3 e 6.

2. As competencias compartidas entre a Unión e os Estados membros aplicaranse aos seguintes ámbitos principais:

a) o mercado interior;

b) a política social, nos aspectos definidos no presente tratado;

c) a cohesión económica, social e territorial;

d) a agricultura e a pesca, con exclusión da conservación dos recursos biolóxicos mariños;

e) o medio ambiente;

f) a protección dos consumidores;

g) os transportes;

h) as redes transeuropeas;

i) a enerxía;

j) o espazo de liberdade, seguridade e xustiza;

k) os asuntos comúns de seguridade en materia de saúde pública, nos aspectos definidos no presente tratado.

3. Nos ámbitos da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e o espazo, a Unión disporá de competencia para levar a cabo accións, en particular destinadas a definir e a realizar programas, sen que o exercicio desta competencia poida ter por efecto impedirlles aos Estados membros exercer a súa.

4. Nos ámbitos da cooperación para o desenvolvemento e da axuda humanitaria, a Unión disporá de competencia para levar a cabo accións e unha política común, sen que o exercicio desta competencia poida ter por efecto impedirlles aos Estados membros exercer a súa.

Artigo 5

1. Os Estados membros coordinarán as súas políticas económicas no seo da Unión. Con este fin, o Consello adoptará medidas, en particular as orientacións xerais das devanditas políticas.

Aplicaranse disposicións particulares aos Estados membros cuxa moeda é o euro.

2. A Unión tomará medidas para garantir a coordinación das políticas de emprego dos Estados membros, en particular definindo as orientacións das devanditas políticas.

3. A Unión poderá tomar iniciativas para garantir a coordinación das políticas sociais dos Estados membros.

Artigo 6

A Unión disporá de competencia para levar a cabo accións, co fin de apoiar, coordinar ou complementar a acción dos Estados membros. Os ámbitos destas accións serán, na súa finalidade europea:

a) a protección e a mellora da saúde humana;

b) a industria;

c) a cultura;

d) o turismo;

e) a educación, a formación profesional, a xuventude e o deporte;

f) a protección civil;

g) a cooperación administrativa.

TÍTULO II. DISPOSICIÓNS DE APLICACIÓN XERAL

Artigo 7

A Unión velará pola coherencia entre as súas diferentes políticas e accións, tendo en conta o conxunto dos seus obxectivos e observando o principio de atribución de competencias.

Artigo 8

En todas as súas accións, a Unión fixará o obxectivo de eliminar as desigualdades entre o home e a muller e promover a súa igualdade.

Artigo 9

Na definición e execución das súas políticas e accións, a Unión terá en conta as esixencias relacionadas coa promoción dun nivel de emprego elevado, coa garantía dunha protección social axeitada, coa loita contra a exclusión social e cun nivel elevado de educación, formación e protección da saúde humana.

Artigo 10

Na definición e execución das súas políticas e accións, a Unión tratará de loitar contra toda discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Artigo 11

As esixencias da protección do medio deberán integrarse na definición e na realización das políticas e accións da Unión, en particular co obxecto de fomentar un desenvolvemento sustentable.

Artigo 12

Ao definirse e executarse outras políticas e accións da Unión, teranse en conta as esixencias da protección dos consumidores.

Artigo 13

Ao formular e aplicar as políticas da Unión en materia de agricultura, pesca, transporte, mercado interior, investigación e desenvolvemento tecnolóxico e espazo, a Unión e os Estados membros terán plenamente en conta as esixencias en materia de benestar dos animais como seres sensibles, respectando ao mesmo tempo as disposicións legais ou administrativas e os costumes dos Estados membros relativos, en particular, a ritos relixiosos, tradicións culturais e patrimonio rexional.

Artigo 14

Sen prexuízo do artigo 4 do Tratado da Unión Europea e dos artigos 93, 106 e 107 do presente tratado, e á vista do lugar que os servizos de interese económico xeral ocupan entre os valores comúns da Unión, así como do seu papel na promoción da cohesión social e territorial, a Unión e os Estados membros, conforme ás súas competencias respectivas e no ámbito de aplicación dos tratados, velarán por que os devanditos servizos actúen conforme a principios e condicións, en particular económicos e financeiros, que lles permitan cumprir o seu labor. O Parlamento Europeo e o Consello establecerán os devanditos principios e condicións mediante regulamentos, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, sen prexuízo da competencia que lles incumbe aos Estados membros, dentro do respecto aos tratados, para prestar, encargar e financiar os devanditos servizos.

Artigo 15

1. Co fin de fomentar unha boa gobernación e de garantir a participación da sociedade civil, as institucións, órganos e organismos da Unión actuarán co maior respecto posible ao principio de apertura.

2. As sesións do Parlamento Europeo serán públicas, así como as do Consello nas que este delibere e vote sobre un proxecto de acto lexislativo.

3. Todo cidadán da Unión, así como toda persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, terá dereito a acceder aos documentos das institucións, órganos e organismos da Unión, calquera que sexa o seu soporte, conforme aos principios e ás condicións que se establecerán de conformidade co presente punto.

O Parlamento Europeo e Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, determinarán mediante regulamentos os principios xerais e os límites, por motivos de interese público ou privado, que regulan o exercicio deste dereito de acceso aos documentos.

Cada unha das institucións, órganos ou organismos garantirá a transparencia dos seus traballos e elaborará no seu regulamento interno disposicións específicas sobre o acceso aos seus documentos, de conformidade cos regulamentos considerados no parágrafo segundo.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o Banco Central Europeo e o Banco Europeo de Investimentos só estarán suxeitos ao presente punto cando exerzan funcións administrativas.

O Parlamento Europeo e o Consello garantirán a publicidade dos documentos relativos aos procedementos lexislativos nas condicións establecidas polos regulamentos considerados no parágrafo segundo.

Artigo 16

1. Toda persoa ten dereito á protección dos datos de carácter persoal que lle concirnan.

2. O Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as normas sobre protección das persoas físicas respecto do tratamento de datos de carácter persoal polas institucións, órganos e organismos da Unión, así como polos Estados membros no exercicio das actividades comprendidas no ámbito de aplicación do dereito da Unión e sobre a libre circulación destes datos. O respecto das devanditas normas estará sometido ao control de autoridades independentes.

As normas que se adopten en virtude do presente artigo entenderanse sen prexuízo das normas específicas previstas no artigo 39 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 17

1. A Unión respectará e non prexulgará o estatuto recoñecido nos Estados membros, en virtude do dereito interno, ás igrexas e ás asociacións ou comunidades relixiosas.

2. A Unión respectará así mesmo o estatuto recoñecido, en virtude do dereito interno, ás organizacións filosóficas e non confesionais.

3. Recoñecendo a súa identidade e a súa achega específica, a Unión manterá un diálogo aberto, transparente e regular coas devanditas igrexas e organizacións.

SEGUNDA PARTE. NON DISCRIMINACIÓN E CIDADANÍA DA UNIÓN

Artigo 18

No ámbito de aplicación dos tratados, e sen prexuízo das disposicións particulares previstas nestes, prohibirase toda discriminación por razón da nacionalidade.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán establecer a regulación necesaria para prohibir as devanditas discriminacións.

Artigo 19

1. Sen prexuízo das demais disposicións dos tratados e dentro dos límites das competencias atribuídas á Unión por estes, o Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá adoptar accións axeitadas para loitar contra a discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnica, relixión ou convicción, discapacidade, idade ou orientación sexual.

2. Malia o disposto no punto 1, o Parlamento Europeo e o Consello poderán adoptar, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, os principios básicos das medidas da Unión de estímulo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros, para apoiar as accións dos Estados membros emprendidas, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos enunciados no punto 1.

Artigo 20

1. Créase unha cidadanía da Unión. Será cidadán da Unión toda persoa que teña a nacionalidade dun Estado membro. A cidadanía da Unión engádese á cidadanía nacional sen substituíla.

2. Os cidadáns da Unión son titulares dos dereitos e están suxeitos aos deberes establecidos nos tratados. Teñen, entre outras cousas, o dereito:

a) de circular e residir libremente no territorio dos Estados membros;

b) de sufraxio activo e pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo e nas eleccións municipais do Estado membro no que residan, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado;

c) de acollerse, no territorio dun terceiro país no que non estea representado o Estado membro do que sexan nacionais, á protección das autoridades diplomáticas e consulares de calquera Estado membro nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado;

d) de lle formular peticións ao Parlamento Europeo, de recorrer ao Valedor do Pobo Europeo, así como de dirixirse ás institucións e aos órganos consultivos da Unión nunha das linguas dos tratados e de recibir unha contestación nesa mesma lingua.

Estes dereitos exerceranse nas condicións e dentro dos límites definidos polos tratados e polas medidas adoptadas en aplicación destes.

Artigo 21

1. Todo cidadán da Unión terá dereito a circular e a residir libremente no territorio dos Estados membros, con suxeición ás limitacións e condicións previstas nos tratados e nas disposicións adoptadas para a súa aplicación.

2. Cando unha acción da Unión resulte necesaria para alcanzar este obxectivo, e a menos que os tratados previsen os poderes de acción ao respecto, o Parlamento Europeo e o Consello poderán adoptar, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, disposicións destinadas a facilitar o exercicio dos dereitos contemplados no punto 1.

3. Para os efectos contemplados no punto 1, e salvo que os tratados establezan poderes de actuación para iso, o Consello poderá adoptar, conforme a un procedemento lexislativo especial, medidas sobre seguridade social ou protección social. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

Artigo 22

1. Todo cidadán da Unión que resida nun Estado membro do que non sexa nacional terá dereito a ser elector e elixible nas eleccións municipais do Estado membro no que resida, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado. Este dereito exercerase sen prexuízo das modalidades que o Consello adopte, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de consulta ao Parlamento Europeo; as devanditas modalidades poderán establecer excepcións cando así o xustifiquen problemas específicos dun Estado membro.

2. Sen prexuízo do disposto no punto 1 do artigo 223 e nas normas adoptadas para a súa aplicación, todo cidadán da Unión que resida nun Estado membro do que non sexa nacional terá dereito a ser elector e elixible nas eleccións ao Parlamento Europeo no Estado membro no que resida, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado. Este dereito exercerase sen prexuízo das modalidades que o Consello adopte, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de consulta ao Parlamento Europeo; as devanditas modalidades poderán establecer excepcións cando así o xustifiquen problemas específicos dun Estado membro.

Artigo 23

Todo cidadán da Unión poderá acollerse, no territorio dun terceiro país no que non estea representado o Estado membro do que sexa nacional, á protección das autoridades diplomáticas e consulares de calquera Estado membro, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado. Os Estados membros tomarán as disposicións necesarias e establecerán as negociacións internacionais requiridas para garantir a devandita protección.

O Consello poderá adoptar, conforme a un procedemento lexislativo especial e logo de consulta ao Parlamento Europeo, directivas nas que se establezan as medidas de coordinación e de cooperación necesarias para facilitar a devandita protección.

Artigo 24

O Parlamento Europeo e o Consello adoptarán mediante regulamentos, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as disposicións relativas aos procedementos e condicións preceptivos para a presentación dunha iniciativa cidadá no sentido do artigo 11 do Tratado da Unión Europea, incluído o número mínimo de Estados membros dos que han de proceder os cidadáns que a presenten.

Todo cidadán da Unión terá o dereito de petición ante o Parlamento Europeo, de conformidade co disposto no artigo 227.

Todo cidadán da Unión poderá dirixirse ao Defensor do Pobo instituído en virtude do disposto no artigo 228.

Todo cidadán da Unión poderá dirixirse por escrito a calquera das institucións, órganos ou organismos considerados no presente artigo ou no artigo 13 do Tratado da Unión Europea nunha das linguas mencionadas no punto 1 do artigo 55 do devandito tratado e recibir unha contestación nesa mesma lingua.

Artigo 25

Cada tres anos, a Comisión informará o Parlamento Europeo, o Consello e o Comité Económico e Social sobre a aplicación das disposicións da presente parte. O devandito informe terá en conta o desenvolvemento da Unión.

Sobre a devandita base, e sen prexuízo das restantes disposicións dos tratados, o Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá adoptar disposicións encamiñadas a completar os dereitos enumerados no punto 2 do artigo 20. As devanditas disposicións entrarán en vigor cando sexan aprobadas polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

SEXTA PARTE. DISPOSICIÓNS INSTITUCIONAIS E FINANCEIRAS

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS INSTITUCIONAIS

CAPÍTULO 1. INSTITUCIÓNS

SECCIÓN PRIMEIRA. O PARLAMENTO EUROPEO

Artigo 223

1. O Parlamento Europeo elaborará un proxecto encamiñado a establecer as disposicións necesarias para facer posible a elección dos seus membros por sufraxio universal directo, de acordo cun procedemento uniforme en todos os Estados membros ou de acordo con principios comúns a todos os Estados membros.

O Consello establecerá as disposicións necesarias por unanimidade conforme a un procedemento lexislativo especial, logo de aprobación do Parlamento Europeo, que se pronunciará por maioría de membros que o compoñen. As devanditas disposicións entrarán en vigor unha vez que sexan aprobadas polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

2. O Parlamento Europeo establecerá mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme a un procedemento lexislativo especial, o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo de ditame da Comisión e con aprobación do Consello. Toda norma ou condición relativas ao réxime fiscal dos membros ou dos antigos membros decidiranse no Consello por unanimidade.

Artigo 224

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, establecerán mediante regulamentos o estatuto dos partidos políticos a escala europea, aos que se fai referencia no punto 4 do artigo 10 do Tratado da Unión Europea e, en particular, as normas relativas ao seu financiamento.

Artigo 225

Por decisión da maioría dos membros que o compoñen, o Parlamento Europeo poderá solicitarlle á Comisión que presente as propostas oportunas sobre calquera asunto que a xuízo daquel requira a elaboración dun acto da Unión para a aplicación dos tratados. Se a Comisión non presenta proposta ningunha, comunicaralle as razóns ao Parlamento Europeo.

Artigo 226

En cumprimento dos seus labores e a petición da cuarta parte dos membros que o compoñen, o Parlamento Europeo poderá constituír unha comisión temporal de investigación para examinar, sen prexuízo das competencias que os tratados lles confiren a outras institucións ou órganos, alegacións de infracción ou de mala administración na aplicación do dereito da Unión, salvo que dos feitos alegados estea coñecendo un órgano xurisdicional, ata que conclúa o procedemento xurisdicional.

A existencia da comisión temporal de investigación rematará coa presentación do seu informe. O Parlamento Europeo determinará as modalidades de exercicio do dereito de investigación mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme a un procedemento lexislativo especial, logo de aprobación do Consello e da Comisión.

Artigo 227

Calquera cidadán da Unión, así como calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, terá dereito a lle presentar ao Parlamento Europeo, individualmente ou asociado con outros cidadáns ou persoas, unha petición sobre un asunto propio dos ámbitos de actuación da Unión que lle afecte directamente.

Artigo 228

1. O Parlamento Europeo elixirá un Valedor do Pobo Europeo, que estará facultado para recibir as reclamacións de calquera cidadán da Unión ou de calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, relativas a casos de mala administración na acción das institucións, órganos ou organismos da Unión, con exclusión

do Tribunal de Xustiza da Unión Europea no exercicio das súas funcións xurisdicionais. Instruirá estas reclamacións e informará ao respecto.

No desempeño da súa misión, o Valedor do Pobo levará a cabo as investigacións que considere xustificadas, ben por iniciativa propia, ben sobre a base das reclamacións recibidas directamente ou a través dun membro do Parlamento Europeo, salvo que os feitos alegados sexan ou fosen obxecto dun procedemento xurisdicional. Cando o Valedor do Pobo comprobe un caso de mala administración, porao en coñecemento da institución, órgano ou organismo interesado, que disporá dun prazo de tres meses para lle expoñer a súa posición ao Valedor do Pobo. Este remitiralle a continuación un informe ao Parlamento Europeo e á institución, órgano ou organismo interesado. A persoa de quen emane a reclamación será informada do resultado destas investigacións.

O Valedor do Pobo presentaralle cada ano ao Parlamento Europeo un informe sobre o resultado das súas investigacións.

2. O Valedor do Pobo será elixido despois de cada elección do Parlamento Europeo para toda a lexislatura. O seu mandato será renovable.

A petición do Parlamento Europeo, o Tribunal de Xustiza poderá destituír o Valedor do Pobo se este deixase de cumprir as condicións necesarias para o exercicio das súas funcións ou se cometese unha falta grave.

3. O Valedor do Pobo exercerá as súas funcións con total independencia. No exercicio de tales funcións non solicitará nin admitirá instrucións de ningún Goberno, institución, órgano ou organismo. Durante o seu mandato, o Valedor do Pobo non poderá desempeñar ningunha outra actividade profesional, sexa ou non retribuída.

4. O Parlamento Europeo fixará, mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme a un procedemento lexislativo especial, o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións do Valedor do Pobo, logo de ditame da Comisión e con aprobación do Consello.

Artigo 229

O Parlamento Europeo celebrará cada ano un período de sesións. Reunirase sen necesidade de convocatoria previa o segundo martes de marzo.

O Parlamento Europeo poderá reunirse en período parcial de sesións extraordinario a petición da maioría dos membros que o compoñen, do Consello ou da Comisión.

Artigo 230

A Comisión poderá asistir a todas as sesións do Parlamento Europeo e comparecerá ante este se así o solicita.

A Comisión contestará oralmente ou por escrito todas as preguntas que lle sexan formuladas polo Parlamento Europeo ou polos seus membros.

O Consello Europeo e o Consello comparecerán ante o Parlamento Europeo nas condicións fixadas polo regulamento interno do Consello Europeo e polo do Consello.

Artigo 231

Salvo disposición en contrario dos tratados, o Parlamento Europeo decidirá por maioría dos votos emitidos.

O regulamento interno fixará o quórum.

Artigo 232

O Parlamento Europeo establecerá o seu propio regulamento interno por maioría dos membros que o compoñen.

Os documentos do Parlamento Europeo publicaranse na forma prevista nos tratados e no devandito regulamento.

Artigo 233

O Parlamento Europeo procederá á discusión, en sesión pública, do informe xeral anual que lle presentará á Comisión.

Artigo 234

O Parlamento Europeo, en caso de que se lle someta unha moción de censura sobre a xestión da Comisión, só poderá pronunciarse sobre a devandita moción unha vez transcorridos tres días como mínimo dende a data da súa presentación e en votación pública.

Se a moción de censura é aprobada por maioría de dous terzos dos votos emitidos que representen, pola súa vez, a maioría dos deputados que compoñen o Parlamento Europeo, os membros da Comisión deberán dimitir colectivamente dos seus cargos e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade deberá dimitir do cargo que exerce na Comisión. Permanecerán nos seus cargos e continuarán despachando os asuntos de administración ordinaria ata que sexan substituídos de conformidade co artigo 17 do Tratado da Unión Europea. En tal caso, o mandato dos membros da Comisión designados para

substituílos expirará na data en que expiraría o mandato dos membros da Comisión obrigados a dimitir colectivamente dos seus cargos.

SECCIÓN SEGUNDA. O CONSELLO EUROPEO

Artigo 235

1. En caso de votación, cada membro do Consello Europeo poderá actuar en representación dun só dos demais membros.

O punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e o punto 2 do artigo 238 do presente tratado aplicaranse ao Consello Europeo cando se pronuncie por maioría cualificada. O Presidente do Consello Europeo e o Presidente da Comisión non participarán nas votacións do Consello Europeo cando este se pronuncie por votación.

A abstención dos membros presentes ou representados non obstará a adopción dos acordos do Consello Europeo que requiran unanimidade.

2. O Consello Europeo poderá invitar o Presidente do Parlamento Europeo a comparecer ante el.

3. O Consello Europeo pronunciarase por maioría simple nas cuestións de procedemento e para a aprobación do seu regulamento interno.

4. O Consello Europeo estará asistido pola Secretaría Xeral do Consello.

Artigo 236

O Consello Europeo adoptará por maioría cualificada:

a) unha decisión pola que se estableza a lista das formacións do Consello, distintas da de Asuntos Xerais e da de Asuntos Exteriores, de conformidade co punto 6 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea;

b) unha decisión relativa á presidencia das formacións do Consello, con excepción da de Asuntos Exteriores, de conformidade co punto 9 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea.

SECCIÓN TERCEIRA. O CONSELLO

Artigo 237

O Consello reunirase por convocatoria do seu Presidente, a iniciativa deste, dun dos seus membros ou da Comisión.

Artigo 238

1. Cando deba adoptar un acordo por maioría simple, o Consello pronunciarase por maioría dos membros que o compoñen.

2. Malia o disposto no punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea, a partir do 1 de novembro de 2014, a reserva das disposicións fixadas no Protocolo sobre as disposicións transitorias, cando o Consello non actúe por proposta da Comisión ou do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, a maioría cualificada definirase como un mínimo do 72% dos membros do Consello que represente a Estados membros que reúnan como mínimo o 65% da poboación da Unión.

3. A partir do 1 de novembro de 2014, a reserva das disposicións fixadas no Protocolo sobre as disposicións transitorias, naqueles casos en que, en aplicación dos tratados, non todos os membros do Consello participen na votación, a maioría cualificada definirase como segue:

a) A maioría cualificada definirase como un mínimo do 55% dos membros do Consello que represente Estados membros participantes que reúnan, como mínimo, o 65% da poboación dos devanditos Estados.

Unha minoría de bloqueo estará composta polo menos polo número mínimo de membros do Consello que represente máis do 35% da poboación dos Estados membros participantes, máis un membro e, a falta deste, a maioría cualificada considerarase alcanzada.

b) Malia o disposto na letra a), cando o Consello non actúe por proposta da Comisión ou do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, a maioría cualificada definirase como un mínimo do 72% dos membros do Consello que represente Estados membros participantes que reúnan, como mínimo, o 65% da poboación dos devanditos Estados.

4. As abstencións dos membros presentes ou representados non impedirán a adopción dos acordos do Consello que requiran unanimidade.

Artigo 239

En caso de votación, cada membro do Consello poderá actuar en representación dun só dos demais membros.

Artigo 240

1. Un comité composto por representantes permanentes dos gobernos dos Estados membros encargarase de preparar os traballos do Consello e de realizar as tarefas que este lle confíe. O Comité poderá adoptar

decisións de procedemento nos casos establecidos polo regulamento interno do Consello.

2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, que estará baixo a responsabilidade dun Secretario Xeral nomeado polo Consello.

O Consello decidirá por maioría simple a organización da Secretaría Xeral.

3. O Consello pronunciarase por maioría simple nas cuestións de procedemento e para a aprobación do seu regulamento interno.

Artigo 241

O Consello, por maioría simple, poderá pedirlle á Comisión que proceda a efectuar todos os estudos que el considere oportunos para a consecución dos obxectivos comúns e que lle someta as propostas pertinentes. Se a Comisión non presenta proposta ningunha, comunicaralle as razóns ao Consello.

Artigo 242

O Consello, por maioría simple, establecerá, logo de consulta á Comisión, os estatutos dos comités previstos nos tratados.

Artigo 243

O Consello fixará os soldos, as axudas de custo e as pensións do Presidente do Consello Europeo, do Presidente da Comisión, do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, dos membros da Comisión, dos presidentes, membros e Secretarios do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Secretario Xeral do Consello. Fixará tamén calquera outro emolumento de carácter retributivo.

SECCIÓN CUARTA. A COMISIÓN

Artigo 244

De conformidade co punto 5 do artigo 17 do Tratado da Unión Europea, os membros da Comisión serán elixidos mediante un sistema de rotación establecido por unanimidade polo Consello Europeo, baseado nos principios seguintes:

a) Trataranse os Estados membros en condicións de rigorosa igualdade no que se refire á determinación da orde correspondente e do período de permanencia dos seus nacionais na Comisión; polo tanto, a diferenza entre o número total dos mandatos que exerzan nacionais de dous determinados Estados membros nunca poderá ser superior a un.

b) Con suxeición ao disposto na letra a), cada unha das sucesivas comisións constituirase de forma que reflicta de xeito satisfactorio a diversidade demográfica e xeográfica do conxunto dos Estados membros.

Artigo 245

Os membros da Comisión absteranse de todo acto incompatible co carácter das súas funcións. Os Estados membros respectarán a súa independencia e non intentarán influír neles no desempeño das súas funcións.

Os membros da Comisión non poderán, mentres dure o seu mandato, exercer ningunha outra actividade profesional, retribuída ou non. No momento de asumir as súas funcións, comprometeranse solemnemente a respectar, mentres dure o seu mandato e aínda despois de finalizar este, as obrigas derivadas do seu cargo e, en especial, os deberes de honestidade e discreción, en canto á aceptación, unha vez rematado o seu mandato, de determinadas funcións ou beneficios. En caso de incumprimento das devanditas obrigas, o Tribunal de Xustiza, a instancia do Consello, por maioría simple, ou da Comisión, poderá, segundo os casos, declarar o seu cesamento nas condicións previstas no artigo 247 ou a privación do dereito do interesado á pensión ou de calquera outro beneficio substitutivo.

Artigo 246

Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos membros da Comisión concluirá individualmente por dimisión voluntaria ou cesamento.

O membro dimisionario cesado ou falecido será substituído polo resto do seu mandato por un novo membro da mesma nacionalidade, nomeado polo Consello, de común acordo co Presidente da Comisión, logo de consulta ao Parlamento Europeo e conforme aos criterios establecidos no parágrafo segundo do punto 3 do artigo 17 do Tratado de Unión Europea.

O Consello, por unanimidade e por proposta do Presidente da Comisión, poderá decidir que non cabe tal substitución, en particular cando quede pouco tempo para que remate o mandato do devandito membro.

En caso de dimisión, cesamento ou falecemento, o Presidente será substituído polo tempo que falte para rematar o mandato. Para a súa substitución, será aplicable o procedemento previsto no parágrafo primeiro do punto 7 do artigo 17 do Tratado da Unión Europea.

En caso de dimisión voluntaria, cesamento ou falecemento, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade

será substituído polo resto do seu mandato, de conformidade co punto 1 do artigo 18 do Tratado da Unión Europea.

En caso de dimisión voluntaria de todos os membros da Comisión, estes permanecerán nos seus cargos e continuarán despachando os asuntos de administración ordinaria ata que sexan substituídos, polo resto do seu mandato, de conformidade co artigo 17 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 247

Todo membro da Comisión que deixe de reunir as condicións necesarias para o exercicio das súas funcións ou que cometese unha falta grave poderá ser cesado polo Tribunal de Xustiza, a instancia do Consello, por maioría simple, ou da Comisión.

Artigo 248

Sen prexuízo do punto 4 do artigo 18 do Tratado da Unión Europea, as responsabilidades que lle incumben á Comisión serán estruturadas e repartidas entre os seus membros polo Presidente, de conformidade co disposto no punto 6 do artigo 17 do devandito tratado. O Presidente poderá reorganizar a repartición das devanditas responsabilidades ao longo do seu mandato. Os membros da Comisión exercerán as funcións que lles atribúa o Presidente baixo a autoridade deste.

Artigo 249

1. A Comisión establecerá o seu regulamento interno, co obxecto de asegurar o seu funcionamento e o dos seus servizos. A Comisión publicará o devandito regulamento.

2. A Comisión publicará todos os anos, polo menos un mes antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo, un informe xeral sobre as actividades da Unión.

Artigo 250

Os acordos da Comisión adoptaranse por maioría dos seus membros.

O seu regulamento interno fixará o quórum.

SECCIÓN QUINTA. O TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA

Artigo 251

O Tribunal de Xustiza actuará en Salas ou en Gran Sala, de conformidade coas normas establecidas ao respecto no Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Cando o estatuto así o dispoña, o Tribunal de Xustiza tamén poderá actuar en Pleno.

Artigo 252

O Tribunal de Xustiza estará asistido por oito Avogados Xerais. Se o Tribunal de Xustiza o solicitase, o Consello, por unanimidade, poderá aumentar o número de Avogados Xerais.

A función do Avogado Xeral consistirá en presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre os asuntos que, de conformidade co Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, requiran a súa intervención.

Artigo 253

Os Xuíces e os Avogados Xerais do Tribunal de Xustiza, elixidos entre personalidades que ofrezan absolutas garantías de independencia e que reúnan as condicións requiridas para o exercicio, nos seus respectivos países, das máis altas funcións xurisdicionais ou que sexan xurisconsultos de recoñecida competencia, serán designados de común acordo polos gobernos dos Estados membros por un período de seis anos, tras consultar o comité a que se refire o artigo 255.

Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial dos Xuíces e Avogados Xerais, nas condicións establecidas no Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Os Xuíces elixirán de entre eles o Presidente do Tribunal de Xustiza por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

Os Xuíces e os Avogados Xerais saíntes poderán ser novamente designados.

O Tribunal de Xustiza nomeará o seu Secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Xustiza establecerá o seu Regulamento de procedemento. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

Artigo 254

O número de Xuíces do Tribunal Xeral será fixado polo Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O estatuto poderá dispoñer que o Tribunal Xeral estea asistido por Avogados Xerais. Os membros do Tribunal Xeral serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de altas funcións xurisdicionais. Serán designados de común acordo polos gobernos dos Estados membros por un período de seis anos, tras consultar o comité a que se refire o artigo 255. Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial. Os membros saíntes poderán ser novamente designados.

Os Xuíces elixirán de entre eles o Presidente do Tribunal Xeral por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

O Tribunal Xeral nomeará o seu Secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal Xeral establecerá o seu Regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

Salvo disposición en contrario do Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, as disposicións dos tratados relativas ao Tribunal de Xustiza serán aplicables ao Tribunal Xeral.

Artigo 255

Constituirase un comité para que se pronuncie sobre a idoneidade dos candidatos para o exercicio das funcións de Xuíz e Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral, antes de que os gobernos dos Estados membros procedan aos nomeamentos, de conformidade cos artigos 253 e 254.

O comité estará composto por sete personalidades elixidas de entre antigos membros do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral, membros dos órganos xurisdicionais nacionais superiores e xuristas de recoñecida competencia, un dos cales será proposto polo Parlamento Europeo. O Consello adoptará unha decisión pola que se establezan as normas de funcionamento do comité, así como unha decisión pola que se designen os seus membros. O Consello pronunciarase por iniciativa do Presidente do Tribunal de Xustiza.

Artigo 256

1. O Tribunal Xeral será competente para coñecer en primeira instancia dos recursos considerados nos artigos 263, 265, 268, 270 e 272, con excepción dos que se atribúan a un tribunal especializado creado en virtude do artigo 257 e dos que o estatuto reserve ao Tribunal de Xustiza.

O estatuto poderá establecer que o Tribunal Xeral sexa competente noutras categorías de recursos.

Contra as resolucións ditadas polo Tribunal Xeral, en virtude do presente punto, poderá interpoñerse recurso de casación perante o Tribunal de Xustiza limitado ás cuestións de dereito, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto.

2. O Tribunal Xeral será competente para coñecer dos recursos que se interpoñan contra as resolucións dos tribunais especializados.

As resolucións ditadas polo Tribunal Xeral en virtude do presente punto poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito da Unión.

3. O Tribunal Xeral será competente para coñecer das cuestións prexudiciais, formuladas en virtude do artigo 267, en materias específicas determinadas polo estatuto.

Cando o Tribunal Xeral considere que o asunto require unha resolución de principio que poida afectar a unidade ou a coherencia do dereito da Unión, poderá remitir o asunto ante o Tribunal de Xustiza para que este resolva.

As resolucións ditadas polo Tribunal Xeral sobre cuestións prexudiciais poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito da Unión.

Artigo 257

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán crear tribunais especializados adxuntos ao Tribunal Xeral, encargados de coñecer en primeira instancia de determinadas categorías de recursos interpostos en materias específicas. O Parlamento Europeo e o Consello pronunciaranse mediante regulamentos, ben a proposta da Comisión e logo de consulta ao Tribunal de Xustiza, ben a instancia do Tribunal de Xustiza e logo de consulta á Comisión.

O regulamento polo que se cree un tribunal especializado fixará as normas relativas á composición do devandito tribunal e precisará o alcance das competencias que se lle atribúan.

Contra as resolucións ditadas polos tribunais especializados poderá interpoñerse ante o Tribunal Xeral recurso de casación limitado ás cuestións de dereito ou, cando o regulamento relativo á creación do tribunal especializado así o considere, recurso de apelación referente tamén ás cuestións de feito.

Os membros dos tribunais especializados serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de funcións xurisdicionais. Serán designados polo Consello por unanimidade.

Os tribunais especializados establecerán o seu Regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

Salvo disposición en contrario do regulamento polo que se cree o tribunal especializado, as disposicións dos tratados relativas ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea e as disposicións do Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea serán aplicables aos tribunais especializados. O título I do estatuto e o seu artigo 64 aplicaranse en todo caso aos tribunais especializados.

Artigo 258

Se a Comisión estimase que un Estado membro incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, emitirá un ditame motivado ao respecto, despois de lle ofrecer ao devandito Estado a posibilidade de presentar as súas observacións.

Se o Estado de que se trate non se ativese a este ditame no prazo determinado pola Comisión, esta poderá recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 259

Calquera Estado membro poderá recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, se estimase que outro Estado membro incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados.

Antes de que un Estado membro interpoña, contra outro Estado membro, un recurso fundado nun suposto incumprimento das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, deberá someter o asunto á Comisión.

A Comisión emitirá un ditame motivado, unha vez que os Estados interesados teñan a posibilidade de formular as súas observacións por escrito e oralmente en procedemento contraditorio.

Se a Comisión non emitise o ditame no prazo de tres meses dende a data da solicitude, a falta de ditame non será obstáculo para poder recorrer ao Tribunal.

Artigo 260

1. Se o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarase que un Estado membro incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, o dito Estado estará obrigado a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal.

2. Se a Comisión estimase que o Estado membro afectado non adoptou as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal poderá someter o asunto ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, despois de lle ofrecer ao devandito Estado a posibilidade de presentar as súas observacións. A Comisión indicará o importe da suma a tanto alzado ou da multa coercitiva que deba ser pagada polo Estado membro afectado e que considere adaptado ás circunstancias.

Se o Tribunal declarase que o Estado membro afectado incumpriu a súa sentenza, poderá impoñerlle o pagamento dunha suma a tanto alzado ou dunha multa coercitiva.

Este procedemento entenderase sen prexuízo do disposto no artigo 259.

3. Cando a Comisión presente un recurso ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en virtude do artigo 258 por considerar que o Estado membro afectado incumpriu a obriga de informar sobre as medidas de transposición dunha directiva adoptada conforme a un procedemento lexislativo, poderá, se o considera oportuno, indicar o importe da suma a tanto alzado ou da multa coercitiva que deba ser pagada polo devandito Estado e que considere adaptado ás circunstancias.

Se o Tribunal comproba a existencia do incumprimento, poderá impoñerlle ao Estado membro afectado o pagamento dunha suma a tanto alzado ou dunha multa coercitiva dentro do límite do importe indicado pola Comisión. A obriga de pagamento producirá efecto na data fixada polo Tribunal na sentenza.

Artigo 261

Os regulamentos adoptados conxuntamente polo Parlamento Europeo e o Consello, e polo Consello, en virtude das disposicións dos tratados, poderán atribuírlle ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea unha competencia xurisdicional plena respecto das sancións previstas nos devanditos regulamentos.

Artigo 262

Sen prexuízo das restantes disposicións dos tratados, o Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial e logo de consulta ao Parlamento Europeo, poderá adoptar disposicións destinadas a lle atribuír ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na medida en que o Consello determine, a competencia para resolver litixios relativos á aplicación dos actos adoptados sobre a base dos tratados polos que se crean títulos europeos de propiedade intelectual ou industrial. As devanditas disposicións entrarán en vigor cando sexan aprobadas polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

Artigo 263

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea controlará a legalidade dos actos lexislativos, dos actos do Consello, da Comisión e do Banco Central Europeo que non sexan recomendacións ou ditames, e dos actos do Parlamento Europeo e do Consello Europeo destinados a producir efectos xurídicos fronte a terceiros. Controlará tamén a legalidade dos actos dos órganos ou organismos da Unión destinados a producir efectos xurídicos fronte a terceiros.

Para tal fin, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para pronunciarse sobre os recursos por incompetencia, vicios substanciais de forma, violación dos tratados ou de calquera norma xurídica relativa á súa execución, ou desviación de poder, interpostos por un Estado membro, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Tribunal de Contas, polo Banco Central Europeo e polo Comité das Rexións, co fin de salvagardar prerrogativas destes.

Toda persoa física ou xurídica poderá interpoñer recurso, nas condicións previstas nos parágrafos primeiro e segundo, contra os actos dos que sexa destinataria ou que lle afecten directa e individualmente e contra os actos regulamentarios que lle afecten directamente e que non inclúan medidas de execución.

Os actos polos que se crean os órganos e organismos da Unión poderán prever condicións e procedementos específicos para os recursos presentados por persoas físicas ou xurídicas contra actos dos devanditos órganos ou organismos destinados a producir efectos xurídicos fronte a eles.

Os recursos previstos no presente artigo deberán interpoñerse no prazo de dous meses a partir, segundo os casos, da publicación do acto, da súa notificación ao recorrente ou, a falta diso, dende o día en que este tivese coñecemento deste.

Artigo 264

Se o recurso fose fundado, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarará nulo e sen valor nin efecto ningún o acto impugnado.

Non obstante, o Tribunal indicará, se o considera necesario, aqueles efectos do acto declarado nulo que deban ser considerados como definitivos.

Artigo 265

En caso de que, en violación dos tratados, o Parlamento Europeo, o Consello Europeo, o Consello, a Comisión ou o Banco Central Europeo se abstivesen de pronunciarse, os Estados membros e as demais institucións da Unión poderán recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, co obxecto de que declare a devandita violación. O presente artigo aplicarase, nas mesmas condicións, aos órganos e organismos da Unión que se absteñan de pronunciarse.

Este recurso soamente será admisible se a institución, órgano ou organismo de que se trate fosen requiridos previamente para que actúen. Se transcorrido un prazo de dous meses, a partir do devandito requirimento, a institución, órgano ou organismo non define a súa posición, o recurso poderá ser interposto dentro dun novo prazo de dous meses.

Toda persoa física ou xurídica poderá recorrer en queixa ao Tribunal, nas condicións sinaladas nos parágrafos precedentes, por non lle dirixir unha das institucións, ou un dos órganos ou organismos da Unión un acto distinto dunha recomendación ou dun ditame.

Artigo 266

A institución, órgano ou organismo do que emane o acto anulado, ou cuxa abstención fose declarada contraria aos tratados, estarán obrigados a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Esta obriga enténdese sen prexuízo da que poida resultar da aplicación do parágrafo segundo do artigo 340.

Artigo 267

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para pronunciarse, con carácter prexudicial:

a) sobre a interpretación dos tratados;

b) sobre a validez e a interpretación dos actos adoptados polas institucións, órganos ou organismos da Unión.

Cando se formule unha cuestión desta natureza ante un órgano xurisdicional dun dos Estados membros, o dito órgano poderá pedirlle ao Tribunal que se pronuncie sobre esta, se considera necesaria unha decisión ao respecto para poder emitir a súa sentenza.

Cando se formule unha cuestión deste tipo nun asunto pendente ante un órgano xurisdicional nacional, cuxas decisións non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de dereito interno, o dito órgano estará obrigado a someter a cuestión ao Tribunal.

Cando se formule unha cuestión deste tipo nun asunto pendente ante un órgano xurisdicional nacional en relación cunha persoa privada de liberdade, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea pronunciarase coa maior brevidade.

Artigo 268

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para coñecer dos litixios relativos á indemnización por danos a que se refiren os parágrafos segundo e terceiro do artigo 340.

Artigo 269

O Tribunal de Xustiza será competente para pronunciarse sobre a legalidade dun acto adoptado polo Consello Europeo ou polo Consello en virtude do artigo 7 do Tratado da Unión Europea, soamente a petición do Estado membro obxecto da constatación do Consello Europeo ou do Consello e unicamente no que se refire ao respecto das disposicións de procedemento establecidas no citado artigo.

Esta petición deberá presentarse no prazo dun mes a partir da constatación. O Tribunal pronunciarase no prazo dun mes a partir da data da petición.

Artigo 270

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para pronunciarse sobre calquera litixio entre a Unión e os seus axentes dentro

dos límites e nas condicións que estableza o Estatuto dos funcionarios da Unión e o réxime aplicable aos outros axentes da Unión.

Artigo 271

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente, dentro dos límites que a continuación se sinalan, para coñecer dos litixios relativos:

a) ao cumprimento das obrigas dos Estados membros que se derivan dos Estatutos do Banco Europeo de Investimentos. O Consello de Administración do Banco terá, a este respecto, as competencias que o artigo 258 lle atribúe á Comisión;

b) aos acordos do Consello de Gobernadores do Banco. Calquera Estado membro, a Comisión e o Consello de Administración do Banco poderán interpoñer recurso nesta materia, nas condicións previstas no artigo 263;

c) aos acordos do Consello de Administración do Banco. Só poderán interpoñer recurso contra tales acordos os Estados membros ou a Comisión, nas condicións establecidas no artigo 263 e unicamente por vicio de forma no procedemento previsto nos puntos 2, 5, 6 e 7 do artigo 19 dos estatutos do Banco;

d) ao cumprimento por parte dos bancos centrais nacionais das obrigas que se derivan dos tratados e dos Estatutos do SEBC e do BCE. O Consello de Goberno do Banco Central Europeo disporá a este respecto, fronte aos bancos centrais nacionais, dos poderes que o artigo 258 lle recoñece á Comisión respecto dos Estados membros. Se o Tribunal declarase que un banco central nacional incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, o dito banco estará obrigado a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal.

Artigo 272

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para xulgar, en virtude dunha cláusula compromisoria contida nun contrato de dereito público ou de dereito privado celebrado pola Unión ou pola súa conta.

Artigo 273

O Tribunal de Xustiza será competente para pronunciarse sobre calquera controversia entre Estados membros relacionada co obxecto dos tratados, se a devandita controversia lle é sometida en virtude dun compromiso.

Artigo 274

Sen prexuízo das competencias que os tratados lle atribúen ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, os litixios nos que a Unión sexa parte non poderán ser, por tal motivo, subtraídos á competencia das xurisdicións nacionais.

Artigo 275

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea non será competente para pronunciarse sobre as disposicións relativas á política exterior e de seguridade común nin sobre os actos adoptados sobre a base destas.

Non obstante, o Tribunal de Xustiza será competente para controlar o respecto do artigo 40 do Tratado da Unión Europea e para pronunciarse sobre os recursos interpostos nas condicións consideradas no parágrafo cuarto do artigo 263 do presente tratado e relativos ao control da legalidade das decisións adoptadas polo Consello, en virtude do capítulo 2 do título V do Tratado da Unión Europea polas que se establezan medidas restritivas fronte a persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 276

No exercicio das súas atribucións respecto das disposicións dos capítulos 4 e 5 do título V da terceira parte relativas ao espazo de liberdade, seguridade e xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea non será competente para comprobar a validez ou a proporcionalidade de operacións efectuadas pola policía ou outros servizos con funcións coercitivas dun Estado membro, nin para pronunciarse sobre o exercicio das responsabilidades que lles incumben aos Estados membros respecto do mantemento da orde pública e da salvagarda da seguridade interior.

Artigo 277

Aínda que expire o prazo previsto no parágrafo sexto do artigo 263, calquera das partes dun litixio no que se cuestione un acto de alcance xeral adoptado por unha institución, órgano ou organismo da Unión poderá recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea alegando a inaplicabilidade do devandito acto polos motivos previstos no parágrafo segundo do artigo 263.

Artigo 278

Os recursos interpostos ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea non terán efecto suspensivo. Non obstante, o Tribunal poderá, se estima que as circunstancias así o esixen, ordenar a suspensión da execución do acto impugnado.

Artigo 279

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea poderá ordenar as medidas provisionais necesarias nos asuntos de que estea a coñecer.

Artigo 280

As sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea terán forza executiva nas condicións que establece o artigo 299.

Artigo 281

O Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea fixarase nun protocolo independente.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán modificar as disposicións do Estatuto, a excepción do seu título I e o seu artigo 64. O Parlamento Europeo e o Consello pronunciaranse ben a petición do Tribunal de Xustiza e logo de consulta á Comisión, ben por proposta da Comisión e logo de consulta ao Tribunal de Xustiza.

SECCIÓN SEXTA. O BANCO CENTRAL EUROPEO

Artigo 282

1. O Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais constituirán o Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC). O Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais dos Estados membros cuxa moeda é o euro, que constitúen o Eurosistema, dirixirán a política monetaria da Unión.

2. O SEBC estará dirixido polos órganos reitores do Banco Central Europeo. O obxectivo principal do SEBC será manter a estabilidade de prezos. Sen prexuízo deste obxectivo, prestaralles apoio ás políticas económicas xerais da Unión para contribuír á consecución dos obxectivos desta.

3. O Banco Central Europeo terá personalidade xurídica. Corresponderalle en exclusiva autorizar a emisión do euro. Será independente no exercicio das súas competencias e na xestión das súas finanzas. As institucións, órganos e organismos da Unión e os gobernos dos Estados membros respectarán esta independencia.

4. O Banco Central Europeo adoptará as medidas necesarias para desempeñar os seus labores conforme aos artigos 127 a 133 e 138 e ás condicións establecidas nos Estatutos do SEBC e do BCE. Conforme aos devanditos artigos, os Estados membros cuxa moeda non sexa o euro e os bancos centrais destes manterán as súas competencias no ámbito monetario.

5. Nos ámbitos que entren dentro das súas atribucións, consultarase o Banco Central Europeo sobre todo proxecto de acto da Unión e sobre todo proxecto de normativa a escala nacional; o Banco poderá emitir ditames.

Artigo 283

1. O Consello de Goberno do Banco Central Europeo estará formado polos membros do Comité Executivo do Banco Central Europeo e os gobernadores dos bancos centrais nacionais dos Estados membros cuxa moeda sexa o euro.

2. O Comité Executivo estará composto polo Presidente, o Vicepresidente e outros catro membros.

O Presidente, o Vicepresidente e os demais membros do Comité Executivo serán nomeados polo Consello Europeo, por maioría cualificada, de entre persoas de recoñecido prestixio e experiencia profesional en asuntos monetarios ou bancarios, sobre a base dunha recomendación do Consello e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Consello de Goberno do Banco Central Europeo.

O seu mandato terá unha duración de oito anos e non será renovable.

Só poderán ser membros do Comité Executivo os nacionais dos Estados membros.

Artigo 284

1. O Presidente do Consello e un membro da Comisión poderán participar, sen dereito de voto, nas reunións do Consello de Goberno do Banco Central Europeo.

O Presidente do Consello poderá someter unha moción á deliberación ao Consello de Goberno do Banco Central Europeo.

2. Invitarase o Presidente do Banco Central Europeo a que participe nas reunións do Consello nas que se delibere sobre cuestións relativas aos obxectivos e funcións do SEBC.

3. O Banco Central Europeo remitiralles un informe anual sobre as actividades do SEBC e sobre a política monetaria do ano precedente e do ano en curso ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión, así como ao Consello Europeo. O Presidente do Banco Central Europeo presentaralles o devandito informe ao Consello e ao Parlamento Europeo, que poderá proceder a un debate xeral sobre esa base.

O Presidente do Banco Central Europeo e os restantes membros do Comité Executivo, a petición do Parlamento Europeo ou por iniciativa propia, poderán ser oídos polas comisións competentes do Parlamento Europeo.

SECCIÓN SÉTIMA. O TRIBUNAL DE CONTAS

Artigo 285

A fiscalización, ou control de contas da Unión, será efectuada polo Tribunal de Contas.

O Tribunal de Contas estará composto por un nacional de cada Estado membro. Os membros do Tribunal exercerán as súas funcións con plena independencia, en interese xeral da Unión.

Artigo 286

1. Os membros do Tribunal de Contas serán elixidos entre personalidades que pertenzan ou pertencesen nos seus respectivos Estados ás institucións de control externo ou que estean especialmente cualificadas para esta función. Deberán ofrecer absolutas garantías de independencia.

2. Os membros do Tribunal de Contas serán nomeados para un período de seis anos. O Consello, logo de consulta ao Parlamento Europeo, adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada Estado membro. O mandato dos membros do Tribunal de Contas será renovable.

Os membros elixirán de entre eles o Presidente do Tribunal de Contas por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

3. No cumprimento das súas funcións, os membros do Tribunal de Contas non solicitarán nin aceptarán instrucións de ningún Goberno nin de ningún organismo. Absteranse de realizar calquera acto incompatible co carácter das súas funcións.

4. Os membros do Tribunal de Contas non poderán, mentres dure o seu mandato, exercer ningunha outra actividade profesional, retribuída ou non. No momento de asumir as súas funcións, comprometeranse solemnemente a respectar, mentres dure o seu mandato e mesmo despois de finalizar este, as obrigas derivadas do seu cargo e, en especial, os deberes de honestidade e discreción en canto á aceptación, unha vez rematado o seu mandato, de determinadas funcións ou beneficios.

5. Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos membros do Tribunal de Contas concluirá individualmente por dimisión voluntaria ou cesamento declarado polo Tribunal de Xustiza, de conformidade co disposto no punto 6.

O interesado será substituído polo tempo que falte para rematar o mandato.

Salvo en caso de cesamento, os membros do Tribunal de Contas permanecerán no seu cargo ata a súa substitución.

6. Os membros do Tribunal de Contas só poderán ser relevados das súas funcións ou privados do seu dereito á pensión ou de calquera outro beneficio substitutivo se o Tribunal de Xustiza, a instancia do Tribunal de Contas, declarase que deixan de reunir as condicións requiridas ou de cumprir as obrigas que dimanan do seu cargo.

7. O Consello fixará as condicións de emprego e, en particular, os soldos, axudas de custo e pensións do Presidente e dos membros do Tribunal de Contas. Fixará tamén calquera outro emolumento de carácter retributivo.

8. As disposicións do Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea aplicables aos Xuíces do Tribunal de Xustiza da Unión Europea serán igualmente aplicables aos membros do Tribunal de Contas.

Artigo 287

1. O Tribunal de Contas examinará as contas da totalidade dos ingresos e gastos da Unión. Examinará tamén as contas da totalidade dos ingresos e gastos de calquera órgano ou organismo creado pola Unión, na medida en que o acto constitutivo do devandito órgano ou organismo non exclúa o devandito exame.

O Tribunal de Contas presentaralles ao Parlamento Europeo e ao Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes que será publicada no Diario Oficial da Unión Europea. A devandita declaración poderá completarse con observacións específicas sobre cada un dos ámbitos principais da actividade da Unión.

2. O Tribunal de Contas examinará a legalidade e a regularidade dos ingresos e gastos e garantirá unha boa xestión financeira. Ao facelo informará, en particular, de calquera caso de irregularidade.

O control dos ingresos efectuarase sobre a base das liquidacións e das cantidades entregadas á Unión.

O control dos gastos efectuarase sobre a base dos compromisos asumidos e os pagamentos realizados. Ambos os dous controis poderán efectuarse antes do peche das contas do exercicio orzamentario considerado.

3. O control levarase a cabo sobre a documentación contable e, en caso necesario, nas dependencias correspondentes das outras institucións da Unión, nas dependencias de calquera órgano ou organismo que xestione ingresos ou gastos en nome da Unión e nos Estados membros, incluídas as dependencias de calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento. Nos Estados membros, o control efectuarase en colaboración coas institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, cos servizos nacionais competentes. O Tribunal de Contas e as institucións nacionais de control dos Estados membros cooperarán con espírito de confianza e mantendo a súa independencia. Tales institucións ou servizos comunicaranlle ao Tribunal de Contas se teñen a intención de participar no mencionado control.

As outras institucións da Unión, calquera órgano ou organismo que xestione ingresos ou gastos en nome da Unión, calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento e as institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, os servizos nacionais competentes, comunicaranlle ao Tribunal de Contas, a instancia deste, calquera documento ou información necesarios para o cumprimento da súa misión.

Respecto da actividade do Banco Europeo de Investimentos na xestión dos ingresos e gastos da Unión, o dereito de acceso do Tribunal ás informacións que posúe o Banco rexerase por un acordo celebrado entre o Tribunal, o Banco e a Comisión. En ausencia do devandito acordo, o Tribunal terá, non obstante, acceso ás informacións necesarias para o control dos ingresos e gastos da Unión xestionados polo Banco.

4. O Tribunal de Contas elaborará, despois do peche de cada exercicio, un informe anual. O devandito informe seralles transmitido ás institucións da Unión e publicado no Diario Oficial da Unión Europea, acompañado das respostas destas institucións ás observacións do Tribunal de Contas.

O Tribunal de Contas poderá, ademais, presentar en calquera momento as súas observacións, que poderán consistir en informes especiais sobre cuestións particulares e emitir ditames, a instancia dunha das demais institucións da Unión.

O Tribunal de Contas aprobará os seus informes anuais, informes especiais ou ditames por maioría dos membros que o compoñen. Non obstante, poderá crear no seu seo Salas para aprobar determinadas

categorías de informes ou de ditames nas condicións previstas polo seu regulamento interno.

O Tribunal de Contas asistirá o Parlamento Europeo e o Consello no exercicio da súa función de control da execución do orzamento.

O Tribunal de Contas elaborará o seu regulamento interno. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

CAPÍTULO 2. ACTOS XURÍDICOS DA UNIÓN, PROCEDEMENTOS DE ADOPCIÓN E OUTRAS DISPOSICIÓNS

SECCIÓN PRIMEIRA. ACTOS XURÍDICOS DA UNIÓN

Artigo 288

Para exercer as competencias da Unión, as institucións adoptarán regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames.

O regulamento terá un alcance xeral. Será obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable en cada Estado membro.

A directiva obrigará o Estado membro destinatario en canto ao resultado que deba conseguirse e deixaralles, non obstante, ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios.

A decisión será obrigatoria en todos os seus elementos. Cando designe destinatarios, só será obrigatoria para estes.

As recomendacións e os ditames non serán vinculantes.

Artigo 289

1. O procedemento lexislativo ordinario consiste na adopción conxunta polo Parlamento Europeo e o Consello, por proposta da Comisión, dun regulamento, unha directiva ou unha decisión. Este procedemento defínese no artigo 294.

2. Nos casos específicos previstos polos tratados, a adopción dun regulamento, unha directiva ou unha decisión, ben polo Parlamento Europeo coa participación do Consello, ben polo Consello coa participación do Parlamento Europeo, constituirá un procedemento lexislativo especial.

3. Os actos xurídicos que se adopten mediante procedemento lexislativo constituirán actos lexislativos.

4. Nos casos específicos previstos polos tratados, os actos lexislativos poderán ser adoptados por iniciativa dun grupo de Estados membros ou do Parlamento Europeo, por recomendación do Banco Central Europeo ou a petición do Tribunal de Xustiza ou do Banco Europeo de Investimentos.

Artigo 290

1. Un acto lexislativo poderá delegar na Comisión os poderes para adoptar actos non lexislativos de alcance xeral que completen ou modifiquen determinados elementos non esenciais do acto lexislativo.

Os actos lexislativos delimitarán de forma expresa os obxectivos, o contido, o alcance e a duración da delegación de poderes. A regulación dos elementos esenciais dun ámbito estará reservada ao acto lexislativo e, polo tanto, non poderá ser obxecto dunha delegación de poderes.

2. Os actos lexislativos fixarán de forma expresa as condicións ás que estará suxeita a delegación, que poderán ser as seguintes:

a) o Parlamento Europeo ou o Consello poderán decidir revogar a delegación;

b) o acto delegado non poderá entrar en vigor se o Parlamento Europeo ou o Consello formularon obxeccións no prazo fixado no acto lexislativo.

Para os efectos das letras a) e b), o Parlamento Europeo pronunciarase por maioría dos membros que o compoñen e o Consello farao por maioría cualificada.

3. No título dos actos delegados figurará o adxectivo «delegado» ou «delegada».

Artigo 291

1. Os Estados membros adoptarán todas as medidas de dereito interno necesarias para a execución dos actos xuridicamente vinculantes da Unión.

2. Cando se requiran condicións uniformes de execución dos actos xuridicamente vinculantes da Unión, estes conferiranlle competencias de execución á Comisión ou, en casos específicos debidamente xustificados e nos previstos nos artigos 24 e 26 do Tratado da Unión Europea, ao Consello.

3. Para os efectos do punto 2, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán previamente, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as normas e principios xerais

relativos ás modalidades de control, por parte dos Estados membros, do exercicio das competencias de execución pola Comisión.

4. No título dos actos de execución figurará a expresión «de execución».

Artigo 292

O Consello adoptará recomendacións. Pronunciarase por proposta da Comisión en todos os casos en que os tratados dispoñan que o Consello adopte actos por proposta da Comisión. Pronunciarase por unanimidade nos ámbitos nos que se require a unanimidade para a adopción dun acto da Unión. A Comisión, así como o Banco Central Europeo nos casos específicos previstos polos tratados, adoptarán recomendacións.

SECCIÓN SEGUNDA. PROCEDEMENTOS DE ADOPCIÓN DOS ACTOS E OUTRAS DISPOSICIÓNS

Artigo 293

1. Cando, en virtude dos tratados, o Consello se pronuncie por proposta da Comisión, unicamente poderá modificar a proposta por unanimidade, salvo nos casos contemplados nos puntos 10 e 13 do artigo 294, nos artigos 310, 312 e 314 e no parágrafo segundo do artigo 315.

2. En tanto que o Consello non se pronuncie, a Comisión poderá modificar a súa proposta mentres duren os procedementos que conduzan á adopción dun acto da Unión.

Artigo 294

1. Cando nos tratados, para a adopción dun acto, se faga referencia ao procedemento lexislativo ordinario, aplicarase o procedemento seguinte.

2. A Comisión presentaralles unha proposta ao Parlamento Europeo e ao Consello.

Primeira lectura

3. O Parlamento Europeo aprobará a súa posición en primeira lectura e transmitiraa ao Consello.

4. Se o Consello aproba a posición do Parlamento Europeo, adoptarase o acto de que se trate na formulación correspondente á posición do Parlamento Europeo.

5. Se o Consello non aproba a posición do Parlamento Europeo, adoptará a súa posición en primeira lectura e transmitiralla ao Parlamento Europeo.

6. O Consello informará cumpridamente o Parlamento Europeo das razóns que o levaron a adoptar a súa posición en primeira lectura. A Comisión informará cumpridamente da súa posición o Parlamento Europeo.

Segunda lectura

7. Se, nun prazo de tres meses a partir da devandita transmisión, o Parlamento Europeo:

a) aproba a posición do Consello en primeira lectura ou non toma decisión ningunha, o acto de que se trate considerarase adoptado na formulación correspondente á posición do Consello;

b) rexeita, por maioría dos membros que o compoñen, a posición do Consello en primeira lectura, o acto proposto considerarase non adoptado;

c) propón, por maioría dos membros que o compoñen, emendas á posición do Consello en primeira lectura, o texto así modificado transmitirase ao Consello e á Comisión, que ditaminará sobre as devanditas emendas.

8. Se nun prazo de tres meses a partir da recepción das emendas do Parlamento Europeo, o Consello, por maioría cualificada:

a) aproba todas estas emendas, o acto de que se trate considerarase adoptado;

b) non aproba todas as emendas, o Presidente do Consello, de acordo co Presidente do Parlamento Europeo, convocará o Comité de Conciliación nun prazo de seis semanas.

9. O Consello pronunciarase por unanimidade sobre as emendas que sexan obxecto dun ditame negativo da Comisión.

Conciliación

10. O Comité de Conciliación, que estará composto polos membros do Consello ou polos seus representantes e por un número igual de membros que representen o Parlamento Europeo, terá por misión alcanzar, no prazo de seis semanas a partir da súa convocatoria, un acordo por maioría cualificada dos membros do Consello ou os seus representantes e por maioría dos membros que representen o Parlamento Europeo, sobre un texto conxunto baseado nas posicións do Parlamento Europeo e do Consello en segunda lectura.

11. A Comisión participará nos traballos do Comité de Conciliación e tomará todas as iniciativas necesarias para propiciar un achegamento entre as posicións do Parlamento Europeo e do Consello.

12. Se, nun prazo de seis semanas a partir da súa convocatoria, o Comité de Conciliación non aproba un texto conxunto, o acto proposto considerarase non adoptado.

Terceira lectura

13. Se, neste prazo, o Comité de Conciliación aproba un texto conxunto, o Parlamento Europeo e o Consello disporán cada un de seis semanas a partir da devandita aprobación para adoptar o acto de que se trate conforme ao devandito texto, pronunciándose o Parlamento Europeo por maioría dos votos emitidos e o Consello por maioría cualificada. No seu defecto, o acto proposto considerarase non adoptado.

14. Os períodos de tres meses e de seis semanas considerados no presente artigo poderán ampliarse, como máximo, nun mes e dúas semanas respectivamente, por iniciativa do Parlamento Europeo ou do Consello.

Disposicións particulares

15. Cando, nos casos previstos polos tratados, un acto lexislativo se someta ao procedemento lexislativo ordinario por iniciativa dun grupo de Estados membros, por recomendación do Banco Central Europeo ou a instancia do Tribunal de Xustiza, non se aplicarán o punto 2, a segunda frase do punto 6 nin o punto 9.

Nestes casos, o Parlamento Europeo e o Consello transmitiranlle á Comisión o proxecto de acto, así como as súas posicións en primeira e segunda lecturas. O Parlamento Europeo ou o Consello poderán pedir o ditame da Comisión ao longo de todo o procedemento e a Comisión poderá ditaminar así mesmo por propia iniciativa. A Comisión tamén poderá, se o considera necesario, participar no Comité de Conciliación de conformidade co punto 11.

Artigo 295

O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión levarán a cabo consultas recíprocas e organizarán de común acordo a forma da súa cooperación. Para tal efecto e dentro do respecto dos tratados, poderán celebrar acordos interinstitucionais que poderán ter carácter vinculante.

Artigo 296

Cando os tratados non establezan o tipo de acto que deba adoptarse, as institucións decidirán en cada caso conforme aos procedementos aplicables e ao principio de proporcionalidade.

Os actos xurídicos deberán estar motivados e referiranse ás propostas, iniciativas, recomendacións, peticións ou ditames previstos polos tratados.

Cando se lles presente un proxecto de acto lexislativo, o Parlamento Europeo e o Consello absteranse de adoptar actos non previstos polo procedemento lexislativo aplicable ao ámbito de que se trate.

Artigo 297

1. Os actos lexislativos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario serán asinados polo Presidente do Parlamento Europeo e polo Presidente do Consello.

Os actos lexislativos adoptados conforme a un procedemento lexislativo especial serán asinados polo Presidente da institución que os adopte.

Os actos lexislativos publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea. Entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, a falta desta, aos vinte días da súa publicación.

2. Os actos non lexislativos adoptados en forma de regulamentos, directivas e decisións, cando estas últimas non indiquen destinatario, serán asinados polo Presidente da institución que os adoptase.

Os regulamentos, as directivas que teñan por destinatarios a todos os Estados membros, así como as decisións que non indiquen destinatario, publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea. Entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos vinte días da súa publicación.

As demais directivas, así como as decisións que indiquen un destinatario, notificáranselles aos seus destinatarios e producirán efecto en virtude da devandita notificación.

Artigo 298

1. No cumprimento das súas funcións, as institucións, órganos e organismos da Unión apoiaranse nunha Administración europea aberta, eficaz e independente.

2. Dentro do respecto ao estatuto e ao réxime adoptados conforme ao artigo 336, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán as

disposicións para tal efecto, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario.

Artigo 299

Os actos do Consello, da Comisión ou do Banco Central Europeo que lles impoñan unha obriga pecuniaria a persoas distintas dos Estados serán títulos executivos.

A execución forzosa rexerase polas normas de procedemento civil vixentes no Estado en cuxo territorio se leve a cabo. A orde de execución será consignada, sen outro control que o da comprobación da autenticidade do título, pola autoridade nacional que o Goberno de cada un dos Estados membros haberá de designar ao respecto e cuxo nome lles deberá comunicar á Comisión e ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Cumpridas estas formalidades a instancia do interesado, este poderá promover a execución forzosa conforme ao dereito interno, recorrendo directamente ao órgano competente.

A execución forzosa só poderá ser suspendida en virtude dunha decisión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Non obstante, o control da conformidade a dereito das medidas de execución será competencia das xurisdicións nacionais.